orz4mentos
2014

# MEMORIA TOMO II
VOLUME 2

XUNTA DE GALICIA

# MEMORIA

## TOMO II VOLUME 2

## Contido

I. CONSELLERÍA DE SANIDADE ______ 7

II. CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR ______ 83

III. CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR ______ 243

# CONSELLERÍA DE SANIDADE

SECCIÓN 10

# I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

## I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

De conformidade co Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, a Consellería de Sanidade para o cumprimento das súas funcións, conta coa seguinte estrutura orgánica:

A conselleira ou o conselleiro

A Secretaría Xeral Técnica

A dirección xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

Xefaturas territoriais na Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e a Delegación territorial de Vigo que depende organicamente da XefaturaTerritorial de Pontevedra.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, está adscrito á Consellería de Sanidade e, para o desenvolvemento das súas competencias, de conformidade co Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, estruturase nos seguintes órganos:

1) Órganos centrais de dirección:
- I. Órganos colexiados:
  - Consello de Dirección.
  - Comité Executivo.
- II. Órganos unipersoais:
  - Presidencia
  - Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
  - Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.
  - Dirección Xeral de Recursos Económicos.
  - Dirección Xeral de Recursos Humanos.

2) Órganos de coordinación e asesoramento
  - O Consello Asesor Técnico.
  - O Consello Asesor do paciente .

3) Órganos periféricos de dirección:
  - As Estruturas de Xestión Integrada.

O Decreto 168/2010, regula as estruturas organizativas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde como instrumentos de organización periférica sen personalidade xurídica.

Estas estruturas organizativas asumirán, con autonomía funcional, de forma íntegra, a xestión dos recursos, prestacións e programas da atención sanitaria, tanto do nivel de atención primaria como especializada, así como sociosanitaria e de promoción e protección da saúde.

Este modelo de xestión integrada implantouse de forma progresiva no Servizo Galego de Saúde. Na actualidade xa están creadas todas a estruturas organizativas, que son as seguintes :

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada da Coruña, creada polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, creada polo Decreto 168/2010, do 7 de outubro.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ferrol, regulada polo Decreto 193/2010, do 18 de novembro.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés regulada polo Decreto 162/2011, do 28 de xullo.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras, creada polo Decreto 163/2011, do 28 de xullo.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Vigo, creada polo Decreto 46/2013, do 7 de marzo.

Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos, creada polo Decreto 55/2013, do 21 de marzo.

As estruturas de xestión integrada, están formadas por órganos unipersoais e órganos colexiados.

I. Órganos unipersoais :

a) Xerencia de xestión integrada
b) Dirección de procesos asistenciais
c) Dirección de recursos económicos
d) Dirección de recursos humanos
e) Xerencia/as executiva/as

II.Órganos Colexiados :

a) Comisión de dirección

## I.2. COMPETENCIAS

### *I.2.1. DA CONSELLERÍA*

A Consellería de Sanidade é o órgano da administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

Así mesmo correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou de necesidade se recollen na Lei Orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

1. Competencias da conselleira ou conselleiro:

É a superior autoridade da consellería, e con tal carácter desempeña e exerce as competencias que lle confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo; a Lei 16/ 2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica de Galicia e demais normativa de aplicación.

2. Competencias da Secretaría Xeral Técnica

A Secretaría Xeral Técnica exerce as funcións e competencias establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en relación con todas as unidades e servizos dependentes da consellería e a inspección de servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería.

Tamén lle corresponde:

a) Con respecto aos sistemas e tecnoloxías da información e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías de información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas da consellería e do organismo autónomo.
b) A inspección que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia.
c) A ordenación e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde sen prexuízo das competencias

atribuídas á Consellería de Facenda.

d) A ordenación das actuacións preliminares ou investigacións reservadas previas e a iniciación e resolución dos procedementos sancionadores a centros, servizos e establecementos sanitarios, incluídas as oficinas de farmacia e almacéns farmacéuticos de distribución, dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos, dos botiquíns e dos establecementos de fabricación, distribución e de venda de produtos sanitarios.

e) O exercicio das funcións e competencias que lle son atribuídas en materia de oficinas de farmacia.

f) A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega, así como as funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a consellería con outras administracións públicas e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

g) A coordinación da biblioteca virtual "Bibliosaúde" do sistema público de saúde de Galicia.

h) A coordinación das actuacións relacionadas coa planificación, ordenación, aseguramento sanitario e o sistema de información poboacional do Sistema sanitario público de Galicia, sendo competente para resolver as solicitudes de incorporación de técnicas, tecnoloxías e procedementos a súa carteira de servizos.

3. Competencias da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública:

a) É o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de sistemas de avaliación de tecnoloxías e programas sanitarios.

b) A súa misión é mellorar a saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria. Para isto identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles, avalía os riscos asociados aos problemas de saúde identificados, vixía e monotoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan a poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermar ou morrer prematuramente.

c) Emitir o informe vinculante a que fai referencia a Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.

d) O desenvolvemento das actividades como autoridade competente en materia de saúde pública e o exercicio da potestade sancionadora.

e) Correspóndelle tamén a avaliación do Sistema Sanitario e a abordaxe da protección radiolóxica.

### *I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS*

Para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, configúrase o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Está adscrito á Consellería de Sanidade e rexerase polo establecido na Lei 1/1989, do 2 de xaneiro e na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia.

1. Competencias do Consello de Dirección:

a) Definir os posicionamentos, orientacións e liñas de actuación de carácter estratéxico do Servizo Galego de Saúde, de acordo cos criterios emanados da Consellería de Sanidade.
b) Definir as políticas de financiamento e orzamentos do Servizo Galego de Saúde de acordo cos criterios emanados da Consellería de Sanidade.
c) Emitir informe sobre o anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde e elevalo á Consellería de Sanidade.
d) Definir as políticas de recursos humanos, os proxectos de carácter estratéxico e o cadro de mando de alta dirección do organismo.
e) Elaborar todos os informes de materia da súa competencia que lle sexan solicitados pola consellería.
f) Definir o acordo de xestión anual entre os servizos centrais e as estruturas de xestión integrada.
g) Realizar o seguimento dos acordos de xestión.
h) Realizar avaliacións periódicas e o seguimento dos obxectivos, programas e procesos pactados.

2. Competencias do Comité Executivo:

a) Efectuar o seguimento e acordar actuacións nas políticas e estratexias do organismo.
b) Realizar o seguimento e acordar actuacións nas políticas de investimentos e recursos humanos.
c) Definir actuacións nas políticas de financiamento e orzamentaria e realizar o seu seguimento.
d) Efectuar o seguimento e acordar actuacións nos programas e procesos a desenvolver.
e) Realizar as reorientacións do cadro de mando sobre os resultados obtidos, no seu caso, e controlar o seu seguimento

3. Competencias da presidencia:

A persoa titular da consellería con competencias en materia de sanidade, como autoridade superior, é a máxima responsable da consellería, e ademais preside o Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A representación legal do organismo.
b) Asinar os convenios en nome do organismo e actuar como órgano de contratación.
c) Aprobar os plans de obras, instalacións e equipamentos centralizados do Servizo Galego de Saúde.
d) Exercer a xefatura superior do persoal adscrito ao organismo.
e) Dispor os gastos e propor a ordenación dos pagamentos do organismo.

4. Competencias da Xerencia do Servizo Galego de Saúde:

A Xerencia, con rango de secretaría xeral, é o órgano responsable dos servizos de asistencia sanitaria e ten, baixo a dependencia da persoa titular da consellería de adscrición, a dirección e control do Servizo Galego de Saúde, e como tal correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A dirección, avaliación e control de todas as actividades do organismo relacionadas coas funcións encomendadas a este polas disposicións legais que o rexen, sen prexuízo das facultades e competencias do Consello de Dirección e da Consellería de Sanidade.
b) Elevar ao Consello de Dirección o anteproxecto de orzamentos do organismo.
c) A execución dos acordos do Consello de Dirección.
d) A xestión do patrimonio do organismo.
e) A xestión económica e do persoal do organismo.
f) Presentarlle ao Consello de Dirección a memoria anual de actividades do organismo.
g) Resolver os conflitos de atribucións que xurdan entre as autoridades dependentes do organismo.

5. Competencias da Dirección de Asistencia Sanitaria:

É o órgano responsable da coordinación asistencial das estruturas de xestión integrada e dos centros e servizos de financiamento público. Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A definición de programas e obxectivos asistenciais das entidades, organismos, estruturas e centros sanitarios, no marco da planificación sanitaria elaborada pola Consellería de Sanidade e especialmente da Estratexia Sergas 2014 e do Plan de prioridades sanitarias.
b) A coordinación, control e avaliación das actividades asistenciais dos centros sanitarios.
c) O desenvolvemento da función de compra de servizos sanitarios e sociosanitarios, a determinación e avaliación de obxectivos de carácter asistencial que deben cumprir os centros a través das fórmulas que en cada momento se determinen, e aqueloutras funcións relacionadas e necesarias para conseguir estes obxectivos.
d) Establecer as directrices de carácter xeral e o seguimento das actividades asistenciais desenvolvidas polas estruturas de xestión integrada, organismos e centros do Sistema público de saúde de Galicia mediante a subscrición dos oportunos acordos de xestión.

e) Analizar as necesidades de concertación de centros e servizos, así como a proposta de subscrición dos correspondentes concertos e o seu seguimento e control.
f) A promoción da integración e a coordinación de todos os dispositivos e recursos, fomentando as actuacións multidisciplinares dos diferentes ámbitos ou niveis, para garantir a continuidade asistencial.
g) O impulso da efectividade e da eficiencia nos procesos asistenciais.
h) A actualización e transformación organizativa e funcional dos centros e estruturas de xestión integrada para mellorar os niveis de efectividade, calidade, seguridade e eficiencia.

6. Competencias da Dirección de Recursos Económicos:

É o órgano encargado, con carácter xeral, da dirección económica e financeira e da planificación, execución e control dos programas de investimentos de obras, instalacións, servizos e subministracións e da coordinación da xestión económico-administrativa, de compras, loxística e de servizos xerais dos centros do organismo. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

a) A elaboración e redacción do anteproxecto de orzamentos do Servizo Galego de Saúde; o establecemento das bases e directrices da súa xestión económica, así como levar a cabo as actuacións de control e avaliación da xestión económica e orzamentaria dos seus centros de gasto.
b) A tramitación das modificacións orzamentarias e dos expedientes de gasto que non fosen obxecto de delegación noutros órganos.
c) Os actos de execución da xestión do patrimonio do organismo.
d) A planificación, execución e control dos programas de investimentos relativos a obras, instalacións e equipamentos dos centros asistencias, en coordinación coa Dirección de Asistencia Sanitaria.
e) A xestión contractual e económico-administrativa da actividade desenvolvida polos órganos centrais do organismo e da asistencia sanitaria prestada con medios alleos.
f) A coordinación dos servizos económico-administrativos, de contratación, de aprovisionamento, hoteleiros, de mantemento técnico e loxística en xeral dos centros do organismo.
g) A declaración de uniformidade dos bens e servizos de adquisición centralizada do organismo e a coordinación e potenciación dos sistemas de información económica.

7. Competencias da Dirección de Recursos Humanos:

É o órgano encargado de deseñar e executar a política de persoal do organismo. Correspóndelle a xestión de todos os colectivos que se integran nel e na consellería de Sanidade, sen prexuízo das competencias que teñan atribuídas outros órganos da Consellería de Facenda en relación cos funcionarios públicos regulados no Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo

que se aprobou o texto refundido da Lei de función pública, e o persoal suxeito ao convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia. Para iso correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

a) A proposta, tramitación e ordenación de gastos e pagamentos referentes ás retribucións do persoal de centros de gasto do organismo que non posúan esta atribución, así como a aprobación dos expedientes de modificación do persoal dos centros sanitarios, de conformidade co previsto para os efectos pola Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.
b) A colaboración na redacción do plan anual de formación do persoal do organismo autónomo, así como na elaboración da proposta do plan de formación do persoal de xestión e servizos.
c) As funcións de impulso, participación cos órganos de representación de persoal e coordinación en materia de prevención de riscos laborais do persoal das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.
d) A elaboración e modificación, se é o caso, dos plans de ordenación de recursos humanos do Servizo Galego de Saúde e a súa elevación ao Consello de Dirección para a súa aprobación. Así mesmo, correspóndelle a participación nas mesas sectoriais de negociación e a elaboración e tramitación de proxectos de pactos e acordos.
e) A elaboración, desenvolvemento, dirección, xestión e seguimento do expediente profesional electrónico dos profesionais do Sistema público de saúde de Galicia.

8. Competencias das Xerencias das Estruturas de Xestión Integrada

a) Elaborar o plan estratéxico dentro do seu ámbito e establecer os obxectivos dos servizos integrados e a súa avaliación, de acordo coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
b) Xestionar todos os recursos sanitarios do seu ámbito territorial e as prestacións e programas sanitarios que desenvolvan.
c) Propoñerlle á Xerencia do Servizo Galego de Saúde a subscrición e resolución dos concertos necesarios para cubrir a demanda asistencial no seu ámbito.
d) Programar, dirixir e controlar a execución da actividade, a través dos medios persoais e materiais dispoñibles e a coordinación das súas unidades.
e) Organizar os recursos humanos, materiais, tecnolóxicos e financeiros no seu ámbito.
f) Xestionar os plans de calidade, seguridade e atención ao/á paciente.
g) Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a transferencia de coñecemento do ámbito sanitario.
h) Supervisar a actividade docente que se realice nos centros da súa competencia.

### I.2.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

Figura adscrita á Consellería de Sanidade a seguinte sociedade mercantil:

GALARIA S.A.

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A: creada en virtude do Decreto 209/2008, do 28 de agosto, polo que se modifican a denominación e os estatutos do Instituto Galego de Medicina Técnica, S.A, creado polo Decreto 229/1994, do 14 de xullo, coa finalidade de adaptar a denominación e o obxecto social do citado instituto ás novas finalidades e necesidades públicas detectadas.

### I.2.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

Figuran adscritas á Consellería de Sanidade as seguintes fundacións públicas :

- Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia.
- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía.
- Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria.
- Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica.

# II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2014

## II.1. DA CONSELLERÍA

O obxectivo xeral da Consellería de Sanidade é desenvolver unha política sanitaria que garante unha atención de calidade aos galegos e galegas, dando resposta ás súas necesidades, en tempo e forma.

É pretensión desta consellería mellorar a saúde da poboación, a través de accións que diminúan a carga de enfermidade, da prevención e promoción da saúde e da asistencia sanitaria, con equidade e calidade, facendo reais os dereitos legalmente recoñecidos, e asegurando a sostenibilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente.

No Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014 identifícanse os problemas de saúde, que se priorizan en función do seu nivel de impacto. Non só se centra en enfermidades senón que inclúe áreas nas que se precisan melloras organizativas ou de recursos. Nun contexto de conxuntura económica coma a actual, o principio de eficiencia na asignación de recursos é un criterio básico da actuación desta consellería.

O Plan de Prioridades xunto coa "Estratexia Sergas 2014", son os principais documentos que orientan a planificación sanitaria.

As enfermidades priorizadas son:

1. Cardiopatía isquémica
2. Cancro de pulmón
3. Ictus/Enfermidade cerebrovascular
4. Diabete mellitus
5. Depresión/Trastornos afectivos
6. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
7. Cancro de colon
8. Cancro de mama feminino

Nestas enfermidades son determinantes os hábitos de vida, polo que tamén se priorizan liñas específicas dirixidas a:

1. O tabaquismo
2. A nutrición
3. A actividade física

Respecto dos dereitos sanitarios e da calidade da prestación de servizos as prioridades son:

1. As demoras na atención e ambulatorización con cirurxía maior ambulatoria (CMA)
2. A estadía media
3. A taxa de cesáreas
4. O Sistema de información de profesionais sanitarios
5. A información dos usuarios e poboación sobre dereitos e deberes sanitarios e sobre prestacións e servizos sanitarios

Estas non son as únicas liñas, porque actuacións xa consolidadas, como as vacinacións, continuarán no seu proceso de mellora constante e, por suposto, tamén poden xurdir problemas emerxentes, novos ou sobrevidos, sobre os que teremos que actuar, se fose necesario.

Por outra banda, no marco do exercicio da autoridade sanitaria, a Consellería de Sanidade desenvolverá no 2014 un Plan de Inspección específico que xirará entorno aos seguintes procedementos de inspección e control, e actuacións:

1. No control e inspección da Incapacidade Temporal:
    a) Mellora da aplicación informática de xestión.
    b) Actividades de formación dirixida aos facultativos médicos de Atención Primaria para a xestión desta prestación.
    c) Desenvolver un programa específico de control e actuación de Procesos de Corta Duración.
    d) Continuar co programa específico para o control dos procesos de Incapacidade Temporal do persoal de Centros Propios.
    e) Continuar co control da Incapacidade temporal dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia adscritos aos réximes especiais .
    f) Potenciar a determinación de continxencias para a detección activa de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria prestada aos traballadores polo SERGAS.
2. No ámbito da prestación farmacéutica, produtos sanitarios e ortoprótese:
    a) Definición e Implantación dun procedemento de inspección dirixidos a aqueles facultativos médicos que incumpran, no ámbito da prestación en medicamentos, os indicadores de calidade fixados.
    b) Definición e Implantación dun procedemento de inspección das prestacións sanitarias (medicamentos, produtos sanitarios, ortoprótese, cadeiras de rodas….) prescritas, dispensadas e facturadas ao SERGAS a persoas falecidas.
    c) Definición e Implantación dun procedemento de inspección sobre medicamentos susceptibles de comercio ilegal.
    d) Desenvolvemento das inspección de normas de correcta distribución aos almacéns farmacéuticos de distribución consecuencia da entrada en vigor da Directiva Europea correspondente.

e) Programa específico de inspección e control de dispensación de medicamentos sen receita médica e actividades ilícitas de fraude.

3. No ámbito da calidade da asistencia sanitaria prestada aos pacientes:

a) Definición e implantación dun procedemento de auditoría e control sobre os centros ou establecementos concertados.

b) Definición e implantación dun procedemento de auditoría dos servizos de atención ao paciente das Xerencias de Xestión Integrada do Sergas.

c) Mellora continua da aplicación informática de Xestión de Expedientes de Responsabilidade Patrimonial.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

O sistema sanitario galego debe ter como principal obxectivo obter resultados en saúde satisfactorios para os pacientes e para a poboación en xeral.

Para obter os obxectivos desexados elaboramos a "Estratexia Sergas 2014: a sanidade pública ao servizo do paciente" que ten como finalidade definir os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación do Servizo Galego de Saúde, para transformar o sistema e consolidar un modelo sanitario innovador, centrado nos cidadáns, e que asegure a continuidade asistencial , a seguridade, a eficiencia e a implicación dos profesionais.

O Plan estratéxico do Servizo Galego de Saúde, Estratexia Sergas 2014, establece os seguintes obxectivos e liñas de actuación:

OBXECTIVO 1: Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos.

1.1 Estrutura organizativa de xestión integrada

Supón a desaparición das barreiras entre niveis asistenciais, evitando compartimentos e chanzos, e considerando que a asistencia é un proceso horizontal, sen rupturas. Require a actuación interdisciplinar e coordinada dos diferentes ámbitos e niveis, para garantir a continuidade asistencial, a calidade e a eficiencia.

Os profesionais da estrutura organizativa de xestión integrada serán responsables da xestión unitaria de tódolos recursos do seu ámbito e das prestacións e programas que se desenvolven, quedando adscritas a elas a totalidade de dispositivos e recursos sanitarios e sociosanitarios, sen alterar o mapa sanitario vixente.

A estrutura de xestión integrada ten como obxectivos, recollidos no Decreto 168/2010 mediante o que se define a estrutura de xestión integrada no Servizo Galego de Saúde:

- Centrar a atención no paciente, coa implicación de todos os profesionais na toma de decisións, mediante o uso da xestión clínica e a xestión por procesos como ferramentas para evolucionar a un sistema de organización horizontal.
- Garantir a equidade, accesibilidade, continuidade, calidade e seguridade da atención, mediante a xestión por procesos, con priorización segundo criterios clínicos.
- Minimizar a variabilidade clínica e eliminar a duplicidade de procedementos diagnósticos e terapéuticos mediante a implantación das recomendacións contidas nas guías e vías de práctica clínica.
- Garantir a transparencia na información e a autonomía de decisión dos pacientes.
- Orientar a planificación dos procesos en torno aos problemas de saúde.
- Utilizar eficientemente tódolos recursos mediante a promoción do traballo en equipo e a implicación dos profesionais na xestión.
- Reducir e simplificar a estrutura administrativa do cadro directivo, tanto en número de postos como en custes (10% do capítulo I dedicado a esta finalidade), e dedicar os fondos ás necesidades asistenciais.

No ano 2010, 2011, 2012 e 2013, desenvolvéronse actuacións encamiñadas a:

- Definir a nova estrutura organizativa de xestión integrada dos servizos periféricos do Servizo Galego de Saúde: Decreto 168/2010, de 7 de outubro, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas.
- Desenvolvemento das estruturas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela, mediante a orden de 22 de xullo do 2011.
- Desenvolvemento das estruturas de xestión integrada de Pontevedra e o Salnés e Ourense, O Barco de Valdeorras e Verín a través dos Decretos 162/2011 e 163/2011, de 28 de xullo, respectivamente.
- Desenvolvemento das estruturas de xestión integrada de Vigo e Lugo, Cervo e Monforte de Lemos a través dos Decretos 46/2013, de 7 de marzo, e o Decreto 55/2013, do 21 de marzo, respectivamente.
- Desenvolvemento de procesos asistenciais integrados.
- Establecemento dos obxectivos específicos no acordo de xestión coa participación dos profesionais.
- Incrementamos a capacidade resolutiva de atención primaria e dos hospitais comarcais, a través da utilización das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías (imaxe dixital, telemedicina).
- Potenciamos o traballo en rede e a atención domiciliaria.
- Introducimos nos Acordos de Xestión (ADX) do 2013 obxectivos orientados a implantación da xestión clínica.
- Completamos a extensión do cadro de mandos corporativo a nivel de xefatura de servizo.

- Elaboramos o Plan Marco de Atención Sociosanitaria.

No 2014 continuaremos desenvolvendo a xestión integrada, as unidades de xestión clínica e incorporando vías rápidas e procesos asistenciais integrados,

Ademais, desenvolveremos un plan de humanización para os centros do Servizo Galego de Saúde, cunha liña estratéxica específica para as unidades de críticos de pediatría.

Tamén seguiremos incorporando novas funcionalidades no IANUS e ampliando os servizos de telemedicina e a atención non presencial.

### 1.2 Modelo de xestión de enfermidades crónicas

Tendo en conta o envellecemento da poboación galega actual e a previsión para os próximos anos xa estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 desenvolvendo a Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade.

Neste marco desenvolveremos programas de intervención atendendo a unha estratificación de:

- Pacientes enfermos crónicos con bo autocontrol da súa enfermidade, con deseño de intervencións enfocadas a apoialos na autoxestión da súa enfermidade. Continuaremos impulsando a figura do paciente activado.
- Pacientes con patoloxías con morbilidade intermedia e alto uso de recursos, con deseño de intervencións enfocadas á xestión de patoloxías.
- Pacientes moi complexos, con alta comorbilidade e alto uso de recursos, con deseño de intervencións enfocadas á xestión de casos.

E desenvolvendo esta Estratexia que implica:

- Avaliar as necesidades de cada paciente para deseñar un paquete integral de coidados.
- Definir as actuacións dos diferentes profesionais e os procesos asistenciais específicos, utilizando protocolos, guías e vías clínicas, que inclúan sistemas proactivos de seguimento dos pacientes, para acadar a adherencia ao tratamento e evitar a agudización da enfermidade.
- Redefinir os roles dos profesionais, dotando de maior protagonismo á enfermería (en especial a enfermería de atención primaria), particularmente na xestión de casos e na atención a domicilio.
- Utilizar dispositivos innovadores que permitan a xestión de enfermidades crónicas, no marco da atención domiciliaria e de conexión dos pacientes cos profesionais sanitarios (atención non presencial, envío de resultados clínicos, etc.).
- Impulsar as clínicas de autocoidados para as patoloxías crónicas máis prevalentes, e o

papel do paciente experto.

- Identificar as mellores prácticas e realizar análises comparativas que nos permitan a mellora continua e a implantación progresiva en todo o territorio de Galicia.
- Potenciación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns como instrumento de empoderamento dos pacientes crónicos.

1.3 Atención a colectivos específicos con necesidades diferenciadas: anciáns, muller, nenos e saúde mental. Tendo unha especial sensibilidade con cada un destes colectivos e poñéndoos no punto de mira do sistema.

1.3.1 Atención ao paciente ancián: estamos a traballar, e continuaremos no ano 2014 nas seguintes liñas:

- Creando pautas de funcionamento de equipos multidisciplinares que proporcionen unha visión bio-psicosocial do paciente ancián.
- Traballando de forma coordinada coa Consellería de Traballo e Benestar, de cara a incorporar a atención social nun modelo de atención integral.
- Desenvolvendo o programa de pacientes polimedicados.
- Incorporando técnicas de xestión de casos.
- Impulsando a atención domiciliaria e a atención non presencial como modalidades asistencial na atención ao paciente ancián.

1.3.2 Atención á muller: estamos a traballar, e seguiremos a facelo no 2014

- Desenvolvendo programas específicos de: prevención de cáncer xenital (citoloxía e vacinación contra HPV); programas de detección precoz e vías rápidas para o cancro de mama; planificación familiar; educación sexual; prevención de enfermidades de transmisión sexual; preparación ao parto; atención ao embarazo, parto e puerperio (incluíndo medidas para reducir a taxa de cesáreas); consulta perimenopáusica; prevención e atención a casos de violencia machista.
- Colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar na aplicación da Lei de rede de apoio á muller embarazada.
- Por en marcha actividades de educación para a prevención de violencia de xénero a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

E todo isto coa elaboración, implantación e avaliación de procesos asistenciais integrados e de vías rápidas.

1.3.3 Atención pediátrica: estamos a traballar e continuaremos a facelo no 2014 para:

- Reorganizar a atención pediátrica segundo necesidades e recursos dispoñibles co fin de prestar unha auténtica atención integral.

- Reforzar o papel de enfermería, sobre todo no programa do neno san.
- Asegurar a continuidade asistencial e a integración, definindo protocolos comúns e procesos asistenciais integrados.

1.3.4 Atención á saúde mental: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 nos seguintes programas:

- Desenvolvemento de programas para o trastorno mental grave, destinados á atención integral do paciente dende as fases precoces.
- Potenciación e desenvolvemento da psiquiatría infanto-xuvenil, coa creación de dispositivos de hospitalización psiquiátrica e de hospitais de día infanto-xuvenís. Impulsaremos a Unidade de infanto-xuvenil no CHUS (no H. Clínico) de referencia para toda Galicia.
- Desenvolvemento dos programas de rehabilitación psiquiátrica en colaboración con servizos sociais.
- Desenvolvemento de programas de atención para o tratamento dos trastornos aditivos e da alimentación (anorexia e bulimia), creando unidades de referencia para toda a comunidade autónoma.
- Potenciación da investigación en saúde mental.
- E continuaremos cos programas dirixidos a evitar o estigma social, xa iniciados con importante participación.

1.4 Integración da atención socio sanitaria: estamos a traballar e continuaremos no ano 2014 co desenvolvemento do Plan Marco de Atención sociosanitaria:

A atención sociosanitaria debe basearse en tres elementos fundamentais: derivar ao usuario ao dispositivo máis adecuado para a súa atención, garantir unha rápida derivación dun recurso a outro en función dos cambios na situación do usuario, e dispoñer de servizos suficientemente diversificados e dotados.

As actuacións para mellorar a integración da atención sociosanitaria que deben desenvolverse en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar son:

- Manter permanentemente actualizado o mapa de recursos sociais, sanitarios e sociosanitarios públicos e privados de Galicia.
- Identificar necesidades específicas por colectivos e segundo o nivel de dependencia.
- Definir criterios para a optimización dos recursos e os distintos dispositivos de atención de maneira que o cidadán-paciente poida facer uso do máis axeitado en cada momento.
- Analizar procesos para evitar as duplicidades nos ámbitos social e sanitario, incluíndo as prestacións sociais no deseño dos procesos.
- Elaborar protocolos de atención sociosanitaria para acadar un proceso de atención continuada e integrada, co fin de evitar a institucionalización do usuario e potenciar a súa estancia no entorno familiar, coordinando a atención dende asistencia sanitaria e

servizos sociais.

- Establecer o marco adecuado de xestión, control e avaliación dos concertos co sector privado.
- Fomentar a coordinación coa Consellería de Traballo e Benestar para desenvolver estes obxectivos.

1.5 Garantía de accesibilidade:

Centro de servizos sanitarios multicanle: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014, entendendo que o centro de servizos sanitarios multicanle (CSSM) do Servizo Galego de Saúde pretende mellorar a información e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario, de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms). Para elo:

- No ano 2011 licitouse unha central de chamadas para citación e consultas telefónicas do Sergas para toda Galicia que substitúe ás dúas existentes, que tiñan números distintos e que non daban cobertura a todo o territorio. As principais vantaxes desta nova central son:
    - É un apoio para as citacións dos centros de saúde fóra do horario de funcionamento do centro ou cando estes (por sobrecarga) non son capaces de dar resposta.
    - Permite aos cidadáns pedir cita as 24 horas os 7 días á semana.
    - Está xa implantado en toda Galicia.

- No ano 2012 incorporamos novas funcionalidades, como a petición de citas para tódolos profesionais dos centros de saúde e para o programa do neno san. Ademais, incorporamos a posibilidade de solicitar o retraso ou a anulación de citas nos hospitais. Tamén, no 2012 habilitamos a posibilidade de acceder á orientación clínica ao paciente que presta o 061, accesible ata o momento no número 902 400 116, a través da central de chamadas.
- No 2013 consolidamos estas funcionalidades e no 2014 seguiremos mellorando estes servizos.

En setembro do ano 2009 puxemos en marcha a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, que desde entón ven sendo un referente para todos os pacientes, asociacións e familiares en temas de formación, información e educación sanitaria e prevención e promoción da saúde, así como na difusión de políticas de autocuidados e bo uso dos servizos públicos. No ano 2014 continuaremos reforzando o seu papel.

Continuaremos a potenciar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos de reintegro de gastos aos cidadáns.

Continuaremos estendendo o acceso á información individual da historia clínica electrónica.

Reforzaremos as solicitudes electrónicas de prestacións complementarias: transporte sanitario, osixenoterapia, etc.

1.6 Impulso aos programas de prevención e promoción da saúde: estamos a traballar e continuaremos no ano 2014 para desenvolver actuacións encamiñadas á promoción de estilos de vida saudable e ao desenvolvemento de políticas de prevención de enfermidade, potenciar a capacitación dos cidadáns e pacientes para que poidan asumir o coidado da súa saúde con responsabilidade, mediante a realización das seguintes actuacións:

- Poñer en marcha programas de formación a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns para fomentar os autocoidados, a maior responsabilidade do paciente e a promoción de hábitos de vida saudables (exercicio físico, hábitos dietéticos…)
- Continuar co desenvolvemento, xunto coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, de programas de prevención e promoción dende os centros sanitarios, en relación a:
    - ◻ Prevención de enfermidades crónicas
    - ◻ Plan de Trastornos Aditivos: Consumo de alcohol, tabaco e outras drogas
    - ◻ Obesidade infantil: posta en marcha do plan de prevención da Obesidade Infantil, Plan Xermola, con actuacións nos ámbitos escolar, asistencial, empresarial, familiar e comunitario e de investigación e docencia.
    - ◻ Infeccións de transmisión sexual
    - ◻ Cancro de cérvix
    - ◻ Cancro de mama
    - ◻ Cancro de colon. Trala avaliación do proxecto piloto de cribado en Ferrol estenderémolo progresivamente a toda Galicia.
    - ◻ Hipoacusia neonatal
    - ◻ Metabolopatías
    - ◻ Riscos microbiolóxicos en hospitais
    - ◻ Desenvolver o programa de promoción da actividade física.
- Reforzar o rol de enfermería na promoción da saúde e na prevención da enfermidade.
- Aproveitar a potencialidade das redes sociais para a promoción de estilos saudables.
- Estender o módulo de actividades preventivas e de promoción da saúde na historia clínica electrónica.

1.7 Participación dos cidadáns e dos pacientes: estamos a traballar e continuaremos no ano 2014 para fomentar a participación do cidadán no sistema sanitario como forma de entender as súas necesidades e acadar a súa implicación e responsabilidade, tanto no sistema como coa súa

propia saúde. Para iso levaranse cabo as seguintes actuacións:

- Impulsar a Escola Galega de Saúde para Cidadáns, como mecanismo para potenciar a participación dos cidadáns a través de talleres de formación e información sanitaria para pacientes, asociacións, cidadáns e comités e consellos de participación.
- Fomentar unha maior actividade e implicación dos diferentes órganos e estruturas de participación comunitaria formais.
- Poñer en marcha foros e outros mecanismos de participación dos cidadáns e pacientes.
- Continuar co labor do Consello Asesor de Paciente, constituído e posto en marcha no ano 2011.
- Desenvolver os mecanismos necesarios para que os cidadáns poidan enviar as súas queixas, suxestións, inquietudes e felicitacións en tódolos centros e de forma multicanle, potenciando o entorno web. Reformularemos o programa QUERES e o CONTACTE CONNOSCO nun só, máis dinámico, operativo e que teña máis capacidade resolutiva para o cidadán e para a organización.

1.8 Libre elección de médico e hospital: entendendo que isto supón situar aos cidadáns no centro de decisión do sistema sanitario, establecendo o seu dereito a escoller onde e por quen queren ser atendidos.

A libre elección de médico de familia é un dereito dos cidadáns xa establecido na Lei 14/1986, de 25 de abril, General de Sanidad e na la lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia. Continuaremos traballando para reforzar esta capacidade de elección nas estruturas de xestión integrada coa tramitación da lei de Garantías.

OBXECTIVO 2: Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.

As principais liñas de actuación para a consecución deste obxectivo son:

2.1 Procesos asistenciais integrados: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014. Isto supón traballar coa filosofía de que o proceso, en xeral, empeza e finaliza en atención primaria e a súa definición inclúe todos os pasos a realizar en todos os niveis asistenciais e as funcións a realizar por cada profesional. Para elo:

- Seguiremos co desenvolvemento e implantación dos procesos asistenciais priorizados.
- Incorporaremos os procesos de urxencias á xestión por procesos asistenciais integrados.
- Ampliaremos os grupos de traballo multidisciplinares para o deseño de novos procesos asistenciais integrados.

2.2 Garantía de atención en tempo e forma segundo patoloxías definidas

Seguimos a traballar para garantir a atención sanitaria aos usuarios segundo prioridades. Na espera cirúrxica xa definimos, conxuntamente cos profesionais e as sociedades científicas, os procesos de prioridade 1 (P1); e definimos os procesos de prioridade 2 (P2). Xestionamos a programación cirúrxica atendendo a estas prioridades.

Están establecidas as demoras máximas segundo estas prioridades, sendo a demora para a P1 inferior a 30 días e para P2 inferior a 60 días. En xuño 2011 acadamos unha demora media de 18 días en prioridade 1 e seguimos mantendo o obxectivo. En decembro de 2011 acadamos unha demora media arredor dos 60 días en prioridade 2.

Estamos a traballar para que as consultas solicitadas por un problema de saúde novo se realicen de forma prioritaria.

Outro obxectivo é reducir a variabilidade clínica e o número de consultas e probas innecesarias que non aportan valor engadido ao proceso diagnóstico e terapéutico do paciente.

2.3 Procesos de alta resolución: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para estender o concepto de "visita única", resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias para chegar a un diagnóstico e, no seu caso, empezar a recibir o tratamento ou realizar a indicación cirúrxica correspondente.

- Estenderemos as xa implantadas a todo o territorio de Galicia, garantindo así a accesibilidade e equidade a todos os cidadáns.
- Implantaremos novas consultas de alta resolución.

2.4 Atención domiciliaria e hospitalización a domicilio: estamos a traballar e continuaremos a facelo no 2014, entendendo que é necesario reforzar o papel do domicilio como lugar de atención, o que implica desenvolver iniciativas en dous ámbitos:

- Potenciar a atención domiciliaria.
- Reforzar o papel das unidades de hospitalización a domicilio potenciando os programas de alta hospitalaria precoz, con implicación da atención primaria e enfermería comunitaria para o soporte domiciliario axeitado.

Para lograr con éxito este obxectivo, é necesario reforzar o rol dos profesionais de enfermería, tanto na atención domiciliaria como na hospitalización a domicilio, e adaptar os sistemas de información e os procesos asistenciais integrados a este novo ámbito.

2.5 Coidados Paliativos, estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para asegurar a equidade no acceso aos coidados paliativos, favorecendo a permanencia do paciente

no seu ámbito (domicilio) e establecendo os procesos asistenciais que aseguren unha rápida resposta ante calquera necesidade que se formule.

O axeitado control de síntomas deberá ser prestado dende todos os dispositivos asistenciais do Servizo Galego de Saúde. Para iso, manteremos a REDE de profesionais de referencia e os equipos de soporte que presten servizos nun modelo de xestión integrada.

- Seguiremos a potenciar o Plan de Coidados Paliativos de Galicia, cos seguintes obxectivos:
- Mellorar a organización para prestar unha atención integral aos pacientes con necesidades de coidados paliativos.
- Reforzar o traballo en rede das unidades de referencia de coidados paliativos.
- Asegurar a asistencia continuada aos pacientes, garantindo un coidado integral.
- A Comisión Galega de Coidados Paliativos xa constituída seguirá actuando como comisión asesora neste ámbito.

2.6 Política de calidade e seguridade do paciente: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 por entender que é necesario desenvolver un modelo corporativo de xestión integrada da calidade, tendo a excelencia como obxectivo e estendendo a filosofía de mellora continua, de transparencia e de comparación a todos os centros e profesionais, fomentando a cultura da seguridade clínica na actividade diaria dos profesionais, implantando prácticas seguras que reduzan a incidencia de eventos adversos, coa realización das seguintes actuacións:

- Continuaremos co Sistema de Rexistro de Efectos Adverso (SINAPS) informatizado en todos os centros asistenciais de Galicia. É un sistema voluntario de declaración que permite a avaliación, seguimento e xestión dos efectos adversos.
- Continuaremos co sistema de identificación nai-neno e de pacientes en urxencias en todos os hospitais. Ademais, da implantación do sistema de identificación do paciente cirúrxico.
- Continuaremos cun sistema de minimización de erros na medicación, especialmente naqueles fármacos máis facilmente confundibles e con efectos adversos máis graves.
- Certificaremos novos servizos e unidades pola norma UNE 17.003 de seguridade de pacientes e xestión de riscos.
- Actualizaremos e impulsaremos o Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais Galegos.
- Continuaremos co sistema de rexistro e avaliación da dor na historia clínica electrónica.
- Constituída a Comisión da dor e un grupo de traballo para elaborar o procedemento de tratamento da dor crónica non neurolóxica.
- Inclusión dos indicadores de seguridade de pacientes no cadro de mandos.

2.7 Mellores prácticas de prescrición e dispensación de medicamentos: é importante esta-

blecer e divulgar criterios de uso racional do medicamento, cara a pacientes e profesionais, cos principios de seguridade, efectividade e custo, ademais de optimizar todo o proceso de xestión farmacéutica. Para iso, realizaranse actuacións nos seguintes ámbitos:

- Continuar coas boas prácticas de prescrición, xa iniciadas coa posta en marcha do "Catálogo priorizado de medicamentos".
- Asegurar a continuidade e a adhesión aos tratamentos crónicos mediante a promoción da prescrición e uso de medicamentos xenéricos ou de marca de menor prezo.
- Continuar informando de forma periódica e actualizada aos facultativos, facilitarlles o acceso aos seus perfís de prescrición, e calquera outra información de interese para a mellor xestión dos pacientes agudos da súa cota.
- Manter o control da inclusión de medicamentos de alto impacto sanitario, económico e social nas Guías Farmacoterapéuticas dos hospitais.
- Promover a elaboración de guías farmacoterapéuticas dos centros sanitarios, con criterios de eficiencia.
- Homoxeneizar o emprego dos recursos farmacoterapéuticos na rede do Servizo Galego de Saúde.
- Realizar unha xestión farmacéutica integrada, reforzando a coordinación das comisións de farmacia e a utilización de criterios comúns.
- Manter a receita electrónica en todo o territorio galego.
- Impulsar modelos eficientes de compra de medicamentos, potenciando a compra centralizada. Xa realizamos concursos de maneira centralizada, conseguindo un aforro importante no prezo de licitación. Necesitamos seguir avanzando e licitar novos concursos.
- Reforzar os obxectivos de boas prácticas de prescrición e bo uso do medicamento incluídos nos Acordos de Xestión, así como a súa avaliación para a percepción do CPV.
- Reforzar o papel da Comisión Central de Farmacia creada como órgano asesor na prescrición baseada na evidencia científica.
- Reforzar o papel da unidade de apoio á prescrición creada para facilitar información e formación aos facultativos na prescrición.
- Manter o control da prescrición e a dispensación do modelo de receita electrónica.
- Finalizar a implantación da dispensación personalizada dende os servizos de farmacia dos hospitais ás residencias e centros de día, coa integración dos farmacéuticos de atención primaria neste programa.
- Reforzar o papel dos farmacéuticos de atención primaria, tras a publicación no 2011 do Decreto de homologación, que desburocratiza o seu papel.
- Aumentar a notificación de reaccións adversas a medicamentos.
- Continuar traballando no Programa de polimedicados.

2.8 Colaboración cos centros privados: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano

2014, entendendo que é importante que exista un sector privado complementario ao sector público, que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto.

Co obxectivo de mellorar o ámbito de colaboración das entidades concertadas, o Servizo Galego de Saúde realizará actuacións nos seguintes ámbitos:

- Redefinición do concerto singular con Povisa, nun contexto de libre elección e cun novo sistema de pagamento.
- Revisión do resto de concertos.
- Impulsar o Consorcio oncolóxico de Galicia, integrándoo na rede oncolóxica de Galicia.
- Revisión do modelo de concertación con centros privados sanitarios e sociosanitarios, establecendo acordos a longo prazo e cunha redefinición de papeis e garantías de actividade e seguridade.
- Integrar os sistemas de información: conectaranse á rede do Servizo Galego de Saúde os centros concertados, permitíndolles a consulta da información clínica do paciente derivado, a elaboración dos informes directamente na historia clínica, e enviar a imaxe dixital ao centro de referencia.
- Desenvolver un modelo de planificación asistencial da actividade a desenvolver en centros concertados que se orixine nas estruturas de xestión integrada, establecendo unha coordinación asistencial que garanta os resultados en saúde.

OBXECTIVO 3: Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais.

3.1 Novo marco de xestión de recursos humanos: estamos a traballar e continuaremos no ano 2014, entendendo que é necesario desenvolver unha política de persoal que permita aliñar as necesidades do sistema coas dos profesionais, fundamentada na estabilidade laboral, o desenvolvemento e a promoción profesional; e deseñar un sistema de xestión por competencias baseado na formación, a avaliación e o recoñecemento. Entre os obxectivos fundamentais destacamos os seguintes:

- Garantir a estabilidade no emprego mediante a convocatoria periódica de procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal estatutario fixo nas diversas categorías. Rematada a toma de posesión da última OPE en xuño 2011 procederemos a realizar as probas da nova OPE de especialistas hospitalarios e despois, de maneira progresiva, doutras categorías profesionais.
- Impulsar unha asistencia sanitaria en condicións de igualdade en todo o territorio, garantindo que os hospitais comarcais conten cos especialistas que precisen en cada momento.
- Impulsar a xestión integrada do persoal de atención primaria e atención especializada,

superando desta forma a tradicional e ineficiente separación entre os dous niveis.

- Incorporar as novas tecnoloxías á xestión dos recursos humanos, conseguindo con iso simplificar e axilizar a tramitación dos distintos procedementos. Para isto un paso fundamental é o Expediente-e, deseñado e posto en marcha no ano 2011,e que é necesario consolidar tanto para a xestión dos procesos de contratación temporal como para os procesos de incorporación definitiva, como para manter actualizados os datos curriculares de todos os nosos traballadores unha ferramenta innovadora, segura e que permita a mellora continua.
- Desenvolver novas aplicacións no Expediente-e.
- Desenvolver as aplicacións do Sistema de Información de profesionais sanitarios de Galicia.
- Unha vez elaborado, consensuado e publicado o primeiro Plan de ordenación de RRHH do Servizo Galego de Saúde é preciso o seu desenvolvemento e implantación ao longo do ano 2014.
- Definir e implantar un sistema de desenvolvemento profesional, como mecanismo de motivación e recoñecemento do labor dos profesionais, que sirva, ademais, para contribuír á mellora continua do noso sistema sanitario.
- Adaptar os recursos existentes ás necesidades asistenciais da poboación mediante o establecemento de mecanismos de mobilidade xeográfica e funcional, que permitan garantir a continuidade asistencial nas diferentes áreas e niveis de atención sen menoscabo dos dereitos dos profesionais recoñecidos no marco normativo vixente.
- Propiciar a permanente actualización das competencias e aptitudes dos profesionais mediante o establecemento de accións formativas adaptadas ás necesidades da organización e situación dos profesionais.
- Avanzar na integración da prevención de riscos laborais na xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. Unha vez constituída a Comisión Central de coordinación e control da prevención de riscos laborais que está a traballar na definición de procedementos homoxenizados de traballo, faise precisa a súa implantación en todos os centros do Sergas para facelos máis seguros para os seus traballadores. Un exemplo claro é a posta en marcha do botón antipánico en todos os servizos de urxencia, que tan boa acollida tivo entre todos os profesionais. Seguiremos traballando na Prevención da violencia no ámbito laboral.
- Desenvolver o Convenio coa Fiscalía para axilizar a tramitación xudicial dos problemas de risco laboral.
- Avanzar na implantación de medidas que permitan conciliar a vida laboral e familiar do persoal, e de apoio á familia.
- Promocionar a participación dos profesionais no sistema, na xestión sanitaria e nas comisións técnicas asesoras.

3.2 Xestión do coñecemento: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014

para transformar a capacidade de crear, identificar, recompilar, adaptar, organizar, aplicar e compartir o capital intelectual do Servizo Galego de Saúde, co fin de mellorar a súa capacidade na toma de decisións e contribuír á mellora da calidade asistencial. Para iso realizaremos as seguintes actuacións:

- Reforzar o papel da biblioteca virtual "Bibliosaúde" que constitúe un instrumento moi eficaz para xestionar os recursos bibliotecarios do Sistema Sanitario Galego, e o coñececemento na nosa organización sanitaria.
- Desenvolver o repositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia.
- Potenciar o papel da Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas) como ferramenta para a formación continuada de todos os profesionais.
- Potenciar as novas tecnoloxías da información para a formación "on-line", que facilita a mesma para todos os traballadores do Sergas.
- Potenciar a aprendizaxe dos mellores con ferramentas como o Programa Divulga, que permite que as mellores prácticas se compartan en toda a organización.
- Reforzar o Programa de Simulación a través das aulas de simulación da Fegas, un instrumento de mellora nas actividades de maior risco.
- Potenciar a mellor formación e a profesionalización dos directivos da organización a través da Escola de Directivos da Fegas.
- Unha vez constituída a "Plataforma de Innovación" reforzar o seu papel como instrumento para facilitar e coordinar o proceso de innovación tanto no contorno asistencial como investigador.
- Regulada a figura de persoal emérito e realizadas e resoltas as primeiras convocatorias, no ano 2014 procederase a unha nova para aqueles profesionais de excelencia que seguen a achegar valor ao sistema.

3.3 Desenvolvemento profesional: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para crear un marco que promova o progreso dos profesionais no seu campo de actividade, a actualización dos seus coñecementos e competencias e a mellora da súa cualificación, así como a implicación nos obxectivos asistenciais da organización. Para iso estamos a definir e implantar un sistema de Desenvolvemento Profesional entendido como o recoñecemento público, expreso e individualizado do desenvolvemento alcanzado polo profesional en canto a:

- Experiencia e competencia profesional.
- Coñecementos e formación.
- Actividade docente e investigadora.
- Compromiso coa organización.

Esta información quedará recollida no expediente individual de cada profesional, que permitirá deseñar un sistema de recoñecemento innovador e motivador tanto para o profesional como para a organización.

3.4 Excelencia docente: estamos a traballar e continuaremos a facelo para o ano 2014 para alcanzar a excelencia docente na formación de alumnos de profesións sanitarias, na formación sanitaria especializada e na formación continuada; mediante a incorporación das mellores prácticas e procedementos, e fortalecendo as relacións e a coordinación con todos os axentes implicados. Para iso realizaremos as seguintes actuacións:

- Reforzar o papel dos hospitais na formación pregrado.
- Declarados hospitais universitarios o H. Lucus Augusti, Complexo Hospitalario de Ourense, o Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol e o Complexo Hospitalario de Pontevedra, reforzar o seu papel na formación de alumnos pregrado en ciencias da saúde.
- Reforzar o papel das Comisión docentes en todos os centros para mellorar a formación MIR, co fin de acadar a excelencia docente e ser cada vez máis atractivos para a formación de especialistas.
- Analizar e avaliar as necesidades de especialistas na nosa CA co fin de adecuar cada vez máis a oferta e a demanda.
- Avaliar as ofertas de formación continuada co fin de que cada vez máis se adapten ás necesidades da organización e ás expectativas dos traballadores.

3.5 Xestión clínica: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014, entendendo que a xestión clínica constitúe un proceso de redeseño organizativo cuxo obxectivo é implicar e incorporar ao profesional sanitario na xestión dos recursos utilizados na súa práctica clínica, organizando toda a actividade arredor de procesos asistenciais baseados nas mellores evidencias científicas. Para iso realizaremos as seguintes actuacións:

- Publicaremos o Decreto que regula o modelo e dea cobertura á implantación das áreas de xestión clínica.
- Impulsaremos o desenvolvemento de áreas de xestión clínica.

3.6 Comunicación cos profesionais: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para mellorar a comunicación dentro do sistema sanitario, como ferramenta imprescindible para transmitir e coñecer a estratexia e os obxectivos a alcanzar, e para lograr unha interrelación óptima e necesaria entre os diferentes equipos de traballo. Desenvolveremos as seguintes actuacións:

- Coa finalidade de mellorar e facilitar a comunicación cos profesionais implantáronse puntos de atención ao traballador nos centros sanitarios.
- Continuar a desenvolver ferramentas de autoxestión mediante técnicas de comparación (benchmarking) como os perfís personalizados de prescrición farmacéutica, de ILT ou de consultas a HCE, información por patoloxías dos pacientes asignados.
- Continuar co desenvolvemento do Expediente-e como ferramenta de comunicación.

- Deseño de foros específicos na páxina web para a comunicación cos profesionais.

OBXECTIVO 4: Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións

4.1 Historia clínica e receita electrónica en todos os centros sanitarios. Estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 co obxectivo xeral de manter o 100% de cobertura da historia clínica electrónica, da receita electrónica e da imaxe dixital en todos os centros sanitarios, e impulsar, á súa vez, o desenvolvemento da telemedicina e o traballo en rede.

A implantación total da historia clínica electrónica engloba a máis de 7.000 facultativos e a máis de 14.000 sanitarios non facultativos, repartidos nos diferentes centros que dan servizo á sociedade galega (≈2.700.000 cidadáns). Isto implicará, nos próximos anos, ter que:

- Rematar o despregamento da historia clínica electrónica en todos os ámbitos, incluídos os centros concertados.
- Manter o despregamento da receita electrónica en todos os centros sanitarios e oficinas de farmacia. Neste momento está acadado para máis do 99% da poboación.
- Redeseñar a historia clínica electrónica para que permita unha mellor accesibilidade á información clínica relevante do paciente e unha maior facilidade de comunicación entre profesionais.
- Dixitalizar os arquivos de historias clínicas eliminando os circuítos en papel.
- Completar a imaxe dixital en todas as áreas (Xinecología, Neurofisioloxía, Anatomía Patolóxica,…) e integrar a información clínica relevante xerada por todos os equipos electromédicos.
- Avanzar no despregamento da imaxe médica na rede de centros.
- Dotar aos profesionais de equipamento informático para proporcionar mobilidade (áreas de hospitalización, cirurxía, atención domiciliaria, ambulancias, consultas...).
- Manter a implementación de novas funcionalidades na historia clínica informatizada (consentimento informado, petición electrónica de probas,...)
- Mellorar a seguridade do paciente coa automatización da detección da posibilidade de eventos adversos e a xeneralización do uso de alarmas automáticas dos mesmos.
- Adecuar os accesos do paciente ao sistema de últimas vontades.
- Finalizar a integración dos centros sanitarios do Sergas coas fundacións dependentes do Sergas.
- Integrar os indicadores de calidade e seguridade nos procesos.

4.2 Proporcionar a todos os profesionais ferramentas que permitan aumentar a eficiencia, a calidade e a capacitación do traballo: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014

para dotar a todos os profesionais da organización de ferramentas informáticas que lles faciliten o traballo, aumenten a súa capacitación e rendemento e favorezan o cumprimento de obxectivos por parte da organización sanitaria. Para iso realizaremos as seguintes actuacións:

- Seguir dotando de ordenadores en todas as consultas e áreas de traballo: quirófanos, salas de exploracións especiais, etc.
- Seguir deseñando e implantando os procesos electrónicos de tramitación administrativa internos para mellorar a relación cos profesionais.
- Seguir deseñando e implantando procesos electrónicos de tramitación administrativa externos para mellorar a relación cos cidadáns.

4.3 Adaptar os sistemas de información cara a unha xestión integral dos problemas de saúde: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para lograr unha mellor xestión dos problemas de saúde, desde un punto de vista integral. Para iso é necesario realizar actuacións nos seguintes ámbitos:

- Seguir informatizando e integrando as áreas de urxencias (incluído o 061), a atención domiciliaria, a hospitalización a domicilio e a atención sociosanitaria.
- Integrar a receita e a historia clínica electrónicas coa plataforma de información sanitaria do Sistema Nacional de Saúde.
- Adaptar os sistemas de información á xestión integral e integrada da nova estrutura organizativa e ao desenvolvemento de áreas de xestión clínica.
- Potenciar e canalizar as actividades e proxectos de innovación relacionadas coas tecnoloxías da información e comunicación.
- Ampliar os sistemas de información de vixilancia da saúde.
- Desenvolver un sistema multicanle para pacientes, cidadáns e profesionais.

4.4 Garantir a dispoñibilidade, seguridade, confidencialidade e calidade da información sanitaria: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para consolidar unha plataforma tecnolóxica que permita executar con garantías de éxito os proxectos de sistemas de información, garantindo a confidencialidade, dispoñiblidade e a seguridade da información manexada.

OBXECTIVO 5: facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas con todos os axentes implicados.

5.1 Promoción da investigación, innovación e transferencia de resultados: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para potenciar un modelo de investigación orientado cara a innovación. Supón realizar, principalmente, actuacións nos seguintes ámbitos:

- Desenvolver un modelo de protección, valorización e transferencia de resultados de

investigación e innovación.

- Desenvolver un modelo de regulación da intensificación da actividade investigadora e innovadora no ámbito do Sistema Público de Saúde de Galicia
- Desenvolver a nova regulación do CEIC.
- Establecer un marco para a estabilización de recursos humanos de investigación.
- Impulsar o Consello para a Innovación en Materia Sanitaria.
- Avanzar na constitución dunha axencia para a xestión do coñecemento, a formación, a investigación, a innovación e a avaliación de tecnoloxías.
- Continuar colaborando co Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela.
- Implicar ao sector privado, mediante un modelo de colaboración para a investigación a través do Clúster Saúde de Galicia.
- Facilitar o acceso aos programas de investigación máis relevantes da Unión Europea e ás axencias financiadoras a nivel nacional e internacional, a través do establecemento de redes galegas estables e sostibles a longo prazo para a investigación, este é un dos obxectivos da Plataforma de Innovación constituída no ano 2011.
- Impulsar o Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela xa acreditado polo Instituto de Salud Carlos III.
- Impulsar os Institutos de Investigación Sanitaria de A Coruña e Vigo e impulsar un traballo en rede destes co de Santiago, como elemento para a captación de recursos.
- Reforzar as estruturas das fundacións para a investigación, impulsando o traballo en rede.
- Valorar os resultados da investigación como elemento dinamizador económico de Galicia: promover a transferencia de resultados, a creación de empresas biosanitarias (spin-off), o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras.
- Potenciar a investigación traslacional.
- Promover as sinerxias e complementariedades entre os ámbitos da avaliación de tecnoloxías sanitarias, a formación, a investigación e a innovación a través da creación dunha Axencia que integre todas estas actividades.
- Coordinar a participación dos distintos actores da biotecnoloxía galega (Consellerías, universidades, centros tecnolóxicos, empresas) no congreso internacional BioSpain que se celebrará en Santiago en 2014

5.2 Responsabilidade Social Corporativa: Ademais de todas as medidas descritas para mellorar a accesibilidade dos cidadáns, a súa responsabilización no coidado da saúde, participación activa na mellora do sistema sanitario público de Galicia, así como todas as medidas de mellora do funcionamento dos servizos, incrementando a seguridade asistencial e a motivación dos profesionais, estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para integrar os valores sociais, medioambientais e de sostenibilidade económica na estratexia e modelo de xestión do Servizo Galego de Saúde, de acordo cos criterios xerais internacionais. Para iso realizamos as seguintes actuacións:

- Firmado un Convenio co INEGA para a avaliación da situación de gasto enerxético en todos os centros sanitario de Galicia. Realizada a avaliación dos mesmos, estableceuse un Plan Integral de Eficiencia Enerxética (PIEE) a desenvolver conxuntamente entre Galaria e o propio INEGA que nos vai permitir por en marcha as medidas necesarias para conquerir aforros na factura enerxética e unha redución na emisión de CO2.
- Continuaremos desenvolvendo o PIEE nos centros do Servizo Galego de Saúde.
- Incorporar en todas a licitación que se realicen polo Sergas, a exixencia de máxima eficiencia enerxética .
- Finalizada a proba piloto para avaliar unha nova máquina de tratamento integral dos residuos sanitarios, conseguindo unha diminución no transporte de residuos, un tratamento máis limpo e respectuoso co medio ambiente e unha valorización do resto. Os resultados obtidos empregáronse para elaborar os pregos de licitación.

5.3 Desenvolvemento do Clúster da Saúde de Galicia: estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 para dinamizar a competividade de Galicia, para contribuír ao desenvolvemento económico e social, a través da cooperación entre as institucións públicas e privadas relacionadas co sector sanitario.

Facilitamos a constitución do Clúster da Saúde, que se puxo en marcha en setembro de 2011, coa participación de importantes axentes empresariais galegos, as tres universidades e o Sergas.

OBXECTIVO 6: Xestionar os recursos de forma rigorosa e eficiente

6.1 Establecemento dun marco de rigor e austeridade no Sistema Sanitario Público de Galicia: sempre necesario cando se xestiona diñeiro público, faise imprescindible nun momento de crise económica como a que estamos a vivir en España.

Implantamos un plan de austeridade para identificar os principais impulsores de gasto e fixar obxectivos e indicadores de seguimento e avaliación, e bolsas de ineficiencia e oportunidades de mellora para reducir custos innecesarios nas áreas de maior concentración do gasto.

- Compras e licitacións: xa realizamos diversos concursos de compras centralizadas e seguiremos elaborando novos concursos.
- Seguiremos impulsando a xestión corporativa de compras e loxística de produtos e servizos, con accións tan significativas como:
    - Plataforma loxística para todos os centros sanitarios do Sergas: Iniciou o seu funcionamento no 2013 na estrutura de xestión integrada de Santiago e irá esténdendose de forma progresiva ao resto das estruturas de xestión integrada.
    - Central de compras: unha vez posta en marcha a plataforma loxística.

- Estableceremos alianzas con provedores estratéxicos de tecnoloxías médicas e sistemas de información.
- Xestión financeira/orzamentaria: analizar alternativas de financiamento ante a situación de déficit público na que nos encontramos.
- Xestión de tecnoloxías da información: Informatización de procesos (centros sen papeis). Neste eido estamos a avaliar á dixitalización das historias clínicas co fin de centralizar o arquivo de historias clínicas histórico de todos os centros do Sergas e utilizar só a historia clínica electrónica.
- Organización de procesos, coas seguintes accións

    - Adecuar as estruturas organizativas dos servizos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde. A posta en marcha das estruturas de xestión integrada do Sergas permite un aforro en estrutura directiva e en retribucións.

    - Aproveitar as sinerxías entre os diferentes centros sanitarios, realización de compra de produtos entre centros para aproveitar as economías de escala.

    - Impulsar a eficiencia na xestión dos procedementos diagnósticos, evitando a duplicidade de probas, diminuíndo a variabilidade da práctica clínica e introducindo melloras na organización dos servizos, a través de plataformas de diagnóstico.

    - Identificar ámbitos nos que sexa posible aplicar novas medidas de mellora da eficiencia.

- Desenvolver alternativas á hospitalización tradicional como a ambulatorización de procesos.

6.2 Plataformas de diagnóstico por imaxe e laboratorios clínicos: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para acadar:

- A implantación do traballo en rede en diagnóstico por imaxe. Pretendemos:

    - Reforzar os actuais servizos de radioloxía, engadindo posibilidades de interacción mediante o traballo en rede.

    - Mellorar a eficiencia na xestión dos recursos, e diminuír o volume de derivacións de probas a outros centros.

    - Aumentar a produtividade, logrando, ademais, un equilibrio da actividade entre os diferentes centros.

    - Mellorar a calidade para pacientes e profesionais: redución das listas de espera, formación de radiólogos e técnicos especialistas en radiodiagnóstico, opcións de carreira profesional, control de calidade, incremento das posibilidades de interrelación entre os profesionais de distintos hospitais, aproveitamento de sinerxías no funcionamento dos servizos de radioloxía, etc.

    - Redefiniremos o modelo de provisión de análises clínicas co obxectivo de mellorar a produtividade, reducir os tempos de resposta, diminuír custos e evitar duplicidades. O modelo terá as seguintes características:

- Reorganización dos laboratorios para potenciar o traballo en rede.
  - Deseño de catálogos de probas e peticións únicos.
  - Análise da carteira de servizos dos laboratorios e do fluxo de probas que se concertan con entidades privadas.
  - Estandarización e intercambio das probas de laboratorio, independentemente do lugar de realización, e creación de valor engadido na xestión da información dende o laboratorio ao proceso do paciente.
  - Seguir implementando as peticións de forma informatizada dende a historia clínica electrónica.
  - Desenvolvemento do sistema en rede noutras áreas diferentes ao laboratorio xeral: anatomía patolóxica, microbioloxía, medicina xenómica e hematoloxía.

6.3 Central de compras e plataforma loxística: estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 para buscar a eficiencia en toda as áreas de actividade, incluíndo aquelas de soporte, como é a xestión da cadea de subministración, dende as compras ata a chegada do produto ao destinatario final. Para iso, realizaranse actuacións encamiñadas á consecución dos seguintes logros:

- Redución dos custos por volume de compra.
- Mellora da xestión loxística.
- Redución do catálogo de referencias.
- Maior transparencia e competitividade entre provedores.
- Redución do número de expedientes de contratación.
- Redución do número de stocks almacenados.

A consecución destes logros e melloras supón realizar actuacións fundamentalmente en dous ámbitos:

- Potenciación do modelo de compra centralizada, a través da central de compras do Servizo Galego de Saúde, ou da Central de compras Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- Fomentación da participación activa dos profesionais na compra de produtos nos que a intervención médica sexa moi relevante.

6.4 Nova estratexia corporativa de transporte sanitario: estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 para desenvolver a Xestión integral do transporte sanitario de Galicia, realizando a xestión dende as estruturas de xestión integrada e coa colaboración no control desde a central do 061. Para cumprir con este obxectivo realizaremos as seguintes actuacións:

- Licitar un novo concurso de transporte urxente.

- Licitar un novo concurso de transporte programado.
- Promover o uso adecuado do transporte programado.
- Desenvolver o programa informático que permita unha mellor xestión e control e que correlacione a todos os actores: prescritor, central de 061, unidade de xestión e empresa de transporte.

6.5 Carteira de servizos, técnicas, procedementos e referencias do Servizo Galego de Saúde. Estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 para implantar nos centros a carteira de servizos, técnicas, tecnoloxías e procedementos sanitarios definidos pola Consellería de Sanidade, tendo en conta a accesibilidade dos pacientes e a adecuación dos servizos ou especialidades de referencia cos seguintes criterios:

- Proximidade non é garantía de accesibilidade.
- Os profesionais sanitarios necesitan un mínimo de volume de casos tratados para garantir a súa formación permanente e actualizada.
- Necesitamos impulsar os servizos excelentes e innovadores.
- As tecnoloxías da información permiten o traballo en rede e o mellor aproveitamento dos recursos, garantindo a calidade asistencial.
- O envellecemento da poboación, fai necesario repensar as dotacións e a carteira de servizos dos centros para garantir a mellor atención de acordo a súa poboación de referencia.
- A mellora nas comunicacións permite a maior accesibilidade da poboación aos servizos de excelencia, mellorando así a equidade.

OBXECTIVO 7: Modernización das infraestruturas sanitarias

7.1 Novas fórmulas de financiamento e xestión de infraestruturas sanitarias: estamos a traballar e seguiremos a facelo no 2014, sabendo que o estado dalgunhas das nosas instalacións sanitarias non permiten responder axeitadamente ás necesidades dos cidadáns e necesitan ser renovadas para mellorar o servizo.

A poboación galega caracterízase polo seu envellecemento, o que supón un previsible aumento da demanda, que fai necesario dispoñer de infraestruturas axeitadas.

Os mecanismos tradicionais de financiamento son insuficientes para abordar as importantes e crecentes necesidades de gasto social e investimento en Galicia, polo que é preciso recorrer a novas fórmulas de financiamento e xestión que nos permitan, por un lado, dispoñer de novos centros e infraestruturas no menor tempo posible e, por outro, asumir o investimento e desvinculalo do ciclo económico.

7.2 Construción e posta en funcionamento de novos centros:

- Novo hospital de Vigo (NHV) é unha infraestrutura sanitaria estratéxica que dará resposta á necesidade de modernizar a asistencia sanitaria do sur de Galicia. Para dispoñer o antes posible deste novo hospital, realizouse a licitación e adxudicación da súa construción, iniciáronse as obras no 2011, e finalizarase a súa construción no 2014
- Novo hospital de Pontevedra: continuaremos coa tramitación necesaria para licitar un novo hospital.
- Continuaremos co proxecto de reforma e ampliación do CHUAC.
- Continuaremos coa licitación da reforma e ampliación do CHOU, fase 2-hospitalización.
- Licitaremos a obra de reforma e ampliación do H. do Salnés.
- Reforma e ampliación do H. de Burela.

7.3 Construción e reforma de centros de saúde: estamos a traballar e continuaremos a facelo no ano 2014 para modernizar as infraestruturas da rede de atención primaria para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais. Para iso realizaremos as seguintes accións:

- Modernización da dotación de tecnoloxía médica e de comunicación nos centros de saúde para incrementar a súa capacidade de resolución, e poder achegar a asistencia o máximo posible á poboación.
- Licitaremos a obra de 15 novos centros de saúde.

7.4 Renovación tecnolóxica: estamos a traballar e seguiremos a facelo no ano 2014 para dispor dun equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais actuais e de futuro, asegurar o seu mantemento, e a súa renovación. Para renovar a alta tecnoloxía, tecnoloxía de imaxe, radioterapia e intervencionismo utilizamos o socio tecnolóxico como fórmula de xestión.

Licitaremos o socio tecnolóxico.

Polo que respecta ás actuacións de impulso económico nas provincias de Lugo e Ourense as actuacións a levar a cabo no ano 2014 polo Servizo Galego de Saúde serán as seguintes:

LUGO

1.- Puxemos en funcionamento o centro de saúde de Monterroso.

2.- Manteremos en funcionamento a nova base do 061 na Mariña Lucense (Foz).

3.- Avaliamos o proxecto piloto de xestión innovadora de residuos sanitarios no Hospital Universitario Lucus Augusti.

OURENSE:

1.- Puxemos en funcionamento o centro de saúde da Peroxa.

2.- Licitaremos a obra de 3 centros de saúde nos municipios de Barbadás, Pontedeva e Ourense.

3.- A posta en funcionamento da central de chamadas para todo o sistema sanitario galego ubicada en Ourense.

4.- Licitamos a fase de hospitalización e dos servizos ligados á infraestrutura do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

## II.3. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

GALARIA

Obxectivos:

- Satisfacer as necesidades asistenciais de alta tecnoloxía dos cidadáns das áreas asistenciais asignadas polo Servizo Galego de Saúde nos eidos de oncoloxía radioterápica, diagnóstico por imaxe, medicina nuclear, cirurxía cardíaca e cardioloxía intervencionista, coordinada e integrada coa rede asistencial do Servizo Galego de Saúde.
- Proporcionar ao Servizo Galego de Saúde servizos de carácter transversal (suprahospitalario) relacionados co ámbito sanitario.

Para o cumprimento destes obxectivos levaranse a cabo as seguintes actuacións durante 2014:

- Satisfacer a demanda asistencial no eido da Oncoloxía Radioterápica
- Satisfacer coa máis alta tecnoloxía dispoñible a demanda asistencial de diagnóstico por imaxe, tanto no complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) como nos demais hospitais comarcais, evitando así o desprazamento dos pacientes.
- Satisfacer a demanda asistencial no eido da medicina nuclear na área sur de Galicia.
- Satisfacer a necesidade asistencial nos eidos da cardioloxía intervencionista e na cirurxía cardíaca na área sur de Galicia.
- Asesoramento na compra de equipamentos de alta tecnoloxía, planificación estratéxica de investimentos, plans funcionais e dotación completa do equipamento de centros hospitalarios e centros de saúde.
- Prestar asesoría en materia de protección radiolóxica e física médica aos seus clientes do Sergas con instalacións médicas radioactivas de segunda terceira categoría ( radiote-

rapia, radiodiagnóstico e medicina nuclear), garantindo a continuidade da prestación do servizo e o cumprimento da normativa e recomendacións vixentes en cada momento.

- Subministrar radiofármacos ás instalacións PET da rede sanitaria galega.
- Desenvolver o "Centro de Servizos Sanitarios Multicanle ".
- Apoiar os plans integrais de eficiencia enerxética nos hospitais do Servizo Galego de Saúde e a implantación de medidas que deles se deriven.
- Colaborar no desenvolvemento do traballo en rede no ámbito da radioloxía, radioterapia, laboratorios,…
- Colaborar na oficina de seguimento do novo hospital de Vigo.
- Colaborar na oficina de seguimento da Central de Compras do Servizo Galego de Saúde.

## II.4. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

### FUNDACIÓN PÚBLICA MEDICINA XENÓMICA

- Promover a coordinación cos servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia, tanto na atención primaria coma na atención especializada, no eido da medicina xenómica.
- Garantir o acceso dos cidadáns a probas xenómicas útiles que precisen, en condicións de equidade, a través da definición dunha carteira de servizos de medicina xenómica, baseada en criterios de seguridade, eficiencia e efectividade.
- Promover o desenvolvemento dunha medicina xenómica competitiva en Galicia e a súa integración nas redes nacionais e internacionais existentes, tanto no eido clínico coma no da investigación molecular.
- Dispor dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios para o eficaz desenvolvemento da investigación xenómica en Galicia, establecendo programas e estándares de calidade.
- Promover a constitución de equipos multidisciplinares, integrados por clínicos, xenetistas, informáticos, enxeñeiros, investigadores de base, e outros profesionais necesarios para o desenvolvemento de proxectos e traballos na xenómica.
- Difundir as actividades relacionadas coa xenómica, así como as actividades, programas, logros e avances, realizados pola Fundación.
- Poñer en funcionamento programas sobre coñecementos moleculares básicos.
- Emitir informes, recomendacións, e realizar protocolos, dirixidos ós profesionais, sobre a aplicación das técnicas e a información subministrada ós pacientes.
- Fomentar a utilización de ferramentas bioinformáticas para o acceso á información.
- Incorporar á carteira da Fundación novas determinacións correspondentes a enfermida-

des relevantes, por prevalencia ou importancia en materia da súa prevención, diagnose e tratamento.

- Potenciar a demanda asistencial como centro de referencia en materia de estudos xenómicos do mesmo xeito que da onco-hematoloxía.
- Validación dos resultados das novas tecnoloxías - SOLID, ION TORRENT, HRM - no eido asistencial e da investigación.
- Dispor da acreditación/certificación do laboratorio en materia de sistemas de calidade de cara a ofrecer uns servizos de prestixio.

## FUNDACIÓN CENTRO DE TRANSFUSIÓN DE GALICIA

No artigo 5º dos Estatutos da Fundación Centro de Transfusión de Galicia establécese como obxecto da fundación a organización funcional da hemoterapia e a hemodoazón na Comunidade Autónoma de Galicia, o establecemento dun banco de tecidos humanos así como a realización doutras actividades que poidan colaborar á consecución do obxectivo fundacional.

Unha vez creada a Axencia para xestionar o sangue e os tecidos da comunidade autónoma, esta fundación integrarase nela cos seguintes obxectivos para o ano 2014 serán:

- Acadar doazóns voluntarias e altruístas de sangue para cubrir as necesidades do sistema sanitario de Galicia.
- Procesar todas as unidades de sangue obtidas.
- Abastecemento de medicamentos elaborados con plasma de Galicia.
- Obtención de doazóns de sangue de cordón umbilical.
- Subministración aos hospitais dos compoñentes sanguíneos.
- Mellorar a calidade e seguridade dos compoñentes sanguíneos destinados a transfusión.
- Manter os programas de acreditación e garantía da calidade.

## FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061

A principal actividade da Fundación consiste na coordinación das urxencias sanitarias extrahospitalarias mediante a recepción de todas as demandas e a determinación de cada resposta atendendo a criterios de saúde e optimización de recursos. A Fundación presta servizos sanitarios con e sen mobilización de recursos: información sanitaria, consulta e consello médico, asesoría a profesionais de atención primaria, atención as urxencias e emerxencias no ámbito extrahospitalario, transporte sanitario urxente, transporte secundario, soporte a transplantes, dispositivos de risco previsible, coordinación da visita domiciliaria, localización médica, formación e investigación.

A Fundación ten como obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, con-

sultaría, docencia e investigación prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e de urxencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención socio sanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

A súa misión é ofrecer ao cidadán a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Entre os obxectivos máis importantes a acadar no 2014 están os seguintes:

- Ofrecer aos cidadáns a resposta máis adecuada en cada momento á súa solicitude de consulta e asistencia sanitaria urxente e extrahospitalaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e consolidarse como unha organización referente na atención ás urxencias e emerxencias sanitarias.
- Acadar unha organización excelente con profesionais altamente cualificados, comprometidos e orientados á mellora continua dos servizos ofertados.
- Consolidar a consulta telefónica para dar resposta ás necesidades de demanda da poboación.
- Potenciar as sinerxías con outros servizos sanitarios da cadea asistencial, así como de outras institucións que interveñen na atención á emerxencia sanitaria.
- Seguir avanzando na mellora da rede de transporte sanitario urxente adaptándoo ás novas necesidades.
- Seguir avanzando na mellora do transporte sanitario non urxente e programado.
- Manterse como referente en formación urxente extrahospitalaria co fin último de mellorar a seguridade do paciente.
- Garantir unha atención integral e de calidade aos pacientes mediante o desenvolvemento de ferramentas de xestión (I+D+I, Modelos de Excelencia), e a consolidación dos procesos da organización.
- Ser referente na innovación educativa e tecnolóxica na atención á urxencia.
- Posicionarse como entidade de referencia para a asesoría no ámbito da atención sanitaria urxente e xestión de crises sanitarias.
- Colaborar con outras institucións da Comunidade Autónoma para a prestación dun mellor servizo aos cidadáns.
- Potenciar a formación urxente extrahospitalaria

## FUNDACIÓN ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN SANITARIA

Unha vez creada a axencia pública autonómica para desenvolver as competencias en xestión da formación, investigación, innovación e avaliación de tecnoloxías sanitarias, a Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria incorporarase nela.

As liñas xerais e principais premisas para o período 2013-2014 son as seguintes:

- Facilitar a formación continuada do persoal ao servizo do sistema sanitario de Galicia
- Mellorar a calidade das actividades formativas.
- Cubrir as carencias formativas do persoal sanitario.
- Transformar a formación en aprendizaxe que repercuta na práctica profesional.
- Achegar a formación aos profesionais.
- Enriquecer a formación con experiencias desenvolvidas noutras Comunidades Autónomas ou Países.
- Fomentar as relacións con outros sectores como universidades, administracións públicas ou privadas no ámbito da formación, sociedades científicas ou escolas.
- Potenciación do Programa Divulga: aprendendo dos mellores.
- Potenciación das aulas de simulación para a mellor formación práctica dos profesionais en técnicas complexas.
- Potenciación da Escola de Directivos.
- Potenciación da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA.

Esta fundación ten como obxectivo xeral a prestación de servizos especializados de oftalmoloxía. Os seus obxectivos para o ano 2014 son os seguintes:

- Mantemento da oferta de exploracións especiais baseadas na tecnoloxía de alto custo e complexidade (diagnóstico por imaxe) a todos os Servizos de Oftalmoloxía dos Hospitais do Servizo Galego de Saúde.
- Contribuír, a través de programas de consultas de saúde e cirurxía, á diminución da lista de espera de oftalmoloxía na área de Santiago de Compostela.
- Manter e elevar a calidade de servizos tecnolóxicos da atención sanitaria.
- Realización de programas de prevención.
- Diminuír a lista de espera en doentes de ciruxía de catarata.
- Oferta formativa continua para facultativos.
- Potenciación da investigación en oftalmoloxía.

# III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

## III.1. PROGRAMAS DE GASTO

### *III.1.1. PROGRAMA 411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE:*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O Programa de Dirección e Servizos Xerais inclúe todas aquelas actividades de dirección, coordinación e control dos medios materiais e humanos que se desenvolvan tanto no ámbito dos servizos centrais da Consellería coma do Servizo Galego de Saúde. É tamén o programa soporte dos servizos administrativos centrais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema de Saúde.

O Decreto 41/2013 establece a estrutura da Consellería reflectíndose neste programa de gasto a configuración da mesma, seguindo o plano de austeridade do gasto público. Neste senso deberase atender á mellora da estrutura administrativa da Consellería seguindo os criterios de eficacia e eficiencia e reducindo ao mesmo tempo os gastos innecesarios, mediante un control estrito dos mesmos.

Marco legal:

- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Decreto 41/2013, do 21de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Decreto 43/2013, do 21de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

A finalidade do programa é conseguir os seguintes obxectivos:

1. Facer efectivos os dereitos recoñecidos aos cidadáns na lexislación sanitaria:
   - Determinando as necesidades sanitarias da poboación.
   - Priorizando as necesidades asistenciais.
   - Reorientando o sistema sanitario para traballar por resultados na saúde e nos dereitos sanitarios da cidadanía.
2. Desenvolver a inspección e control dos centros sanitarios da Comunidade Autónoma.
3. Xestión de medios imprescindibles para manter os servizos de inspección de saúde pública: equipos de medida e de protección individual, medios de comunicación, vehículos e gastos

derivados, xestión da indumentaria, material para toma de mostras, actas e outros documentos de control oficial.

4. Encomenda de xestión en establecementos de carnes frescas: colaboración de persoal auxiliar nos matadoiros con maior carga de actividade inspectora para cumprir con todos os controis estipulados na lexislación vixente.
5. Control da incapacidade Laboral Temporal (ILT)
6. Deseño e promoción de programas de formación para o persoal sanitario e non sanitario.
7. Consolidación e perfeccionamento da estrutura administrativa.
8. Racionalización e simplificación do funcionamento da actuación dos servizos.
9. Soporte dos servizos administrativos centrais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

É o programa de soporte xeral dos servizos xerais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesionais que desenvolven o seu labor profesional nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade, así coma nos centros de xestión do Servizo Galego de Saúde. Este programa ten carácter universal.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Partimos:

- dun sistema sanitario deseñado para dar resposta aos pacientes con patoloxías agudas, organizado en niveis asistencias con obxectivos diferenciados.
- dunha extensa e numerosa rede de centros asistenciais distribuídos por toda Galicia, de distintas titularidades.
- dunha historia clínica electrónica que iniciaba a súa implantación.
- de profesionais ben formados pero con escasos mecanismos de participación e implicación na xestión.
- dun sistema que apenas contaba con mecanismos de participación dos profesionais na innovación.
- dun sistema no que apenas había estruturas que fomentaran a formación e participación dos pacientes e cidadáns.
- dun gasto incrementalista que crecía moi por encima do orzamento e do PIB.
- dun gasto farmacéutico que medraba en magnitude de dúas cifras.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Estratexia Sergas 2014
- Plan de Prioridades Sanitarias
- Estratexia Galega de Atención Integral á Cronicidade
- Plan Marco Sociosanitario
- Plan de Trastornos Aditivos
- Plan de Ordenación de Recursos Humanos

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Modernizar o sistema sanitario para dar unha mellor resposta aos pacientes crónicos e pluripatolóxicos, transformando a organización en niveis nunha organización onde o paciente sexa o centro e os profesionais traballen con obxectivos comuns
- Implicar aos profesionais na xestión e difundir as súas boas prácticas na organización
- Fomentar a participación dos profesionais na innovación e mellora continua
- Integrar a innovación como unha parte cosubstancial ao sistema sanitario
- Implicar aos pacientes nos seus autocuidados e no bo uso do sistema sanitario
- Formar aos pacientes para que poidan tomar decisións sobre a súa saúde e para que poidan actuar como formadores doutros pacientes
- Fomentar un uso responsable e eficiente dos recursos sanitarios
- Implantar medidas que fomenten unha xestión rigorosa e eficiente

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

1. Consellería de Sanidade:

    1001 Secretaría Xeral Técnica

2. Servizo Galego de Saúde

    5001 Servizos Centrais

    Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria

## *III.1.2. PROGRAMA 413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa de Promoción e Protección da Saúde ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores. Para todo isto impulsaranse accións de asesoramento, información, formación, vixilancia e control, sanción e elaboración de normativa de protección da saúde. É tamén o programa soporte dos servizos administrativos das xefaturas territoriais da Consellería de Sanidade.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Mellorar a saúde da poboación diminuíndo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco, e a promoción de hábitos e estilos de vida saudables.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación galega, especialmente da protexida polo Sistema Público de Saúde de Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Con independencia do mantemento e actualización dos programas de Saúde Pública que ao longo destes últimos anos teñen demostrado o seu impacto positivo na saúde da poboación galega, durante 2011 elaboráronse e aprobáronse o Plan de Trastornos Aditivos 2011-2016 e o Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014. Nestes documentos estratéxicos detectáronse áreas

de mellora tanto no ámbito da saúde como na área relacionada cos dereitos sanitarios dos usuarios e coa calidade dos procesos.

Estes plans estratéxicos xunto coa Estratexia Sergas 2014 e a Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, integran o Plan de Saúde 2011-2014, marco que define a política sanitaria ata a finalización do seu período de vixencia.

O Plan de Prioridades, forma un todo coa "Estratexia Sergas 2014", de tal forma que os seus principais obxectivos son comúns.

As enfermidades priorizadas neste Plan son:

1.- Cardiopatía isquémica
2.- Cancro de pulmón
3.- Ictus/Enfermidade cerebrovascular
4.- Diabete mellitus
5.- Depresión/Trastornos afectivos
6.- Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica
7.- Cancro de colon
8.- E Cancro de mama feminino

Na meirande parte delas están presentes como determinantes de aparición o tabaquismo, as características da nutrición e a actividade física realizada polos individuos.

O Plan de Trastorno Aditivos 2011-2016 ten a misión de fomentar, protexer e contribuír á mellora da saúde da poboación galega, garantindo a equidade nas prestacións sanitarias, na procura da redución da prevaleza do consumo das diferentes drogas e a mortalidade, morbilidade e os problemas sociais relacionados co abuso e dependencia das drogas e outras adiccións sociais e de comportamento. O plan articúlase en 10 liñas estratéxicas de actuación, que son:

1. A redución da prevaleza dos consumos de bebidas alcohólicas, tabaco ou drogas ilícitas.
2. A regulación e control da oferta de bebidas alcohólicas e tabaco a menores.
3. A prevención das adiccións sociais e condutas relacionadas.
4. A diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas.
5. A mellora da cobertura asistencial dos trastornos aditivos.
6. A atención de calidade ás persoas con problemas de adicción desde o sistema público de saúde.
7. O apoio aos procesos de integración social das persoas con trastornos aditivos.
8. O impulso da formación e actualización de coñecementos en adiccións.
9. A promoción da investigación aplicada no campo das adiccións.

10. A coordinación e cooperación institucional.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei Orgánica 3/1986, de 14 de abril, de medidas especiais en materia de Saúde Pública.
- Decreto 177/1995, do 16 de xuño, polo que se regula a Tarxeta Sanitaria da Comunidade Autónoma de Galicia, e Orde do 12 xullo de 1995 de desenvolvemento do mesmo.
- Real Decreto 2210/1995, de 28 de decembro, polo que se crea a Rede Nacional de vixilancia epidemiolóxica.
- Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia, sobre Drogas.
- Decreto 460/1997, do 21 de novembro, polo que se establece a normativa para a xestión de residuos dos establecementos sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 342/1999, do 16 de decembro, sobre horarios, quendas de urxencia e vacacións das oficinas de farmacia, e demais normativas que o desenvolve.
- Real Decreto 1054/2002, de 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, autorización e comercialización de biocidas.
- Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelosis.
- Regulamento CE 882/2004, do Parlamento europeo e do Consello de 29 de abril de 2004 sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar animal.
- Regulamento CE 854/2004, do Parlamento Europeo e do consello de 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controles oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.
- Orde SCO 564/2004, de 27 de febreiro, pola que se establece o sistema de coordinación de alertas e emerxencias de Sanidade e Consumo.
- Orde do 28 de novembro de 2007, pola que se regula o procedemento para a incorporación de técnicas, tecnoloxías ou procedementos a carteira de servizos do sistema sanitario público de Galicia.
- Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.
- Decreto 41/2008, do 28 de febreiro, polo que se establecen os criterios básicos para a autorización dos programas e actividades de prevención en drogodependencias e se constitúe o Comité Técnico de Prevención de drogodependencias da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Lei 11/2010, do 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Decreto 107/2011, do 19 de maio, polo que se regula o contido dos rexistros públicos

de profesionais sanitarios e do Sistema de Información de Profesionais Sanitarios de Galicia.

- Lei 33/2011, do 4 de outubro, General de Salud Pública.
- Estratexia SERGAS 2014
- Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014
- Plan de trastornos aditivos 2011-2016
- Estratexia da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública é o centro directivo encargado da promoción e protección da saúde da poboación galega, do desenvolvemento das estratexias de avaliación de tecnoloxías, e, máis recentemente, da execución de políticas de innovación no campo da saúde pública.

As principais actividades nestes ámbitos de actuación son as seguintes:

- A avaliación das prestacións sanitarias para o seu financiamento polo SNS, e a avaliación de novos procedementos e técnicas para a súa incorporación á rede pública sanitaria.
- A avaliación de tecnoloxías sanitarias antes da súa introdución.
- A promoción de estilos de vida saudables, e a realización de actividades de prevención e control de enfermidades non transmisibles.
- O fomento de actividades de prevención e control de trastornos aditivos, e, en xeral, o desenvolvemento do plan neste ámbito.
- A detección precoz de enfermidades mediante os programas de cribado aprobados e financiados.
- A xestión dos sistemas de información da Saúde Pública, e, a vixilancia e control mediante a coordinación do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia.
- O fomento de actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles, incluíndo a estratexia fronte á infección polo VIH/SIDA.
- As actividades programadas e financiadas do programa galego de vacinacións.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos e o seguimento da Rede de Alerta Alimentaria.
- As actividades de protección da saúde fronte aos riscos ambientais específicos.
- O exercicio das funcións de protección radiolóxica.
- A coordinación e control da rede de laboratorios de saúde pública.
- A coordinación e apoio nos diferentes ámbitos da xestión ás unidades centrais e periféricas que conforman a área de saúde pública.

Dentro do ámbito do Servizo Galego de Saúde as finalidades deste programa son as se-

guintes:

- Actividades correspondentes ao Plan de loita contra as drogodependencias, mellorando e ampliando os recursos de incorporación social de drogodependentes, e reforzando a rede asistencial de drogodependencias.
- Mellorar a eficiencia dos recursos socio sanitarios para aqueles enfermos xeralmente crónicos que polas súas características se beneficien de actuacións sinérxicas para aumentar a súa autonomía, paliar as súas limitacións e facilitar a súa reinserción social e laboral.
- Atención á saúde mental desenvolvendo programas de trastorno mental grave destinados á atención integral do paciente desde as fases precoces, desenvolvendo os programas de psicoxeriatría e potenciando a investigación en saúde mental.
- Establecer unha completa coordinación e circuítos cos outros niveis asistenciais e integración funcional completa das redes de asistencia a patoloxías mentais e a trastornos aditivos de igual forma que se presta atención dende o SERGAS a os outros trastornos da saúde.
- Completar o mapa de recursos asistenciais e de reinserción social de acordo cos plans estratéxicos.
- Integrar dentro da rede do Servizo Galego de Saúde a prestación da asistencia sanitaria e consulta aos enfermos con estas patoloxías.
- Coordinar a través da atención pública mediante convenios, concertos ou outro tipo de relación xurídica con outras entidades, as prestacións de atencións de media ou larga estancia de pacientes crónicos.
- Fomentar a formación dos profesionais sanitarios nestas patoloxías.
- Impulsar estudos para detectar carencias e necesidades de abordaxe terapéutico e de recursos para mellorar a atención sanitaria a estes pacientes
- Impulsar o desenvolvemento da atención sociosanitaria, a través do desenvolvemento do plan estratéxico e en coordinación cos servizos sociais.
- Establecer unha completa e axeitada coordinación entre todos os recursos sociais que atenden a colectivos de perfil sociosanitario e os recursos sanitarios.
- Definir e optimizar os recursos sociosanitarios actualmente dispoñibles.
- Homoxeneizar a continuidade de coidados nos doentes de perfil sociosanitario institucionalizados e non institucionalizados.
- Impulsar o uso das novas tecnoloxías na coordinación asistencial e de coidados nos doentes de perfil sociosanitario, e como medio de comunicación cos pacientes e para prestar novos servizos

IMPULSO ECONÓMICO DAS PROVINCIAS DE LUGO E OURENSE

Polo que se refire ao impulso económico das provincias de Lugo e Ourense as actuacións a levar a cabo con cargo a este programa serán as seguintes:

- Realización da obra de adaptación para o laboratorio de saúde pública de Lugo.
- Colaborar coas empresas do sector na elaboración dun manual para a acreditación dos Plans de Análise de Control de Perigos e Puntos Críticos (APPCC) en empresas cárnicas de Lugo e Ourense.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral os beneficiarios deste programa son todos os galegos e galegas. Se ben é certo que algunhas actividades poden ter un impacto diferente en homes e mulleres, e nos distintos grupos de idade. Por exemplo a vacina do virus do papiloma humano adminístrase nas nenas aos 14 anos; o cribado de cancro de mama realízase en mulleres entre 50 e 69 anos, e o cribado de cancro de colon nas persoas entre 50 e 69 anos.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Programa dirixido en xeral a toda a sociedade.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

1. Consellería de Sanidade:

1001 Secretaria Xeral Técnica

1002 Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública

Xefaturas Territoriais

2. Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais.

### *III.1.3. PROGRAMAS 412A E 412B - ATENCIÓN ESPECIALIZADA E ATENCIÓN PRIMARIA DA SAÚDE:*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Ambos programas comprenden o conxunto de actividades desenvolvidas nos centros do Servizo Galego de Saúde e nos centros concertados, para dar a mellor resposta ás necesidades de Saúde dos cidadáns e garantirlles as prestacións sanitarias.

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Ambos programas comprenden o conxunto de actividades desenvolvidas nos centros do Servizo Galego de Saúde e nos centros concertados, para dar a mellor resposta ás necesidades de Saúde dos cidadáns e garantirlles as prestacións sanitarias.

Nas estruturas de xestión integrada postas xa en funcionamento en toda Galicia, ambos programas xestiónanse de xeito conxunto.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Estes programas teñen carácter universal, pois as actividades que se financian a través deles van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema de Saúde.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2014, elaborada no ano 2009, presentada no ano 2010 e en desenvolvemento, contén unha análise da situación da asistencia sanitaria, identifica oportunidades de mellora e constitúe a folla de ruta do Servizo Galego de Saúde. Os principios reitores do plan son a orientación cara aos cidadáns, usuarios e pacientes, a orientación cara aos profesionais, o impacto no desenvolvemento económico e social de Galicia e a innovación e apertura á nova ciencia.

Esta Estratexia recolle sete obxectivos estratéxicos e máis de 40 liñas de actuación. Os obxectivos estratéxicos son:

- Promover a saúde e responder ás necesidades dos cidadáns a través de dispositivos asistenciais e plans específicos.
- Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.
- Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e dos profesionais.
- Desenvolver sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.
- Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con todos os axentes implicados.
- Xestionar os recursos de forma responsable e eficiente.
- Modernizar as infraestruturas sanitarias.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008 de saúde de Galicia.
- Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- Estratexia Sergas 2014: a sanidade pública ao servizo do paciente.
- Acordos de Xestión.
- Decreto 168/2010, do 7 de outubro, polo que se establece a estrutura organizativa de xestión integrada do Sergas e se crean as estruturas organizativas de xestión integrada da Coruña e Santiago de Compostela
- Decreto 162/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Pontevedra e O Salnés
- Decreto 163/2011, do 28 de xullo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.
- Decreto 193/2010, do 18 de novembro, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Ferrol.
- Decreto 46/2013, do 7 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada de Vigo.
- Decreto 55/2013, do 21 de marzo, polo que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada das áreas de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación destes programas hai que destacar:

- Desenvolver novos procesos asistenciais integrados e vías rápidas.
- Facilitar a creación de unidades/áreas de xestión clínica.
- Impulsar o modelo de xestión integrada de enfermidades crónicas.
- Incorporación dos procesos de urxencia á xestión por procesos asistenciais integrados.

- Potenciar a telemedicina, a atención domiciliaria e a atención non presencial.
- Potenciar o traballo en rede, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías.
- Prestar unha atención integral a colectivos específicos con necesidades diferenciadas como son os pacientes anciáns, nenos, a muller e a saúde mental.
- Mellorar a información e o acceso dos cidadáns ao sistema sanitario de forma interactiva, potenciando os servizos a través das novas tecnoloxías de información e a comunicación e as diversas canles (teléfono, web, sms).
- Seguir incorporando novos servizos no Centro de Servizos Sanitarios Multicanle.
- Facilitar información sobre educación sanitaria e prevención e promoción da saúde a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, e seguir aproveitando as vantaxes que ofrecen as redes sociais para a promoción de hábitos de vida saudables, como o programa "xente con vida".
- Dispoñer de sistemas de información que permitan desenvolver o modelo de xestión integrada, xestión por procesos e xestión clínica.
- Incorporar novos algoritmos aos xa existentes que faciliten a toma de decisións na práctica clínica.
- Manter a implantación da receita electrónica en todos os centros sanitarios.
- Continuar cos programas de bo uso dos medicamentos en consonancia coas recomendacións da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica, e continuar xestionando os recursos farmacoterapéuticos dispoñibles de forma eficiente.
- Seguir potenciando a prescrición de medicamentos xenéricos ou de menor custe.
- Intensificar o programa de atención ao paciente polimedicado.
- Seguir facilitando información aos profesionais a través da unidade de apoio á prescrición con incorporación de novos servizos.
- Ampliar o programa de atención farmacéutica ás residencias de maiores e residencias de discapacitados a través do servizo de farmacia dos hospitais da rede, co apoio dos farmacéuticos de atención primaria.
- Potenciar a compra centralizada de medicamentos.
- Potenciar a xestión eficiente e o uso adecuado do transporte sanitario.
- Seguir a desenvolver o Plan integral de eficiencia enerxética (PIEE) nos centros sanitarios.
- Estender a plataforma loxística.
- Continuar cos programas de seguridade do paciente.
- Continuar coa implementación de medidas que permitan garantir os obxectivos de tempos de espera xa acadados, en enfermos con sospeita de cancro ou patoloxías graves, tanto para o seu diagnóstico (vías rápidas) como para o seu tratamento (prioridade 1).
- Continuar coa implantación de procesos de alta resolución, resolvendo nun mesmo día, para os procesos seleccionados, as consultas, exploracións e probas necesarias para

chegar a un diagnóstico e no seu caso recibir o tratamento ou a indicación cirúrxica correspondente.

- Potenciar a utilización da Historia Clínica en todos os eidos de traballo e continuar incorporando novas funcionalidades.
- Aposta polas novas tecnoloxías que faciliten o traballo dos nosos profesionais e ao mesmo tempo a accesibilidade dos nosos pacientes.
- Renovar e modernizar as infraestruturas sanitarias, de xeito sostible e no menor tempo posible, para mellorar a asistencia prestada aos cidadáns e o contorno de traballo dos profesionais.
- Dispoñer de equipamento tecnolóxico moderno, axeitado ás necesidades asistenciais.
- Seguir colaborando cos centros privados sanitarios e sociosanitarios con transparencia e rigor.

É dicir, seguir xestionando de forma rigorosa e eficiente en todos os eidos para investir no que aporta valor ao paciente, e deixar de gastar no prescindible.

IMPULSO ECONÓMICO DAS PROVINCIAS DE LUGO E OURENSE:

Polo que se refire ao impulso económico das provincias de Lugo e Ourense as actuacións a levar a cabo con cargo a estes programas serán as seguintes:

LUGO

1.- Puxemos en funcionamento o centro de saúde de Monterroso.

2.- Manteremos en funcionamento a nova base do 061 na Mariña Lucense (Foz).

3.- Avaliamos o proxecto piloto de xestión innovadora de residuos sanitarios no Hospital Universitario Lucus Augusti.

OURENSE:

1.- Puxemos en funcionamento o centro de saúde da Peroxa.

2.- Licitaremos a obra de 3 centros de saúde nos municipios de Barbadás, Pontedeva e Ourense.

3.- A posta en funcionamento da central de chamadas para todo o sistema sanitario galego ubicada en Ourense.

4.- Licitamos a fase de hospitalización e dos servizos ligados á infraestrutura do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

En xeral os beneficiarios deste programa son todos os galegos e galegas.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |

| | |
|---|---|
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Toda a sociedade.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña.

1505 Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol.

1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

3201 Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo

3603 Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés

Fundación Pública Urxencias Sanitarias 061

Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía

Fundación Pública de Medicina Xenómica

Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia

Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios.

## *III.1.4. PROGRAMA 414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSTGRADUADOS:*

### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos profesionais sanitarios, así como desenvolver un plan de formación dos futuros especialistas.

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa comprende o conxunto de actividades dirixidas a:

- Actualizar os coñecementos e habilidades dos profesionais do sistema sanitario, nos aspectos asistencial, preventivo, e de xestión.
- Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.
- Colaborar co sistema educativo tanto nos niveis preuniversitarios como universitarios e posgraduado, na formación dos seus alumnos nos centros do Servizo Galego de Saúde.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois as actividades que se financian a través del van dirixidas á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema de Saúde

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2014, contén unha análise de situación da asistencia sanitaria, identificando oportunidades de mellora en distintos ámbitos. No ámbito da formación dos profesionais identificou a necesidade de:

- Contar cun modelo integral de xestión do coñecemento baixo unha plataforma tecno-

lóxica que permita identificar expertos en áreas específicas e compartir o coñecemento e contidos xerados en beneficio de toda a organización.

- Potenciar a motivación dos profesionais e implementar canles de comunicación interna.
- Fomentar un sistema de xestión de coñecemento en investigación sanitaria que permita recompilar a información e compartir o coñecemento xerado por todos os grupos de investigación da organización.
- Establecer novos procedementos para a ordenación, desenvolvemento e avaliación da docencia práctica de grao impartida nos centros sanitarios, que favorezan o desenvolvemento da incorporación das estruturas académicas españolas ao Espazo Europeo de Educación Superior.
- Fomentar e apoiar a formación MIR complementaria e común a todas as especialidades co fin de acadar unha maior calidade na asistencia prestada.
- Facilitar o desenvolvemento e promoción profesional cun sistema de xestión de competencias baseado na formación, avaliación e no recoñecemento profesional.
- Contar con equipos directivos e de xestión profesionalizados e cos mellores coñecementos e habilidades neste ámbito

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 16/2003, do 28 maio, de cohesión e calidade do sistema nacional de saúde.
- Lei 44/2003, do 21 novembro, de ordenación das profesións sanitarias.
- Estratexia Sergas 2014.
- Real Decreto 1142/2007, de 31 de agosto, polo que se determina a composición e funcións da Comisión de Formación Continuada das Profesións Sanitarias e se regula o sistema de acreditación da formación continua.
- Decreto 8/2000, do 7 de xaneiro, polo que se regula a organización do sistema acreditador da formación continuada dos profesionais sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 13 de novembro de 2007 pola que se establece o procedemento para tramitación e xestión das solicitudes de formación práctica de alumnas/os de universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia en centros asistenciais adscritos ao Servizo Galego de Saúde.
- Resolución do 5 abril 2006, da Dirección Xeral de Traballo, sobre Formación Profesional Continua.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Na nosa aposta por un novo modelo produtivo baseado na economía do coñecemento e innovación, investimos en novas plataformas que ademais de xestionar programas e itinerarios formativos xestionen a transferencia do coñecemento depositado no conxunto dos profesionais, e actúen como elementos de comunicación, identificación, participación e motivación dos profesionais.

No ámbito da formación de profesionais sanitarios, realizaranse as seguintes actuacións:

- Desenvolver un plan de excelencia na formación sanitaria especializada que articule, coordine, impulse e execute iniciativas encamiñadas a mellorar a aprendizaxe dos futuros especialistas.
- Seguir traballando na elaboración dun Plan de Formación Continuada orientado tanto ás necesidades estratéxicas da organización coma ás demandas dos profesionais, para adaptar e mellorar as súas competencias.
- Axilizar e simplificar o sistema de detección e análise de necesidades formativas.
- Mellorar e estender o proceso de auditorías in situ das actividades docentes acreditadas.
- Seguir favorecendo os novos ámbitos de aprendizaxe e potenciar as novas metodoloxías docentes, aproveitando as TICs: ámbitos virtuais, teleformación, simulación médica. Desenvolvemento da Rede de Capacitación Sanitaria de Galicia.
- Seguir desenvolvendo estratexias de formación de formadores.
- Proporcionar formación de calidade en xestión sanitaria a través da escola de directivos.
- Facilitar a difusión a toda a organización das mellores prácticas, a través de programas como o Divulga.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de formación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais, independentemente do xénero. Se ben é certo que se fomente a participación igualitaria nas distintas

actividades de formación postas en marcha.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Toda a sociedade

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña.

1505 Estrutura de Xestión Integrada de Ferrol.

1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela.

2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

3201 Estrutura de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo

3603 Estrutura de Xestión Integrada de Pontevedra e o Salnés

## *III.1.5. PROGRAMA 561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade xenérica facilitar a investigación e a innovación no ámbito sanitario, e o desenvolvemento de criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i en saúde do Sistema Sanitario Público cara a excelencia científica e para a mellora da saúde dos cidadáns.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten carácter universal, pois está dirixido á consecución de obxectivos xerais que redundan no benestar da poboación protexida polo Sistema Público de Saúde de Galicia. As actividades que se realizan e financian no marco do programa desenvólvense a través do traballo conxunto coas estruturas de xestión e apoio aos grupos e entidades de investigación

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Estratexia Sergas 2014, contén unha análise de situación da asistencia sanitaria, identifican-

do fortalezas e oportunidades de mellora en distintos ámbitos. No Servizo Galego de Saúde contamos con magníficos profesionais e grupos no ámbito da investigación biomédica, con traxectoria acreditada, polo que queremos reforzar a coordinación entre as estruturas e organizacións relacionadas, en particular os Institutos de Investigación Sanitaria.

Precisamos seguir a desenvolver un modelo de investigación e innovación aberto á participación dos nosos profesionais e no que converxan catro axentes principais: os usuarios, os centros xeradores de coñecemento (universidades e outros organismos públicos de investigación), as empresas biosanitarias e o Servizo Galego de Saúde.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 8/2008 de saúde de Galicia.
- Estratexia Sergas 2014
- Plan de prioridades sanitarias.
- Plan I2C

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos e liñas de actuación deste programa debemos destacar:

- Orientar as políticas e actividades de I+D+i cara á resolución dos problemas de saúde que afectan á poboación galega.
- Identificar e definir liñas prioritarias de investigación.
- Potenciar a investigación traslacional.
- Reforzar e potenciar a participación do Sergas no Campus de Excelencia relacionado coa área biosanitaria. En particular, fomentar a implicación e participación na iniciativa do Campus Vida da Universidade de Santiago de Compostela, proxecto de apoio á investigación biosanitaria e ao desenvolvemento económico e social.
- Seguir potenciando os Institutos de Investigación sanitaria. Promover o desenvolvemento de redes de investigación e grupos colaboradores multidisciplinares e facilitar a agregación para mellorar a competitividade.
- Potenciar as Fundacións de investigación sanitaria, refundidas en tres, que coincidan cos tres campus e os tres Institutos de Investigación.
- Seguir potenciando a biblioteca virtual Bibliosaúde como ferramenta na xestión de coñecemento no Sistema Sanitario Público de Galicia, e impulsar o respositorio do Sistema Sanitario Público de Galicia.
- Desenvolver un modelo integral de xestión do coñecemento.
- Ordenar e coordinar aos distintos axentes de investigación sanitaria. Manter un marco fluído e aberto de relacións cos axentes externos de investigación sanitaria (universidade, centros sanitarios, e empresas). Aliñar esforzos coas nosas necesidades de saúde e do sistema sanitario.

- Potenciar a Plataforma de Innovación para impulsar a investigación en saúde. Esta Plataforma permite canalizar e avaliar de forma sistemática as iniciativas innovadoras (moitas baseadas en desenvolvementos tecnolóxicos TIC) e articular un sistema integral de xestión destas iniciativas, focalizado nos problemas de saúde dos cidadáns, así como un espazo de encontro onde converxan usuarios, centros xeradores de coñecemento (universidades e outros organismos públicos de investigación), empresas biosanitarias e o Servizo Galego de Saúde.
- Impulsar o Consello de Innovación.
- Impulsar o Clúster da Saúde, para contribuír ao incremento do tecido empresarial biosanitario galego, e a aportar valor incrementando a competitividade das empresas galegas que se agrupen neste Clúster. Fomentar un modelo de investigación baseado na innovación mediante accións concretas, e agregar as fortalezas e capacidades dos diferentes axentes implicados.
- Valorizar os resultados da investigación. Promover a transferencia de resultados, a creación de empresas biosanitarias (spin-off), o desenvolvemento de patentes e demais accións emprendedoras, como dinamizador económico de Galicia.
- Desenvolver unha Rede Galega de Biobancos, integrando a súa xestión na Axencia de sangue e tecidos.
- Adaptar o Comité Ético de Investigación Clínica de Galicia (CEIC) á nova lexislación vixente.
- Impulsar a Oficina de Apoio á Investigación-IDIsaúde como facilitadora e provedora de servizos aos investigadores. Facilitar a participación da organización e dos grupos de investigación en consorcios cooperativos europeos e incrementar o financiamento dependente de convocatorias europeas.
- Desenvolver accións de fomento, recoñecemento, incentivación e apoio aos investigadores, especialmente aos emerxentes e ampliar a contratación estable de investigadores.

Desenvolver os programas docentes de investigación, a través da FEGAS (Escola Galega de Administración Sanitaria), como o itinerario de investigación e Innovación Biosanitaria.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os programas de investigación van dirixidos a acadar a excelencia nos profesionais e mellorar a calidade dos servizos que prestan, independentemente do xénero. Ademais, perseguen o obxectivo de contribuír ao desenvolvemento económico e social e a creación de riqueza da nosa sociedade. Se ben é certo que se fomente a participación igualitaria nas distintas actividades de formación postas en marcha.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |

| | |
|---|---|
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Toda a sociedade

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Servizo Galego de Saúde:

5001 Servizos Centrais

1501 Estrutura de Xestión Integrada da Coruña

1571 Estrutura de Xestión Integrada de Santiago de Compostela

2701 Estrutura de Xestión Integrada de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos

3601 Estrutura de Xestión Integrada de Vigo

# IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| Prog. | Obxectivos Extratéxicos / Obxectivos Operativos | Indicador | Valor Final |
|---|---|---|---|
| **411A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE** | | | |
| | **Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.** | | |
| | Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS. | Contratos tramitados a través da modalidade compra pública de tecnoloxía innovadora (Nº) | 20 |
| | | Proxectos en fase de demostración H2050 (Nº) | 10 |
| | | Proxectos en fase de demostración Innova Saúde (Nº) | 16 |
| | | Implantación historia clínica electrónica (%) | 100 |
| | | Implantación receita electrónica (%) | 100 |
| | | Implantación da imaxe dixital (%) | 97 |
| | | Especialidades e centros de primaria que utilizan os sistemas de telemedicina (%) | 45 |
| | | Procesos selectivos soportados por baremación automática (expediente-e) (Nº) | 10 |
| | | Centros con implantación sistema LOGAS (Nº) | 4 |
| | | Procedementos administrativos telemáticos para os cidadáns (%) | 50 |
| | | Crecemento dos sistemas de almacenamento (%) | 20 |
| | | Incremento do ancho de banda das liñas de comunicación (%) | 30 |
| | | Virtualización de servidores (%). | 50 |
| | | Chamadas resoltas nos centros de atención de usuarios (%) | 98 |
| | **Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos** | | |
| | Promover a participación e comunicación cos pacientes e asociacións. | Actividades desenvolvidas pola Escola Galega de Saúde para Cidadáns (Nº) | 421 |
| | | Actividades de formación desenvolvidas pola FEGAS (Nº) | 350 |
| | **Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas** | | |
| | Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas | Sen indicador | |
| **412A ATENCIÓN ESPECIALIZADA** | | | |
| | **Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.** | | |
| | Desenvolvemento, soporte, mantemento e implantación da infraestrutura TIC e os sistemas de información do SERGAS. | Proxectos en fase de demostración H2050 (Nº) | 2 |
| | | Proxectos en fase de demostración Innova Saúde (Nº) | 2 |
| | **Eficiencia asistencial (xestionar os recursos de forma responsable e eficiente)** | | |
| | Estender a plataforma loxística. | Estruturas de xestión integrada conectadas á plataforma loxística (Nº) | 5 |
| | **Modernización das infraestruturas (modernizar as infraestruturas sanitarias).** | | |
| | Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias. | Servizos mellorados (Nº) | 31 |
| | **Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos** | | |
| | Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma | Tempo medio de espera das vías rápidas (dias) | 15 |
| | | Tempo medio de espera cirúrxica das patoloxías de prioridade1 (días) | 30 |
| | | Tempo medio de espera cirúrxica das patoloxías de prioridade2 (dias) | 60 |
| | | Tempo medio de espera das primeiras consultas de enfermidade(dias) | 60 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| Obxectivo | Indicador | Valor |
|---|---|---|
| | Novos programas de telemedicina ou de alternativas á hospitalización convencional (Nº) | 7 |
| | Servizos de urxencias hospitalarias con sistema de triaxe implantados (%). | 80 |
| | Consultas en especializada (Nº) | 4.039.387 |
| | Novas funcionalidades da central de chamadas (Nº) | 1 |
| | Unidades de sangue subministradas ás EXI (Nº) | 124.190 |
| | Doazóns de cordón umbilicar (Nº) | 500 |
| | Probas realizadas en Inst. Gal. Oftalmoloxía (INGO) (Nº) | 3.992 |
| | Resonancias magnéticas (GALARIA) (Nº) | 30.300 |
| | GAMMAGRAFÍAS e PET (GALARIA)(Nº) | 11.673 |
| | Persoal (mulleres)(Nº) | 18.509 |
| | Persoal (total)(Nº) | 24.348 |
| Xestionar os recursos de atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma. | Concellos con atención urxente dentro de isocrona (%). | 90 |
| **Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas** | | |
| Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas | Sen indicador | |
| **412B ATENCIÓN PRIMARIA** | | |
| **Eficiencia asistencial (xestionar os recursos de forma responsable e eficiente)** | | |
| Promover o uso eficiente e responsable dos recursos. | Custo medio por receita (€) | 15 |
| | Prescrición de especialidades farmacéuticas xenéricas (%). | 32 |
| | Prezo medio de receita de estatinas (€). | 11 |
| | Prescrición de novidades terapéuticas (%). | 2 |
| | Doses diarias definidas de IBPs facturados en receita oficial por 1.000 TIS do cupo (Nº) | 150 |
| **Modernización das infraestruturas (modernizar as infraestruturas sanitarias).** | | |
| Manter e mellorar as infraestruturas sanitarias. | Centros de saúde creados e/ou modernizados (Nº) | 28 |
| **Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos** | | |
| Integración sanitaria da saúde mental e trastornos adictivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria. | Prazas (Nº) | 1.210 |
| Xestionar os recursos asistenciais para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma | Tempo medio de espera en Atención Primaria para as citas detipo demanda do Médico de Familia e Pediatra (días) | 1 |
| | Centros de saúde con servizos de atención non presencial (%) | 10 |
| | Consultas en primaria (Nº) | 23.432.529 |
| | Persoal (mulleres)(Nº) | 6.736 |
| | Persoal (total)(Nº) | 8.862 |
| **Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas** | | |
| Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas | Sen indicador | |
| **413A PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA** | | |
| **Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermar** | | |
| Impulso da prevención: Programas de Cribado: Cancro de Mama; Cancro de Colon; Cribado de Xordeira Neonatal e Cribado de Metabolopatías. | Participación nos programas de cribado: Cancro de colon (%) | 35 |
| | Mulleres atendidas nos programas de cribado: Cancro de Mama(%) | 75 |
| | Nenos atendidos nos programas de cribado: Metabolopatías (%) | 99 |
| | Nenos atendidos nos programas de cribado: Xordeira neonatal(%) | 95 |
| Impulso da prevención: Programas de Vacinación Infantil e de Adultos. | Persoas adultas vacinadas (%) | 50 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| | Nenos vacinados (primovacinación) (%) | 98 |
| Impulso da proteción e control. | Abrochos por factores de risco baixo control (Nº) | 2 |
| | Diminución dos abrochos por factores de risco baixo control(%) | 2 |
| Impuso da promoción de estilos de vida saudable. | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 1 |
| | Proxectos (Nº) | 33 |
| **Promover a saúde e responder ás necesidades do cidadán a través de dispositivos asistenciais e plans específicos** | | |
| Integración sanitaria da saúde mental e trastornos adictivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria. | Proxectos (Nº) | 55 |
| **Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas** | | |
| Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas | Sen indicador | |
| **414A FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS** | | |
| **Definir unha política de persoal aliñada coas necesidades do sistema e os profesionais.** | | |
| Mellorar a calidade da formación sanitaria. | Prazas acreditadas ofertadas para a formación de especialistas (Nº) | 367 |
| | Propostas de actividades formativas avaliadas polo Sistema Acreditador da Formación Continuada de Galicia (Nº). | 1.535 |
| | Persoal (mulleres)(Nº) | 1.105 |
| | Persoal (total)(Nº) | 1.453 |
| **561C INVESTIGACIÓN SANITARIA** | | |
| **Desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións.** | | |
| Proporcionar aos profesionais recursos para facilitar a súa toma de decisións e a actualización dos seus coñecementos. | Visitas / sesións de bibliosaúde (Nº) | 195.000 |
| | Visitas / sesións de mergullador (Nº) | 130.000 |
| **Facer que o sector sanitario actúe como motor de crecemento económico e impulsar alianzas estratéxicas con todos os axentes implicados.** | | |
| Potenciar a participación dos profesionais en proxectos de innovación e de boas prácticas de prescrición. | Proxectos presentados á Plataforma de Innovación (Nº) | 10 |
| | Proxectos presentados ao Programa divulga (Nº) | 5 |
| **Soporte xeral - Construir unha sociedade competitiva baseandose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento** | | |
| Soporte xeral - Construir unha sociedade competitiva baseandose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento | Sen indicador | |

# V. CADROS NUMÉRICOS

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

| Programas | Servizos | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 01 | 02 | 80 | Total |
| 411A-Dirección e servizos xerais de sanidade | 21.343 | 2.030 | 54.648 | 78.021 |
| 412A-Atención especializada | | | 2.047.272 | 2.047.272 |
| 412B-Atención primaria | | | 1.169.289 | 1.169.289 |
| 413A-Protección e promoción da saúde pública | 1.060 | 48.117 | 7.567 | 56.745 |
| 414A-Formación de graduados e posgraduados | | | 45.753 | 45.753 |
| 561C-Investigación sanitaria | | | 1.587 | 1.587 |
| **Total** | **22.403** | **50.148** | **3.326.117** | **3.398.667** |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

| Programas | Capítulos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | IV | V | VI | VII | VIII | Total |
| 411A-Dirección e servizos xerais de sanidade | 25.511 | 3.375 | 5.696 | | 43.048 | | 392 | 78.021 |
| 412A-Atención especializada | 1.017.074 | 811.662 | 92.487 | 72.819 | 50.383 | 2.589 | 258 | 2.047.272 |
| 412B-Atención primaria | 394.834 | 29.988 | 716.216 | | 28.251 | | | 1.169.289 |
| 413A-Protección e promoción da saúde pública | 26.271 | 1.241 | 11.839 | | 17.394 | | | 56.745 |
| 414A-Formación de graduados e pos-graduados | 45.292 | | | | 461 | | | 45.753 |
| 561C-Investigación sanitaria | 387 | | | | 1.200 | | | 1.587 |
| **Total** | **1.509.370** | **846.265** | **826.239** | **72.819** | **140.737** | **2.589** | **650** | **3.398.667** |

*(Miles de Euros)*

## DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

| 01 SECRETARÍA XERAL TECNICA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 15.297 | 15.190 | -0,7 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.573 | 1.621 | 3,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 45 | 4.273 | 9396,2 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 1.711 | 1.319 | -22,9 |
| **Total** | **18.627** | **22.403** | **20,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 02 D. X. DE INNOVACION E XESTION DA SAUDE PUBLICA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 28.466 | 28.301 | -0,6 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 5.221 | 4.872 | -6,7 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 18.164 | 16.974 | -6,5 |
| **Total** | **51.851** | **50.148** | **-3,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 1.470.963 | 1.465.879 | -0,3 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 853.770 | 844.644 | -1,1 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 827.579 | 817.093 | -1,3 |
| Cap. V - Fondo de continxencia | 77.233 | 72.819 | -5,7 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 118.513 | 122.444 | 3,3 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 177 | 2.589 | 1363,7 |
| Cap. VIII - Activos financeiros | 650 | 650 | 0,0 |
| **Total** | **3.348.885** | **3.326.117** | **-0,7** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| SERVIZOS | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| 01 SECRETARÍA XERAL TECNICA | 18.627 | 22.403 | 20,3 |
| 02 D. X. DE INNOVACION E XESTION DA SAUDE PUBLICA | 51.851 | 50.148 | -3,3 |
| 80 SERVIZO GALEGO DE SAUDE | 3.348.885 | 3.326.117 | -0,7 |
| **Total** | **3.419.362** | **3.398.667** | **-0,6** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

| | Consellería | | OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias | | Trans. Internas | | Consolidado | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 |
| Cap. I - Gastos de persoal | 43.763 | 43.491 | 1.470.963 | 1.465.879 | 0 | 0 | 1.514.726 | 1.509.370 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.573 | 1.621 | 853.770 | 844.644 | 0 | 0 | 855.343 | 846.265 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 3.052.399 | 3.023.860 | 827.579 | 817.093 | 3.047.133 | 3.014.715 | 832.845 | 826.239 |
| **OPERACIÓNS CORRENTES** | **3.097.735** | **3.068.972** | **3.152.312** | **3.127.616** | **3.047.133** | **3.014.715** | **3.202.915** | **3.181.873** |
| Cap. V - Fondo de continxencia | 0 | 0 | 77.233 | 72.819 | 0 | 0 | 77.233 | 72.819 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 19.875 | 18.293 | 118.513 | 122.444 | 0 | 0 | 138.387 | 140.737 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 91.490 | 87.140 | 177 | 2.589 | 91.490 | 87.140 | 177 | 2.589 |
| Cap. VIII - Activos financeiros | 0 | 0 | 650 | 650 | 0 | 0 | 650 | 650 |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **111.365** | **105.433** | **196.573** | **198.501** | **91.490** | **87.140** | **216.448** | **216.794** |
| **Total** | **3.209.100** | **3.174.406** | **3.348.885** | **3.326.117** | **3.138.623** | **3.101.855** | **3.419.362** | **3.398.667** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Medios Persoais

| Consellería de Sanidade | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | **3** |
| **Persoal Funcionario** | **1.056** |
| **Subgrupo A1** | **707** |
| **Subgrupo A2** | **76** |
| **Subgrupo C1** | **100** |
| **Subgrupo C2** | **159** |
| **Agrupacións profesionais** | **14** |
| **Persoal Laboral** | **155** |
| **Grupo I** | **18** |
| **Grupo II** | **2** |
| **Grupo III** | **51** |
| **Grupo IV** | **69** |
| **Grupo V** | **15** |
| **TOTAL** | **1.214** |

## Medios Persoais

| Servizo Galego de Saúde | At. primaria | At. especia. | Serv. Xerais | Formación de grad. y postgrad. | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Altos cargos** | | | **4** | | **4** |
| **P. Directivo** | **37** | **119** | | | **156** |
| **P. Estatutario Facultativo** | **2.713** | **4.357** | | | **7.070** |
| **P. Estatutario Sanitario non facultativo** | **2.675** | **12.644** | | | **15.319** |
| **P. de Xestión e Servizos** | **2.112** | **6.230** | | | **8.342** |
| **P. Funcionario** | **651** | **699** | **183** | | **1.533** |
| **P. laboral** | **2** | **170** | **24** | | **196** |
| **P. en formación** | | | | **1.453** | **1.453** |
| **P. de cota** | **672** | **77** | | | **749** |
| **Outro persoal** | | **52** | | | **52** |
| **TOTAL** | **8.862** | **24.348** | **211** | **1.453** | **34.874** |

## Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

| **Fundacións do sector público autonómico** | **Explotación** | **Capital** |
|---|---|---|
| Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía | 1.321 | 91 |
| Fundación Pública Centro de Transfusión | 23.736 | 104 |
| Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria | 1.415 | |
| Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 | 48.092 | 651 |
| Instituto Galego de Medicina Xenómica | 2.946 | 76 |
| **Sociedades mercantís públicas autonómicas** | **Explotación** | **Capital** |
| Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A. | 28.903 | 1.180 |
| **Total** | **106.413** | **2.101** |

*(Miles de Euros)*

# CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

## SECCIÓN 11

# I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

## I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

A aprobación da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia trouxo consigo unha adecuada racionalización e simplificación da estrutura do sector público.

Establecida a estrutura orgánica da Xunta de Galicia polo Decreto 227/2012, do 2 de decembro, o Decreto 235/2012, de 5 de decembro fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia de acordo aos principios de eficiencia e racionalidade, principios que deben inspirar a actuación de calquera organización administrativa.

É neste contexto onde en data 6 de marzo de 2013 publicase o Decreto 42/2013 do 21 de febreiro polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

De acordo con todo isto, a Consellería de Traballo e Benestar estrutúrase nos seguintes órganos:

O/a conselleiro/a.

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

Dirección Xeral de Emprego e Formación.

Secretaría Xeral de Política Social.

Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos: autónomos, entes públicos e órganos colexiados:

O organismo autónomo Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral en tanto que órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais que goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar (Lei 14/2007, do 30 de outubro).

O Consello Galego de Relacións Laborais en tanto que ente institucional de dereito público, de carácter consultivo, creado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, como ente instrumental de diálogo entre os sindicatos e as asociacións empresariais e órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas á súa política laboral.

Igualmente adscrito está o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio (convenio de data 3 de xullo de 2006, DOG do 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos.

## I.2. COMPETENCIAS

### *I.2.1. DA CONSELLERÍA*

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería de Traballo e Benestar, determina que é o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1982, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno nos ámbitos laborais e do benestar.

Estamos a falar, polo que se refire ao ámbito laboral, de competencias en materia de políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais e saúde laboral, cooperativas e outras entidades de economía social, formación e colocación, así como polo que se refire ao ámbito do benestar, de competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado.

O exercicio destas funcións e competencias desenvólvese a través de:

SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

Exercerá as funcións e competencias establecidas na Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Traballo e Benestar, así como as que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación da persoa titular da consellería.

En particular exercerá as contempladas no Decreto 42/2013 mencionado e na Orde do 19 de agosto de 2009 sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar (de acordo co determinado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro citada), modificada pola Orde de 24 de outubro de 2011.

A título singular pódense sinalar as seguintes:

- Coordinar, baixo a dirección da persoa titular da consellería, os programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería e actuar como órgano de comunicación coas demais consellerías.
- Dirixir e xestionar os servizos comúns da Consellería e velar pola organización simplificación e racionalización administrativa.
- Exercer as funcións relativas ao rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais, o réxime de autorizacións, inspección, acreditación e sancionador, de ser o caso, así como a súa coordinación cos demais órganos e coas xefaturas territoriais en aplicación e de conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coa Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia e demais normas de aplicación sen prexuízo das encomendadas aos órganos da Xunta de Galicia competentes en materia de avaliación e reforma administrativa.
- As derivadas da aplicación da Lei 2/2007 do 28 de marzo do traballo en igualdade das mulleres de Galicia no ámbito da Consellería.
- As que lle atribúa a normativa en vigor e as que lle sexan encomendadas por delegación.
- Aquelas outras desenvolvidas polos órganos que constitúen a súa estrutura e que veñen definidas no Decreto 42/2013 mencionado.

## DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO E ECONOMÍA SOCIAL

As actividades levadas a cabo pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, e polos organismos periféricos dependentes funcionalmente deste centro directivo, quedaron concretadas no marco competencial atribuído en función da estrutura orgánica da consellería, no relativo ás competencias que lle corresponden en materia laboral, responsabilidade social empresarial, seguridade e saúde laboral e cooperativas e outras entidades de economía social, programas de fomento da contratación por conta allea, apoio ás iniciativas emprendedoras e á integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social así como as que lle atribúan as normas de desenvolvemento en Galicia do Estatuto do traballo autónomo e en virtude dos reais decretos de traspaso de funcións e servizos e lei orgánica, nestas materia.

A Dirección Xeral de Traballo e Economía Social correspóndelle:

- A promoción , coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, así como a modulación das relacións cos axentes sociais.
- A elaboración do estudo do anteproxecto do orzamento correspondente aos seus programas de gastos, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e elaboración de

estatísticas nas materias da súa competencia.

- A promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de cooperativas e outras empresas de economía social, así como as relacións coas súas entidades representativas, sen prexuízo das competencias doutras consellerías en materia de cooperativas.
- Desenvolver as funcións de apoio e impulso do funcionamento do Consello Galego de Cooperativas, órgano consultivo e asesor en materia de cooperativas, creado pola Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- O desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de programas de fomento da contratación por conta allea, apoio ás iniciativas emprendedoras e á integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social así como as que lle atribúan as normas de desenvolvemento en Galicia do Estatuto do traballo autónomo.
- A promoción, coordinación e execución das competencias da comunidade autónoma en materia de prevención de riscos laborais, así como o establecemento de vías de colaboración e cooperación técnica e institucional con organismos e institucións con competencias na materia, sen prexuízo das competencias que a lexislación vixente lle atribúe ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e a consellería competente no referente a traballos en minas, canteiras e túneles que esixan a aplicación da técnica mineira.
- A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións a entidades formativas para impartir cursos de prevención de riscos laborais, de acordo coa normativa vixente en cada momento.
- A tramitación, inscrición e seguimento das autorizacións dos servizos de prevención alleos e auditorías de prevención.
- A tramitación, xestión e seguimento dos programas de axudas a entidades para a mellora das condicións de seguranza e saúde laboral.

## DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN

Correspóndelle á Dirección Xeral de Emprego e Formación o desenvolvemento das función atribuídas á consellería en materia de fomento do emprego, levará a cabo a programación, a xestión o seguimento e o control dos programas mixtos de formación e emprego, así como dos programas de cooperación e deseñará e desenvolverá as accións correspondentes ao seu ámbito competencial.

Correspóndelle o desenvolvemento das funcións atribuídas á consellería en materia de cualificacións e competencia profesional, de formación para o emprego, e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral, así como a estatística, a análise e a prospectiva do mercado de traballo, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Instituto Galego

de Estatística.

Así mesmo, exercerá as funcións relativas ao cumprimento das obrigas de empresarios e traballadores e, se é o caso, a comunicación ao órgano competente para proceder á potestade sancionadora nas materias relativas ao emprego e desemprego.

Desenvolverá tamén as competencias que lle correspondan a esta consellería en materia de expedición de certificados de profesionalidade ou a acreditación parcial acumulable correspondente.

Así mesmo, desenvolverá e aplicará as competencias da consellería para a execución do procedemento establecido para a avaliación e acreditación das competencias da poboación activa de Galicia.

## SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL

Á Secretaría Xeral de Política Social correspóndelle dirixir, controlar, exercer e supervisar as políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así coma planificar, coordinar, avaliar e xestionar as políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social.

En canto ás competencias, correspóndelle dirixir, controlar, exercer e supervisar o conxunto das políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de benestar destinadas á atención das persoas maiores, ás persoas con discapacidade e persoas dependentes en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así coma planificar, coordinar, avaliar e xestionar as políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social.

Tendo en conta a necesidade dunha aposta pola innovación en materia social, á Secretaría tamén lle corresponden as competencias relativas á planificación das políticas da Consellería nas materias de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais, así como a iniciativa da proposta normativa nesta materia, a coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/s plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo das que lle correspondan a outros órganos.

Por último tamén está na esfera competencial desta secretaría a xestión e coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de benestar

social, nas competencias asumidas pola mesma, nomeadamente no Consello Galego de Benestar.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA E INCLUSIÓN

En canto ás competencias, correspóndelle exercer a coordinación xeral do conxunto das políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de familia, infancia e inclusión.

En relación coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia correspóndelle deseñar, promover e desenvolver políticas públicas de apoio ás familias que contribúan ao seu benestar, de xeito que se garantan a súa protección económica e social e a igualdade de oportunidades para os seus membros, ao tempo que promovan a igualdade de xénero e a solidariedade interxeracional. Correspóndelle asemade a promoción e defensa dos dereitos da infancia, así como cantas actuacións de prevención de en situacións de risco ou de desamparo lles poidan afectar. Esta garantía de dereitos tamén abrangue ás e aos menores infractores, aplicándoselles a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores..

Tamén ten atribuídas as competencias derivadas da Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar co obxectivo de que se cree un marco adecuado de convivencia no seo da unidade familiar.

Neste eido corresponderanlle as seguintes funcións:

- A elaboración de propostas para a formulación de políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de atención ás familias e á infancia en aplicación da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores e a Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.
- O exercicio das políticas da Consellería de Traballo e Benestar en materia de atención ás familias e a infancia en aplicación das leis citadas.
- A creación dos equipamentos, programas e servizos que asuma a administración autonómica no ámbito do apoio á familia e á infancia.
- A elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- A xestión e coordinación do funcionamento dos órganos colexiados de asesoramento e participación en materia de familia e infancia.
- A promoción e adopción das medidas que aseguren a conciliación do traballo e a vida persoal e familiar como medio para garantir un ambiente favorable para a creación e o libre desenvolvemento das familias.
- O exercicio da potestade sancionadora no ámbito das súas competencias.

- En relación coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, correspóndelle o deseño, coordinación, avaliación e, se é o caso, a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de benestar social, inclusión social e servizos comunitarios, así como as medidas de planificación, ordenación, coordinación, catalogación, seguimento e avaliación dos servizos sociais de actuación comunitaria.
- Tamén lle corresponde a realización de funcións de estudo das necesidades e problemáticas sociais e a coordinación, o control e xestión das prestacións sociais e económicas.
- Neste eido correspóndenlle as seguintes funcións:
- A creación e xestión dos equipamentos, programas e servizos que asuma a Administración autonómica no sistema de servizos sociais.
- A coordinación do funcionamento dos órganos de participación de ámbito autonómico en materia de servizos sociais.
- A elaboración do estudo do anteproxecto de orzamento correspondente ao seu centro directivo, así como a súa xestión, seguimento e avaliación e a elaboración de estatísticas nas materias da súa competencia.
- O establecemento das liñas de colaboración para a formación e especialización dos profesionais da área de atención das persoas con necesidades sociais.
- Así mesmo, correspóndelle formular as propostas para a creación de novos equipamentos e a xestión dos xa existentes, a elaboración de programas e o dimensionamento dos servizos que dean resposta nas áreas da súa competencia, a implantación e seguimento dos plans de calidade que os afecten, a xestión de concertos e axudas establecidas, a supervisión das actuacións das entidades destinadas á atención dos colectivos da súa competencia, a elaboración de propostas de normativa que lles afecten a calquera outra función relativa a materias da súa competencia ou que lle sexan atribuídas pola normativa vixente no eido dos servizos sociais.

## DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Á Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado corresponderanlle as seguintes funcións:

a) A xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil.

b) A planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia, así como a coordinación na elaboración, execución e avaliación das políticas transversais de xuventude.

c) O fomento da participación da xuventude na vida social, especialmente mediante o asociacionismo xuvenil e a participación no Consello Asesor e consultivo da Xuventude de Galicia.

d) A coordinación e a supervisión do funcionamento das instalacións xuvenís, tanto as propias da consellería como as dependentes doutras entidades, e a prestación da asistencia

técnica necesaria para dar un servizo de calidade.

e) O fomento da mobilidade xuvenil, do turismo para mozos/as e dos intercambios xuvenís, tanto no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia como no resto do Estado e no ámbito internacional.

f) A organización e o funcionamento do Instituto da Xuventude de Galicia e, no seo deste, da Escola Galega de Xuventude.

g) O seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento, en coordinación cos centros de información da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas, velando pola prestación dun servizo innovador e de calidade.

h) A coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil e a coordinación dos servizos prestados na Rede galega de centros de xuventude. Espazo Xove.

i) A xestión do rexistro autonómico das entidades xuvenís, nos termos que establece a Lei 6/2012, de xuventude de Galicia, e todas aquelas actuacións que se deriven da aplicación da citada lei.

j) A dirección e xestión das actuacións en materia de voluntariado, a elaboración e o seguimento dos instrumentos de planificación, de rexistro, da xestión dos órganos colexiados e todas aquelas actuacións en aplicación da Lei galega 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.

k) A elaboración do anteproxecto de orzamento e a memoria de funcionamento correspondente ao órgano, así como a súa xestión, seguimento e avaliación.

## *I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS*

### INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, é un organismo autónomo dos previstos nos artigos 68 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrito organicamente á consellería con competencia en materia de traballo, que se configura como un órgano técnico en materia de prevención de riscos laborais, goza de personalidade xurídica de seu, autonomía funcional e plena capacidade de obrar.

O obxecto do ISSGA é a xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo, co obxecto de eliminar ou reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo, sen prexuízo das competencias da Dirección Xeral de Relacións Laborais neste

ámbito e das competencias atribuídas a outros departamentos da Xunta de Galicia.

A súa actuación está vinculada ao 2º Plan Estratéxico de Prevención de Riscos Laborais 2011-2014 resultante do proceso de Diálogo Social en Galicia e anualmente ao Plan de Actividades que aproba a Comisión de goberno do ISSGA na que teñen presenza os tres sindicatos máis representativos no ámbito autonómico e a Confederación de Empresarios de Galicia.

### *I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO*

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

A Comunidade Autónoma Galega, no uso das competencias que ten atribuídas no artigo 27 e no artigo 29.1º do Estatuto de Autonomía, consciente da importancia do establecemento dun marco estable e permanente de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, acordou a creación do Consello Galego de Relacións Laborais, por Lei de 12 de xullo de 1988, como un órgano de diálogo institucional entre sindicatos e asociacións empresariais, así como un órgano consultivo e asesor da comunidade autónoma nas materias relativas a súa política laboral, deixando, non obstante, a súa natureza xurídica sen definir.

A Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais, publicada no DOG do 11 de xuño, converte a este organismo nun ente público con autonomía funcional e investido de personalidade xurídica e capacidade de obrar para acadar os fins que ten encomendados, estando adscrito organicamente á consellaría competente en materia de traballo.

Desde o 1 de xaneiro de 2011, data da entrada en vigor da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA), o consello pasa a ser unha entidade pública instrumental de consulta ou asesoramento, axustándose a súa regulación á súa normativa específica e ás prescricións da referida lei relativas aos organismos autónomos (disposición adicional sexta, apartado 2, da LOFAXGA).

O consello é un lugar permanente para o diálogo entre os axentes sociais galegos, cara a consecución de acordos que permitan avanzar na solución dos problemas das relacións laborais.

O consello ditamina preceptivamente todos os proxectos normativos da Xunta sobre política laboral que lle son remitidos e ten un importante labor de fomento e promoción da negociación colectiva, a que pode ampliar dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1 da Constitución española, impulsando unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial. Así mesmo, desenvolve un importante labor de es-

tudo sobre temas variados da nosa realidade social, propiciando o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de máis interese en cada momento, mediante a organización de seminarios, xornadas e foros semellantes. Ademais, ten encomendado polos sindicatos e organizacións empresariais asinantes do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), a xestión dos procedementos de conciliación, mediación e arbitraxe nel contemplados.

## *I.2.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS*

### CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo constituída pola Xunta de Galicia e os concellos galegos asinantes do convenio de colaboración para a constitución do Consorcio de data 3 de xullo de 2006 (DOG do 7 de xullo de 2006), así como aqueles outros concellos galegos incorporados ao consorcio de acordo co establecido no artigo 33 dos seus estatutos. Na actualidade está integrado por 272 concellos e 4 mancomunidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten personalidade xurídica propia e diferente da dos entes consorciados, plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e dispón dun patrimonio propio, sendo o seu réxime económico financeiro o que establece a lexislación de réxime económico e orzamentario de Galicia, coas particularidades previstas nos estatutos do consorcio.

O consorcio ten como misión primordial, segundo o artigo 6º dos seus estatutos, a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen, co obxecto de:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente, que contribúa a reforzar a igualdade de oportunidades na utilización da rede social de atención.
- Incrementar de xeito notable a cobertura, intensidade e horario de atención dos distintos servizos e prestacións.
- Contribuír á mellora das condicións de vida e sociais das persoas que presentan especiais necesidades de protección social nos concellos galegos, ao respecto da súa autonomía persoal, e calidade de vida persoal, familiar e de grupo. Na mesma liña, prestarase especial atención ás familias que asumen tarefas de atención e coidado.

- Proceder a unha efectiva distribución dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

E neste sentido, no cumprimento dos seus fins o consorcio exercerá en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, as competencias específicas que se enumeran no artigo 7º dos estatutos, correspondéndolle, entre outras:

- O estudo das necesidades básicas en materia de servizos sociais de atención en todos os municipios consorciados e a elaboración de cantos plans e proxectos se estimen oportunos para satisfacer as ditas necesidades, así como a investigación e formación do persoal na dita materia.
- O establecemento de directrices xerais de cara a prestación de servizos sociais de ámbito local por parte dos concellos integrantes do consorcio.
- A determinación e/ou execución en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, reforma e/ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación dos servizos.
- A prestación daqueles outros servizos que resulten necesarios para acadar os fins do Consorcio, sempre que os entes consorciados o acorden así expresamente.

## *I.2.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO*

### FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

A Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo mantén dous órganos diferenciados: un de goberno e outro de xestión.

1. Órgano de goberno: PADROADO

O órgano supremo de goberno, administración e representación da fundación é o Padroado.

- Composición: Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e as organizacións sindicais e empresariais da mesma e está formado polas persoas designadas na escritura fundacional.
- Facultades do Padroado: no artigo 19 dos seus estatutos figuran as facultades do Padroado, débese destacar que, conforme cos fins da Fundación, son facultades específicas as seguintes:
    - □ Impulsar e difundir entre empresarios/empresarias, traballadores/traballadoras o sistema de formación para o emprego.

- ☐ Elaborar un informe anual e de estatísticas sobre formación para o emprego no ámbito da comunidade autónoma.
- ☐ Colaborar na elaboración dos proxectos de normativa reguladora da concesión de axudas públicas para financiar as distintas iniciativas de formación continua.

2. Órgano de xestión da Fundación

   Para o cumprimento dos seus fins, o Padroado, determina as actividades que debe realizar a fundación en cada momento.

   De modo enunciativo, se sinalan as seguintes actividades:

   - Propoñer criterios orientadores para a elaboración de plans e actuacións de mellora en materia de formación para o emprego e recomendacións para a negociación colectiva.
   - Contribuír ao impulso e difusión entre empresarios e traballadores do sistema de formación para o emprego.
   - Avaliación das políticas de formación para o emprego.
   - Execución das funcións de xestión, seguimento e apoio técnico en materia de formación para o emprego sen prexuízo das competencias da Administración.
   - A realización de todo tipo de estudos, análise e prospectivas, así como a prestación de servizos relacionados e que redunden no cumprimento dos fins fundacionais.
   - Desenvolver actividades de colaboración e partenariado con organismos ou entidades con presenza en territorios distintos ao da comunidade autónoma.
   - Establecer convenios e, se é o caso, protocolos de colaboración con institucións públicas ou privadas que se dediquen a idénticos ou similares fins, e mesmo coas entidades fundadoras.
   - Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas para o cumprimento dos seus fins.
   - Coordinar as súas actividades coas administracións Públicas ou calquera outras institucións orientadas aos fins da fundación.
   - Executar cantas actividades decida o Órgano de Goberno da Fundación que teñan por finalidade a formación para o emprego, ou o seu desenvolvemento e perfeccionamento.
   - Asumir e xestionar cantas actividades deleguen ou encomende a Comisión Galega de Formación Continua, e á Dirección Xeral de Formación e Colocación.
   - Elevar á Comisión Galega de Formación Continua e á Dirección Xeral de Formación e Colocación as propostas normativas e procedimentais que considere oportunas en materia de formación profesional, así como elaborar os informes que lles sexan requiridos.
   - Dar asistencia e asesoramento as PEMES, e á representación legal dos traballadores/traballadoras, posibilitando a súa incorporación ao sistema, así como o apoio técnico aos órganos administrativos competentes na orientación dos traballadores/traballadoras.
   - Prestar apoio técnico nos procesos de mellora da calidade, así como elaborar o correspondente informe anual.
   - Elaborar e propoñer estudos e informes técnico xurídicos sobre o sistema de formación

para o emprego no marco do Sistema Nacional das Cualificacións Profesionais.

FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

A Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA) é unha entidade sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, declarada de interese galego e que ten afectado o seu patrimonio á realización dos fins de interese xeral que se recollen polo miúdo no artigo 6 dos seus estatutos.

A FUNGA foi constituída no ano 1.996 coa denominación de Fundación Galega para a Tutela de Adultos en cumprimento da obriga do goberno autonómico de prestar unha atención persoal, xurídica e patrimonial especializada ás persoas maiores de idade coa capacidade de obrar modificada xudicialmente ou incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas e das que os órganos xudiciais atribuían á Xunta de Galicia o desempeño dos diversos cargos protectores. Dende este intre a Xunta de Galicia conta, a través da FUNGA, cun ente estable, especializado e con dedicación exclusiva ao cumprimento das citadas funcións mediante o exercicio dos cargos protectores pertinentes.

Dende o seu nacemento, varias foron as adaptacións e modificacións que se levaron a cabo nos estatutos da Fundación, sendo as máis recentes:

- A levada a cabo no ano 2006, e mediante a que se procedeu á adaptación normativa da fundación e dos seus estatutos á lexislación vixente na época, a un aumento das súas competencias (en concreto das vinculadas á dependencia), así como á modificación da estrutura dos órganos de goberno e directivo e da denominación da fundación, que pasou a denominarse Fundación Galega para o impulso da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- No ano 2011 tramitouse unha nova modificación estatutaria que consistiu principalmente en:
    i. Adaptación dos estatutos fundacionais á normativa vixente e principalmente ao Decreto 14/2009, do 21de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego; ao Decreto 15/2009, do 21de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego; e á LOFAXGA.
    ii. Cambio da denominación da fundación: a partir da entrada en vigor destas modificacións estatutarias, a fundación pasou a denominarse FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS, mantendo inalteradas as súas siglas (FUNGA).
    iii. Cambio da composición do Padroado da Fundación.
    iv. Especialización nas funcións tutelares. Tal especialización supón consecuentemente a modificación dos fins e beneficiarios da fundación, artigos 6 e 10 da nova redacción estatutaria respectivamente, que se limitan aos vinculados aos procesos de

modificación da capacidade de obrar e ao exercicio dos distintos cargos protectores.

Na actualidade o Decreto 235/2012 do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e as consellerías, fai que se inicie un novo proceso de modificación estatutaria, mais concretamente no artigo 13 dos estatutos da fundación, que regula a composición do Padroado, para adaptar a súa redacción á antedita modificación da estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, coa finalidade de incluír no Padroado á persoa titular da Dirección Xeral de Familia e Inclusión, atribuíndolle a Vicepresidencia do Padroado, e de converter á persoa titular da Secretaría Xeral de Política Social, que anteriormente ostentaba a Vicepresidencia en vogal.

Os fins da fundación serán sempre de interese xeral e teñen como cometido a defensa e protección das persoas beneficiarias dos servizos prestados pola FUNGA. Na actualidade tales fins, podemos agrupalos na protección xurídica, social, persoal e patrimonial dos beneficiarios a través do exercicio da tutela e da curadoría, no caso de persoas coa capacidade de obrar modificada xudicialmente, da defensa xudicial, no caso das persoas incursas nun procedemento sobre a capacidade das persoas ou de nomeamento da persoa ou entidade a exercer o cargo protector, e a través da Administración xudicial do Patrimonio nos casos nos que proceda.

Terán a condición de beneficiarios/as as persoas físicas que reúnan as seguintes condicións:

- Ser maiores de idade.
- Residir na Comunidade Autónoma Galega.
- Ter a capacidade de obrar modificada xudicialmente ou estar incursas nun proceso sobre a capacidade das persoas.
- Carecer de familia, persoa ou institución que poida desempeñar o apoio determinado no proceso sobre a capacidade da persoa ou, existindo, estas non sexan consideradas idóneas por parte da autoridade xudicial para o desempeño do citado apoio, isto é, que se atopen en situación de desamparo.

Asemade, poderán ser beneficiarias as persoas que sen estar incluídas nos apartados anteriores precisen recursos de información, orientación, apoio, intervención e asesoramento individual ou comunitario nas materias propias do ámbito da fundación.

# II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2014

## II.1. DA CONSELLERÍA

### SECRETARÍA XERAL TÉCNICA

A Secretaría Xeral Técnica, órgano de dirección con relación xerárquica directa co/a conselleiro/a e coordinador dos programas e actuacións das diferentes direccións xerais e entes do sector público adscritos á consellería, ten como principal liña de actuación a de facilitar a consecución dos obxectivos xerais da mesma impulsando dinámicas de colaboración e apoio a eses órganos.

Así mesmo como responsable da xestión das súas propias unidades administrativas ten como obxectivo a mellora permanente das súas actuacións, avaliando e planificando en calquera caso respostas ás novas necesidades que se produzan.

Neste contexto, os principais liñas de acción son:

1. Desenvolver un sistema de coordinación operativo e institucional estable, suxeito aos principios de eficacia, economía e austeridade, favorecendo a consecución dunha maior eficiencia na coordinación interadministrativa así como no deseño dos procedementos, cara a facilitar unha mellor realización dos obxectivos das distintas unidades administrativas da consellería, e así conseguir optimizar as accións que se levan a cabo ao servizo do administrado.
2. Coordinación da xestión dos distintos servizos e órganos adscritos á consellería, racionalizando e mellorando os procedementos administrativos tanto de xestión propiamente ditos como tamén en materia de réxime interno e persoal.
3. Mellorar a coordinación e impulso da contratación administrativa de toda a consellería.
4. Xestionar o mantemento das dependencias da consellería, así como dar resposta ás necesidades xeradas pola posta en funcionamento de novos espazos, tanto centrais coma periféricos.
5. Coordinación e difusión das políticas derivadas da sinatura dos acordos asinados en materia de emprego.
6. Introdución da perspectiva de xénero en todas as actividades da consellería.
7. Racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
8. Adoptar políticas de racionalización do gasto.
9. Impulsar e coordinar a elaboración do anteproxecto da consellería
10. Coordinación das taxas e prezos públicos dos distintos servizos da consellería.
11. Planificación, desenvolvemento de execución, e coordinación coas xefaturas territoriais e co resto dos servizos da consellería, dos investimentos en materia de obras e subministracións.

12. Programación da execución de fondos Feder do capítulo VI, e a xestión dos mesmos.
13. En execución do Plan Impulsa Lugo, aprobado polo Consello da Xunta, para contribuír ao equilibrio e solidariedade necesarias naqueles territorios mais desfavorecidos, prográmase a execución da obra de construción dun edificio para fogar-residencia do Concello de Paradela.
14. Desenvolvemento das aplicacións estatísticas.
15. Modificación e ampliación da normativa para a acreditación de centros e servizos para persoas maiores e/ou con discapacidade, en consonancia aos estándares de calidade establecidos no marco do Consello Territorial previsto na Lei 39/2006 para autonomía persoal e atención á dependencia.
16. Aqueles outros derivados da xestión dos recursos humanos e materiais, a contratación, e outros correspondentes aos servizos comúns desta consellería.

## DIRECCIÓN XERAL DE TRABALLO ECONOMÍA SOCIAL

As principais liñas de acción a desenvolver pola esta dirección xeral son:

- Execución da lexislación do Estado, naqueles supostos en que corresponda o seu desenvolvemento perseguindo unha actuación eficaz na materia, que contribúa a mellorar o desenvolvemento económico e social de Galicia.
- Favorecer e impulsar a creación de normativa autonómica para o desenvolvemento da execución das competencias relacionadas coas relacións laborais e a economía social.
- Fomento da implantación do concepto de Responsabilidade Social Empresarial(RSE), dando cumprimento ao Plan Estratéxico Galego de RSE 2012-2014.
- Fomento da Implantación de Plans de Igualdade, de medidas de conciliación da vida familiar, laboral e persoal, así como de medidas tendentes a eliminar a infrarrepresentación feminina nas empresas galegas.
- Apoio as persoas traballadoras daquelas empresas pertencentes a sectores económicos de especial relevancia na nosa comunidade autónoma, tales como os sectores do téxtil, naval, entre outros.
- Promover o diálogo e a concertación social mediante o establecemento de canles permanentes de participación entre o Goberno da Xunta de Galicia e os axentes económicos e sociais máis representativos da Comunidade Autónoma Galega.
- Favorecer e impulsar a creación de normativa autonómica para o desenvolvemento da execución das competencias relacionadas coa prevención de riscos laborais.
- Asesoramento directo a pemes, micropemes, persoal autónomo e colectivos específicos.
- Divulgar e promover o cooperativismo e a economía social, particularmente entre a xuventude, incidindo especialmente nos aspectos formativos.

- Fomentar a creación de cooperativas e demais empresas de economía social, potenciando os seus valores que apostan simultaneamente pola creación de riqueza, emprego e benestar social.
- Promover a consolidación das empresas de economía social e a mellora da súa competitividade, así como impulsar as redes de intercooperación e colaboración empresarial.
- Fomentar o autoemprego cooperativo mediante a dotación de recursos específicos para o emprendemento en común, e para o financiamento de proxectos, así como cun esforzo singular no ámbito da formación, do asesoramento e do acompañamento de proxectos.
- Impulsar o desenvolvemento cooperativo de base local, mediante a , consolidación e expansión da rede "eusumo" para o fomento do cooperativismo e a economía social, que agrupa e coordina as asociacións de cooperativas e outras entidades públicas e privadas interesadas nesta labor, achegando os recursos dispoñibles aos ámbitos máis próximos ás cooperativas, desempregados e interesados en xeral.
- Execución das liñas de acción previstas no plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo, mediante os programas operativos acordados coas asociacións de cooperativas e aprobados polo Consello Galego de Cooperativas.
- Definir e implantar criterios de calidade para garantir que os servizos de prevención alleos ás empresas avancen cara á prestación dun servizo homoxéneo e de calidade no ámbito da nosa comunidade.
- Seguimento e control das condicións de acreditación e de desenvolvemento da actuación das empresas autorizadas en Galicia para realizar auditorías e formación en prevención de riscos laborais.
- Fomentar o desenvolvemento da actividade preventiva nas empresas a través de medios propios (desempeño directo polo empresario, a través de traballadores designados, constituíndo servizos de prevención propios ou integrándose en servizos de prevención mancomunados).
- Fomentar a formación en prevención de riscos laborais para empresarios que desenvolvan directamente a actividade preventiva, para traballadores designados e para delegados de prevención.
- Fomentar a formación específica de coordinadores de seguridade e saúde en obras de construción.
- Desenvolver e xestionar as medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, a estratexia española para o emprego o Plan Anual de Política de Emprego e os acordos acadados no eido da colaboración institucional e do Dialogo Social e Político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego.
- Impulsar a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de autoemprego, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das tra-

balladoras autónomas.

- Ofrecer ás persoas traballadoras autónomas que se constitúan en Galicia apoios económicos para sufragar os gastos do primeiro ano de actividade apostando deste xeito pola súa supervivencia xa que o autoemprego individual estase a demostrar como unha vía eficaz, e cada vez máis utilizada polo traballadores e traballadoras galegas para reincorporarse ao mercado de traballo. Así mesmo, e como nicho de emprego, fomentarase, a través de incentivos e subvencións, a contratación indefinida de persoas traballadoras por parte das persoas traballadoras autónomas acadando deste xeito o dobre obxectivo de apostar polos traballadores e traballadoras autónomas como dinamizadores da economía galega e como motores do emprego.
- Potenciar e favorecer as iniciativas empresariais xeradoras de emprego que respondan a sectores e actividades emerxentes ou a necesidades non cubertas no territorio de implantación co fin de impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, así como no entorno da investigación e da innovación tecnolóxica.
- Adoptar medidas para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente sen cualificación profesional, e as persoas traballadoras con contratos temporais.
- Facilitar a integración laboral das persoas con discapacidade, ben a través das fórmulas de emprego protexido como son os centros especiais de emprego, ben a través da súa constitución como persoas traballadoras autónomos, ou ben incentivando a súa contratación por parte das empresas ordinarias.
- Favorecer a inserción socio laboral das persoas traballadoras pertencentes a colectivos en risco de exclusión social incentivando a súa contratación tanto temporal como indefinida e desenvolvendo, impulsando e apoiando ás Empresas de Inserción Laboral en Galicia como o instrumento máis eficaz para acadar un traballo digno para estas persoas.
- Ofrecer á mocidade galega, a través de actuacións específicas, a oportunidade de adquirir unha experiencia laboral que mellore a súa situación no mercado de traballo e establecer a prioridade a favor dos xoves, especialmente daqueles mozos e mozas sen cualificación profesional, no conxunto das medidas de fomento do emprego mediante a aplicación preferente a este colectivo de todas as accións horizontais postas en marcha.
- Establecer medidas de discriminación positiva, a través de actuacións específicas e prioritarias nas medidas horizontais, ás mulleres que sofren violencia de xénero, dándolles a oportunidade de acceder ou reincorporarse ao mercado de traballo a través dos programas de incentivos á contratación por conta allea e de fomento do autoemprego.
- Continuar coas medidas que prioricen a contratación dos traballadores e traballadoras

desempregados que consumisen a totalidade das prestacións e subsidios por desemprego a que tiñan dereito pois se están a converter nun sector social que se atopa en situación de maior vulnerabilidade.

- Promover o progresivo incremento da participación da muller no mercado de traballo ata lograr unha equiparación de ámbolos dous sexos. Para isto profundizarase nas políticas diferenciadoras a prol do emprego feminino, ben a través de accións e programas específicos, ben mediante a súa definición como colectivo preferente ou a través de sobreincentivos cando se trate de programas xerais.
- Favorecer a integración laboral efectiva dos inmigrantes así como dos emigrantes retornados que fixen a súa residencia en Galicia fomentando a súa contratación estable, tendo en conta que esta poboación, ademais de compensar o envellecemento poboacional galego, axuda a compensar a escaseza de man de obra en certos sectores; desde unha perspectiva meramente económica, permitirá manter os niveis de produción ademais de contribuír ao sostemento da protección social.
- Continuar co desenvolvemento do Estatuto do Traballo Autónomo en Galicia xa que os autónomos teñen un importante peso na economía galega, cunha porcentaxe sobre o total de afiliados moi superior á media estatal. Por iso a Consellería de Traballo e Benestar potenciará o apoio a este colectivo como un dos eixes principais da súa política.

## DIRECCIÓN XERAL DE EMPREGO E FORMACIÓN

Se establecen os seguintes obxectivos:

1. Desenvolver o modelo de Servizo Público de Emprego de Galicia atendendo a unha maior eficacia na intermediación laboral, implementando sistemas de xestión que faciliten os trámites tanto ás persoas desempregadas como ás empregadoras, mellorando o sistema público de intermediación laboral realizado a través das oficinas de emprego, elevando a calidade dos servizos ofertados e prestados aos desempregados, o que redundará, sen dúbida, na mellora das ratios de intermediación e na consecución de maiores graos de satisfacción dos empresarios que as utilizan e converténdoas en ferramentas verdadeiramente útiles para eles, para o que se impulsará, no seo do diálogo social, unha norma que estableza e regule a carteira dos servizos que se prestan, a quen van dirixidos, quen e como se prestan e cal é o fin último que se persegue, partindo da base de que a rede de Oficinas de Emprego do SPEG presta un servizo integral ás persoas demandantes de emprego desempregadas, ás persoas ocupadas na procura da mellora de emprego e ás persoas empregadoras e empresas.
2. En coherencia co acordo acadado entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, na súa reunión do día 11 de abril de 2013, procurarase a adopción dunha nova estratexia para a mellora na aplicación das políticas activas de emprego, orientada a mellorar a capacidade de inserción profesional, en particular dos máis novos, baseada nas seguintes cinco grandes liñas de actuación:

- Aspectos institucionais: coordinación, avaliación e eficiencia.
- Fomento da inserción laboral a través da formación, con especial atención ao novo contrato de formación e aprendizaxe que contará cunha nova estratexia de desenvolvemento 2013-2015 acompañada dun proceso de seguimento da calidade e o imparto da formación profesional dual.
- Vinculación das políticas activas e pasivas de emprego.
- Mellora da intermediación laboral, co desenvolvemento dun Portal Único de emprego e a colaboración público privada a través dun Acordo Marco.
- Fomento do emprego e emprendemento novo coa aprobación e posta en marcha da Estratexia de Emprendemento e Emprego Novo 2013-2016 que se enmarca no obxectivo de Impulsar medidas dirixidas a reducir o desemprego xuvenil, fomentando o seu emprego por conta allea ou propia, e é o resultado dun proceso de diálogo cos axentes sociais. Así mesmo, responde ás recomendacións efectuadas pola Comisión europea e se adecúa aos obxectivos da Recomendación do Consello da Unión europea, do 22 de abril de 2013 sobre e establecemento da Garantía Xuvenil.

3. Nesta liña desenvolveranse as medidas activas de emprego programadas no marco da estratexia europea para o emprego, a estratexia española para o emprego o Plan Anual de Política de Emprego e os acordos, no eido da colaboración institucional e do Dialogo Social e Político, que conduzan a crear empregos estables e de calidade e, consecuentemente, á redución da taxa de desemprego e da temporalidade no mercado de traballo galego. Todo isto nun modelo deseñado e baseado na activación laboral mediante a corresponsabilidade, entendendo isto como o establecemento dun compromiso de actividade na busca e mellora de emprego por parte das persoas demandantes, así como a loita contra a fraude nas prestacións e contra o emprego non declarado.
4. Integrar as accións de adecuación de perfís profesionais e orientación nas distintas áreas funcionais de emprego, establecendo a cooperación entre as oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego, os seus centros colaboradores e demais actores do mercado laboral, de xeito que todos os demandantes de emprego poidan ser, dun xeito eficiente, atendidos de maneira personalizada en igualdade de condicións.
5. Consolidar a realización de itinerarios personalizados de inserción como ferramenta básica de atención aos colectivos máis desfavorecidos ou de difícil inserción, prestando especial atención aos traballadores que esgotaran as súas prestacións.
6. Potenciar as accións de orientación laboral e asesoramento ao autoemprego, e posta en marcha de novas políticas activas de emprego para determinados colectivos con dificultades no acceso ao emprego a través dos plans integrais de emprego.
7. Reforzar o enfoque preventivo das políticas activas de emprego coa fin de reducir o paro de longa duración a través de medidas de políticas activas de emprego: programas de cooperación, de colaboración social e dos programas mixtos de formación e emprego.
8. Apoiar a través das políticas activas a incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral.

9. Impulsar a colaboración público-privada no ámbito da intermediación laboral, para mellorar a intermediación laboral e procurar elevar os niveis de inserción laboral de determinados colectivos con especiais dificultades para acadala, como pode ser os parados de larga duración, os beneficiarios da renda de integración social de Galicia e outros colectivos en risco de exclusión social, en coherencia cos acordos adoptados a proposta do Servizo Público de Emprego Estatal na reunión da LV Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais, celebrada o pasado día 11 de abril.
10. Impulsar a creación e consolidación de actividades económicas e de emprego nas zonas rurais e núcleos urbanos pequenos, orientaranse os programas mixtos de formación e emprego, para que respondan tamén a estas novas actividades, procurándose o carácter integral destas actuacións tendo en conta as características xeográficas e poboacionais da Comunidade Autónoma Galega, nunha estratexia de cooperación institucional das administracións territoriais, para dinamizar o emprego e o desenvolvemento local.
11. Impulsar o desenvolvemento de proxectos de interese social mediante a execución de programas de cooperación, promovidos e xestionados por entidades sen ánimo de lucro de carácter social, especialmente dirixidas á atención a persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, co obxecto de acadar a inserción das persoas con discapacidade e/ou en risco de exclusión social.
12. Consolidar a rede de técnicos e axentes de emprego e desenvolvemento local, potenciando o seu papel como actores decisivos na implantación das diferentes medidas de políticas activas de emprego na súa zona de actuación, principalmente das políticas relacionadas coa creación de actividade empresarial, contribuíndo co seu traballo á localización de recursos ociosos e infrautilizados cara á promoción económica dos concellos galegos, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores.
13. Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.
14. Conseguir que o investimento en formación responda aos cambios rápidos e constantes que teñen lugar no noso entorno produtivo, coa finalidade de manter actualizadas as competencias dos nosos traballadores e de aumentar a competitividade das nosas empresas.
15. Avanzar na investigación e desenvolvemento das cualificacións e da formación asociada, especialmente a formación para o emprego, ós novos certificados de profesionalidade, a través do Instituto Galego de Cualificacións, en colaboración coas demais administracións estatais e autonómicas e os axentes sociais.
16. Potenciar a formación profesional para o emprego dirixida á poboación activa desempregada, mellorando a súa cualificación e, polo tanto, as súas perspectivas de inserción laboral a través dunha oferta formativa axeitada ás necesidades do mercado de traballo.
17. Desenvolver e potenciar accións de formación profesional para o emprego, coa impartición de plans de formación sectoriais e intersectoriais.
18. Potenciar a programación propia de cursos de formación profesional para o emprego en colaboración con outros departamentos da administración co obxecto de aproveitar ao

máximo os centros e recursos dispoñibles.

19. Potenciar as accións formativas de carácter complementario, experimental e innovador, no ámbito da formación profesional para o emprego, a formación a distancia, telemática, normativización lingüística, formación ambiental e de alfabetización en internet.
20. Realizar cursos do certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego para formadores de cursos da programación AFD, ademais de cursos monográficos de especialidade didáctica para formadores ocupacionais.
21. Promover e potenciar os estudos técnicos e publicacións centrados esencialmente no campo das necesidades de formación profesional, busca de emprego e orientación laboral e promoción do autoemprego, analizando as demandas dos sectores produtivos da economía galega e as súas cualificacións específicas.
22. Potenciar a programación de accións formativas dirixidas á obtención dos certificados de profesionalidade.
23. Consolidar a xestión da formación profesional para o emprego coa introdución das medidas que, de ser o caso, se consideren oportunas no sistema informático (SIFO II) que lles permita unha xestión máis áxil dos cursos aos centros de formación, tanto propios como colaboradores.
24. Consolidar a función de intermediación entre oferta e demanda de emprego, coordinando e adaptando o seu funcionamento ao sistema de información dos servizos públicos de emprego, que permite a transparencia do mercado de traballo a nivel nacional, facilitando a mobilidade xeográfica entre os demandantes.
25. Mellorar a función de intermediación laboral, incrementándoa cunha atención específica e de calidade tanto a demandantes de emprego como a empregadores.
26. Potenciar a mobilidade de demandantes de emprego a través da rede EURES (European Employement Services) mediante dous aspectos básicos:
    - Achegamento das ofertas de traballo existentes noutros países da Unión Europea aos demandantes da comunidade autónoma.
    - Atención ao mercado laboral transfronteirizo para facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal a través da oficina EURES TRANSFRONTEIRIZA GALICIA-NORTE DE PORTUGAL.
27. Promover a formación dos técnicos e persoal do Servizo Público de Emprego de Galicia, atendendo, non só a súa reciclaxe profesional nas materias de xestión propias das políticas activas de emprego, senón tamén en todas aquelas materias sensibles que teñan relación coa atención aos cidadáns e que deriven nunha xestión eficiente, moderna e próxima ao cidadán.
28. Potenciar o procedemento de recoñecemento da cualificación profesional adquirida a través da experiencia laboral ou vías non formais de formación.
29. Promover a implantación dos novos certificados de profesionalidade en Galicia, tanto dentro da oferta de formación para o emprego, como a través do procedemento de avaliación e acreditación da experiencia profesional.
30. Desenvolver accións de observación e de prospección que proporcionen información sobre

a evolución do mercado de traballo en Galicia, ocupacións e perfís profesionais, co obxectivo de mellorar a eficacia das políticas activas de emprego e, en particular, a oferta de formación para o emprego.

31. Impulsar a formación profesional dual, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensinanza e aprendizaxe na empresa e no centro de formación.

Partindo destes obxectivos, as grandes liñas de acción da consellería para o exercicio orzamentario 2014 van ser as seguintes:

a) Xestión das políticas activas de emprego no marco da Estratexia Europea para o Emprego, a Estratexia Española de Emprego, o Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional e o Dialogo Social e Político.
b) Adopción de medidas dirixidas á mellora da inserción e reinserción laboral e para acadar mellores taxas de emprego, especialmente mediante o establecemento de actuacións específicas para aqueles colectivos con especiais dificultades de acceso ao mercado de traballo:, mozos sen cualificación, maiores de 45 anos, parados de longa duración, persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego, persoas con discapacidade, mulleres, inmigrantes, emigrantes retornados e persoas en risco de exclusión social.
c) Xestión das políticas activas de emprego no ámbito da colaboración entre administracións e os axentes sociais.
d) Consolidación da rede de información, orientación e busca de emprego, integrada nos diferentes programas e medidas de políticas activas de emprego, como instrumento de achegamento entre os demandantes e as necesidades reais do mercado de traballo.
e) Modernización do Servizo Público de Emprego, co obxectivo de facilitar un servizo áxil e eficaz tanto para os demandantes de emprego como para os empresarios.
f) Potenciar a formación profesional para o emprego como instrumento dos demandantes de emprego para a súa inserción laboral, adaptándoa ás necesidades existentes no mercado de traballo.
g) Avanzar na implantación da formación profesional dual inherente aos contratos de formación e aprendizaxe.
h) Consolidar a formación profesional para o emprego dos traballadores ocupados, con plans de formación sectoriais, intersectoriais, de autónomos, e de economía social, e con plans específicos vinculados aos certificados de profesionalidade, como elemento fundamental para a mellora da capacitación profesional e a reciclaxe dos traballadores da Comunidade Autónoma de Galicia.
i) Implantar os novos certificados de profesionalidade, garantindo o cumprimento dos novos requisitos, especialmente os de acceso dos alumnos, mediante a convocatoria de probas de competencias clave, e a programación da formación asociada ás mesmas.
j) Desenvolvemento dunha política integral e coordinada de formación e emprego que englobe a orientación, o asesoramento, a formación, a avaliación e acreditación de com-

petencias, o fomento de iniciativas empresariais, os incentivos á contratación, a economía social, os programas de cooperación e outras medidas innovadoras que contribúan á consecución da creación de emprego e de riqueza.

k) Promover estudos de diagnose e caracterización do mercado laboral en Galicia co fin de ter perspectivas tanto cuantitativas como cualitativas da evolución da demanda, da oferta e da contratación das profesións no mercado de traballo galego.

l) Participar de xeito activo na elaboración de novas cualificacións profesionais e de novos certificados de profesionalidade do Catálogo Nacional das Cualificacións Profesionais.

m) Avanzar na posta en relación das cualificacións e da formación para o emprego cos sectores produtivos.

n) Impulsar o labor da Fundación Galega da Formación para o Traballo como instrumento necesario para favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA SOCIAL

1.- Dentro do ámbito de atención á dependencia:

Especial relevancia, no contexto actual, adquiren neste orzamento as políticas de atención ás persoas en situación de dependencia consolidando a atención ás persoas en situación de dependencia con grao recoñecido e implantado.

A este fin, se establecen os seguintes obxectivos:

- Evolución dos medios materiais e técnicos precisos para a xestión dos procedementos establecidos, especialmente desenvolvendo escenarios de tramitación electrónica e interoperabilidade con outros sistemas.
- Desenvolvemento das políticas de prevención e detección precoz da dependencia e de promoción da autonomía persoal.
- Elaboración de políticas sociais que redunden na mellora dos sistemas de protección social para persoas con dependencia.
- Fomento e impulso das accións de atención a persoas dependentes e de apoio ás persoas coidadoras contemplando medidas de mantemento no seu contorno a través da carteira de servizos dispoñibles e do fomento da aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes, co obxectivo da procura dunha mellora na súa calidade de vida.
- Planificación de recursos para atención á dependencia e promoción da autonomía, fomentando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión

dos programas e servizos sociais.

- Coordinación, racionalización e optimización dos recursos existentes .
- Xestión dos recursos derivados do mantemento dos servizos de atención residencial e de atención diúrna públicas e en forma de concertos.
- Apoio material e técnico aos centros de persoas maiores e persoas con discapacidade así como coordinación dos equipamentos necesarios.
- Adicar un esforzo especial ás persoas maiores e persoas con discapacidade máis vulnerables, as persoas máis dependentes.
- Impulsar o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 destinada á "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia", contempladas nos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense) e a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas a centros de dia orientados á diversificación dos seus servizos.

As actuacións a desenvolver para facer efectivas as anteriores coberturas son as seguintes:

- Mellora dos medios tecnolóxicos e telemáticos para a mellora da xestión administrativa.
- Mellora e evolución das aplicacións informáticas para a xestión do procedemento de recoñecemento da situación de dependencia.
- Consolidación da mellora na coordinación coa administración local a través de medios técnicos.
- Potenciar unha atención integral determinando os servizos máis adecuados á situación da persoa en situación de dependencia dentro do catálogo da nova carteira de servizos de atención á dependencia. Con especial relevancia se potenciará o desenvolvemento dun Plan Integral de Atención a Menores de tres anos en situación de dependencia.
- Potenciar os servizos destinados a apoiar a permanencia das persoas en situación de dependencia no seu fogar a través de recursos de proximidade en desenvolvemento dos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo, implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
- Consolidación dos recursos dedicados a libranzas da dependencia, potenciando en particular as dedicadas ao asistente persoal e á prestación vinculada ao servizo.
- Programa de formación a coidadores habituais non profesionais de persoas en situación de dependencia, desenvolvendo accións de formación básicas así coma especializadas.
- Programas de formación a profesionais do ámbito de actuación da Lei 39/2006, para autonomía persoal e atención á dependencia.
- Optimización dos equipamentos dende os que, na actualidade, se prestan servizos a fin

de permitir a posta en marcha de novas modalidades de servizos de atención a persoas dependentes.

- Implantación da nova carteira de servizos sociais de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia en Galicia.
- Carteira de servizos específicos para persoas dependentes con Alzheimer.
- Carteira de servizos específicos por tipoloxías de discapacidade: física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

2.- Dentro do ámbito da prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal:

Os servizos de promoción de autonomía persoal teñen por finalidade desenvolver e manter a capacidade persoal de control, afrontar e tomar decisións a cerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, e facilitar a execución das actividades da vida diaria.

Establécense os seguintes obxectivos:

- Desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, procurando un salto cualitativo nas actuais políticas dende sistemas asistenciais, terapéuticos e de rehabilitación cara a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, buscando novas sinerxías a través da coordinación e cooperación e fomentando a creación de novos programas, servizos e actuacións neste eido.
- Consolidación dos programas e servizos que teñan acreditada a súa eficacia como instrumentos de integración social, de promoción da autonomía persoal e de mellora da calidade de vida dos colectivos integrados polas persoas maiores e persoas con discapacidade.
- Fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia tanto da persoa maior como da persoa con discapacidade no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas e as persoas maiores ou con discapacidade que viven soas, e que faciliten, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.
- Impulsar o desenvolvemento de políticas que favorezan a vida independente para as persoas con discapacidade como garantía de igualdade efectiva e integración social implementando actuacións de innovación tecnolóxica e investigación e innovación na xestión dos programas e servizos sociais .
- Promover a coordinación cos demais departamentos da Xunta de Galicia e con outras institucións públicas e privadas que teñan competencias ou desenvolvan actuacións nos ámbitos e atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, especialmente no relativo ao desenvolvemento da estratexia en materia de prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.
- Impulsar o desenvolvemento das actuacións destinadas respectivamente á "Mellora dos

servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas maiores en situación de dependencia" e á "Potenciación e mellora dos servizos de Autonomía Persoal", contempladas nos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).

- Implantación dos servizos de prevención e promoción da autonomía persoal, da carteira de servizos sociais da atención ás persoas dependentes en Galicia.

Actuacións a desenvolver coa finalidade de facer efectivos os anteditos obxectivos:

- Impulsar o desenvolvemento de políticas de avellentamento activo como forma de prevención de situacións de dependencia, xerando espazos nos que os maiores poidan desenvolver as súas capacidades e favorezan a súa socialización.
- Reformulación e mellora do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal 065.
- Potenciar a aplicación das novas tecnoloxías nos servizos destinados a apoiar a permanencia dos colectivos máis vulnerables no seu fogar, en desenvolvemento dos plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo (Plans Impulsa Lugo e Impulsa Ourense).
- Ampliar na comunidade autónoma os servizos vinculados a aplicación das novas tecnoloxías que favorezan a permanencia dos colectivos máis vulnerables no fogar.
- Favorecer a adquisición e o intercambio de axudas técnicas e produtos de apoio, e a eliminación de barreiras.
- Potenciar os programas de acollemento e de estancias temporais.
- Promover os servizos de atención as persoas maiores e ás persoas con discapacidade, e promover a difusión dos distintos programas e servizos de carácter público destinados a eles.
- Analizar os resultados do desenvolvemento do Plan de Acción Social 2010-2013, Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013, e do Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, e desenvolver nova liñas de acción á vista do ditos resultados.
- Desenvolvemento de estudios, protocolos e demais instrumentos de favorezan a actuación coordinada dos diversos axentes que interveñan nun mesmo ámbito de atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade.
- Promover o desenvolvemento de programas de atención específicos destinados aos distintos colectivos de persoas con discapacidade en función da tipoloxía desta, a través das distintas federacións en que se agrupan, apoiando o tecido asociativo e federativo destinado á atención das persoas con discapacidade.
- Mellorar a eficacia na atención aos colectivos indicados a través da modernización e mellora dos procedementos administrativos existentes.
- Consolidación dos recursos orientados á atención temperá así como o desenvolvemento dun Plan Integral de Atención ás menores .

Partindo dos obxectivos anteditos, as grandes liñas de acción para o exercicio orzamentario 2014 son as seguintes:

- Mellorar a eficiencia do gasto público, focalizando como indicadores as persoas destinatarias das políticas sociais e aproveitando de xeito coordinado as actuacións das diferentes administracións públicas e as entidades privadas.
- Incremento da utilización das tecnoloxías da información e comunicación (Tics) para mellora da eficacia e eficiencia na atención aos usuarios.
- Consolidación das accións de atención a persoas con dependencia e de apoio aos seus coidadores contemplando medidas de mantemento no seu contorno así como aloxamentos alternativos.
- Implementación das medidas de apoio ás familias previstas no Plan de Dinamización Demográfica de Galicia.
- Mantemento dos servizos e programas de atención ás familias e á infancia en situación de vulnerabilidade social.

DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

As liñas de accións a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o ano 2014 son as seguintes:

- Implantación do futuro Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2016, unha estratexia para a mocidade galega, no que se refire á anualidade do 2014, a través da posta en marcha das accións que se prevexan no mesmo unha vez sexa aprobado, fomentando unha política de xuventude concibida con criterios de transversalidade e integralidade.
- Posta en marcha das previsións establecidas no novo marco lexislativo derivado da entrada en vigor da primeira Lei de xuventude de Galicia.
- Tramitación e posterior publicación da normativa de desenvolvemento da Lei de xuventude, principalmente no relativo ao novo modelo de participación xuvenil a través do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia.
- Acadar unha maior visualización e coordinación das políticas en materia de xuventude de todos os departamentos da Xunta de Galicia a través da constitución e entrada en funcionamento do Comité Galego de Políticas de Xuventude.
- Impulsar as accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países, así como outras experiencias de participación en actividades de educación non formal que favorezan a adquisición de competencias e habilidades por parte da mocidade, especialmente de cara a favorecer o seu acceso ao emprego.
- Fomentar no conxunto da xuventude o desenvolvemento das capacidades creativas, a mentalidade emprendedora, a innovación e as expresións culturais e artísticas.

- Implantar medidas que faciliten o acceso ao emprego por parte da mocidade galega.
- Consolidar o novo modelo de participación xuvenil mediante o fomento de proxectos e iniciativas postas en marcha a través de formas participativas non institucionalizadas, ademais das asociacións e entidades xuvenís.
- Facerlle chegar á sociedade unha imaxe máis realista do voluntariado galego poñendo de relevo a importancia do traballo dos voluntarios/as na sensibilización cívica.
- Implementación da normativa de desenvolvemento da normativa de desenvolvemento da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia.
- Desenvolvemento, fortalecemento e optimización de diferentes liñas de acción voluntaria, ambiental, social, de seguridade viaria, tecnolóxica e cultural, en coordinación cos departamentos da Xunta que teñan atribuídas as competencias nas distintas materias.
- Desenvolvemento do Plan Galego de Acción Voluntaria de Galicia 2011-2015.
- Impulso ás medidas de apoio e vertebración do movemento de acción voluntaria en Galicia e no estranxeiro.
- Continuar co fomento e apoio aos proxectos de voluntariado xuvenil que poñan en marcha as distintas entidades.
- Incidir na certificación das accións das persoas voluntarias.
- Incidir na incorporación de homes aos programas de acción voluntaria.

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

A principal misión do ISSGA para o ano 2014, é dar cumprimento ao Plan Estratéxico 2011-2014, antes mencionado, que establece os obxectivos, as liñas de actuación e as actuacións básicas a desenvolver neste período. Dentro dos obxectivos dese plan, o ISSGA para o ano 2014 establece os seguintes:

Obxectivo 1: Promoción e control dun mellor e máis eficaz cumprimento da normativa.

- Liña 1: Actuacións na Administración autonómica
    - 1.1. Apoio e asesoramento para a efectiva implantación da xestión preventiva nos concellos.
    - 1.2. Fomentar a prevención e avaliación dos riscos psicosociais nas administracións ou organismos públicos, sexa cal sexa o seu ámbito de actuación.
- Liña 2: Asesoramento sobre o cumprimento da normativa e a integración.
    - 2.1. Realización de xornadas, seminarios, cursos, etc. con ocasión da entrada en vigor de nova normativa.

- □ 2.2. Difundir a normativa e as súas modificacións mediante actividades divulgativas, publicacións, e a web do ISSGA, establecendo nela un fondo documental.
- □ 2.3. Asesoramento directo a pemes, micropemes, autónomos e colectivos específicos.
- □ 2.4. Programas sectoriais específicos de asesoramento: fomento e divulgación de guías de boas prácticas.

- Liña 3: Accións para a mellora do cumprimento normativo.
  - □ 3.1. Programas dirixidos ás empresas cos maiores índices de sinistralidade.
  - □ 3.2. Programas sectoriais específicos.
  - □ 3.3. Actuación dos técnicos e técnicas habilitados.
  - □ 3.4. Investigación de accidentes ao abeiro do protocolo de colaboración coa fiscalía.

Obxectivo 2: Incremento da calidade e eficacia dos sistemas de prevención nas empresas.

- Liña 1: Mellora dos recursos propios para a prevención
  - □ 1.1. Promover e fomentar a formación de empresarios, mandos e traballadores en materia preventiva, especialmente en determinados sectores.
  - □ 1.2. Organizar actividades de actualización específica para os técnicos e técnicas e persoal sanitario dos servizos de prevención.
- Liña 2: Servizos de prevención externos
  - □ 2.1. Potenciar a actuación coordinada entre os diferentes servizos de prevención (propios e alleos) que poidan actuar nunha mesma empresa, e promover a integración da prevención no sistema xeral de xestión da empresa.
  - □ 2.2. Aspectos de xestión: intensificar a coordinación das actuacións das administracións laborais, sanitaria e Inspección de Traballo e Seguridade Social nos procedementos de acreditación e de control de servizos de prevención alleos.

Obxectivo 3: Fortalecer a implicación dás institucións e de todos os actores na mellora da seguridade e saúde no traballo. Reforzar as institucións dedicadas á prevención de riscos laborais e a colaboración e coordinación entre elas.

- Liña 1: Favorecer a participación dos axentes sociais e económicos
  - □ 1.1. Programas de formación prelaboral e inserción, de formación ocupacional e continua, de asesoramento ao empresariado e delegados de prevención.
  - □ 1.2. Establecer unha regulación dos actuais Comités Provinciais de Seguridade e Saúde Laboral.
- Liña 2: Colaboración e coordinación entre Administracións.
  - □ 2.1. No ámbito nacional, participando activamente nos órganos de participación en materia de Seguridade e Saúde no Traballo coa Administración Xeral do Estado e con outras Comunidades Autónomas.

- ◻ 2.2. Establecer procedementos de actuación e colaboración, no ámbito autonómico, en materia de saúde laboral, entre os departamentos da Administración con competencias na materia.
- ◻ 2.3. Coordinación co Instituto Nacional da Seguridade Social para o rexistro correcto de enfermidades profesionais.
- ◻ 2.4. Reforzar as funcións de coordinación no ámbito do Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral e no ISSGA.
- ◻ 2.5. Implicar a atención primaria na comunicación de enfermidades profesionais, de xeito que dende o sistema público de saúde se poidan detectar enfermidades profesionais, coa colaboración e asistencia do ISSGA e as unidades de saúde laboral da inspección sanitaria.
- ◻ 2.6. Programas dirixidos ao desenvolvemento operativo e funcional e ao fortalecemento do ISSGA.
- ◻ 2.7. Programas ou acordos de cooperación coas Administracións Locais en materia de seguridade e saúde laboral.
- ◻ 2.8. Sinatura de convenios de colaboración con outras administracións e institucións.

- Liña 3. Promover a participación doutros actores.
  - ◻ 3.1. Programas en colaboración con asociacións de sociedades e servizos de prevención e agrupacións empresariais e sindicais para desenvolver actuacións orientadas á mellora da prevención.
  - ◻ 3.2. Establecer sistemas de participación doutros actores implicados na prevención.

Obxectivo 4: Potenciar a formación en materia de prevención de riscos laborais.

- Liña 1. Implantación transversal da prevención de riscos laborais no sistema educativo.
  - ◻ 1.1. Integrar a prevención de riscos laborais de forma transversal na formación regrada: ensino primario, educación secundaria obrigatoria (ESO), Formación Profesional e Ensino Universitario.
  - ◻ 1.2. Realización dunha análise da situación actual na impartición de materias relacionadas coa prevención de riscos laborais e diagnóstico de necesidades.
  - ◻ 1.3. Deseño de programas adaptados a diferentes niveis educativos, e dos materiais didácticos apropiados.
  - ◻ 1.4. Mellora da capacitación do profesorado.
  - ◻ 1.5. Integrar a prevención de riscos laborais na formación non regrada dirixida ao emprego.
- Liña 2: Capacitación de traballadores e empresarios.
  - ◻ 2.1. Capacitación acerca dos riscos e medidas preventivas para colectivos específicos (empresarios, directivos e mandos directos e intermedios, persoas

traballadoras, persoas traballadoras designadas, delegados e delegadas de prevención, coordinadores de seguridade, traballadores da construción).

- □ 2.2. Formación especializada para certos colectivos especiais (persoas con discapacidade, mozos, mulleres embarazadas ou en período de lactación, persoal traballador especialmente sensible).
- □ 2.3. Formación sectorial sobre determinados riscos ou actividades concretas (traballos con amianto, risco químico, atmosferas explosivas, etc.)

- Liña 3: Formación continua de profesionais da prevención:
  - □ 3.1. Accións de actualización dos profesionais da prevención.
  - □ 3.2. Formación de persoal sanitario con responsabilidades en patoloxía laboral.
  - □ 3.3. Programa de formación de formadores.

Obxectivo 5: Introducir e consolidar a cultura da prevención na sociedade galega.

- Liña 1: Transversalizar a prevención en las políticas da Xunta (en relación co Obxectivo 3)
  - □ 1.1. Fomentar a comunicación entre os departamentos da Xunta no eido da prevención de riscos laborais para a integración desta nas súas políticas.
  - □ 1.2. Acadar mecanismos de coordinación para a integración e difusión da cultura preventiva.
- Liña 2: Accións de sensibilización e promoción
  - □ 2.1. Campañas de sensibilización e concienciación, tanto de carácter xeral como específico sobre sectores de maior sinistralidade, riscos emerxentes, colectivos críticos, etc., a través dos medios de comunicación e soportes publicitarios.
  - □ 2.2. Día Mundial da Seguridade e Saúde no Traballo (28 abril).
  - □ 2.3. Semana Europea da Seguridade e Saúde no Traballo.
  - □ 2.4. Presenza en congresos e outros eventos relacionados co ámbito da prevención.
  - □ 2.5. Presenza institucional nas actividades relacionadas coa prevención de riscos laborais.
  - □ 2.6. Programa de actualización e mellora da páxina web do ISSGA.
  - □ 2.7. Programas de deseño e realización de campañas de difusión e promoción da prevención no ámbito escolar, co fin de sensibilizar os alumnos na adopción de hábitos de conduta segura e saudable.

Obxectivo 6: mellorar o nivel do coñecemento, análise e investigación en materia de seguridade e saúde laboral.

- - Liña 1: Adquisición e difusión da información
  - □ 1.1. Mellorar a calidade dos datos e a explotación da información dispoñible.

- 1.2. Garantir a información periódica sobre sinistralidade e enfermidades profesionais en Galicia, mediante o Observatorio Galego de condicións de traballo.
- 1.3. Desenvolver iniciativas para mellorar a declaración de enfermidades profesionais (en relación co obxectivo 3, liña 2).
- 1.4. Impulsar a investigación sobre saúde laboral e prevención de riscos laborais.
- 1.5. Investigar os accidentes laborais e estudar a epidemioloxía das enfermidades profesionais tomando como base plans de actuación xerais ou sectoriais contra a sinistralidade por accidentes de traballo e enfermidades profesionais.
- 1.6. Sistematización e informatización dos cuestionarios utilizados en cada un dos programas desenvolvidos para optimizar a análise da información recollida.
- 1.7. Mellorar a comunicación entre o ISSGA e os servizos de prevención e demais axentes implicados, para a divulgación de informacións sobre riscos e factores de risco emerxentes.

- Liña 2: Análise da información
  - 2.1. Realizar e difundir informes derivados das investigacións mencionadas na liña anterior.
  - 2.2. Colaboración co Observatorio Estatal de Condicións de Traballo e os Observatorios doutras CCAA no intercambio de información.
  - 2.3. Desenvolvemento dun Sistema de Información de Saúde Laboral: Implantación de procedementos de declaración de enfermidades profesionais.
  - 2.4. Monitorización do custo económico e social das consecuencias da sinistralidade laboral e doutros indicadores de interese.
  - 2.5. Analizar os riscos emerxentes e os danos que producen, considerando a accidentalidade vial como un deles.
- Liña 3: Investigación aplicada
  - 3.1. Potenciar a I+D+i en materia preventiva.
  - 3.2. Participación na Rede Nacional de Institutos Públicos para a investigación en prevención de riscos laborais.
  - 3.3. Programas de colaboración con outras institucións de carácter científico-técnico.

## II.3. DAS ENTIDADES PUBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO

### CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

As principais liñas de acción do Consello Galego de Relacións Laborais son as seguintes:

a) Elaborar e remitirlles, por propia iniciativa, estudos e informes aos departamentos da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma e formularlles propostas en materia de política laboral.
b) Emitir ditames sobre os proxectos normativos dos organismos e departamentos da Administración autonómica e doutras institucións da comunidade autónoma en materia laboral, que lle serán solicitados preceptivamente.
c) Fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva consagrado no artigo 37.1º da Constitución española e impulsar unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial.
d) Preparar e redactar propostas relativas a acordos laborais e recomendarlles a súa aplicación ás organizacións empresariais e sindicais.
e) Promover e facilitar a mediación e arbitraxe nos conflitos laborais, por pedimento das partes interesadas. Para tal fin, poderá efectuar propostas, recomendacións e ofrecemento de arbitraxes ou mediacións, en especial respecto dos conflitos de ampla repercusión na comunidade autónoma.
f) Promover a creación de comisións paritarias, nos diversos ámbitos de negociación colectiva, coa composición e as competencias que este determine.
g) Solicitar e recibir dos órganos competentes da Administración autonómica e de calquera outra institución da comunidade autónoma canta información precise para o desempeño das súas funcións.
h) Xestionar os acordos que lle sexan encomendados polas entidades recoñecidas como interlocutoras sociais.
i) Desenvolver as funcións que o Real decreto 718/2005, do 20 de xuño, polo que se aproba o procedemento de extensión de convenios colectivos, establece nos artigos 6 e 7.2º.
j) Aprobar o informe anual sobre a situación sociolaboral na comunidade autónoma e o plan e a memoria anuais sobre a actuación do Consello Galego de Relacións Laborais.
k) Aprobar a creación das comisións de traballo e as súas competencias.

Igualmente cabe sinalar as liñas de actuación correspondentes ao Observatorio Galego da Negociación Colectiva:

- Estudar e impulsar a negociación colectiva, dentro do respecto ao principio de autonomía colectiva.
- Desenvolver un tratamento técnico e estatístico que permita a explotación, a análise científica e a obtención dun diagnóstico axeitado da realidade negocial galega.
- Facer un seguimento da negociación colectiva desenvolvida en Galicia, tanto desde un punto de vista dos contidos negociais, como da estrutura da negociación.
- Estudar o contido dos convenios colectivos e trasladar as conclusións ás respectivas comisións negociadoras, así como facer propostas de mellora do contido dos convenios

colectivos, para adaptalos ás novas situacións e realidades do mercado de traballo.

- Formular e promover propostas de boas prácticas na negociación colectiva e difundir e promover as boas prácticas xa existentes.
- Elaborar estudos monográficos sobre aspectos concretos da negociación colectiva galega.
- Analizar e proxectar realidades emerxentes e novidades no ámbito da negociación colectiva galega.
- Realizar propostas sobre a ampliación da negociación colectiva e a adecuada estrutura dos convenios colectivos nos ámbitos territorial e sectorial, tendo en conta o respecto á autonomía colectiva recollido no artigo 37.1 da Constitución española.
- Manter relacións con outros observatorios de negociación colectiva nos ámbitos estatal e internacional.
- Calquera outra competencia que en materia de negociación colectiva lle encomende o Pleno do Consello.
- Emitir ditame non vinculante en orde a determinar a aplicación ou non dun convenio colectivo vixente a unha empresa ou centro de traballo, sen prexuízo da competencia da xurisdición social.

As liñas de actuación da Comisión Consultiva autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva son as seguintes:

- O asesoramento sobre a redacción e aplicación de cláusulas que promovan a igualdade entre mulleres e homes.
- A análise da totalidade dos convenios colectivos depositados no departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, para analizar a existencia de cláusulas discriminatorias.
- O desenvolvemento de actividades de formación en igualdade de xénero, nos termos que se acorde.
- A elaboración de recomendacións xerais sobre o nivel axeitado de representación equilibrada de mulleres e homes nos procesos de eleccións sindicais.
- Emitir informe a solicitude da administración autonómica competente en materia de traballo, nos termos establecidos no artigo 26.1 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Prestar o asesoramento ao Consello Galego de Relacións Laborais no caso previsto no artigo 25.4 da Lei 2/2007 do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- As demais funcións que se lle asignen por disposición legal.

## II.4. DOS CONSORCIOS AUTONÓMICOS

### O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

No terreo dos maiores, o principal ámbito de actuación do consorcio segue a ser o crecemento e o mantemento da Rede Pública de Centros de Atención ás Persoas Maiores. Neste sentido os centros de día do consorcio veñen definidos como centros xerontolóxicos de alcance social e terapéutico e de apoio ás familias, que prestan atención diúrna ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual.

Xunto cos centros, o programa de comida a domicilio Xantar na Casa facilita o benestar e a atención social a persoas maiores, dependentes ou en risco de exclusión, facilitando e garantindo unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás súas necesidades.

Por outra banda, o consorcio participa da xestión da Rede Galega de Escolas Infantís, un proxecto educativo de calidade para nenos de entre tres meses e tres anos que ten por obxecto, dende a tolerancia e o respecto, permitir a conciliación da vida laboral e persoal da cidadanía galega.

Outro dos ámbitos de actuación dentro do consorcio é a loita contra a pobreza e a exclusión social a través do II Plan Galego de Inclusión Social. Nesta actuación traballan 18 equipos nas diferentes oficinas de inclusión repartidas polo territorio e outro equipo máis no Módulo Xove do Centro Penitenciario de Teixeiro, todos eles baixo a coordinación de persoal dos servizos centrais do consorcio en Santiago.

A atención á xuventude ten tamén cabida no consorcio, a través da xestión dos Centros Quérote + nos que se está a desenvolver o programa de asesoramento e de carácter informativo aos mozos e mozas posto en marcha pola Dirección Xeral de Xuventude.

Por último, o consorcio xestiona tamén o Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero na cidade de Vigo, que, integrado na Rede Galega de Acollemento dependente da Secretaría Xeral de Igualdade, ofrece acollemento de urxencia e atención psicolóxica, xurídica e social ás mulleres e ás persoas menores ao seu cargo.

Finalmente, cómpre engadir que con data de 2 de xullo de 2010, a Asemblea Xeral do Consorcio, acordou a aprobación da integración do consorcio na Axencia Galega de Servizos Sociais para, unha vez aprobados os seus estatutos por decreto da Xunta de Galicia, dar lugar á súa disolución consonte o previsto no artigo 37.4 dos estatutos do consorcio. Neste mesmo acordo facultouse á xerencia do consorcio á realización de todos aqueles trámites que, no seu caso, sexan necesarios para darlle efectividade a este acordo.

# II.5. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

## FUNDACIÓN GALEGA DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO

A formación dirixida a persoas traballadoras ten como obxectivo principal que a formación sexa axustada ás necesidades do mercado de traballo.

Na situación actual e atendendo ás previsións da evolución do emprego, a formación e un dos medios máis relevantes tanto para os traballadores/traballadoras (para o mantemento dos postos de traballo ou para a recolocación noutras empresas ou noutros sectores) como para as empresas (para mellorar ou manter a produtividade e a competitividade).

A fundación, atendendo aos seus fins, ten previsto que as principais liñas de acción para o ano 2014 continúen sendo a xestión das convocatorias de Plans de Formación, a elaboración de propostas de mellora (baseadas na análise estatística e cualitativa) e asesoramento técnico aos usuarios; pero neste próximo ano, se potenciará a remodelación, mellora e actualización continua da súa sede electrónica, presentando unha novedosa ferramenta, a FIFPE (Ferramenta de Itinerarios Formativos para a Empregabilidade).

Dita ferramenta contribuirá o redeseño das carreiras profesionais de distintos perfís, para a consecución de dito obxectivo facilitará información sobre a formación específica que cada usuario necesite en base aos coñecementos e ás súas actitudes e aptitudes.

A continuación se expón unha breve descrición das mesmas:

a) "Xestión das solicitudes de axudas de plans de formación dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas".

- Proporcionar apoio técnico e xestionar as solicitudes de axudas presentadas ao amparo da convocatoria de subvencións para o financiamento de plans de formación intersectoriais e sectoriais dirixidos prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas, realizando a análise de solicitudes, así como o seguimento da execución, xustificación de custos e liquidación das convocatorias.

b) "Informes/Estudos e Grupos de Traballo 2014".

- Elaborar informes, estudos e propostas tanto a petición dá Dirección Xeral de Formación e Colocación como por iniciativa propia do Padroado da Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo, co obxecto de facilitar suxestións de mellora nos distintos ámbitos da formación para o emprego.
- Propoñer melloras da xestión: procedementos, instrumentos, ferramentas.
- Realizar traballos de análise de información.
- Elaborar documentación solicitada pola D.X. de Formación e Colocación para presentar ante o Padroado ou calquera organismo do goberno da comunidade autónoma.

- Participar en grupos de traballo multidisciplinares, tanto na D.X. de Formación e Colocación, coma noutras entidades.

c) "A FIFPE"

FIFPE é a Ferramenta de deseño de Itinerarios Formativos para a Mellora da Empregabilidade.

- Desenvolver esta ferramenta gráfica e interactiva.
- Aglutinar información desde o punto de vista do mercado (oferta-demanda), traballadores, entidades de formación e a Consellería de Traballo e Benestar.
- Situar de forma gráfica e interactiva aos traballadores no mercado laboral

d) "Asesoramento técnico e difusión do sistema".

- Facilitar asesoramento nas diferentes Iniciativas de Formación para o Emprego sendo a máis significativa a formación de oferta que comprende: os plans de formación dirixidos prioritariamente a traballadores ocupados e as accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, co fin de ofrecerlles unha formación que lles capacite para o desempeño cualificado das profesións e o acceso ó emprego, do seguinte xeito:

1.- Atención de consultas:

- Informar sobre ás diferentes convocatorias.
- Resolver dúbidas das diferentes iniciativas.
- Orientar nos procedementos e sobre a aplicación informática de bonificacións.
- Continuar como punto de información das convocatorias de acreditación das competencias adquiridas pola experiencia profesional ou por vías de formación non formal.
- Calquera outra relacionada coas iniciativas de formación para o emprego.

2.- Difusión do Sistema de Formación:

- Participar como relatores ou invitados en mesas de traballo.
- Actualizar e manter a páxina web, como un medio fundamental para a difusión do sistema da formación para o emprego.

a) Ampliar a páxina WEB da FPGFT

b) Desenvolver e complementar a FIFPE.

c.) Desenvolver un plan de comunicación.

e) Renovación do compromiso de calidade na xestión da FPGFT.

- Renovar a UNE-EN ISO 9001.
- Acadar o selo EFQM.

## FUNDACIÓN GALEGA PARA A TUTELA DE PERSOAS ADULTAS (FUNGA)

O número de beneficiarios/as dos servizos prestados pola fundación non deixaron de medrar dende a súa creación no ano 1.996, sendo a previsión actual que tal tendencia se manteña nos vindeiros anos. A base fundamental de tal previsión é o progresivo envellecemento da poboación galega así como o incremento nos últimos tempos do número de persoas diagnosticadas con trastornos mentais. Todo isto subliñado polo desarraigo familiar existente na nosa sociedade en relación con estes sectores da poboación, motivado en moitos casos polas dificultades que lles entraña ás familias a atención das persoas con este tipo de padecementos.

A través do seguinte cadro exponse de forma gráfica tal evolución.

**CADRO DE EVOLUCIÓN DOS CARGOS PROTECTORES**

| FUNCIÓNS TUTELARES | 1997 | 1998 | 1999 | 2000 | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 | 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | Xuño 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| TUTELAS | 48 | 108 | 150 | 191 | 274 | 344 | 390 | 541 | 600 | 682 | 735 | 833 | 926 | 1016 | 1114 | 1198 | 1283 |
| CURATELAS | 0 | 2 | 3 | 6 | 14 | 23 | 30 | 48 | 55 | 54 | 62 | 84 | 105 | 122 | 140 | 177 | 191 |
| D.X | 12 | 39 | 70 | 129 | 161 | 172 | 180 | 218 | 192 | 197 | 241 | 245 | 275 | 323 | 400 | 485 | 588 |
| ADM. BENS | 1 | 1 | 2 | 6 | 13 | 12 | 10 | 16 | 5 | 3 | 6 | 4 | 6 | 7 | 11 | 11 | 12 |
| PRETUTELAS | 7 | 35 | 57 | 80 | 98 | 102 | 110 | 89 | 103 | 114 | 125 | 125 | 129 | 134 | 141 | 144 | 154 |
| **TOTAL** | **68** | **185** | **282** | **412** | **560** | **653** | **720** | **912** | **955** | **1050** | **1169** | **1291** | **1441** | **1602** | **1806** | **2015** | **2228** |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **INCREMENTO** | **68** | **117** | **97** | **130** | **148** | **93** | **67** | **192** | **43** | **95** | **119** | **122** | **150** | **161** | **204** | **209** | **213** |

Tal e como se expón, a FUNGA prevé que a tendencia de incremento anual do número de persoas beneficiarias dos servizos da fundación se siga incrementando, cando menos a curto ou medio prazo, polos motivos aos que se facía referencia. Tal tendencia recomenda continuar traballando na liña seguida ata agora e consistente na especialización e enfoque das actuacións da FUNGA ao cumprimento das responsabilidades derivadas do exercicio dos apoios derivados dos procedementos de modificación da capacidade de obrar. Tal liña de actuación, herdada da modificación estatutaria levada a cabo no ano 2011, posibilita unha a adaptación da estrutura e recursos da FUNGA á súa realidade diaria do traballo, logrando deste xeito un funcionamento máis eficiente e, consecuentemente, a prestación dun servizo máis adaptado ás necesidades e esixencias que esta Fundación recibe no cumprimento dos seus fins.

A partir da liña de acción marcada para o ano 2013 e co fin de acadar unha mellora continua do servizo prestado, a FUNGA proponse para o próximo ano 2014 acadar os seguintes obxectivos:

1. A mellora da cohesión social, benestar e calidade de vida das persoas beneficiarias.

   Tal mellora pretende instrumentarase mediante a execución de medidas nos distintos eidos de protección desempeñados pola fundación:

   - Promover o incremento da atención persoal mediante o aumento do número de visitas.

- Aumentar a cobertura xurídica en aras a acadar a súa protección xurídica integral.
- Revisar as prestacións das que son beneficiarios os pupilos co fin de acadarlles as máis beneficiosas tanto dende o punto de vista económico como asistencial, así como solicitarlles a valoración de dependencia nos casos nos que proceda.
- Acadar un funcionamento da FUNGA máis áxil e eficaz que permita actuar coa maior celeridade posible ante os problemas e necesidades dos/as beneficiarios/as.
- Lograr a maior eficiencia na administración do patrimonio dos pupilos.
- Convenios de colaboración con entidades co fin promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas tuteladas.
- Incrementar o fondo social para prestar axuda e sufragar os gastos de asistencia dos/as pupilos/as sen recursos, patrimonio nin familia, así como para facer fronte as débedas cos centros onde residen.

2. Conseguir un funcionamento máis áxil, eficiente e próxima da FUNGA mediante o estudo e proposta de medidas estruturais e de organización do traballo que permitan axeitar o servizo prestado pola FUNGA ás necesidades reais e esixencias dos usuarios, xulgados, Ministerio Fiscal e demais organismos implicados na protección das persoas coa capacidade de obrar modificada ou incursas nun proceso de modificación da capacidade de obrar.

   Tal obxectivo preténdese acadar mediante:

   - A continuación co programa de implantación da tecnoloxía dixital na tramitación dos expedientes.
   - A elaboración de protocolos de actuación que permitan unha maior coordinación cos colaboradores.
   - Continuar co proceso de implantación da calidade, co fin de acadar a certificación correspondente e dar o mellor servizo posible ao usuario.
   - Dar a coñecer a labor e o funcionamento da FUNGA impartindo e participando en charlas, conferencias e xornadas informativas que versen sobre a temática competencia da FUNGA, achegando aos asistentes información referida tanto á actividade principal da fundación e do seu funcionamento como aos procedementos de modificación da capacidade de obrar e do exercicio dos cargos protectores.
   - Promover a labor de asesoramento nesta materia a todas aquelas persoas interesadas na mesma.

# III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

## III.1. PROGRAMAS DE GASTO

### *III.1.1. PROGRAMA 311A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCION SOCIAL:*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 311A desagregase nun conxunto de actuacións tendentes a facer operativa a estrutura administrativa da área de benestar da consellería.

Tratase de por os medios para que a estrutura administrativa vinculada a área de benestar acade os seus obxectivos coa maior eficiencia e funcionalidade.

Este programa actúa como soporte económico das distintas unidades administrativas e centros vinculados á area de benestar da consellería.

A través deste programa levarase a cabo a planificación, seguimento e execución das actuacións incluídas no Plan Impulsa Lugo, coa construción dun edificio para fogar-residencia no Concello de Paradela.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

En tanto que programa facilitador das actuacións dunha organización administrativa dirixida a acadar o benestar dos distintos colectivos demandantes de servizos sociais pódese afirmar a súa vocación de universalidade.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida ven determinada pola necesidade de conxugar un contexto económico no que o obxectivo de consolidación fiscal define uns orzamentos austeros coa inevitable atención ás demandas dun grande número de unidades administrativas e centros de benestar que obrigan a unha constante intervención.

ANALISE DAFO

1. Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.
2. Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos para atender a unha demanda crecente, así como contar coa complexidade na tramitación dalgún

dos procedementos a desenvolver.

3. Como oportunidade a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos orzamentarios no desenvolvemento das distintas políticas de gasto conxugado cun crecente grao de concienciación social sobre a necesidade e a utilidade dunha adecuada asignación e bo uso dos recursos dispoñibles.
4. Cómpre ter presente a ameza que supón a lentitude coa que o proceso de recuperación se está a producir e a repercusión que trae consigo na asignación de recursos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Convenio específico entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliacións das accións incluídas nos plans das zonas rurais, asinado o 7 de maio de 2012.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros dependentes da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe no marco dunha estratexia de facilitarlle ao administrado, en tanto que destinatario último das políticas de benestar, unha resposta adecuada ás súas demandas.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Secretaría Xeral de Política Social

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

## *III.1.2. PROGRAMA 312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de cubrir necesidades básicas de persoas con carencia de recursos económicos en risco de exclusión social e de colectivos con especiais dificultades.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións que se realizan a través deste programa van destinadas a persoas con carencia de medios económicos en situación de risco ou exclusión social, mediante prestacións de inclusión social, así como mediante o apoio ás entidades de iniciativa social, coa finalidade de atender de forma coordinada e global ás necesidades, mellorar o rendemento dos recursos dispoñibles, procurar a calidade na prestación dos servizos, evitar os desequilibrios territoriais e estimular a cultura de participación da sociedade e das propias persoas afectadas como elemento esencial na provisión dos servizos sociais.

Hai que ter en conta que no ano 2012 a porcentaxe de mulleres respecto do total de beneficiarias de RISGA é dun 58,62 %, e que o perfil xeral das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos de RISGA, é dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares, por tanto con esta prestación estase a atender preferentemente a persoas e familias en risco de exclusión social que na súa meirande parte é poboación feminina.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pártese da existencia dunha situación de crise económica que eleva a porcentaxe da poboación galega en situación de pobreza relativa e, ao mesmo tempo, conduce a un incremento do número de persoas rexistradas como paradas (na actualidade máis de 600.000) e das que, esgotadas todas as prestacións e subsidios de desemprego (máis de 120.000), teñen como único recurso a solicitude de prestacións da renda de integración social (RISGA) e axudas de emerxencia de carácter social (AES), polo que cómpre asegurar medios económicos para a súa subsistencia e integración social. Todo isto plásmase nun incremento sostido nos últimos anos, e con tendencia a alza, do rexistro total de solicitudes de RISGA e AES (máis de 10.000 no ano 2012). No primeiro semestre do ano 2013 as solicitudes de RISGA incrementáronse nun 20 % respecto ás solicitudes do mesmo período do ano 2012. No caso das solicitudes de AES ese incremento nese período foi de 6 %.

Por outra parte, este incremento das persoas con carencia de medios económicos suficientes e problemas de integración social, fai preciso o apoio ás entidades de iniciativa social que prestan unha cobertura de última barreira de contención dos problemas de necesidade económica e marxinalidade.

Análise DAFO:

1. Como fortalezas destacan a existencia dun marco legal coa configuración das prestacións como dereito subxectivo, a existencia dunha metodoloxía consolidada, contar con persoal altamente cualificado e con experiencia na xestión das axudas e prestacións.
2. Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos para atender a unha demanda crecente, ter presente a complexidade da tramitación e xestión das prestacións e procurar sosegar a sensación de incerteza e desconfianza sobre a capacidade de resposta á demanda.
3. Como oportunidades a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos económicos con respecto á norma, o grao de concienciación social e mediática acadado na cidadanía sobre a necesidade, a utilidade e o bo uso dos recursos, o respaldo da Mesa de Diálogo Social á reformulación dos dispositivos recollidos no proxecto da Lei de inclusión social de Galicia e a constatación obxectiva de que o custe económico en caso da non intervención social compensatoria fronte ás situacións de exclusión e moito maior.
4. Cómpre ter presente a ameza que supón a crise económica e o risco de que as entidades de iniciativa social entren nunha situación de crise financeira.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social. (en trámite parlamentario o proxecto dunha nova Lei de inclusión social de Galicia).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

É necesario consolidar a acción protectora das persoas con carencia de recursos económicos en situación de risco e exclusión social, facer fronte ao incremento do número de altas na nómina de RISGA (que non se ve compensado polo nº de baixas), xa que se trata dun dereito subxectivo, tamén ao aumento de concesións de AES e ás crecentes demandas das persoas que acoden ás entidades de iniciativa social para a satisfacción das súas necesidades máis básicas, así como das que son usuarias das entidades que prestan apoio aos colectivos máis desfavorecidos ou en risco de marxinalidade. Ao mesmo tempo, a entrada dunha nova lei reguladora analizada e consensuada na Mesa de Dialogo Social permitirá avanzar no deseño de instrumentos legais e de servizos á cidadanía que equilibren dous aspectos básicos: o acceso a ingresos mínimos en situacións de grave pobreza e exclusión e o dereito a un acompañamento a apoio profesional e financeiro para a adquisición de novas capacidades e cualificacións. Cómpre destacar como de especial relevancia a aplicación de medidas de conciliación e acompañamento social que favorecen especialmente a poboación feminina nestes programas de inclusión social.

Trátase de que a xente máis marxinada teña unha oportunidade de supervivencia e de acceso aos servizos sociais. Polo tanto, as axudas e prestacións contempladas neste programa actúan como un elemento de cohesión social. Así mesmo, como efecto colateral, pódese indicar que toda prestación outorgada a este segmento de poboación redunda nun efecto reactivador da circulación monetaria e, en consecuencia, da actividade económica.

A asignación dos recursos realízase de maneira taxada, medida, avaliada e fiscalizada polos órganos competentes.

O número de persoas beneficiarias da RISGA sitúase arredor de 6.700, tendo en conta que na RISGA se contempla un perceptor por unidade de convivencia iso significa que o impacto que se acada é un apoio en máis de 6.700 fogares, ás cales hai que sumar as que reciben axuda indirectamente a través das entidades de iniciativa social.

A consecución das anteditas finalidades levarase a cabo mediante as seguintes accións:

- Elaboración e pagamento da nómina de FAS.
- Tramitación, resolución e pagamento das AES.
- Tramitación, resolución e pagamento da RISGA.
- Xestión das prestacións e axudas previstas na nova Lei de inclusión social de Galicia, cando entre en vigor.
- Convocatoria e xestión dunha orde de axudas destinada a entidades de iniciativa social para programas de servizos sociais (funcionamento da rede de centros de inclusión: comedores sociais, albergues, casas de acollida, e programas específicos de atención).

- Colaboración coa Fundación Monte do Gozo para o desenvolvemento do programa educativo-terapéutico "Proxecto Home" de atención, rehabilitación e reinserción social de persoas adictas.

En relación coa xestión deste Programa 312A tamén se posibilita a colaboración para tramitación e elaboración das nóminas de pensións non contributivas (PNCs) con financiación a nivel estatal.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención: das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios un 59 % son mulleres e un 41 % homes (datos procedentes do exercicio 2012).

Hai que ter en conta que o perfil xeral das persoas beneficiarias, obtido dos informes estatísticos de RISGA, é dunha muller de entre 25 e 44 anos, solteira ou separada con cargas familiares, por tanto con esta prestación estase a atender preferentemente a persoas e familias en risco de exclusión social que na súa meirande parte é poboación feminina.

- Número de mulleres e homes potenciais beneficiarios do programa de gasto: 4.500 mulleres e 3.500 homes (datos procedentes do exercicio 2012).
- Indicadores con relevancia de xénero: número de persoas beneficiarias da RISGA, número de persoas beneficiarias da nova RISGA, número de persoas beneficiarias de AES,

número de persoas beneficiarias de AIS, número de persoas beneficiarias de FAS.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Directamente, ningunha, dado que as actuacións previstas neste programa de gasto, van dirixidas a toda a sociedade, entendida como colectivo en risco de exclusión social. Non obstante, introdúcense indicadores para recabar información estatística que nos permita detectar unha

posible brecha de xénero que nestes momentos non existe.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Non hai brecha, porque o número de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior ao dos homes.

A previsión para 2014 é que se beneficien deste programa 4.500 mulleres dun total de 8.000 persoas.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

## *III.1.3. PROGRAMA 312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa trátase de atender as necesidades das familias nas súas distintas modalidades, co obxectivo de acadar a súa protección integral na orde xurídica, económica e social, así coma a dos seus membros especialmente nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección e/ou penalmente responsables.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O colectivo ao que se dirixe son as familias en xeral, as persoas menores de idade en situación de desprotección e as súas familias, así como as persoas maiores de catorce anos e menores de dezaoito anos aos que se lles esixe responsabilidade pola comisión de feitos tipificados como delitos ou faltas no Código Penal ou nas leis penais especiais.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

1. Área de familia:

A evolución no modelo da familia, a incorporación da muller ao mercado laboral, as necesidades de escolarización cada vez a idades máis temperás e sobre todo a compatibilización da vida persoal, familiar e laboral fan preciso a creación de centros e servizos públicos de atención

á familia e á infancia.

Pártese dunha crise económica que afecta gravemente ás familias que buscan nas escolas infantís 0-3 unha medida de conciliación laboral. Para atender esta necesidade incrementouse nun 25 % a taxa de cobertura pública de escolas infantís.

Así mesmo, a través do Plan Educa 3 no ano 2011 asinouse un convenio co Ministerio de Educación para a creación de 769 novas prazas neste sector de poboación.

Por outra banda, o programa de mantemento de escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social, está poñendo a disposición das familias 2.708 prazas do primeiro ciclo de educación infantil en 53 escolas.

A situación económica actual incide no aumento da crises familiares o que supón un incremento do 4 % da demanda dos programas de orientación e mediación familiar dos últimos anos.

Igualmente está a aumentar a demanda das familias numerosas. Ao redor de 20.000 familias numerosas gozan dos beneficios que lles outorgan os máis de 56.000 carnés familiares actualmente en vigor.

Así mesmo, existe ao redor dun 4 % de familias con menores de 3 anos con rendas inferiores ao límite establecido pola Agencia Estatal de Administración Tributaria para facer a declaración da renda. Neste sentido, o tramo autonómico do Imposto sobre a renda das persoas físicas, contempla unha dedución de 360 € para aquelas unidades familiares que en tributación conxunta ou individual non superen os 22.000 € anuais. O programa de prestación económica por fillos e fillas menores de tres anos para familias non obrigadas a presentar a declaración da renda, que se segue a manter dende o ano 2002, tivo no ano 2011 ao redor de 3.000 beneficiarios.

Pártese tamén dunha grave crise demográfica que fai necesario inverter o proceso de avellentamento da poboación. Para tal fin é imprescindible a implementación de medidas recollidas no Plan de Dinamización Demográfica de Galicia 2012-2015, horizonte 2020.

2. Área de protección de menores:

En Galicia existen ao redor de 1.400 menores tutelados pola Administración por terse apreciado que se atopaban en situación de desamparo, así como outros 2.300 menores beneficiarios de programas de prevención ou apoio por atoparse en situación de risco. Por outra banda, en 2012 un total de 185 nenos españois ou estranxeiros foron integrados en familias galegas a través da adopción.

Entre os anos 2007 e 2012 constatouse unha diminución progresiva de novos casos abertos (en 2012 abríronse un 41 % menos de casos que en 2007) cun pequeno repunte no 2011 no que se produciu un incremento do 6 % respecto do 2010, volvendo a diminuír os casos en 2012

no que houbo un 11 % menos que no ano anterior. A mesma tendencia á baixa, aínda que en menor medida, se aprecia respecto dos expedientes que se pechan cada ano. En consecuencia, o número de menores tutelados nun momento experimentou unha diminución moderada, dun 13 % entre 2007 e 2012.

Para atender esta poboación empréganse programas e recursos que abranguen todas as vertentes da intervención, desde a detección do problema (a través da liña de axuda á infancia ou o Rexistro Unificado de Maltrato Infantil) ata a busca de familia alternativa para os nenos e nenas que non poden permanecer na súa de orixe, ben sexa de forma permanente (a través da adopción) ou provisoria (acollemento temporal), pasando por toda unha serie de programas que tratan de satisfacer o conxunto das necesidades dos menores, desde o punto de vista material, educativo, sanitario, psicolóxico, de integración laboral, etc.

3. Área de menores que cumpren medidas xudiciais:

No exercicio de 2012 foron notificadas en Galicia 811 resolucións ditadas polos xulgados de menores. O número de medidas impostas foi de 1.394 e o número de menores afectados foi 780. Destes, 514 foron dados de alta por primeira vez no sistema de xestión de menores infractores no ano 2012 , o que supón o 65,89 % do total de menores afectados.

Os Xulgados de Menores da Coruña e Pontevedra foron os que máis medidas notificaron, o 51 % e o 23 % respectivamente. As medidas notificadas polos Xulgados de Menores de Lugo e Ourense supuxeron o 23 %, correspondendo o 15 % a Ourense e o 8 % a Lugo. O 3 % restante corresponde a medidas doutros xulgados.

Entre os anos 2008 e 2012, a poboación galega maior de 14 anos e menor de 18 experimentou un descenso dun 12,5 % mentres que o número de menores afectados por medidas xudiciais neste mesmo período incrementouse nun 21,53 %.

Para a execución das ditas medidas a Comunidade Autónoma de Galicia conta con 3 centros de internamento en réxime pechado, semiaberto ou aberto, cun total de 97 prazas e un centro de internamento terapéutico que conta con 23 prazas en réxime pechado, semiaberto ou aberto. O número de medidas en execución no ano 2012 foi de 437 en internamento e 1.152 en medio aberto, o que fai un total de 1.562.

Tamén se conta con catro equipamentos para a execución de medidas distintas ao internamento (medio aberto) situados en cada unha das provincias galegas, e que atenden aos menores da súa respectiva provincia. O número de medidas en execución non ano 2012 foi de 1.125.

Ao mesmo tempo, desenvólvense distintos programas de obradoiros produtivos que responden ao dereito á formación e a un traballo remunerado, tal e como recolle a normativa de aplicación coa finalidade esencial da súa inserción laboral e incorporación ao mercado de traballo. Estas prácticas laborais estarán complementadas con cursos de formación profesional ocupacio-

nal ou programas que melloren a súa competencia e capacidade laboral.

Análise DAFO:

1) Fortalezas:

- Sistema estruturado e sólido, homoxéneo e equiparable ao das outras CCAA.
- Experiencia e profesionalidade do persoal que forma parte dos equipos de valoración e intervención, orientación e mediación familiar, centros e equipamentos.
- Responsabilidade e implicación das entidades colaboradoras.

2) Debilidades:

- Precariedade dos instrumentos de xestión e tratamento de datos.
- Insuficiencia dos programas e servizos de intervención coas familias, especialmente no ámbito preventivo.
- Existencia de áreas de competencia non definida entre servizos sociais, educación e sanidade, para a intervención e tratamento de problemas da infancia e de saúde mental.
- Falta de visibilidade, coñecemento e percepción axeitada desta realidade pola sociedade en xeral.
- Necesidade de actualización normativa.

3) Oportunidades:

- Posibilidade de seguir adaptando e actualizando o marco normativo a través das normas de desenvolvemento da Lei 3/2011 e da participación na elaboración dunha lei de ámbito estatal.
- Gran número de proxectos e iniciativas presentadas, preparadas para poñer en marcha no momento en que haxa capacidade orzamentaria.
- Posibilidade de poñer en marcha protocolos de actuación común e coordinación con outras administracións (tanto local como autonómica).
- Gran demanda dos usuarios e boa aceptación dos programas.
- Posibilidade de por en marcha novos servizos de atención á infancia.

4) Ameazas:

- Insuficiencia do traballo preventivo realizado polos servizos sociais de base.
- Posible modificación do sistema competencial en materia de servizos sociais.
- Demanda de atención a necesidades que deberían ser abordadas desde outros ámbitos, dun xeito transversal, onde se implicarían a todos os sectores: educativo, sanitario,

empresarial, …

- Continuo incremento do número de menores con medidas xudiciais, especialmente de internamento, para os que os recursos existentes xa quedan escasos.
- Escaseza de axudas ás familias que fomenten a natalidade.
- Necesidade de creación de novos servizos de atención á infancia.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 11, do 13 de xaneiro de 2000).
- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo de 2011).
- Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia (DOG núm. 245, do 18 de decembro de 2008).
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia (DOG núm. 124, do 29 de xuño de 2006).
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar (DOG núm. 117, do 18 de xuño de 2001).
- Real decreto 1774/2004, do 30 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores (BOE núm. 209, do 30 de agosto de 2004).
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia (DOG núm. 156, do 16 de agosto de 2005).
- Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro dos Mediadores familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta (DOG núm. 34, do 18 de febreiro de 2003).
- Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia (DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2000).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese conseguir os obxectivos seguintes:

1. Área de familia:

- Promover a mellora das condicións de vida das familias galegas mediante axudas económicas.
- Formar as familias dotándoas de habilidades parentais e das necesarias para enfrontarse ás súas necesidades.
- Informar, asesorar e orientar ás familias para evitar ou saír de procesos de conflitividade familiar. Preservar a relación entre as e os menores e as súas familias en situación de crise.

- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros públicos de atención á infancia, que serva como axente dinamizador e potenciador do asentamento demográfico.
- Para acadalos, poranse en marcha os programas e actuacións sinalados no apartado I.1.4.d).

2. Área de menores tutelados ou en garda:

- Satisfacer as necesidades materiais, psicolóxicas, educativas, afectivas e doutra índole dos menores en situación de desamparo.
- Promover a mellora das condicións familiares que permitan a permanencia do neno/a na súa familia de orixe ou a súa reintegración no prazo máis curto posible.
- Buscar, formar e apoiar a familias substitutas, que de xeito temporal ou permanente ofrezan un fogar aos nenos/as que non poden reintegrarse ás súas familias.
- Consolidar, axustándoa ás necesidades reais, unha rede de centros residenciais tanto públicos como concertados, para aqueles menores para os que non sexa posible ou conveniente a integración nunha familia, e mellorar a calidade na intervención levada a cabo neles.
- Preparar para a vida independente e acadar a integración social e laboral dos adolescentes e mozos/as que estean próximos a acadar a maioría de idade e non conten con apoios familiares.

Para acadalos, poranse en marcha os programas e actuacións sinalados no apartado I.1.4.d) salvo o programa de axudas económicas a familias, para o que non se prevé dotación orzamentaria.

3. Área de menores que cumpren medidas xudiciais

- Promover a mellora das condicións do menor que permitan a súa integración na sociedade no prazo máis curto posible.
- Prever e evitar a reincidencia dos menores con medidas xudiciais en execución.
- Axustar ás necesidades reais unha rede de centros de internamento para aqueles menores nos que cumpra esta medida de internamento.
- Preparar para a vida independente aos menores que non conten con apoios familiares.

Para acadalos, poranse en marcha os instrumentos e actuacións sinalados no apartado I.1.4.d).

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa está destinado á prevención, nas súas distintas fases, das crises e conflitos familiares ou individuais das e dos membros da familia, que poden derivar nunha situación de risco ou de exclusión social.

De acordo co fenómeno da feminización da pobreza, pode entenderse que unha grande maioría das actuacións desenvolvidas, terán como beneficiarias ás familias cuxa persoa responsable sexa a muller.

Nas actuacións previstas estará presente o principio da igualdade entre mulleres e homes, xa que as ditas actuacións terán como obxectivo último a promoción da familia como unidade de convivencia, o fomento da parentalidade positiva e a potenciación da familia e das persoas que a compoñen como persoas capaces de participar activamente na sociedade e tomar decisións sobre todo aquilo que lles concirne. Tamén farase fincapé na corresponsabilidade e reparto de tempos no coidado e atención das familias e, en especial, das persoas máis desprotexidas, e as e os menores.

De acordo co principio de prevención, calquera intervención a desenvolver coas familias ou con calquera das persoas que a compoñen, en especial a infancia e a adolescencia, terá como enfoque transversal a igualdade entre mulleres e homes, co fin de educar as novas xeracións nuns novos modelos que rompan cos estereotipos da sociedade machista ou non igualitaria, para ser capaces de construír unha sociedade inclusiva, sostible e pacífica.

E, por último, a maioría das estatísticas e datos cuantitativos manexados e obtidos no proceso de desenvolvemento deste programa están desagregas por sexo.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

1. GOF virtual. Servizo que se pon en marcha para ofrecer apoio e asesoramento ás familias galegas e a calquera persoa, poderá e dará información sobre a igualdade, os dereitos e

recursos e servizos que prestan atención ás mulleres en situación de violencia de xénero, podendo realizar unha derivación axeitada á demanda aos servizos especializados máis adecuados a cada caso.

- -Indicadores:
  - □ Nº de mulleres atendidas.
  - □ Nº de homes atendidos.
- Orzamento estimado: 8.000 €.
- Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

2. Adecuación e racionalización de horarios e prazas nas escolas infantís 0-3.
   - Indicadores:
     - □ Nº de escolas que abren no mes de agosto.
     - □ Nº de escolas que cambian o seu horario pola demanda de atención noutra franxa horaria.
     - □ Nº de escolas que ofertan prazas ás persoas non residentes no concello no que está ubicado o equipamento.
   - Orzamento estimado: 2.000 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
3. Reforzo das accións que se veñen a realizar en relación á temática da igualdade como contido transversal nos centros que dependen da Subdirección Xeral de Familia e Menores, a través da remisión de todo tipo de documentación que facilite e mellore o traballo que xa se ven realizando.
   - Indicadores:
     - □ Nº de iniciativas.
   - Orzamento estimado: 2.000 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
4. Prioridade e bonificación ás familias monoparentais nas escolas infantís 0-3.
   - Indicadores:
     - □ Nº de familias monoparentais beneficiadas.
   - Orzamento estimado: 1.700 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
5. Reserva do 5 % das prazas de escolas infantís dependentes da Xunta para casos urxentes (fillos/as de mulleres que se atopen en casas de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero).
   - Indicadores:
     - □ Nº de menores beneficiados.
   - Orzamento estimado: 1.000 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

6. Educación en igualdade e corresponsabilidade e fomento de roles non sexistas en ámbitos de convivencia (centros de menores).
   - Indicadores:
     - □ Nª menores beneficiados.
   - Orzamento estimado: sen orzamento.
   - Persoas as que vai dirixida: nenos, nenas e adolescentes usuarios de centros de menores.
7. Impartición de módulos de igualade e perspectiva de xénero nas actividades de orientación e inserción sociolaboral.
   - Indicadores:
     - □ Nª menores beneficiados.
   - Orzamento estimado: 8.000 €.
   - Persoas as que vai dirixida: mozos e mozas usuarios do programa de inserción socialaboral de menores.
8. Desenvolvemento de cursos e talleres específicos sobre educación sexual, promoción da saúde e educación en valores destinados a menores responsables de cometer delitos relacionados coa violencia de xénero ou agresións sexuais.
   - Indicadores:
     - □ Nº de actividades realizadas.
     - □ Nª de menores que realizaron actividades.
     - □ Reincidencia na mesma tipoloxía delictiva.
   - Orzamento destinado: 2.000 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
9. Uso da igualdade entre mulleres e homes como criterio de valoración nos procesos de contratación de servizos públicos.
   - Indicadores:
     - □ % dos procedementos de contratación nos que se incorporou o criterio de igualdade.
   - Orzamento destinado: 500 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
10. Estatísticas con perspectiva de xénero.
   - Indicadores
     - □ Estatísticas publicadas.
   - Orzamento estimado: 1.500 €.
   - Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.
11. Integrar a perspectiva de xénero no desenvolvemento normativo.
   - Indicadores:

- □ % de proxectos normativos nos que se emprega a linguaxe non sexista.
- Orzamento estimado: 2.500 €.
- Persoas as que vai dirixida: toda a sociedade.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Coas actuacións que se van realizar reducirase a brecha de xénero existentes entanto que van destinadas á educación en igualdade, á conciliación da vida persoal, familiar e laboral e ao fomento da corresponsabilidade.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

## *III.1.4. PROGRAMA 312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A través deste programa desenvólvense accións encamiñadas á procura da integración social e á inserción laboral do colectivo de inmigrantes na nosa sociedade.

No ámbito da inmigración, a finalidade última é a consecución da plena integración social das persoas inmigrantes na sociedade galega, fundamentalmente nos ámbitos social, laboral e educativo.

É preciso desenvolver unha acollida de carácter integral: cobertura das súas necesidades básicas, impartición de cursos de idiomas, accións informativas e de asesoramento legal de carácter xeral, e tamén especializado en materia de estranxeiría, e accións encamiñadas á integración nas persoas inmigrantes no mercado de traballo, en especial ás persoas en situación de especial vulnerabilidade.

Outra das esixencias que se demanda na sociedade multicultural actual é a promoción dunha imaxe positiva da inmigración, que favoreza a sensibilización da sociedade galega e fomente actitudes positivas respecto ao colectivo estranxeiro asentado na Comunidade Autónoma Galega.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As persoas estranxeiras rexistradas en Galicia no año 2012 (segundo estatística de padrón continuo a data 1 xaneiro de 2012) son 112.183, o que representa un 4 % da poboación na nosa comunidade autónoma, dos cales 55.318 son mulleres e 56.865 son homes. Desta poboación 45.309 persoas pertencen ao réxime comunitario e 66.874 son extracomunitarios.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Polo que atinxe á política en materia de inmigración e retorno, a situación actual presenta unha serie de debilidades como é a dispersión xeográfica do colectivo a atender (16 concellos de Galicia contan cunha porcentaxe de poboación inmigrante superior ao 3 % do seu padrón municipal e estes concellos non son na súa maior parte limítrofes). Na mesma liña, a diversidade da orixe dos inmigrantes e retornados: existen 20 países de orixe que aportan máis de 1.000 inmigrantes á sociedade galega, dificulta unha actuación uniforme aplicable a esta colectividade.

Ademais, hai que engadir a falla de coñecemento das linguas de acollida. Así mesmo, existe un desaxuste entre a demanda empresarial de man de obra e a formación da poboación inmigrante, sobre todo polas dificultades na validación dos estudos realizados no país de orixe.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No referente á inmigración as normas a ter en conta son as seguintes:

- Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereito e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Real decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

No ámbito da inmigración o obxectivo é avanzar na integración da poboación inmigrante entendendo que a mellor maneira de acadar esta integración é a través do emprego, pero non hai que descoidar outros aspectos importantes como a eliminación das barreiras idiomáticas , o coñecemento da sociedade de acollida e a xestión da diversidade sociocultural poñendo o acento na convivencia.

Preténdese atender ás necesidades deste colectivo, con independencia dos seus países de orixe e da localidade na que residan.

As principais actuacións que se enmarcan neste programa pretenden conseguir unha poboación inmigrante cualificada que responda ás necesidades do mercado laboral , para iso en moitos casos é preciso desenvolver itinerarios personalizados de inserción sociolaboral, que inclúen a formación prelaboral e laboral precisa e incluso a formación en competencias clave, que

lles permitirá logo participar en accións formativas de competencias de profesionalidade.

Nestes itinerarios será preciso afondar tamén nos coñecementos de idiomas, e darlle a necesaria importancia ao asesoramento especializado en materia de estranxeiría que ofrecen as entidades que traballan neste eido, por ser moi variadas as situacións nas que pode estar unha persoa inmigrante en función do seu país de procedencia, das súas relacións familiares, da súa situación laboral, da homologación dos seus títulos académicos...., aspectos todos eles que teñen cabida nas convocatorias de axudas que se tramitan anualmente.

A previsión para 2014 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 500 mulleres inmigrantes dun total de 1000 persoas, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inserción, aínda que a poboación beneficiaria en actividades informativas e de asesoramento será moito mais elevada.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas actuacións previstas dentro do programa 312C terase en conta a realización de accións positivas a prol da igualdade de xénero, tendo en conta as maiores dificultades que adoitan atopar a as mulleres inmigrantes para conciliar a vida familiar coa realización de actividades formativas, programas de inserción laboral, ou na participación cidadá, pois tanto os coidados de menores como de persoas dependentes normalmente recaen sobre elas.

Por iso nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmi-

grantes incluiranse mecanismos de valoración do enfoque de xénero.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Directamente, ningunha. Nembargante, nas convocatorias de axudas a entidades para a realización de programas para inmigrantes incluiranse mecanismos de valoración do enfoque de xénero.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

A previsión para 2014 é que se beneficien dun xeito directo deste programa 500 mulleres inmigrantes dun total de 1.000 persoas, a través de accións formativas e de itinerarios personalizados de inserción, aínda que a poboación beneficiaria en actividades informativas e de asesoramento será moito mais elevada.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

## *III.1.5. PROGRAMA 312D - SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que lle causou ou lle pode chegar a causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para os poderes públicos, que require unha resposta firme, sostida e adaptada ao noso actual modelo de sociedade. Así se establece na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cando no seu artigo 3 formula, como un dos obxectivos do Sistema Galego de Servizos Sociais "garantir a vida independente e a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia integrando, para estes efectos, o catálogo de prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia".

Este programa pretende dar cobertura ás necesidades de atención que precisan as persoas en situación de dependencia que, por razóns derivadas da idade, a enfermidade ou a discapacidade e vinculadas á falla de ou á perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, requiren da atención doutra persoa ou precisan de axudas importantes para realizar actividades básicas da vida diaria.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa vai dirixido a persoas dependentes (sexan persoas maiores, persoas con discapacidade ou persoas enfermas coas limitacións sinaladas no parágrafo anterior) nos graos III, II e I con dereito recoñecido e implantado.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia é a segunda comunidade autónoma máis avellentada do Estado cunha tendencia a que este rango se acentúe aínda máis nos próximos anos. Isto, unido ao aumento da esperanza de vida está a provocar unha demanda, cada vez máis crecente, dos servizos de atención á dependencia.

Estímase que en 2020 se reduza a poboación nun 1,5 % , mentres que o número de persoas maiores de 65 anos se incremente nun 10,7 %.

Na actualidade arrastrase unha situación moi deficitaria na atención as persoas en situación de dependencia, derivada inicialmente do importante volume de persoas desatendidas que se xerou nos inicios da implementación da Lei 39/2006 na nosa comunidade.

Todo elo nun contexto no que o volume de persoas que continúan solicitando atención a través da Lei 39/2006, aínda que paulatinamente o fluxo de entrada é menor, e no que se constata que ao redor do 72 % das persoas que solicitan o recoñecemento da dependencia, son efectivamente valoradas con algún grao de dependencia con dereito de atención.

Da combinación destas variables (situación herdada da continuación do fluxo de solicitudes e novas persoas recoñecidas con dereito de atención), resulta que aínda co considerable esforzo que se leva realizando nos dous últimos anos, tanto orzamentario coma de xestión, a redución da porcentaxe de persoas desatendidas con dereito recoñecido en 31 puntos porcentuais non é suficiente e resulta imprescindible e necesario seguir avanzando na dotación de recursos orzamentarios que permitan a creación de novos servizos cos que dar atención ás persoas así como o mantemento de recursos materiais (medios técnicos e telemáticos) como recursos humanos para mellorar o procedemento de xestión.

Porcentaxe de desatención en xuño 2009: 65 %.

Porcentaxe de desatención en xuño 2013: 33,73 %.

Cómpre salientar que da evolución da poboación prevista para os vindeiros anos, cun incremento exponencial da poboación maior de 80 anos (que supón o 80 % dos solicitantes de recoñecemento da situación de dependencia), só pode deducirse que, aínda absorbendo o déficit de atención da situación actual, seguirá sendo necesaria a implantación de novos recursos de atención e máis fundamentalmente o desenvolvemento dunha rede de servizos de promoción da autonomía e prevención da dependencia que permita retrasar o maior tempo posible a utilización de recursos asistenciais de menor custo económico e maior aceptación social, xa que a maioría da poboación e dos profesionais comparten a necesidade de fomentar os maiores niveis de autonomía posibles.

Particularmente a situación a 30 de xuño de 2013 consonte a información incorporada ao SISAAD presenta os seguintes datos: solicitudes: 84.407; ditames:82.286; persoas beneficiarias

con dereito a prestacións: 59.167; persoas atendidas: 39.210.

As melloras nos tempos de tramitación (de 14 meses de media a 7 meses), aínda non se achegan aos tempos previstos na normativa de referencia (6 meses), polo que resulta imprescindible afondar en melloras tecnolóxicas así como o mantemento dos recursos humanos destinados á xestión do procedemento, especialmente continuando coa implementación de escenarios de tramitación electrónica. Doutra banda o volume acadado na xestión tanto das solicitudes coma de persoas atendidas require dun maior esforzo no control e seguimento dos expedientes e as situacións de altas e baixas do sistema.

O importante avance na creación de novos recursos asistenciais durante os dous últimos anos, tanto en prazas residenciais como de centros de día, así como en relación ao servizo de axuda no fogar, non só permitiu dar resposta a persoas en espera de atención senón que ó mesmo tempo incrementou a rateo de rotación de persoas nos servizos.

Nembargante aínda hai modalidades de atención non suficientemente cubertas no ámbito das persoas con discapacidade en situación de dependencia e a rede de servizos de promoción e prevención da dependencia continúa a ser una debilidade do servizo de atención a dependencia (SAAD) na nosa comunidade, que urxe abordar xuntamente coas medidas de coordinación sociosanitaria para acadar uns niveis adecuados de eficiencia nos servizos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa Individual de Atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Plan estratéxico 2010-2014. Horizonte 2020

Plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo.

Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia, horizonte 2020.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Coas actuacións contidas no programa 312D preténdese:

- Dotar de cobertura asistencial, consolidando e aumentando os recursos sociais e prestacións dedicados ás persoas en situación de dependencia, garantindo os niveis de cali-

dade axeitados.

- Facilitar a integración mediante a implantación de programas propios destinados a atendela dependencia nas persoas maiores, persoas con demencia e con discapacidade así como o apoio aos seus coidadores.
- Fomentar a aplicación das novas tecnoloxías para a atención das persoas dependentes procurando unha mellora na súa calidade de vida.
- Favorecer o desenvolvemento da actuación 5.1.1.1 "Mellora dos servizos e infraestruturas que faciliten a permanencia no fogar das persoas en situación de dependencia" contempladas nos Plans de competitividade para o impulso económico das provincias de Ourense e Lugo respectivamente e a dotación de prazas polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para a atención diúrna de persoas en situación de dependencia e o desenvolvemento polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar de programas en centros de día orientados á diversificación dos seus servizos.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Máis da metade das persoas con discapacidade oficialmente recoñecida son mulleres, concretamente 51,52 %.

O 70 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, debido ao alargamento da esperanza de vida que inflúe na aparición das situacións de dependencia.

En torno ao 80 % das persoas coidadoras non profesionais son mulleres.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | X |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

- Formación a persoas coidadoras de persoas en situación de dependencia. Tendo en conta que o 80 % das persoas coidadoras son mulleres, esta actuación está destinada preferentemente ás mulleres.
- Prestacións económicas destinadas a coidados non profesionais, vinculada á adquisición

dun servizo e á asistencia persoal (76,7 millóns de euros). Tendo en conta que o 80 % das persoas coidadoras son mulleres, esta actuación está destinada preferentemente ás mulleres facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, así coma un soporte económico para os coidados non profesionais das persoas en situación de dependencia.

### PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

O 70 % das persoas en situación de dependencia son mulleres, en torno a esta mesma porcentaxe de mulleres corresponde o perfil de coidador familiar da dependencia, polo que en consecuencia as mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior ao dos homes.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Política Social

## *III.1.6. PROGRAMA 312E - SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Promover a atención social e o benestar das persoas e das persoas maiores mediante o financiamento de recursos, servizos e o desenvolvemento de programas, orientados a favorecer a súa autonomía persoal, a súa integración sociofamiliar e laboral, a permanencia da persoa no seu contorno e o seu benestar físico e psíquico, tanto por medios propios como en colaboración con entidades que prestan atención aos citados colectivos.

O conxunto de actuacións que configuran este programa están dirixidas a desenvolver e consolidar servizos e prestacións que atendan as necesidades sociais que poidan afectar especificamente ás persoas en situación de dependencia, ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade; así mesmo xunto a acción que lle corresponde aos poderes públicos tamén cómpre seguir apoiando tanto as entidades de iniciativa social que traballan na defensa dos intereses destes colectivos así como ao movemento asociativo no que se integran e participan estas persoas.

En resumo, este programa busca cubrir as necesidades de persoas en risco ou situación de dependencia procurando o desenvolvemento e mantemento da capacidade persoal de controlar, afrontar e tomar decisión sobre o xeito de vivir conforme ás normas e preferencias propias. Todo isto, coa finalidade de favorecer a participación, integración social e ou benestar físico e

psíquico da persoa no seu contorno social.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Colectivos integrados polas persoas maiores (65 anos ou máis) e polas persoas con discapacidade.

Finalidades a alcanzar:

- Facilitar unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social, con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.
- Fomentar e apoiar o tecido asociativo no ámbito das persoas maiores e no ámbito das persoas con discapacidade co fin de potenciar a participación destes colectivos nos ámbitos cultural, social, deportivo e educativo e promover a súa participación en todas aquelas actuacións que afecten aos seus dereitos e intereses co fin de garantir a igualdade de oportunidades e a súa plena integración en tódolos ámbitos.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades de, normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais dedicados a este fin.
- Promover o envellecemento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración con universidades e outras entidades.
- Analizar e valorar os resultados das medidas e actuacións incluídas no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 e no Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, Horizonte 2015.

Esta nova carteira de servizos suporá un cambio de paradigma na forma de atender ás persoas en situación de dependencia, prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, pasando dun modelo baseado en centros de atención a outro baseado en servizos, e á súa vez esta prestación de servizos adecuarase as persoas usuarias ao configurarse como un servizo flexible, onde se poderán combinar os diferentes servizos necesarios para atención das súas necesidades.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Segundo a información dispoñible no Censo de persoas con discapacidade de Galicia, o número total de persoas que se atopan nesta situación é de 212.334. A maioría son mulleres, concretamente 109.392, o que constitúe o 51,5 %, como ocorre tamén para o conxunto da poboación, segundo a última revisión do Padrón Municipal do ano 2010.

Segundo a variable sexo, a maioría da poboación feminina que presenta algunha discapacidade ten máis de 65 anos (en concreto o 54 %). Mentres que só o 40% dos homes que teñen algunha discapacidade superan os 65 anos.

As persoas que pertencen a este colectivo precisan de servizos que, constituíndo un apoio, promovan a súa autonomía e lles faciliten o desenvolvemento individual previndo a súa dependencia.

A poboación con discapacidade en Galicia presenta unha taxa de actividade dun 29,57 % e unha taxa de paro dun 19,72 % polo que as persoas con discapacidade precisan de programas de formación e asesoramento que apoien a súa inserción laboral, como colectivo máis desfavorecido á hora de acceder ao emprego.(Como dato identificativo segundo o EDAD 2008).

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Plans de Prevención da Dependencia ao abeiro do establecido pola Lei 39/2009, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Estratexia española de Discapacidade 2012-2020
- Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Horizonte 2020.
- Decreto 195/2007, do 13 de setembro, polo que se regula o Servizo galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou dependentes.
- Desenvolvemento do OE04, do eixo 1, do Plan Estratéxico Galicia 2010- 2014.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

- Facilitar ás persoas con discapacidade e persoas maiores unha axeitada cota de benestar, avaliando as problemáticas sociais e contribuíndo ao desenvolvemento individual e dos grupos na comunidade, favorecendo a promoción da súa autonomía persoal e a súa integración social e familiar.
- Garantir a ausencia de discriminación, a plena igualdade de oportunidades, a accesibilidade universal e a equiparación de dereitos das persoas con discapacidade co resto da cidadanía, a través da promoción da súa autonomía persoal, a normalización, a supresión de barreiras arquitectónicas, de comunicación e actitudinais, e, ao mesmo tempo, reequilibrar situacións de desigualdade entre mulleres e homes deste colectivo.

- Consolidar e reforzar un sistema que complemente a dispoñibilidade dos servizos e prestacións da administración mediante o apoio á iniciativa social con ou sen ánimo de lucro, complementando a cobertura das necesidades derivadas do envellecemento e da discapacidade.
- Favorecer a inserción social dos colectivos con especiais dificultades á normalización das condicións de vida dos segmentos de poboación con menos recursos e a resposta ante necesidades emerxentes e excepcionais.
- Garantir a atención ás persoas maiores e ás persoas con discapacidade, consolidando os servizos e recursos sociais adicados a este fin.
- Promover o avellentamento activo das persoas maiores a través do desenvolvemento de programas, tanto propios como en colaboración con universidades e outras entidades, tendo en conta transversalmente a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- Analizar os resultados das medidas e actuacións incluídas no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 , no Plan Galego das Persoas Maiores 2010-2013, e deseñar as novas liñas de acción en base as conclusións obtidas.
- Desenvolvemento de medidas de actuación a prol dun envellecemento activo.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Segundo estudos existentes en diferentes ámbitos da xeografía europea e tamén en España, as mulleres con discapacidade afrontan desigualdades no acceso e control dos recursos (espazos

de participación social e a toma de decisións e a bens e servizos públicos..), no goce dos seus dereitos fundamentais (como os sexuais e reprodutivos) e na súa situación e posición social con respecto á educación, ao emprego, á xustiza, á protección social, ás relacións afectivas. Diferenzas que tamén se poden observar en relación á súa autopercepción e á imaxe que delas ten a sociedade en xeral e mesmo a que presentan os medios de comunicación.

De todo iso derívase unha situación de discriminación, de desigualdade, de desvantaxe que dificultan a consecución de obxectivos de vida considerados como esenciais, porque imprime unha especificidade ás súas necesidades e intereses estratéxicos.

Hoxe en día este grupo de persoas segue a tratarse como un "colectivo invisible" en moitos ámbitos. No caso das mulleres, esta situación de invisibilidade amósase máis acusada, a pesar de que se estima que en España existen 3,85 millóns de persoas que manifestan ter discapacidade (o que supón o 8,5 % da poboación española) das cales o 59,8 % son mulleres. No caso de Galicia, segundo os datos da mesma enquisa, afectaría case ao 12 % da poboación, sendo o 61,8 % mulleres.

Segundo o Censo de Persoas con Discapacidade máis da metade das persoas cunha discapacidade oficialmente recoñecida en Galicia son mulleres, concretamente o 51,52 %. Nas Provincias da Coruña e Pontevedra o peso porcentual é algo maior; pola contra, en Lugo constitúen o 47,13 % do total da poboación con discapacidade desa provincia.

En números absolutos, son 109.392 as mulleres cunha discapacidade recoñecida, que se distribúen por provincias do xeito seguinte: 43,7 % na provincia da Coruña; 36,2 % en Pontevedra; 8,9 % e 11,2 % en Lugo e Ourense, respectivamente (a distribución provincial dos homes segue a mesma tendencia, aínda que con algunhas diferenzas). O 53,7 % desas mulleres teñen máis de 65 anos; o 44,9 % atópase en idade laboral.

Un total de 102.942 homes con discapacidade están recoñecidos en Galicia; 42,9 % na provincia da Coruña; 34,6 % en Pontevedra; 11,9 % e 10,6 % en Ourense e Lugo, respectivamente. Ademais, un 40,3 % ten máis de 65 anos (13 puntos porcentuais menos que no caso das mulleres) e o 57,1 % está en idade laboral (case 17 puntos porcentuais por enriba da porcentaxe feminina).

Esa maior porcentaxe de mulleres entre o colectivo concéntranse nos grupos con idades superiores aos 65 anos, ata o punto de que hai un claro predominio da poboación masculina en todos os tramos de idade que se reverte cando se chega a ese grupo de máis de 65.

En relación á idade laboral, grupo de poboación destinatario das accións de fomento do emprego, hai que subliñar o seguinte: 48.873 mulleres (44,7 % do total de mulleres con discapacidade) e 58.885 homes (57 % do total de homes con discapacidade) constitúen este grupo (10.000 homes máis; 54,6 % do total de persoas entre 16 e 65 anos). O intervalo de 45 a 64 anos constitúe o 66,4 % das mulleres e o 62,3 % dos homes en idade laboral. Son datos que cómpre ter moi en conta á hora de realizar calquera planificación tanto no ámbito da formación para o

emprego como na promoción do emprego.

Pero tamén as mulleres con discapacidade afrontan outras desigualdades como é incluso o acceso aos servizos sociais. De feito, sendo maior o número de mulleres que de homes con discapacidade, elas acceden en menor medida aos recursos sociais que la Administración pon a súa disposición. Por isto, afrontar a atención a estas persoas desde unha perspectiva de xénero é fundamental para que as mulleres teñan as mesmas posibilidades de acceso aos servizos que se ofrecen.

Así mesmo, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa preto do 22 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental.

Os cambios sociodemográficos e socioeconómicos producidos caracterízanse, esencialmente, por unha intensificación dos índices de envellecemento poboacional na nosa comunidade coas conseguintes repercusións nos niveis de incidencia de enfermidades asociadas á vellez, coma o Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas. Igualmente neste senso hai que sinalar as profundas transformacións experimentadas nas estruturas familiares, e dentro delas as derivadas da incorporación progresiva da muller ao mercado laboral, o que implicou o abandono do campo e a migración a vilas e cidades, o cal unido a unhas maiores expectativas de vida e a unha vida máis saudable, repercutiron determinantemente tanto nunha maior incidencia de situacións de persoas maiores que viven soas como nunha maior demanda de equipamentos e recursos destinados á atención deste colectivo.

A xeito de exemplo pódese facer referencia á ampliación dos servizos de teleasistencia domiciliaria ou a creación de novos servizos e prestacións como o servizo galego de apoio á mobilidade persoal. Así mesmo hai que ter en conta o importante avance das novas tecnoloxías que, ao igual que noutros ámbitos, ten propiciado tamén a aparición dun elevado número de posibilidades de actuación destinadas á atención das necesidades das persoas maiores, fundamentalmente no ámbito da teleasistencia avanzada.

Pero ademais hai que ter en conta que as proxeccións de poboación en Galicia evidencian que o colectivo poboacional composto polas persoas maiores de 65 anos, lonxe de perder importancia, seguirá incrementando o seu peso relativo con respecto ás cifras totais de poboación da comunidade. Concretamente e en base aos datos consultados do IGE, considerando un escenario medio, a cifra de poboación maior de 65 anos acadará as 649.856 persoas en 2015, o que suporá o 23,57 % do total da poboación galega proxectada para ese ano. En 2020 estímase que o colectivo composto polas persoas de 65 e máis anos estea formado por un total de 863.233 persoas, o que suporá o 31,34 % da poboación total proxectada para ese ano en Galicia.

E cómpre tamén sinalar outro aspecto como é a porcentaxe de persoas maiores de 65 anos na nosa comunidade autónoma que viven soas con ingresos inferiores ao limiar de risco de pobreza en Galicia é do 42,10 %, 12,2 puntos porcentuais por riba da porcentaxe de persoas maiores de 65 anos en risco de pobreza que residen no conxunto de fogares compostos integramente por persoas maiores en Galicia.

Analizando os datos por sexo tamén evidencian importantes diferenzas entre os homes e as mulleres na taxa de risco de pobreza. Concretamente, mentres que a porcentaxe de homes que viven sos e que teñen un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza é do 31,91 % a nivel galego, a porcentaxe de mulleres que viven soas e que teñen un ingreso inferior ao limiar de risco de pobreza é do 45,69 %. É dicir, a taxa de risco de pobreza en mulleres maiores de 65 anos que viven soas no conxunto do territorio da comunidade autónoma é 13, 78 puntos porcentuais maior cá taxa de risco de pobreza dos homes maiores de 65 anos que viven sos en Galicia.

Esta diferenza entre homes e mulleres agudízase no caso dalgunhas provincias como a de Ourense e A Coruña na que as taxas de risco de pobreza son, respectivamente, 18,58 e 15,83 puntos porcentuais maiores no caso das mulleres ca no caso dos homes maiores de 65 anos que viven soas ou sos. Na única unidade territorial provincial na que a situación é a inversa é Lugo onde a taxa de risco de pobreza dos homes maiores de 65 anos que viven sos é 0,69 puntos porcentuais superior á taxa de pobreza das mulleres maiores de 65 anos que residen en fogares unipersoais.

Por outra banda, cando se analiza o perfil das persoas maiores, e cando se pretende que esta análise sirva como ferramenta útil no proceso de planificación do conxunto de medidas destinadas a proporcionar unha atención integral a este colectivo, é importante considerar cuestións relativas ás limitacións que no grao de autonomía persoal provoca, en moitos casos, o avance da idade. Neste sentido é importante sinalar que en Galicia hai un total de 95.506 persoas maiores de 65 anos con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %, o que supón un 46,12 % do total da poboación galega con algún tipo de discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

Polo tanto coas accións que se desenvolvan ao abeiro deste programa, estímase que a poboación beneficiaria directa serán: no ámbito da discapacidade, as 212.000 persoas con discapacidade residen en Galicia (48,5 % homes e 51,5 % mulleres) e as 602.400 persoas maiores de 65 anos que residen en Galicia (39,22 % homes e 60,78 % mulleres).

Para medir as actuacións realizadas empregaranse indicadores sobre o número de persoas total e desagregado por sexo que son beneficiarias das accións, así como tamén o número de familias que participan no programa de acollemento familiar, e para as accións vinculadas á promoción de hábitos de vida saudables, usarase como indicador o nº de proxectos, así como tamén o nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (mulleres) y nº de persoas beneficiarias maiores de 55 anos (total).

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Unha das actividades principais,, desenvolvese a través dos convenios de colaboración coas entidades representativas das persoas con discapacidade en Galicia e que teñen como fin primordial a realización e desenvolvemento de programas dirixidos ás persoas con discapacidade, e

aplicando a perspectiva de xénero cun enfoque dual, é dicir, de xeito transversal pero tamén con accións específicas para atender a situación desigual das mulleres con discapacidade.

Así mesmo, outra das áreas de actuación que comprende este programa de gasto é a área de atención ás persoas maiores. Na Comunidade Autónoma Galega o colectivo conformado polas persoas de 65 anos en diante representa preto do 22 % do total da poboación. Este dato implica, necesariamente, que o deseño e implementación de medidas destinadas á intervención social con persoas maiores e ao logro do seu benestar e calidade de vida ademais de ser unha condición indispensable para a consecución dun alto grao de benestar social xeral ten que supoñer tamén unha prioridade fundamental na estratexia de intervención e actuación gobernamental. Son varias as liñas de acción tanto a través de convenios con entidades representativas dos intereses das persoas maiores como a través da posta a disposición destas persoas de servizos e recursos como o programa de acollemento familiar. Neste caso para estas principais liñas de acción estímase un orzamento de setecentos cincuenta mil euros.

Tamén neste programa encádrase o servizo de apoio á mobilidade persoal para as persoas con discapacidade e/ou dependentes que ten como finalidade propiciar unha integración social efectiva destas persoas poñendo a disposición das mesmas os medios axeitados para facilitar a súa mobilidade e favorecendo así a súa comunicación e participación no seu entorno habitual.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

De acordo coas actuacións previstas, os resultados determinaranse en función dos indicadores citados no apartado anterior.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Política Social

## *III.1.7. PROGRAMA 312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

O programa engloba unha serie de medidas encamiñadas a garantir a inclusión social e os dereitos básicos das persoais máis desfavorecidas e fomentar a participación da cidadanía en xeral, establecendo programas orientados a colectivos específicos perseguindo o fortalecemento e posta en valor da acción voluntaria.

Pretende así mesmo, incidir na formación das persoas voluntarias e das persoas responsables da xestión das entidades de voluntariado facilitando programas formativos que axuden

a un mellor desenvolvemento da súa labor no eido da solidariedade e a participación social, e fomentando a igualdade entre homes e mulleres.

Persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando a participación cidadá na realización de accións de voluntariado e participación, a través de campañas de sensibilización e apoio,incidindo na igualdade entre homes e mulleres co obxectivo de acadar unha maior participación dos homes nas accións voluntarias.

Busca a implantación dun recoñecemento social da labor das persoas voluntarias , que faga visible a súa achega a sociedade en xeral.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O contexto económico que estamos a vivir ten como unha das súas consecuencias o aumento da poboación obxectivo das entidades de Acción Voluntaria, así como unha redución dos medios cos que contan para realizar os seus programas e unha maior desigualdade entre homes e mulleres.

Considerase imprescindible a formación e especialización tanto das persoas voluntarias como das persoas xestoras destas entidades para optimizar os recursos dos que dispoñen para afrontar esta situación.

Do mesmo xeito, o aumento da demanda de intervención por parte dos colectivos en dificultade, fai necesario máis que nunca a promoción e recoñecemento desta actividade, para conseguir unha maior participación da poboación en xeral nestas actividades,incidindo na incorporación de homes á acción voluntaria.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa ten carácter universal dirixíndose a toda a sociedade susceptible de realizar accións de voluntariado e participación, incidindo nos mozos e mozas como garantes do futuro da participación social.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na actualidade existen 800 entidades no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia , calculándose que preto de 33.000 voluntarios colaboran dun ou doutro xeito nos programas que estas desenvolven.

O aumento dos colectivos en risco de exclusión, como consecuencia do contexto económico que estamos a vivir, xunto coa redución das achegas, pola mesma causa as entidades de Acción voluntaria, fai necesario que se incida na formación e na promoción para acadar unha maior colaboración da cidadanía, así como implantar novas accións que axuden a paliar esta situación.

Os programas de formación desenvoltos pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado dende 2009 permitiron formar a 8.328 persoas voluntarias e amósanse como un instrumento válido para mellorar as accións e optimizar a xestión das entidades de acción voluntaria.

As liñas de axudas aos programas de concellos e mancomunidades permitiron atender dende o ano 2009, 323 solicitudes de axudas de concellos para desenvolver os seus programas de voluntariado, o importe medio das axudas foi de 1.750 euros por proxecto e ano. Así mesmo dende o ano 2009 atendéronse 583 solicitudes de axudas para programas realizados polas entidades de acción voluntaria con unha axuda media de 1.374 euros.

A promoción do voluntariado entre os mozos e mozas ten como obxectivo garantir a incorporación de novos recursos humanos as entidades de acción voluntaria. Deste xeito, no ano 2011 creouse o programa de Voluntariado Xuvenil que xa acercou a 140 mozas e mozos os programas desenvolvidos polas entidades e concellos, entendendo que é un instrumento axeitado para a implicación da sociedade na acción Voluntaria.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvolverase dentro do marco normativo vixente, establecido pola Lei 10/2011 do 28 de novembro de acción voluntaria de Galicia e a normativa de desenvolvemento que se está a tramitar.

En canto aos instrumentos de planificación, está vixente o III Plan Galego de Voluntariado 2011-20114 que atende ao disposto en voluntariado no Plan Estratéxico da Xunta de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa ten por finalidade principal a sensibilización da sociedade galega en materia de voluntariado, e na igualdade de xénero, así como a formación das persoas voluntarias e dos responsables da xestión das entidades de voluntariado.

Do mesmo xeito persegue a promoción da cultura da solidariedade impulsando á cidadanía a participar nas accións voluntarias a través de campañas de información e apoio e incidindo na participación dos homes na acción voluntaria.

Aposta por Incidir na participación dos mozos e mozas e promove a certificación das actividades de voluntariado e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Promoción do voluntariado e apoio as entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, na incorporación de homes ao mundo do voluntariado e no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |

| | |
|---|---|
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | × |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | × |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

- Priorizar nas ordes de axudas aquelas entidades que desenvolvan programas relacionados coa promoción da igualdade de xénero.
- Apoiar cos medios técnicos dispoñibles a incorporación de voluntarias e voluntarios nos programas que neste eido desenvolvan as entidades de acción voluntaria que así o demanden.
- Promocionar a incorporación de homes aos programas de voluntariado.
- Estas medidas están destinadas á sociedade en xeral.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Espérase ir avanzando progresivamente na incorporación de homes ás accións de voluntariado.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

## *III.1.8. PROGRAMA 313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE:*

### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Programa de apoio á xuventude mediante políticas globais de benestar e igualdade.

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa tenta levar a cabo un conxunto de actuacións dirixidas a atender as necesidades e intereses dos mozos e mozas galegos/as, creando as condicións favorables para que a xuventude desenvolva as súas capacidades, aproveite o seu potencial, traballe e participe activamente na sociedade e en condicións de igualdade desde a perspectiva de xénero. Principalmente tratarase de facilitar a adquisición daquelas habilidades e aptitudes vinculadas á mellora da súa empregabilidade e inserción no mercado laboral.

Para isto poranse en marcha distintos mecanismos como liñas de axuda específicas en distintos ámbitos, orientadas sobre todo a temas de participación xuvenil en proxectos e actividades de educación non formal como paso previo ao emprego, convocatoria de accións formativas con prioridade para as vinculadas á empregabilidade xuvenil, accións de asesoramento e información no eido do emprego e da vivenda, posta en marcha de programas de mobilidade xuvenil, de educación non formal e de lecer educativo, accións de fomento do asociacionismo e da información xuvenil, dos carnés de servizos para os mozos e mozas, prevención de condutas de risco, etc, sempre en igualdade de oportunidades entre mozos e mozas.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O programa inclúe accións e medidas dirixidas ao colectivo da poboación xuvenil da Comunidade Autónoma de Galicia, entendida como a poboación con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, se ben, excepcionalmente, se amplían determinadas accións á poboación con idade inferior ou superior a estas.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Sen dúbida a mocidade constitúe un dos colectivos de atención prioritaria no actual contexto de crise económica. Temos que falar dunha tendencia demográfica xeralizada segundo a cal se acrecenta o proceso de envellecemento da poboación. Os xoves se caracterizan por ter un número reducido de fillos e a idades tardías. A crise consolida a tendencia clásica á tardía emancipación residencial e familiar da poboación nova.

O desemprego xuvenil é tristemente un dos elementos que identifican os efectos da crise económica sobre a situación laboral da mocidade. A evolución do desemprego por grupos de idade evidencia que o grupo de idade máis castigado foi o das persoas menores de 25 anos. O factor determinante da maior vulnerabilidade da xuventude é a precariedade asociada coa temporalidade do emprego. A crise afectou especialmente a mozos e mozas con niveles forma-

tivos intermedios baixos, o que se explica na gran concentración de este colectivo en postos de traballo con alta temporalidade, baixos requirimentos de cualificación e menor produtividade, o que fai que sexan máis vulnerables ante os axustes das empresas.

Nesta situación as ameazas principais son as derivadas da situación de crise económica xeneralizada que leva á falta de oportunidades para a mocidade, a dificultade de acceso a bens e servizos, a precariedade laboral da xuventude, a insuficiencia dos recursos destinados á súa protección, a escaseza de perspectivas, etc. As debilidades veñen dadas pola inexperiencia da mocidade, pola falta de confianza nas súas posibilidades por parte de terceiros, falta de decisión nalgúns casos, etc. As fortalezas son moitas: o potencial e capacidades da mocidade galega, o seu bo nivel formativo, o seu dinamismo e compromiso, a actitude positiva, o inconformismo, boa saúde, flexibilidade, etc. E entre as oportunidades están o fácil acceso á información, a expansión das novas tecnoloxías e especialmente de internet na actualidade, o apoio institucional do colectivo, etc.

A realidade social da xuventude esixe políticas globais que transcendan os tradicionais enfoques centrados no ocio e o tempo de lecer, impulsando a autonomía e a participación real dos mozos e mozas, centrando os recursos nas accións vinculadas á mellora da empregabilidade xuvenil como factor clave para o incremento do seu benestar.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa se desenvolve no marco da normativa vixente no ámbito da xuventude, constituída polo nova Lei de xuventude de Galicia, a Lei 6/2012, do 19 de xuño, e en tanto non se publique a súa normativa de desenvolvemento, segue vixente o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude e o Decreto 58/2012, do 12 de xaneiro, de modificación do anterior para a súa adaptación á Directiva de servizos.

Así mesmo, as actuacións previstas se enmarcan dentro do ámbito do que será o novo Plan Xuventude 2016, unha estratexia para a mocidade galega, que se elaborará no marco de actuación do Comité galego de políticas de Xuventude, como órgano coordinador dos departamentos da Administración autonómica galega nas súas actuacións en materia de xuventude (Capítulo IV do Título III da Lei de xuventude de Galicia).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O fin último que se quere conseguir a través deste programa é mellorar a calidade de vida da xuventude galega e incrementar o seu benestar en condicións de igualdade, centrándonos principalmente en frear o desemprego xuvenil. E para conseguir isto poranse en marcha unha serie de iniciativas e accións coas que se pretende incidir indirectamente na consecución dese obxectivo final. O resultado que se quere alcanzar é ampliar as posibilidades de acceso da xuventude ao mercado laboral así como aos distintos bens e servizos en igualdade de condicións para homes e mulleres, creando máis oportunidades para eles e elas, mellorar o seu acceso á so-

ciedade e garantir unha participación o máis plena posible na mesma en condicións de igualdade.

Para lograr iso vaise tratar de atender a necesidades e problemas concretos da mocidade a través de distintos mecanismos de actuación. Entre estes mecanismos, a educación non formal é un ámbito formativo que cada vez adquire maior relevancia tendo en conta a súa incidencia no marco das competencias requiridas polo dinámico e globalizado mercado laboral. Os estudos realizados evidencian que é clave para o emprego da mocidade xa que capacita a mozas e mozos con experiencias e competencias que non sempre se poden adquirir na educación formal (Comisión Europea).

Tamén se poñerán en marcha convocatorias de axudas específicas para o fomento das iniciativas e proxectos xuvenís tanto por parte de entidades xuvenís como por parte dos concellos e entidades locais, axudas para o fomento da mobilidade vinculadas coa empregabilidade de mozos e mozas, axudas para facilitar a obtención do permiso de condución como recurso facilitador de emprego, desenvolvemento e posta en marcha de programas de educación non formal como paso previo ao mercado de traballo, accións formativas diversas en ámbitos de interese para a xuventude incidindo especialmente na ampliación de aptitudes e coñecementos recoñecidos como necesarios para o mercado laboral; accións de apoio ao asociacionismo xuvenil como instrumento fundamental de cara á consecución dunha cidadanía activa e participativa; potenciación da información xuvenil como facilitadora do coñecemento dos recursos para a mocidade, actuar cara a profesionalización do sector do tempo libre, e tratando de conseguir na atención á mocidade a debida coherencia nas políticas e accións dirixidas a mozas e mozos a través do futuro Comité Galego de políticas de xuventude.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |

| | |
|---|---|
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Os destinatarios do programa son os mozos e mozas galegos sen distincións por razón de xénero, non contando con datos en función do sexo, se ben existen estudos que para o conxunto da poboación xove do Estado constatan unha serie de variables como que a redución nas taxas de emancipación ten sido maior entre os homes que entre as mulleres, o que podería estar indicando que os homes retrasan a emancipación ata atopar un traballo, mentres que no caso das mulleres, a pesar das dificultades laborais se independizan para formar parella e familia (Informe Juventud en España 2012).

Tamén se constata que en xeral as mulleres xoves tardan máis que os homes xoves en atopar emprego e que é maior a porcentaxe de varóns que reciben axuda dos pais que a porcentaxe de mulleres, se ben as mulleres reciben en maior medida axuda económica da súa parella que os varóns, o que nos está indirectamente indicando certa dependencia das mulleres novas respecto dos varóns.

Segue sendo tamén máis elevada a proporción de mulleres totalmente dependentes con respecto aos varóns e a media de ingresos mensuais das mulleres é máis reducida que a dos homes.

En Galicia, igual que no resto de España, o desemprego de longa duración afecta en maior medida aos homes que ás mulleres, a diferenza doutros países onde este tipo de desemprego é fundamentalmente feminino (European Commision, 2012).

Finalmente dicir que segundo os datos da Encuesta de Juventud en 2012 destaca o feito de que a ocupación é maior entre os homes e a inactividade entre as mulleres, sendo a porcentaxe de desempregados similar por sexo.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |

| | |
|---|---|
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Non existen actividades previstas directamente relacionadas coa promoción de igualdade de xénero, polo que non se indica orzamento nin destinatarios.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Se espera unha participación igualitaria por xénero nos distintos programas e accións levadas a cabo, así como achegar a cultura da igualdade á nosa xuventude a través de todas as actuacións enmarcadas no programa.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado

## III.1.9. PROGRAMA 313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

En situacións de crise económica, como a actual, o número de persoas e familias que sofren un grave deterioro das súas condicións económicas e sociais ata atoparse en risco de exclusión social vese incrementado de forma notable. Precisamente polo incremento desta demanda cómpre mellorar os instrumentos de protección social do Sistema Galego de Servizos Sociais e optimizar todos os recursos públicos e privados na procura da inclusión social.

Neste sentido, é necesario:

- Facilitar o acceso próximo e universal ao Sistema Galego de Servizos Sociais, co apoio económico e técnico á prestación dos servizos sociais comunitarios básicos por parte das entidades locais, para que poidan exercitar en cada caso as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente.
- Posibilitar a adecuada tramitación dos expedientes relativos aos servizos e prestacións sociais xestionados polos servizos técnicos e administrativos desta Consellería de Traballo e Benestar mediante a imprescindible (é preceptiva) intervención e cooperación dos servizos socias comunitarios municipais.
- Evitar a cronificación das persoas beneficiarias das prestacións sociais que ampara o programa de gasto 312A, mediante dispositivos específicos e recursos humanos destinados á inclusión sociolaboral, utilizando a metodoloxía dos itinerarios personalizados de inclusión.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

O Sistema Galego de Servizos Sociais, e especialmente os servizo sociais comunitarios básicos de titularidade municipal como porta de entrada ao dito sistema, están dirixidos a atender con carácter xeral a toda a cidadanía, aínda que con máis intensidade á poboación máis vulnerable (persoas en situación de dependencia, de exclusión social, de discapacidade, persoas sen fogar, menores de idade en risco de desprotección, vítimas de violencia de xénero, persoas con problemas de condutas aditivas como drogodependencia, alcoholismo, ludopatía, anorexia, etc).

Sen prexuízo do anterior, existen colectivos afectados por determinados factores de vulnerabilidade, e nos que están a incidir fortemente as consecuencias da crise económica, nos que o risco de exclusión social é moi elevado e para os que é necesario establecer dispositivos que minimicen as problemáticas que padecen, como son as minorías étnicas, persoas sen fogar ou en situación de habilitabilidade precaria, reclusos e exreclusos, inmigrantes, perceptores de rendas mínimas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Coa finalidade de proporcionarlles apoio financeiro e técnico ás corporacións locais para que poidan executar as súas competencias e cumprir coas obrigas establecidas na normativa vixente, desde o ano 1988 xa se viña desenvolvendo un convenio-programa entre o Ministerio de Traballo e Seguridade Social e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais polas corporacións locais ("Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais de Corporacións Locais"). Nos últimos exercicios a rede de servizos sociais comunitarios reforzouse para dar unha axeitada resposta aos cambios derivados da nova lei de servizos sociais do ano 2008.

Coa aprobación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, desenvolveuse a regulación das competencias e obrigas establecidas previamente polas leis de réxime local e de servizos sociais para as diferentes entidades integrantes da administración local (deputacións e concellos) en materia de servizos sociais, regúlase o apoio económico da administración autonómica ás corporacións locais para a prestación destes servizos e séntanse as bases para unha adecuada coordinación operativa entre os servizos sociais comunitarios e o resto do sistema galego de servizos sociais.

A necesidade de incremento dos recursos das corporacións locais en materia de servizos sociais implica tamén a necesidade de dispoñer de infraestruturas sociais, ben de titularidade municipal ou do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, como entidade de dereito público que institucionaliza a cooperación interadministrativa entre as corporacións locais e a Xunta de Galicia nesta materia.

Por outro lado, a Xunta de Galicia, consciente da crecente necesidade de establecer medidas e dispositivos dirixidos á atención de colectivos en situación de especial vulnerabilidade, elaborou o II Plan Galego de Inclusión Social, o cal ten por finalidade debilitar os factores de exclusión e atender aos colectivos máis desfavorecidos socialmente, afrontando os procesos de inclusión desde unha formulación centrada en dar respostas globais e integradas.

Hai que ter en conta que o número total de usuarios das prestacións básicas de servizos sociais comunitarios básicos municipais rexistrados na aplicación "Prestacións Básicas de Servizos Sociais (PBSS)" ao longo do ano supón máis dun 15 % do total da poboación de Galicia.

Ademais o número de usuarios que figuran cunha intervención social aberta rexistrada no "Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS)" supón máis dun 13 % do total da poboación de Galicia durante o ano e máis da terceira parte deles son obxecto de seguimento e actualización.

Por outra banda o número de persoas atendidas polos equipos de inclusión sociolaboral do II Plan de Inclusión Social de Galicia con problemáticas diversas supera cada ano a cifra de 2.000 e desas persoas son inseridas laboralmente aproximadamente a terceira parte. Unha cifra similar

son o número de persoas atendidas e/ou formadas por entidades de iniciativa social colaboradoras do II Plan de Inclusión Social de Galicia.

A continuación pasamos a expoñer a análise DAFO da situación de partida exposta:

1. Como fortalezas cabe destacar a existencia dun marco legal que garante os dereitos dos beneficiarios a determinadas prestacións públicas dirixidas especificamente a paliar as necesidades e/ou problemáticas que presentan. Tamén conta o mantemento duns dispositivos de atención aos beneficiarios como referentes técnicos axeitados na atención das problemáticas expostas, o emprego dunha metodoloxía avalada tanto polos resultados obtidos no territorio da comunidade autónoma como pola Unión europea, a experiencia do persoal altamente cualificado e a configuración do Sistema Galego de Servizos Sociais como un sistema multicompetencial, que atribúe responsabilidades compartidas ás administracións autonómica e local, de xeito que se suman os recursos públicos de ámbalas dúas esferas administrativas para tratar de atender á poboación máis vulnerable.
2. Precisamente por iso cómpre evitar a descoordinación entre as dúas administracións públicas implicadas, autonómica e local (concellos e deputacións), mitigar a posible desconfianza por parte dos profesionais sobre a continuidade dos servizos debido á situación de crise económica que redunda na súa desmotivación e facer fronte a crecente demanda por parte dos cidadáns dos servizos do Sistema Galego de Servizos Sociais, que comeza a estar moi desbordado, nun marco de restricións orzamentarias.
3. Como oportunidades para aproveitar está o alto grao de concienciación social sobre a necesidade, utilidade e bo uso destes servizos sociais, o consenso dos colexios profesionais implicados sobre o modelo e metodoloxía consolidados, o respaldo das mesas de diálogo social na racionalización dos dispositivos de atención á exclusión e no impulso desta liña de actuación, o cal queda plasmado no proceso seguido na elaboración do anteproxecto da lei de inclusión e a importancia que se lle concede na estratexia europea 2020 ás medidas a favor da inclusión social como as contidas no II Plan de Inclusión Social, á sabendas da incorporación da citada estratexia no anteproxecto da lei de inclusión.

   É moi importante destacar o aforro do custe económico que supón o investimento económico na loita contra a exclusión social, porque a non intervención eleva o custe económico que teñen que asumir as administracións públicas ao ter que compensar as problemáticas derivadas: incremento dos custes noutros sistemas de protección social, como a sanidade ou a educación, dos custo en termos de mala imaxe, influencia negativa no turismo, incremento do gasto en materia de seguridade cidadá, etc. E sobre todo cabe destacar as consecuencias desta non intervención para a vida económica e social da comunidade autónoma no futuro. Hai que ter en conta a repercusión que ten no índice de pobreza infantil a existencia de pobreza e exclusión social dunha parte das persoas adultas, impacto que se ve moito máis agravada a longo prazo polo seu efecto multiplicador.
4. En ningún momento hai que esquecer a ameza que supón a profunda crise económica coa posibilidade de quebra económica das corporacións locais e a presión exercida no Sistema

Galego de Servizos Sociais polo dereito de atención creado pola lei de dependencia, que está a desbordar os recursos dos servizos sociais comunitarios en prexuízo das persoas en risco de exclusión social e a insuficiencia de centros e equipamentos sociais adaptados ás esixencias da normativa aplicable para atender a demanda existente.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social. (Está actualmente en trámite o anteproxecto da nova Lei de inclusión social de Galicia).
- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
- Plan de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Dentro dos obxectivos que se pretenden acadar sinálanse os seguintes:

1. Manter a rede de servizos sociais comunitarios básicos.
   - 1.1.- Dotar á rede de centros de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con traballadores sociais, como profesionais de referencia encargados de xestionar o expediente social básico de cada unha das persoas usuarias do Sistema Galego de Servizos Sociais.
   - 1.2.- Dotar a rede de servizos sociais comunitarios de titularidade municipal con outros técnicos e profesionais, xestores de caso, en concellos de máis de 20.000 habitantes.
   - 1.3.- Apoiar o desenvolvemento de prestacións e programas básicos de servizos sociais comunitarios.
   - 1.4.- Procurar a adecuada tramitación dos expedientes de solicitude de prestacións de dependencia, RISGA, PNC, axudas de emerxencia social, mediante a necesaria cooperación entre os servizos socias comunitarios municipais e a administración autonómica.
   - 1.5.- Procurar a dispoñibilidade centros e equipamentos sociais adaptados ás esixencias da normativa aplicable para atender a importante demanda existente.
2. Procurar itinerarios de inclusión sociolaboral a persoas beneficiarias de RISGA e outros grupos en situación ou risco de inclusión social.
3. Atención a persoas que padecen factores de especial vulnerabilidade: persoas sen fogar ou en situación de habitabilidade precaria, minorías étnicas,inmigrantes, etc.

# B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Situación das mulleres e dos homes en relación cos ámbitos prioritarios de intervención: das persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios un 60 % son mulleres e un 40 % homes (datos procedentes do exercicio 2012).

Número de mulleres e homes potenciais beneficiarios do programa de gasto: 254.943 mulleres e 169.962 homes (datos procedentes do exercicio 2012).

Indicadores con relevancia de xénero: número de persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios desagregadas por sexo, número de persoas beneficiarias do servizo de axuda no fogar desgregadas por sexo, número de persoas participantes en itinerarios de inserción sociolaboral desagregadas por sexo, número de insercións laborais desagregadas por sexo.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |

| | |
|---|---|
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Directamente, ningunha, dado que as actuacións previstas neste programa de gasto, van dirixidas a toda a sociedade que requira intervención dos servizos sociais. Non obstante, introdúcense indicadores para recabar información estatística que nos permita detectar unha posible brecha de xénero que nestes momentos non existe.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Non hai brecha, porque número de mulleres destinatarias deste programa de gasto é substancialmente superior ao dos homes, o que se desprende do seguintes indicadores:

Do Persoal técnico cofinanciado (526 persoas traballadoras) un 86 % (453) son mulleres(maioritariamente traballadoras sociais).

Do total de persoas usuarias (361.910) do programa con intervención social aberta, o 60 % (217.376) son mulleres.

Do total de persoas usuarias do SAF básico (11.408), o 71 % (8.100) son mulleres.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

## *III.1.10. PROGRAMA 321A - DIRECCION E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A finalidade deste programa é a de dar cobertura ao funcionamento das unidades administrativas vinculadas aos servizos centrais e periféricos da área de traballo da consellería. Deste xeito actúa de soporte básico cara a coordinar e garantir uns recursos humanos, materiais e de organización que permitan acadar maiores cotas de efectividade e racionalidade administrativa.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As características do programa determinan o seu alcance universal entendendo como tal aquel que pretende, aínda que sexa de modo indirecto, garantir a toda a cidadanía unha adecuada xestión dos recursos públicos. Trátase de xerar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade que presiden o funcionamento de calquera administración pública, sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Escenario económico de diminución das dispoñibilidades financeiras nun contexto marcado pola austeridade e contención do gasto corrente sen descoidar os servizos públicos esenciais, todo isto encadrado nun compromiso de eficacia e economía que definen o deseño e funcionamento de calquera administración pública.

ANALISE DAFO

- Como fortalezas destacan a existencia de procedementos e metodoloxías de traballo consolidadas así como contar con persoal cualificado e con experiencia na xestión.
- Hai que tentar que as limitacións orzamentarias non impliquen insuficiencia de recursos

para atender a unha demanda crecente (debilidade), así como contar coa complexidade na tramitación dalgún dos procedementos a desenvolver.

- Como oportunidade a aproveitar está o rigor na asignación dos recursos orzamentarios no desenvolvemento das distintas políticas de gasto conxugado cun crecente grao de concienciación social sobre a necesidade e a utilidade dunha adecuada asignación e bo uso dos recursos dispoñibles.
- Cómpre ter presente a ameza que supón a lentitude coa que o proceso de recuperación se está a producir e a repercusión que trae consigo na asignación de recursos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco de actuación do programa pasa polo establecemento dun sistema de coordinación interna e interadministrativa estable de acordo aos principios inspiradores da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia e o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

Así mesmo, a existencia da Unidade Administrativa de Igualdade no organigrama da Secretaría Xeral Técnica así como o desenvolvemento de procedementos de coordinación e colaboración coa diferentes unidades administrativas neste ámbito, pretenden potenciar e incentivar políticas activas nesta materia.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa preténdese atender á problemática concreta das distintas unidades administrativas e centros dependentes da consellería intentando dar solución inmediata e áxil ás situacións que unha organización destas características esixe no marco dunha estratexia de facilitarlle ao administrado, en tanto que destinatario último das súas políticas , unha resposta adecuada ás súas demandas.

Como queda dito, as características do programa permiten definilo como un conxunto de actuacións e recursos dirixido a acadar as condicións para que os principios de eficiencia, racionalidade e obxectividade sexan unha constante en todas as actuacións desenvolvidas desde as distintas áreas da consellería, tratando de garantir a toda a cidadanía unha axeitada xestión dos recursos públicos. Estariamos diante do que podemos definir como un programa instrumental facilitador de recursos para a consecución de escenarios laborais que permitan unha axeitada definición das liñas de actuación e intervención da consellería.

As actuacións máis significativas a desenvolver neste programa estarían relacionadas con:

- Facilitar a xestión das distintas unidades administrativas tanto a nivel central como periférico.
- A elaboración e difusión multimedia de compilacións normativas, estudos monográficos

e calquera tipo de actuación de interese para a cidadanía que ilustren de xeito claro e preciso as liñas de traballo da consellería.

- A definición de programas de información e comunicación en materia laboral na liña de establecer un sistema de información dos servizos e prestacións e uns procedementos administrativos comprensibles e sinxelos.
- A potenciación na difusión e comunicación das liñas das políticas laborais da consellería.
- A racionalización e mellora na tramitación das disposicións normativas da consellería, con especial incidencia nos procedementos de xestión de subvencións.
- A consolidación da unidade administrativa de Igualdade Laboral como órgano integrador da dimensión de xénero no ámbito das súas competencias.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

## *III.1.11. PROGRAMA 322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego na nosa comunidade au-

tónoma e para atender á necesidade de mellora da empregabilidade, é dicir, das posibilidades de colocación dos desempregados, este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia o allea.

Para a consecución destes obxectivos este programa, está constituído polo conxunto de accións e medidas de políticas activas de emprego dirixidos a facilitar información, orientación laboral e busca de emprego, polos programas integrados de emprego, así como a promover a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a adquisición de experiencia profesional a través da execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen, fomentando a participación activa e a mobilidade para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral da poboación en situación de desemprego.

Finalmente, contempla aquelas accións e medidas destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos primeiros momentos da súa andaina.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O desemprego é unha das situacións que máis preocupa a sociedade, aínda en épocas que presentaron situacións expansivas que permitiron a creación de emprego. A actual situación de crise económica, cunha duración prolongada no tempo, incide significativamente no mercado de traballo no aspecto máis negativo: crecemento da taxa de paro e diminución da taxa de ocupación. Nesta situación, aínda máis, mantense dificultades de incorporación ao mercado de traballo de determinados colectivos, con especial incidencia no paro de longa duración, carencias de capacitación da poboación, retencións á mobilidade xeográfica e funcional, desequilibrios no mercado laboral, unha excesiva temporalidade na ocupación, etc.

Na actualidade, o Servizo Público de Emprego ten que actuar nun entorno máis competitivo, complexo e dinámico e ten que posicionarse no mercado prestando un servizo de calidade aos seus usuarios, garantindo o carácter público e gratuíto dos seus servizos.

Neste contexto, o Servizo Público de Emprego ten que ofrecer aos desempregados, baixo os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos, unha atención preventiva e personalizada, con especial atención aos colectivos desfavorecidos. As políticas activas de emprego ten que funcionar como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva dos desempregados ao mercado de traballo, estimulando a busca activa de emprego e a mobilidade xeográfica e funcional.

Partindo destas consideracións, e con medidas integradas de distintas políticas activas de emprego e o desenvolvemento dun programa de orientación profesional preténdese prestar un servizo de avaliación e orientación profesional aos desempregados para conseguir unha adap-

tación da súa formación á realidade do mercado laboral, dun xeito persoal e individualizado e a través dos itinerarios personalizados de inserción.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa esta dirixido á mellora da empregabilidade do conxunto das persoas desempregadas e rexistradas na base de datos do Servizo Público de Emprego de Galicia e se atopen nun proceso activo de busca de emprego. Dentro deste colectivo xeral podemos establecer subgrupos prioritarios aos que se prestará especial atención e caracterizados polas súas maiores dificultades para acceder a un emprego, ben sexa por pola súas carencias de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa: as persoas desempregadas mozas, mulleres, de longa duración, que esgotaran as prestación ou os subsidios de desemprego, especialmente aquelas sen cualificación profesional, maiores de 45 anos, con discapacidade e as que pertenzan aos colectivos en risco de exclusión.

Non obstante as beneficiarias directas das axudas son as entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro para potenciar o desenvolvemento de programas de orientación, integrados, de cooperación e de colaboración ou de programas mixtos de formación e emprego mediante a subvención de proxectos de utilidade social xeradores de emprego promovidos e xestionados, como instrumento idóneo para fomentar a creación de novas actividades e, polo tanto, de novos empregos nas zonas rurais vencellados a novos xacementos de emprego, favorecendo así unha mellora das rendas e, consecuentemente, das condicións de vida no medio rural, contribuíndo así á fixación de poboación nas mesmas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguinte táboa reflíctese a evolución do paro rexistrado nos últimos anos, expresado en valores medios anuais:

| MEDIAS ANUAIS DO PARO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 |
| 150.546 | 162.511 | 206.245 | 226.236 | 243.598 | 274.368 |

Como pode observarse a evolución presenta datos preocupantes e relacionados, como é obvio, coa situación de crise económica no que estamos inmersos. O incremento do paro, xunto coa diminución de ofertas de emprego no mercado de traballo, diminúe as oportunidades de atopar un emprego e é necesario tomar medidas para afrontar a busca activa de emprego, facéndonos máis competitivos nesta tarefa. Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas dunha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego.

As medidas levadas a cabo para intentar resolver a problemática das persoas desempregadas foron os programas de orientación e de cooperación con entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro, os programas integrados de emprego e os programas mixtos de formación e emprego, así como a promoción dos axentes de emprego e desenvolvemento local para o fomento do espírito emprendedor e promover a aparición de iniciativas empresariais e de economía social xeradoras de emprego e de autoemprego.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de subvencións no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.
- Orde anual do ministerio de traballo e inmigración pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos presupostos xerais do estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020.
- Os acordo do Diálogo Social asinado o 25 de xaneiro de 2012.
- Estratexia Española de Emprego aprobada polo Real decreto 1542/2011, do 31 de outubro.
- Plan Anual de Política de Empleo (PAPE) aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 6 de xullo de 2012.
- Os Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, co obxecto de contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa preténdese:

- Desenvolvemento dun programa de información e orientación profesional coa finalidade de prestar un servizo de avaliación e orientación profesional aos desempregados para conseguir unha adaptación da súa formación á realidade do mercado laboral, dun xeito persoal e individualizado e a través dos itinerarios personalizados de inserción.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.

- Desenvolvemento de ferramentas e procedementos que promovan e melloren a inserción laboral da poboación activa no noso mercado de traballo, procurando a mellora da información dispoñible e a cualificación dos nosos traballadores segundo as necesidades do tecido empresarial.
- Mellorar a capacidade dos traballadores e traballadoras desempregadas na busca dun novo emprego, priorizando no seu acceso aos colectivos con maiores dificultades, ben sexa pola súas características de formación, idade, sexo, discapacidade ou calquera outra circunstancia limitativa; ben sexa pola perda inminente de cobertura na súa protección social, facilitando a aqueles que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego unha nova oportunidade laboral mediante a adquisición e reorientación das súas competencias, a adquisición de experiencia profesional, así como a obtención de recursos de subsistencia económica para eles e as súas familias, ao mesmo tempo que, mediante o seu traballo subvencionado en actividades de interese xeral e social, contribúen tamén á mellora das condicións de vida no rural e nas vilas e cidades e á mellora e recuperación do medio ambiente e de espazos naturais protexidos.
- Favorecer a incorporación e permanencia dos xoves no mercado de traballo, mediante actuacións específicas dirixidas a mellorar a súa empregabilidade.
- Remover os atrancos que dificultan a promoción do emprego feminino de xeito que a participación das mulleres nas políticas activas de emprego sexa superior aos homes para o cal.
- xestionaranse programas específicos a favor das mulleres, consideraranse colectivos prioritarios nas políticas activas horizontais.
- Facilitar a integración laboral ás persoas con calquera tipo de discapacidade física, psíquica ou sensorial, mediante o establecemento de medidas que fomenten e faciliten o seu acceso ao emprego.
- Apoiar e fomentar o espírito emprendedor a través do establecemento de ferramentas de apoio, asesoramento e difusión da cultura emprendedora e da innovación e que faciliten e poñan ao alcance dos potenciais emprendedores o coñecemento e os medios materiais establecidos polos distintos estamentos públicos e privados para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e proxectos empresariais que, sendo innovadores, promovan a creación de novos postos de traballo vencellados aos novos xacementos de emprego, preferentemente entre mozos desempregados no medio rural, local e no entorno universitario e contribúan a diversificación do tecido produtivo, garantindo un desenvolvemento económico sostido en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e incrementando o ritmo de creación de empresas.
- Contribuír, en coherencia cos Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

Realizaranse as seguintes actividades co obxecto de conseguir estes obxectivos:

- Establecemento de medidas dirixidas a mellorar a empregabilidade e a apoiar a inserción ou reinserción no mercado de traballo dos traballadores e traballadoras desempregados, especialmente daquelas con maiores dificultades de inserción laboral: os que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, os mozos, as mulleres, os parados de longa duración, os demandantes que esgotaran as súas prestacións, os demandantes de primeiro emprego, as persoas con discapacidade, os inmigrantes e os que estean en situación de risco de exclusión social.
- Elaboración de itinerarios integrados de inserción personalizada, definindo plans individuais adaptados ás necesidades e características das persoas destinatarias e atendendo á súa situación persoal, familiar e sociolaboral.
- Posta en marcha de programas integrados de emprego que combinen distintas políticas activas de emprego.
- Instrumentación de actuacións específicas para a mobilidade e o apoio ao seguimento das accións de mellora da empregabilidade definidas nos itinerarios de inserción.
- Implementación de programas que faciliten a adquisición de experiencia profesional e de formación en alternancia das persoas desempregadas, especialmente daquelas con especiais dificultades de inserción, mediante os programas con entidades locais e con entidades privadas sen ánimo de lucro e os programas mixtos de formación e emprego.
- Aplicación da Orde do 20 de setembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións ao abeiro do Real decreto 196/2010, do 26 de febreiro, polo que se establecen medidas para facilitar a reinserción laboral así como o establecemento de axudas especiais, aos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego 76/2000, do 8 de marzo de 2001 e 25/2001, do 31 de xullo de 2001

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |

| | |
|---|---|
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa está constituído por todas aquelas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego das persoas desempregadas, por conta propia o allea, e a adaptación da formación e recalificación para o emprego dos traballadores e traballadoras mediante a súa contratación temporal subvencionada para a execución de obras ou a prestación de servizos de interese xeral e social, así como aquelas outras destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social e a establecer mecanismos e ferramentas de asesoramento e acompañamento ás iniciativas emprendedoras para o seu establecemento e nos seus primeiros momentos da súa andaina.

A Consellería de Traballo e Benestar, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, facendo fincapé na integración da igualdade de xénero e en mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres en xeral, articula un conxunto de incentivos dirixidos a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo coma a permanencia nel. Estas medidas tradúcense fundamentalmente na definición das mulleres como colectivo beneficiario das axudas e na consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás mesmas.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |

| | |
|---|---|
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As mulleres son colectivo preferente en todas as medidas incluídas neste programa de gasto, en concreto, nos programas integrados, de cooperación e nos programas mixtos de formación e emprego.

No que respecta ao desenvolvemento das accións de información, orientación e busca de emprego, as mulleres desempregadas serán un colectivo prioritario no direccionamento automático de demandantes polo que se asignan cada semana as citas cos técnicos de orientación.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

A previsión é unha participación final dun sesenta por cento de mulleres dentro do conxunto de persoas desempregadas participantes nas medidas activas de emprego incluídas neste programa de gasto.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emprego e Formación

# III.1.12. 322C - FOMENTO DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade principal, na actual época de crise económica e de alta taxa de desemprego, intervir na creación de emprego a través, principalmente, de incentivos aos principais actores do proceso de creación de emprego: as persoas empresarias e emprendedoras, incluíndo partidas específicas para fomentar a xeración de emprego ás mulleres.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa ten un carácter horizontal sendo o beneficiario final del as persoas desempregadas. Dentro deste colectivo xeral establécense colectivos específicos que son , os que presentan maiores dificultades de inserción laboral, e que necesitan medidas específicas de igualdade de oportunidades, pretendéndose facilitar a súa incorporación ou reincorporación ao mercado de traballo, como son: as persoas con discapacidade, as persoas que pertencen aos colectivos en risco de exclusión social, as persoas desempregadas que esgotaran as prestacións ou os subsidios de desemprego, as persoas desempregadas de longa duración as persoas desempregadas maiores de 45 anos, as persoas desempregadas mozas, especialmente sen cualificación profesional, e as persoas traballadoras con contratos temporais.

Non obstante, os colectivos beneficiarios directos das axudas son as empresas, as persoas emprendedoras que creen o seu propio posto de traballo, as pequenas iniciativas empresariais xeradoras de emprego, os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral.

As liñas de axudas aos emprendedores e ás novas iniciativas empresariais xeradoras de emprego estable están integradas no Plan Impulsa Lugo e no Plan Impulsa Ourense.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguinte táboa reflíctese a evolución do paro rexistrado nos últimos anos, expresado en valores medios anuais:

| MEDIAS ANUAIS DO PARO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 |
| **TOTAL** | 162.511 | 206.245 | 226.236 | 243.598 | 270.515 |

Como pode observarse a evolución presenta datos preocupantes e relacionados, como é

obvio, coa situación de crise económica no que estamos inmersos. O incremento do paro, xunto coa diminución de ofertas de emprego no mercado de traballo, diminúe as oportunidades de atopar un emprego e é necesario tomar medidas para afrontar a busca activa de emprego, facéndonos máis competitivos nesta tarefa e que ademais inclúa obxectivos de igualdade de oportunidades. Neste sentido, a mellora da empregabilidade mediante a execución de políticas integradas de emprego, acompañadas de unha atención personalizada a través dun itinerario individual de inserción, son claves para iniciar a saída da situación de desemprego.

As medidas que se levaron a cabo para intentar resolver o problema foron os programas de incentivos á contratación, os programas de apoio ao autoemprego, e os programas de integración laboral das persoas con discapacidade e en risco de exclusión social.

No ano 2012 o número total de persoas beneficiarias destes programas ascendeu a:

- Mulleres: 3280
- Homes: 3920

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As distintas liñas de actuación financiadas a través deste programa artéllanse a través das correspondentes ordes de convocatoria de subvencións no marco dos seguintes documentos de planificación e normas:

- Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.
- Orde anual do Ministerio de Emprego e Seguridade Social pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- As distintas normas estatais que regulan as liñas básicas dos programas de axudas de fomento do emprego financiados con fondos finalistas.
- Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, horizonte 2020.
- Os acordos do Diálogo Social asinados o 25 de xaneiro de 2012.
- O Programa Operativo FSE Galicia 2007-2013.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A través deste programa e tendo en conta dun xeito transversal a igualdade de oportunidades entre os homes e as mulleres, preténdese:

- Que as persoas desempregadas atopen un posto de traballo por conta allea.
- Que as persoas traballadoras cun contrato temporal acaden a súa estabilidade no emprego.
- Que as persoas desempregadas creen o seu propio posto de traballo a través das fórmulas de autoemprego.

- Que as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión social se integren social e laboralmente.
- Que as mulleres reciban axudas específicas, de maior contía económica, que contribúan no obxectivo de igualdade de oportunidades.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A través das accións deste programa preténdese, por medio de medidas de discriminación positiva, acadar unha maior participación das mulleres no merado laboral, dado que a súa taxa de actividade e de ocupación é menor ca dos homes e a súa taxa de desemprego é máis alta ca dos homes.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |

| | |
|---|---|
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Incentivos á contratación por conta allea: toda a sociedade.

Incentivos ao autoemprego e ás iniciativas empresariais: toda a sociedade. Incentivos á integración laboral dos colectivos vulnerables: toda a sociedade.

Estes incentivos contemplan incrementos económicos específicos para as mulleres en situación de desemprego.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

A previsión é que a través dos programas de axudas deste programa o 50 % dos beneficiarios finais do mesmo (persoas desempregadas ou cun emprego precario) sexan mulleres. Este porcentaxe atópase na actualidade nun 46 % de mulleres beneficiarias.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

## *III.1.13. PROGRAMA 323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Coa finalidade de contribuír á redución da taxa de desemprego na nosa comunidade autónoma, o programa 323A, está constituído pola xestión da formación profesional para desempregados, pola execución do plan de modernización do Servizo Público de Emprego, así como por aquelas outras accións innovadoras e complementarias que se programen no marco das políticas activas de emprego para a mellora da empregabilidade e da inserción laboral de mozos, mulleres e outros colectivos.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O desemprego ven sendo, aínda en situacións de desenvolvemento económico que permitiron a súa diminución, unha das maiores preocupacións da nosa sociedade. No contexto actual, cunha crise económica que se prolonga no tempo, o mercado de traballo sofre a súa consecuencia máis negativa: o incremento na taxa de paro e o decrecemento na taxa de ocupación. En este contexto increméntanse tamén as dificultades de determinados colectivos, xa tradicionalmente castigados con elevadas taxas de desemprego, para incorporarse ao mercado de traballo. En concreto, trátase dos parados de longa duración, os que presentan baixa capacitación ou formación, e os desempregados xoves menores de 30 anos.

Neste marco, o servizo público de emprego está obrigado a desenvolver a súa actividade de cara aos desempregados, actuando conforme aos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos. E debe prestarlles unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. Así mesmo, todas as políticas activas que se desenvolvan deben potenciar nas persoas traballadoras desempregadas unha actitude proactiva estimulando a busca activa de emprego, de xeito que esas políticas actúen como instrumentos incentivadores para a incorporación efectiva dos desempregados ao mercado de traballo.

Neste contexto, a formación profesional para o emprego convértese no principal factor de impulso da mellora da empregabilidade tanto da poboación desempregada como da poboación ocupada.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia en especial, aqueles colectivos con especiais dificultades de inserción laboral: mozos; mulleres, especialmente as vítimas de violencia de xénero; persoas con discapacidade, parados de longa duración, emigrantes retornados e outros colectivos con dificultades de inclusión.
- Persoas traballadoras ocupadas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Na seguinte táboa reflíctese a evolución do paro rexistrado e das taxas de emprego nos últimos anos, expresado en valores medios anuais:

| MEDIAS ANUAIS DO PARO | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 2007 | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 |
| 150.546 | 162.511 | 206.245 | 226.236 | 243.598 | 274.368 |

Na táboa advírtese que a situación de crise económica ten efectos preocupantes na evolución das cifras. O incremento do paro, xunto coa diminución de ofertas de emprego no mercado de traballo, dificulta as posibilidades de acceder a un emprego. Isto obriga a adoptar medidas que permitan mellorar a empregabilidade das persoas. En concreto, todas as medidas que aumenten a formación e capacitación profesional son claves para situar as persoas desempregadas con opción de acceder ao mercado de traballo, ou ben de mellorar a posición dentro do mercado de traballo das persoas ocupadas.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O desenvolvemento do programa artéllase a través dos sistemas de contratación establecidos na Lei 30/2007 de contratos do sector público, e das correspondentes ordes de subvencións no marco das seguintes normas:

- Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.
- Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.
- Real decreto 395/2007do 23 de marzo polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.
- Orde anual do Ministerio de Trabajo e Inmigración pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, polo que se regulan os certificados de profesionalidade, modificado polo Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro, e polo Real

decreto 189/2013, do 15 de marzo.

- Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas pola experiencia laboral.
- Os programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, co obxecto de contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios máis desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Resúmese nos seguintes puntos:

- Favorecer a incorporación ao mercado de traballo dos colectivos de difícil inserción.
- Fomentar o emprego e a estabilidade e intervir eficazmente entre demandantes e empregadores.
- Ofrecer un sistema áxil de información que permita coñecer aos usuarios o seu nivel de cualificación e potencialidades, contribuír ao desenvolvemento local mediante asesoramento ás empresas, detección de necesidades, xerar unha oferta de servizos ao autoemprego e xerar unha cultura emprendedora.
- Facilitar a mobilidade dos traballadores entre Galicia e Portugal no marco da xestión das actividades definidas dentro da estrutura EURES Transfronteirizo Galicia Norte de Portugal.
- Racionalización e informatización dos procedementos de xestión dos programas de orientación e plans integrais de emprego.
- Continuar coa evolución do sistema de información do Servizo Público de Emprego, empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- Dotar de equipamento aos centros tecnolóxicos de atención aos empregadores e ás oficinas de emprego para a execución das súas funcións.
- Consolidar o procedemento de acreditación e avaliación da competencia profesional adquirida por experiencia laboral.
- Desenvolvemento e mellora das aplicacións web, sobre o mercado laboral Galego en diferentes variables significativas (contratos, paro rexistrado, traballadores afiliados e empresas).
- Fomento da calidade e integración da formación profesional a través das convocatorias de competencias clave para ter acceso aos cursos de certificados de profesionalidade.
- Contribuír, en coherencia cos Programas Impulsa de Lugo e Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa busca prestarlles aos desempregados unha atención que lles permita mellorar as súas competencias e cualificación profesional, mellorando a súa empregabilidade e incrementando as súas posibilidades de inserción laboral. A Consellería de Traballo e Benestar, tendo en conta que un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego, diante da necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, e especialmente co obxecto de mellorar as perspectivas e oportunidades das mulleres de cara a súa inserción laboral, desenvolve unha serie de medidas dirixidas a garantir o principio de igualdade entre homes e mulleres e facilitar tanto o acceso ao mercado de traballo como a permanencia nel.

Situación de partida:

- Nas accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas no ano 2012 a taxa de participación de homes e mulleres foi do 48,5 % e do 51,5 % respectivamente, porcentaxes que se converten nun 48,2 % e nun 51,8 % se falamos de alumnos finalizados. En canto a taxa de abandono por colocación foi dun 3,7 % no caso dos homes, e dun 3,4 % no caso das mulleres.
- En canto as axudas á conciliación, aprobáronse 396 para homes e 646 para mulleres.
- Finalmente, concedéronse 53 axudas para mulleres vítimas de violencia de xénero.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

1. A consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas. Nos procesos de selección para o acceso as accións formativas, as oficinas de emprego identificarán ao colectivo "mulleres", especialmente ás "mulleres vítimas", como colectivo preferente, facilitando deste xeito o seu acceso á formación e incrementando a súa empregabilidade.

2. O establecemento de axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero.
3. O establecemento de axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 6 anos ou maiores dependentes.
4. A inclusión, en todas as accións formativas, dun módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

O establecemento do colectivo "mulleres" como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero, favorecendo acadar unha participación igualitaria de homes e mulleres nas accións formativas. Así mesmo, as axudas á conciliación permitirán incrementar o número de mulleres participantes nos cursos, e diminuír a taxa de abandonos.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emprego e Formación

## *III.1.14. PROGRAMA 323B - MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Coa finalidade de contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, o programa 323B está constituído por actuacións encamiñadas tanto e mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados.

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Coa finalidade de contribuír á estabilidade de emprego e a cohesión social, este programa pretende tanto e mellora das competencias e cualificacións como a actualización e especialización profesional dos traballadores ocupados.

Para acadar este obxectivo débese proporcionar ás persoas unha maior motivación para o progreso na súa cualificación profesional e para a mellora das súas competencias e cualificacións, apostando por unha formación que favoreza a aprendizaxe permanente dos traballadores e o pleno desenvolvemento das súas capacidades profesionais.

A formación constitúe un obxectivo estratéxico para reforzar a produtividade e a competitividade das empresas e para potenciar a empregabilidade dos traballadores. Neste contexto debese proporcionar unha formación axeitada aos traballadores ocupados das empresas afectadas pola crise económica ou de sectores estratéxicos de Galicia. Así mesmo débese estender

a formación dos traballadores ocupados a ámbitos nos que non estea plenamente introducida.

Todo isto redundará na mellora da produtividade e competitividade das empresas, e da estabilidade e calidade no emprego.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

- Traballadores ocupados para mellorar a súa adaptabilidade o mercado laboral.
- Traballadores desempregados.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A estrutura empresarial galega constituída en mais dun 90 % por Pemes e microempresas, con dificultades en moitas ocasións para facer fronte á globalización, así como á transformación tecnolóxica, o que afecta ao seu nivel de competitividade, determina que se teña que facer un especial esforzo na cualificación profesional dos traballadores ocupados galegos. Esta cualificación redundará en facer as empresas galegas máis fortes fronte a situación de crise económica pola que estamos a atravesar.

Para avanzar neste ámbito de actuación nos últimos anos vense a desenvolver actuacións encamiñadas á adquisición polos traballadores ocupados de coñecementos, habilidades e aptitudes ante a crecente incorporación das novas tecnoloxías no mercado laboral así como a instrumentar todas cantas medidas resulten necesarias para posibilitar que os traballadores teñan unha maior capacidade de formación que lles permita adecuarse aos cambios que poidan xurdir ó longo da súa traxectoria profesional.

Dado o peso que no noso tecido produtivo representan os autónomos e emprendedores estívose a apostar por unha formación axeitada ás súas necesidades e demandas, favorecendo deste xeito o emprendemento e o acceso ao autoemprego.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para la reforma del mercado laboral.
- Orde anual do Ministerio de Traballo e Inmigración pola que se distribúen territorialmente, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, subvencións do eido laboral financiadas con cargo aos Presupostos Xerais do Estado.
- Real decreto 395/2007 do 23 de marzo, pola que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego.
- Os Programas Impulsa de Lugo e Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, co obxecto de contribuír ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego comprendidas neste programa.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

Contribuír, en coherencia cos Programas Impulsa Lugo e Impulsa Ourense, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, ao necesario equilibrio e solidariedade con aqueles territorios mais desfavorecidos, na implementación das diferentes medidas de políticas activas de emprego.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Favorecer a formación ao longo da vida dos traballadores mellorando a súa capacitación profesional e promoción persoal, proporcionando aos traballadores os coñecementos e as prácticas adecuadas aos requirimentos do mercado de traballo e as necesidades das empresas.

A Consellería de Traballo e Benestar, tendo en conta que, un dos piares básicos das directrices establecidas na Estratexia Europea para o Emprego incide na necesidade de reforzar a política de igualdade entre homes e mulleres, trata de potenciar cunha serie de medidas, as perspectivas profesionais das mulleres, o seu acceso a empregos de maior cualificación e a súa incorporación a sectores onde aínda ten baixa representación. Trátase de potenciar a igualdade entre homes e mulleres incrementando a permanencia das mulleres no mercado laboral pola vía

da mellora da súa cualificación. Estas medidas tradúcense fundamentalmente en:

- A consideración das mulleres como colectivo preferente no acceso ás accións formativas.
- A taxa de participación das mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de polo menos 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial sempre que esa taxa sexa inferior ao 50 %, e aplicarase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50 %.

Situación de partida:

- Nas accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras ocupadas no ano 2012 a taxa de participación de homes e mulleres foi do 47,8 % e do 52,2 % respectivamente, porcentaxes que se converten nun 47,9 % e nun 52,1 % se falamos de alumnos finalizados.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |

| | |
|---|---|
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | X |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As entidades beneficiarias das convocatorias deben dar acceso as mulleres ás accións formativas como colectivo preferente. E a taxa de participación das mulleres no conxunto de cada plan formativo deberá ser de polo menos 5 puntos porcentuais superior á taxa xeral de ocupación feminina no correspondente ámbito territorial sempre que esa taxa sexa inferior ao 50 %, e aplicarase unha porcentaxe inferior se con ela se chega ao 50 %.

Incluirase en todas as accións formativas, un módulo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica.

Estableceranse para desempregadas axudas específicas para as mulleres vítimas de violencia de xénero e axudas á conciliación, co obxecto de conciliar a asistencia ás accións formativas co coidado de fillos menores de 6 anos ou maiores dependentes.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

O establecemento do colectivo "mulleres" como preferente contribuirá a redución da brecha de xénero, así como o establecemento dunha taxa de participación.

Do mesmo xeito, as axudas incrementarán a posibilidade tanto de acceso como de finalización das accións formativas.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Emprego e Formación

## III.1.15. PROGRAMA 324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A mellora da política laboral a través de accións de apoio a empresas e persoas traballadoras que atravesan unha situación de crise e se atopan en procesos de reestruturación.

A actividade empresarial, as empresas e os seus grupos de interese, cumpren un papel imprescindible na incorporación e desenvolvemento da responsabilidade social empresarial (RSE) , e a actuación dos poderes públicos debe orientarse a fomentar a RSE mediante, entre outras, actuacións de impulso e apoio ás empresas para mellorar a súa xestión empresarial, á difusión do concepto de RSE, así como a impulsar o Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial, dando así cumprimento ás actuacións previstas no Plan Estratéxico Galego de RSE 2012-2014.

Proxecto "RED TRANSREXIONAL DE IMPULSO DA RSE" cofinanciado polo FSE, Eixo 4, que ten por obxecto continuar e manter ata o 2014 unha rede de cooperación transrexional en materia de RSE.

Proxecto "FORO PLURIREXIONAL DE DIÁLOGO SOCIAL" cofinanciado polo FSE, Eixo 4, que persigue avaliar procesos e resultados do diálogo social conseguidos por medio da identificación de boas prácticas en diversos territorios e valorar a súa efectividade así como novas necesidades no actual contexto, mellorando as políticas activas de emprego de cada territorio a favor dunha maior eficiencia no seu deseño e execución.

O desenvolvemento das accións recollidas na Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo en igualdade das mulleres de Galicia concretaranse en medidas de promoción e impulso, tales como axudas en favor de erradicar a infrarrepresentatividade das mulleres en determinados sectores, fomento dos plans de igualdade e adopción de medidas que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral, así como racionalización de horarios laborais.

A situación de dificultade económica fai que moitas empresas acudan a regularizar as súas plantillas o que fai necesario articular medidas de apoio ás relacións laborais, con especial atención á perspectiva de xénero, e máxime en sectores de especial relevancia para a economía galega como é o sector naval para o que se lle dará remate as actuacións do Programa "FEAG-Empreganav" que está cofinanciado nun 65 % con fondos europeos do Fondo europeo á adaptación á globalización (FEAG), que ten por finalidade a realización de actuacións de mellora da empregabilidade e apoio á reinserción laboral de persoas desempregadas neste sector.

Apoio ás actividades das organización sindicais e facer efectiva a participación institucional

das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas, garantindo a participación en igualdade de oportunidades de homes e mulleres, nos órganos de participación da comunidade autónoma , cumprindo coa Lei 17/2008, de Participación Institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.

Acreditar que as empresas que operan no sector da construción cumpren cos requisitos de capacidade e de calidade da prevención de riscos laborais, obriga ao mantemento do Rexistro administrativo de empresas Acreditadas sector da Construción (REA), que ten como obxectivo que toda empresa que pretenda ser contratada ou subcontratada para traballos nunha obra de construción, deberá estar inscrita no REA, dependente da autoridade laboral onde estea ubicado o domicilio social da empresa.

Controlar que as empresas cumpran coa normativa laboral, de igualdade de oportunidades e de prevención de riscos laborais esixe dunha áxil e eficaz tramitación dos expedientes sancionadores por infraccións laborais así como o mantemento do Rexistro de sancións, especificando a tipoloxía das sancións e, especialmente, se hai sancións en materia de igualdade de oportunidades.

Coa finalidade de controlar as condicións de seguridade e saúde laboral e de emprego e relacións laborais cumpre aprobar e fixar anualmente o programa de obxectivos da Inspección de Traballo e Seguridade Social e dos técnicos habilitados do ISSGA no marco da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Impulso do protocolo de coordinación coa Fiscalía de Galicia e a Consellería de Traballo e Benestar para a investigación eficaz e rápida dos delitos contra a vida, saúde e integridade física das persoas traballadoras, así como para a execución efectiva das sentenzas condenatorias, no que se establece, entre outros, un sistema permanente de gardas do persoal técnico de prevención e da Inspección de Traballo coa finalidade de cumprir con esta investigación.

Impulsar o Plan de Coordinación galego/lusa en materia de traballo transfronteirizo Galicia/Norte de Portugal, no que se contemplen, entre outros, obxectivos e medidas de igualdade de oportunidades.

Desenvolvemento de actuacións de mediación en conflitos colectivos de traballo.

Promover e fomentar o cooperativismo, como forma de contribuír ao desenvolvemento da política económica e social da comunidade autónoma, así como contribuír á mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.

Impulsar especialmente a divulgación e formación cooperativa, así como fomentar a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos e a labor investigadora. Impulsar a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a súa visibilidade.

Incentivar a creación de emprego a través de empresas de economía social, así como a

creación e desenvolvemento de cooperativas.

Mellorar a xestión empresarial e societaria das empresas de economía social.

Promover o desenvolvemento cooperativo de base local articulando unha rede de promoción do cooperativismo.

Fomentar a participación dos concellos e institucións públicas do ámbito universitario na labor de fomento e promoción do cooperativismo.

Impulsar o funcionamento e actividades do Consello Galego de Cooperativas e fomentar o asociacionismo cooperativo, así como resaltar os principios e valores da fórmula empresarial cooperativa.

Fomentar o desenvolvemento transfronteirizo de base cooperativa, promover a comercialización e internacionalización nas sociedades cooperativas.

Promover e fomentar o cooperativismo, como forma de contribuír ao desenvolvemento da política económica e social da comunidade autónoma, así como contribuír á mellora da produtividade e competitividade da nosa economía.

Impulsar especialmente a divulgación e formación cooperativa, así como fomentar a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos e a labor investigadora. Impulsar a realización de actividades de promoción do cooperativismo e a súa visibilidade.

Incentivar a creación de emprego a través de empresas de economía social, así como a creación e desenvolvemento de cooperativas.

Fomentar o autoemprego cooperativo entre a xuventude, mediante actuacións específicas dirixidas ás mozas e mozos galegos que están a piques de incorporarse ao mundo laboral.

Mellorar a xestión empresarial e societaria das empresas de economía social.

Impulsar a competitividade das empresas de economía social, promovendo a investigación, desenvolvemento e innovación, así como o aproveitamento integral das tecnoloxías da información e as comunicación.

Posta en valor dos produtos e servizos cooperativos a través da diferenciación e promoción, impulsando a súa comercialización e internacionalización.

Promover o desenvolvemento cooperativo de base local, o emprendemento e a creación de emprego, a través da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.

Estimular a creación de oficinas de fomento cooperativo por parte de agrupacións de concellos, así como a realización de actividades de promoción centradas no seu ámbito de actuación.

Promover a participación de entidades públicas e privadas, especialmente das entidades colaboradoras da Rede Eusumo no labor de fomento da economía social.

Fomentar a participación das institucións públicas do ámbito universitario na labor de investigación, fomento e promoción do cooperativismo.

Impulsar o funcionamento e actividades do Consello Galego de Cooperativas e fomentar o asociacionismo cooperativo, así como resaltar os principios e valores da fórmula empresarial cooperativa.

Promoción da colaboración empresarial no ámbito da economía social, con especial atención aos procesos de intercooperación e integración cooperativa.

Fomentar o desenvolvemento transfronteirizo de base cooperativa, promover a comercialización e internacionalización nas sociedades cooperativas.

A través do Consello Galego de Relacións Laborais preténdese mellorar as relacións laborais, mediante o impulso da negociación colectiva e dos procedementos de solución autónoma de conflitos laborais (mediación e arbitraxe). Deste xeito, facilítase a consecución de acordos nas empresas e nos sectores que solicitan a asistencia do consello e contribúese así á mellora das condicións laborais. Así mesmo, o consello elabora estudos e informes que traslada ás mesas negociadoras e ás organizacións empresariais e sindicais para a mellora das relacións laborais. Organiza tamén actividades de formación, como o curso superior de Relacións Laborais. Ademais, a través da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade de Mulleres e Homes na negociación colectiva, o consello actúa fomentando boas prácticas na negociación colectiva, asesorando ás partes negociadoras sobre a redacción e a aplicación de cláusulas que promovan a igualdade ou removan discriminacións directas ou indirectas por razón de xénero e organizando actividades de formación en igualdade en coordinación coa Unidade Administrativa de Igualdade da Consellería de Traballo e Benestar.

O Consello Galego de Relacións Laborais, ademais de ter que ditaminar preceptivamente todos os proxectos normativos da Xunta sobre política laboral e fomentar e ampliar a negociación colectiva dentro do respecto ao principio de autonomía consagrado no artigo 37.1 da Constitución española, impulsando unha axeitada estrutura dos convenios nos ámbitos territorial e sectorial, debe desenvolver un importante labor de estudo sobre temas variados da nosa realidade social e propiciar o debate sobre os aspectos desa realidade que resulten de máis interese en cada momento, mediante a organización de seminarios, xornadas e foros semellantes, todo elo para contribuír á mellora das relacións laborais.

Ademais, ten encomendado polos sindicatos e organizacións empresariais asinantes do Acordo Interprofesional Galego sobre Procedementos Extraxudiciais de Solución de Conflitos de Traballo (AGA), a xestión dos procedementos de conciliación, mediación e arbitraxe nel contemplados, que constitúen unha aposta pola autonomía colectiva como senda idónea para

construír un sistema de relacións laborais adaptado ás peculiaridades e intereses propios da realidade socioeconómica e laboral de Galicia, diante da falla de competencia autonómica no ámbito material da lexislación laboral. O AGA concíbese como un instrumento útil, como un servizo de interese xeral e relevancia pública, baseado nos principios de eficacia, gratuidade e celeridade e como unha alternativa á vía xudicial, máis próxima e máis satisfactoria para as persoas traballadoras e para as empresas.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións a desenvolver na área laboral diríxense aos seguintes sectores:

- Con Carácter universal a toda a poboación en xeral.
- Persoas traballadoras, empresas, organizacións empresariais, organizacións sindicais, órganos de participación, outras administracións, a sociedade en xeral.

As actuacións a desenvolver na área do cooperativismo e economía social diríxense aos seguintes sectores:

- Con carácter universal a toda a poboación en xeral.
- Persoas desempregadas.
- Xuventude.
- Socios e traballadores das empresas de economía social.
- Empresas de economía social e as súas asociacións.
- Entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.
- Concellos e universidades públicas de Galicia.
- Cooperativas de Galicia e Norte de Portugal.

As accións do Consello Galego de Relacións Laborais diríxense ás organizacións empresariais e sindicais, persoas empregadoras e persoas traballadoras, así como profesionais vencellados coas relacións laborais.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

1. Área de Traballo

En Galicia, ao igual que o resto do Estado, a situación caracterízase pola situación de crise o que fai necesario máis que nunca o apoio ás empresas e persoas traballadoras galegas. Cuns datos de 28.816 persoas traballadoras afectadas por ERES no ano 2012, nas súas modalidades de extinción, suspensión ou redución de xornada, os datos conclúen que as políticas laborais deben ser prioritarias.

Noutra orde de materias, no último informe do Observatorio de RSE , de maio de 2013, as empresas entrevistadas valoran o seu grao de coñecemento sobre a Responsabilidade Social Empresarial nunha escala de 1 a 5, nun 3,04 e aínda que aos poucos van aumentando o seu grao de coñecemento séguese a por de manifesto un importante descoñecemento desta forma de xestionarse, o que ven a manifestar a necesidade de impulsar o Plan Estratéxico galego de RSE 2012-2014, que ten por obxectivo principal o de que esta filosofía empresarial que axuda a que a competitividade calle nas empresas.

En canto ás políticas de igualdade laboral débese seguir priorizando o fomento dos plans de igualdade nas empresas, a conciliación da vida persoal persoal, familiar e laboral porque é unha cuestión de interese xeral que redunda beneficios na nosa sociedade.

ANÁLISE DAFO

- Factores internos:
  - Debilidades:
    - Situación económica adversa para as empresas e o seu persoal.
    - Dificultade da Administración para penetrar nos sectores obxecto das accións de RSE.
    - Carencias de formación en xestión empresarial baixo os parámetros da RSE.

  - Fortalezas:
  - Compromiso de axentes sociais e económicos.
  - Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.

- Factores externos
  - Ameazas:
  - Baixo nivel de concienciación para implantación da RSE do empresariado, maiormente, PEME.
  - Baixa implantación de medidas de igualdade.
  - Descoñecemento na sociedade galega sobre o concepto da RSE.

  - Oportunidades:
  - Plan Estratéxico Galego de RSE, 2012/2014
  - A existencia de grandes empresas galegas que aplican RSE que poden actuar como tractoras das PEMES galegas.

2. Área de Cooperativas e Economía Social

En Galicia existen 1.180 cooperativas e 1826 sociedades laborais activas. O seu impacto conxunto sobre o emprego representa preto dun 2 % da poboación ocupada.

As diagnoses realizadas fundamentalmente no ámbito do cooperativismo, tales como o Libro Branco e as súas actualizacións a través dos Informes de síntese, así como o Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo, amosan un sector en vías de consolidación, con amplo potencial de crecemento e unha demostrada capacidade para a creación de emprego de calidade e para a resistencia ás crises.

Non obstante, tamén se pon de manifesto un importante déficit no coñecemento da fórmula cooperativa por parte da poboación en xeral, e no sistema educativo e formativo en particular, así como a necesidade de mellorar a formación dos cooperativistas e a xestión empresarial e societaria das cooperativas, especialmente nas etapas de lanzamento dos proxectos, a través de procesos de asesoramento e acompañamento.

Nos últimos anos estase a desenvolver o Plan estratéxico para o desenvolvemento do cooperativismo, con distintas medidas que abarcan as seguintes áreas de actuación transversais: Desenvolvemento empresarial; Desenvolvemento societario; Divulgación, educación, formación e investigación; Emprego e desenvolvemento territorial; Financiamento e xestión financeira; e Consolidación institucional. Ademais, impulsáronse actuacións de carácter sectorial dirixidas ás distintas clases de cooperativas existentes.

Compre destacar como novidade a creación e posta en marcha da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social que engloba a un total de 47 entidades colaboradoras, entre asociacións, fundacións, entidades locais, universidades, cámaras de comercios e outras entidades públicas e privadas.

- Debilidades:
    - ☐ Escasa dimensión dos medios de promoción do cooperativismo e a economía social en relación coa tarefa encomendada.
    - ☐ Complexidade da transmisión, aceptación social e posta en practica dos valores e principios cooperativos.
    - ☐ Carencias de formación en xestión empresarial e societaria dos membros das empresas da economía social.
- Fortalezas:
    - ☐ O amplo potencial da economía social para a creación de emprego e a mobilización de recursos humanos, para a satisfacción de necesidades comúns e a estruturación económica e social.
    - ☐ As empresas cooperativas fortemente asentadas no territorio e con capacidade de resistencia ás crises.
- Ameazas:

- A preponderancia da cultura empresarial que non ten en conta as fórmulas empresariais que, como a economía social, pivotan sobre a persoa.
- O descoñecemento existente na sociedade galega sobre as características da fórmula empresarial cooperativa.
- A carencia de formación e orientación cooperativa nos axentes intermedios que asesoran aos emprendedores.
- As dificultades de acceso ao financiamento.

- Oportunidades
  - As facilidades para o emprendemento derivadas das vantaxes da participación e da asunción de riscos compartida.
  - A existencia de persoas, particularmente xuventude, con capacidade profesional suficiente para viabilizar proxectos profesionais.
  - A normativa galega en materia de cooperativas que facilita a súa constitución, así como a súa flexibilidade e competitividade.
  - A existencia dunha rede específica colaborativa para a promoción da economía social con presenza en todo o territorio galego (Rede Eusumo).

Polo que respecta ás accións propias do Consello Galego de Relacións Laborais sinalar a asunción pola Comunidade Autónoma de Galicia, co alcance e límites previstos no artigo 149.1.7.º da Constitución e ao amparo do artigo 29 do seu Estatuto de Autonomía, das funcións de execución en materia laboral supón a transmisión a aquela de importantes competencias e facultades en materia de relacións laborais que debe exercitar con plena responsabilidade e autonomía. E a execución de tales competencias inclúe a facultade de ditar as normas propias para a organización dos citados servizos, como é a creación por lei do Consello Galego de Relacións Laborais; así, a existencia dun marco permanente de encontro dos interlocutores sociais proporcionará o diálogo e facilitará a adopción de acordos colectivos sobre relacións de traballo, ao mesmo tempo que se propicia un tratamento máis axeitado dos conflitos colectivos, dentro do respecto aos principios constitucionais e ao marco da lexislación laboral vixente.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego.
- Lei 17/2008, do 29 de decembro, pola que se regula a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia.
- Orde do 15 de maio de 2008, polo que se crea o Rexistro administrativo de empresas Acreditadas sector da Construción (REA ) de Galicia.

- Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos colectivos de Traballo e se regula a súa tramitación electrónica.(REGCON).
- Orde do 12 de xuño de 2008 (DOG nº 119, do 20.06.2008) pola que se ditan con carácter permanente, normas de procedemento para a xestión das axudas previstas no Decreto 106/1994, do 21 de abril, (DOG nº 85, do 04.05.1994) da Xunta de Galicia, e na Orde do 5 de outubro de 1994, do Ministerio de Traballo e Seguridade Social, pola que se regula a concesión de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da Seguridade Social, a persoas traballadoras afectadas por procesos de reestruturación de empresas (BOE nº 253, do 22.10.1994).
- Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial (2012-2014).
- Programa operativo do Fondo Social Europeo 2007-2013.
- Programa europeo de Adaptación á Globalización (FEAG).
- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de cooperativas de Galicia.
- Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que regulan os procedementos de conciliación e arbitraxe cooperativa.
- Lei 4/1997, do 24 de marzo, de sociedades laborais.
- Decreto 200/2005. do 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, e a súa organización e funcionamento.
- Orde TAS/3501/2005, do 7 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión de subvencións para o fomento do emprego e mellora da competitividade nas cooperativas e sociedades laborais (Aínda que derrogada, continua en vigor consonte ao previsto na Disposición final duodécima do Real decreto lei 3/2012, do 10 de febreiro de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral).
- Lei 5/2008, do 23 de maio, pola que se regula o Consello Galego de Relacións Laborais.
- Resolución de 23 de outubro de 2008, pola que se dispón a publicación do Regulamento interno de organización e funcionamento do Consello Galego de Relacións Laborais (DOG do 13.11.2008).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa na área laboral é a mellora das relacións laborais mediante cinco eixos:

- Eixo 1: Potenciar a mellora da política laboral mediante accións de apoio á empresas e persoas traballadoras, organizacións empresariais e sindicais.
- Eixo 2: Modulación das relacións cos axentes sociais.

- Eixo 2: Fomentar a RSE, mediante accións de formación, difusión , entre outras.
- Eixo 3: Fomentar políticas de igualdade laboral.
- Eixo 4: Axilizar de maneira eficaz a tramitación administrativa de expedientes competencia desta unidade.

A través dos seguintes medios:

- Axudas para implantar a responsabilidade social empresarial (RSE) e a igualdade nas pequenas e medianas empresas, no ámbito da comunidade autónoma .
- Axudas ás centrais sindicais e á participación institucional de sindicatos e organizacións empresariais.
- Axudas a sectores clave da nosa economía, como é o caso das axudas á persoas desempregadas do sector naval e do metal.
- Colaboración coas universidades galegas para a realización de actividades de promoción e divulgación da RSE.
- Fomento de xornadas, seminarios e actividades de difusión da RSE.
- Apoio e impulso do Observatorio Galego de RSE.
- Apoio para a creación de REDES Transrexionais de fomento da RSE, e do traballo transfronteirizo.
- Fomento do diálogo social.

Na área do cooperativismo e economía social, a finalidade deste programa estruturase nos seguintes puntos:

- Creación de emprego cooperativo a través da promoción do autoemprego cooperativo e do apoio ao emprendemento baixo as fórmulas de economía social.
- Mellora da competitividade das cooperativas e sociedades laborais, apoiando especialmente a investigación, desenvolvemento e innovación, así como a plena utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións.
- Valorización e diferenciación dos produtos e servizos cooperativos para mellorar a súa comercialización e internacionalización.
- Sensibilizar a sociedade galega sobre os principios e valores cooperativos, sobre as súas potencialidades, especialmente entre a xuventude, así como dotar de maior visibilidade á economía social.
- Mellorar as capacidades das persoas integradas na economía social para un mellor desempeño profesional e para viabilizar o seu proxecto empresarial.
- Achegar a información, formación e asesoramento en materia de cooperativismo e economía social ao ámbito local.
- Consolidación de redes de colaboración para o fomento da economía social, para a colaboración transfronteiriza e para a comercialización e internacionalización.

- Fortalecer o movemento cooperativo galego, incentivar os procesos de intercooperación e integración, así como canalizar a súa participación en todos os ámbitos e a presenza institucional a todos os niveis.

  A través dos seguintes medios:

  - Axudas para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais.
  - Axudas para o impulso de proxectos empresariais cooperativos.
  - Axudas para procesos de colaboración empresarial, intercooperación e integración cooperativa.
  - Axudas para o fomento do acceso á condición de socio traballador.
  - Axudas para a realización de actividades no marco da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.
  - Axudas para o fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e sociedades laborais.
  - Subvencións aos concellos de Galicia para a realización de actividades de promoción do cooperativismo mediante unha rede de Oficinas de Fomento Cooperativo, con base nas entidades locais, e integradas na Rede Eusumo.
  - Colaboración coas universidades galegas para a realización de actividades de promoción e divulgación do cooperativismo.
  - Apoio á conformación dunha rede local estable para a promoción cooperativa e o aproveitamento integral da fórmula cooperativa a nivel local.
  - Fomento de xornadas, seminarios, certames e actividades de difusión e proxección do cooperativismo.
  - Promoción dos produtos e servizos cooperativos, destacando os valores asociados a fórmula empresarial mediante a creación dunha marca cooperativa.
  - Participación en feiras, eventos e todo tipo de ámbitos especializados, fomentando a visibilidade e divulgación do cooperativismo e mellorando a comercialización e internacionalización dos seus produtos e servizos.
  - Plan de divulgación e formación cooperativa, con especial protagonismo da plataforma de teleformación e procurando a presenza do cooperativismo en todos os niveis educativos.
  - Fomento do I+D+I e das tecnoloxías da información e as comunicacións nas cooperativas mediante unha campaña específica de apoio.
  - Elaboración de materiais e recursos para a divulgación, formación e promoción do cooperativismo, con especial atención á presenza en INTERNET.
  - Impulso do funcionamento e actividades do Consello Galego de Cooperativas.
  - Convocatoria dos premios á cooperación, do certame "cooperativismo no ensino".
  - Celebración do día do cooperativismo galego.

- Potenciación da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social.
- Participación en programas comunitarios para o fomento e consolidación das cooperativas na Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.
- Creando recursos específicos para o emprendemento cooperativo e para o financiamento de proxectos.
- Campañas de divulgación específicas dirixidas á xuventude.
- Dotación dun fondo de capital risco para financiar novos proxectos de carácter cooperativo.

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais, a súa finalidade concrétase en mellorar as relacións laborais e posibilitar os acordos nas empresas, contribuíndo á paz social.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | X |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A integración da dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das competencias autonómicas sobre emprego e relacións laborais e a dimensión da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes é obxecto das actuacións da Consellería de Traballo e Benestar no ámbito, tanto do emprego público como no emprego privado (Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia).

A igualdade é un dos valores nos que asenta a fórmula empresarial cooperativa que é obxecto de promoción e fomento a través deste programa.

A taxa de paro das mulleres é superior á taxa de paro dos homes, polo que no ámbito específico do fomento do emprego cooperativo, e en liña cos criterios establecidos a nivel estatal pola normativa reguladora, incentivase con maior contía de axuda ás incorporacións de mulleres desempregadas ás cooperativas e sociedades laborais.

Os potenciais beneficiarios/as deste programa de axudas son as persoas desempregadas ou persoas traballadoras temporais, que se incorporen como persoas socias traballadoras de empresas de economía social con carácter indefinido.

Polo que respecta ao Consello Galego de Relacións Laborais, sinalar que partindo dunha desigual participación de mulleres na negociación colectiva galega e tendo en conta os datos recollidos no Informe anual sobre a situación da negociación colectiva, que elabora o Consello Galego de Relacións Laborais, poténciase a participación de mulleres nas mesas de negociación. Os destinatarios potenciais son 30.000 delegados/as sindicais e empresariais.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | X |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |

| | |
|---|---|
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | x |
| Outros (especificar) | |

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

En materia de relacións laborais ten un importante efecto a redución da brecha de xénero xa que en idos laborais aínda quedan moitas desigualdades.

Axudas para a incorporación de persoas desempregadas como persoas socias traballadoras de empresas de economía social, incrementándose a contía das axudas cando se trata de mulleres desempregadas. O programa está dirixido a toda a sociedade.

### PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

- Tender á equiparación total nos eidos laborais, tanto público como privado.
- Contribuirase a reducir o diferencial existente entre a taxa de paro feminino e a taxa de paro masculino.

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Consello Galego de Relacións Laborais

## *III.1.16. PROGRAMA 324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO:*

### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A normativa en materia de prevención de riscos laborais, en tanto que vinculada aos aspectos técnicos do propio traballo (condicións de traballo) e do contorno no que se realiza na súa vertente física (ambiente físico de traballo) e social (condicionantes psicosociais)caracterízase por unha complexidade técnica que obriga as persoas responsables da actividade preventiva a unha

capacitación específica que, sobre todo no caso da pequena empresa, ten como consecuencia unha tendencia importante á externalización da actividade preventiva.

Esta tendencia á externalización provocou historicamente unha proliferación excesiva de servizos de prevención alleos (SPA) coa lóxica competencia comercial que levou a unha exaxerada caída de prezos dos servizos que a súa vez redundou nun descenso da calidade dos mesmos e, finalmente, á merma da calidade na actividade preventiva.

Esta degradación vense corrixindo nos últimos anos como consecuencia das modificacións normativas que tiveron como consecuencia unha redución do número de SPA, que sometidos a novas exixencia técnicas e organizativas vense abocados a mellorar os seus servizos ou desaparecer.

Por outra banda, o fomento da redución da externalización da actividade preventiva implica o apoio ás accións formativas que teñan por obxectivo dotar ao persoal propio das empresas da capacitación necesaria para o desenvolvemento da actividade preventiva, e o apoio ás accións de sensibilización empresarial que teñan como obxectivo que as persoas empresarias opten polo desenvolvemento da acción preventiva cos seus propios medios, ben sexa de forma individual ou mediante a constitución de servizos de prevención mancomunados entre empresas do mesmo sector, do mesmo grupo empresarial ou que desempeñen a súa actividade nun mesmo ámbito xeográfico.

En consecuencia, é importante potenciar un sistema preventivo centrado na incentivación e o máximo aproveitamento dos recursos propios da empresa, ao tempo que se perfeccione a complementariedade de recursos preventivos alleos cuxa prestación de servizos progrese significativamente en eficacia e calidade.

As actuacións dos poderes públicos dirixidos á mellora do nivel de protección da saúde e da seguridade das persoas traballadoras, deben basearse nos principios de eficacia, de coordinación e de participación, e como axentes que perseguen un mesmo fin, débese promover a colaboración con todos os axentes sociais na prevención de riscos laborais.

Polo que respecta á actividade do ISSGA, o motivo que xustifica a intervención pública e o ámbito concreto do programa resúmese nos seguintes aspectos:

- Apoio técnico aos órganos laborais, sanitario, educativo, etc., así como servir de instrumento transversal en materia preventiva á Xunta de Galicia e outros organismos.
- Obter unha información veraz dos accidentes de traballo e enfermidades profesionais de orixe laboral, para o seu tratamento estatístico e posterior formulación de medidas correctoras en materia preventiva.
- Promover a prevención de riscos laborais nas empresas e centros de traballo e o fomento de boas prácticas para a redución da sinistralidade laboral.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións a desenvolver polo Servizo de Seguridade e Saúde Laboral diríxense aos seguintes sectores:

- Empresas:
    - Empresas con menos de 10 traballadores que desempeñen directamente a actividade preventiva.
    - Empresas con mais de 10 traballadores que desenvolvan a actividade preventiva con medios propios.
    - Servizos de prevención mancomunados.
    - Servizos de prevención alleos ás empresas.
    - Organizacións empresariais con programas específicos de prevención de riscos laborais.
- Organizacións sindicais:
    - Gabinetes de seguridade e saúde laboral dos sindicatos.
    - Delegados de prevención e delegados de persoal nas empresas de menos de 30 traballadores.
- Persoas traballadoras:
    - Persoas traballadoras designadas polo empresario para desenvolver actividades preventivas.
    - Integrantes de servizos de prevención alleos, propios e mancomunados.
- Administración autonómica:
    - Órganos da administración con competencias sectoriais en materia de seguridade e saúde laboral.
- Outros:
    - Órganos bipartitos nacidos da negociación colectiva ou de acordos sectoriais con funcións en materia de seguridade e saúde laboral.
    - Entidades formativas especializadas.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) estende a súa actuación a todas as empresas e á totalidade de persoal traballador, homes e mulleres, respecto dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as administracións públicas e o persoal ao seu servizo. Na súa actuación inclúe especificamente as cooperativas de traballo asociado e as demais cooperativas en relación cos seus socios e socias de traballo.

Así mesmo leva a cabo as actividades de promoción da prevención de riscos laborais en relación coas traballadoras e os traballadores por conta propia e co conxunto da poboación, prestándolles especial atención ás actividades de prevención dirixidas a pequenas e medianas

empresas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

- Unha sinistralidade media en Galicia un 2.92 % mais alta que a sinistralidade media en España (evolución interanual 2012-2013).
- Proceso de consolidación das modificacións e normas de desenvolvemento do Real decreto 39/1997, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención, que veñen de entrar en vigor nos anos 2011 e 2012 e que van a modificar o ámbito de aplicación do programa. Así pódense detallar:
  - Redución nun 9.5 % do número de servizos de prevención alleos ás empresas (SPA), acreditados pola dirección xeral en 2011, un 21.05 % en 2012 e un 27.58 % en 2013 (evolución interanual).
  - Existencia de 10 servizos de prevención mancomunados (5 de grupo de empresa e 5 de carácter sectorial) que inclúen un total de 2.025 empresas e 64.679 traballadores.
- Finalización do proceso de adaptación dos SPA. Necesidade de comprobación da efectiva adaptación.
- Modificación da normativa que regula a autorización de entidades formativas especializadas para a impartición de cursos de coordinador de seguridade e saúde en obras de construción.
- Incremento nun 36.04 % das empresas en posible situación de exención de auditoría do sistema de prevención propio. Correspóndelle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a supervisión dos procesos.

ANÁLISE DAFO

- Factores internos
  - Debilidades:
    - ◻ Dificultade da administración para penetrar nos sectores obxecto de seguimento das modificacións.
    - ◻ Falta de instrumentos non coercitivos de fomento da adaptación dos sectores ás modificacións normativas.
  - Fortalezas:
    - ◻ Aceptación polo sector do Rexistro de Coordinadores de Seguridade e Saúde en Obras de Construción (Decreto 153/2008).
    - ◻ Ser a unidade responsable da execución da nova normativa.
    - ◻ Constitución dun novo rexistro centralizado de servizos de prevención alleos.
    - ◻ Establecemento de instrumentos de colaboración con organizacións empresariais e sindicais.

- Factores externos

- Ameazas:
  - Baixo nivel de formación dos empresarios que reúnen condicións obxectivas para o desempeño da actividade preventiva.
  - Coincidencia entre sectores de alta sinistralidade e baixa cualificación profesional.
  - Escaseza de recursos humanos especializados en determinadas actividades preventivas (Medicina do Traballo).
  - Inercia fronte a aplicación dos cambios normativos nos SPA.
  - Sinistralidade laboral mais alta en Galicia que a media nacional (índice de incidencia de 2.815 sobre 2.735).
- Oportunidades:
  - Modificacións na normativa estatal e autonómica.
  - Desenvolvemento por parte do Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo de ferramentas de asesoramento público ao empresario.
  - Redución significativa da sinistralidade en Galicia, por encima da media nacional (17.5 % fronte a 14.9 %).

Ao ISSGA correspóndelle a xestión e coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos da comunidade autónoma para a mellora das condicións de traballo co obxecto de reducir na orixe os riscos inherentes ao traballo.

A situación actual neste eido pódese resumir en que, a pesar do descenso mantido da sinistralidade laboral no último decenio en Galicia, séguese producindo un número importante de accidentes laborais. No ano 2012 producíronse 23.663 accidentes con baixa, dos cales 485 foron graves e 45 mortais. Aínda que a incidencia total dos accidentes en Galicia é comparable á media de España, os accidentes mortais e sobre todo os graves prodúcense cunha incidencia moito máis elevada que o promedio nacional. Ao mesmo tempo, e tamén para a anualidade de 2012, declaráronse na nosa comunidade autónoma 1.067 enfermidades profesionais, das que 591 cursaron con baixa.

Por iso, para o cumprimento do obxectivo de eliminar ou reducir na súa orixe os riscos laborais, o instituto:

- Desenvolve accións de información, divulgación e formación, en materia preventiva.
- Realiza o asesoramento e o control das accións técnico-preventivas, sen prexuízo das competencias da Inspección de Traballo e Seguridade Social, dirixidas á diminución dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais que se realicen nas empresas para elevar a protección da seguridade e a saúde das traballadoras e dos traballadores.
- Préstalles ás empresas, con especial atención ás pequenas e medianas empresas, ás

traballadoras e traballadores, ás administracións públicas, aos sindicatos, ás asociacións empresariais e aos demais axentes económicos e sociais asesoramento e asistencia técnica para o mellor cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

- Realiza o seguimento, coordina e promove a colaboración de accións en materia de prevención de riscos laborais dos diferentes departamentos da Administración autonómica, así como con aqueles organismos estatais e internacionais orientados aos mesmos fins.
- Fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal no ensino regrado e non regrado.

O problema xenérico, xa enunciado, é o elevado número de accidentes de traballo e de enfermidades profesionais, do que se poden destacar:

- A alta incidencia dos trastornos musculoesqueléticos, con forte significación entre os accidentes de traballo (35 % do total en 2012 foron accidentes por sobreesforzo), pero especialmente entre es enfermidades profesionais (case o 75 % destas).
- A relevancia do sector primario en Galicia, no que actividades como a explotación forestal ou a pesca, de alto risco laboral e elevada sinistralidade; por exemplo, no sector pesqueiro as incidencias dos accidentes de traballo graves e mortais cuadriplican ás do conxunto de sectores.
- Tamén en relación co sector primario, o elevado incremento (case do 80 %) da incidencia dos accidentes no sector agrario no último decenio.
- Os accidentes de tráfico, que supoñen un 20 % das mortes por accidente laboral en xornada de traballo; esta porcentaxe aumenta ata o 30 % se se contabilizan os accidentes "in itínere", que tamén teñen a consideración de laborais.
- O aumento significativo dos accidentes de traballo por causas non traumáticas (fundamentalmente infartos), que en 2012 acadan o 27 % dos accidentes mortais.
- A presenza de novos riscos pouco coñecidos, asociados a procesos ou produtos novos, especialmente os asociados a substancias canceríxenas, mutaxénicas, tóxicas para a reprodución ou sensibilizantes.

As causas desta situación son múltiples, non pudendo concretarse para cada caso dos mencionados unha única que os orixine, pero as que conflúen concomitantemente á maior parte delas pódense xeneralizar nas seguintes:

- Falta dunha cultura preventiva: nas organizacións, o aspecto da prevención de riscos laborais é, en moitos casos, secundario fronte ás consideracións económicas e de produción, especialmente na situación de crise económica actual.
- Insuficiencia na formación sobre esta materia, tanto dos responsables, como de toda a estrutura organizativa, incluídos os traballadores.
- Xestión e organización do sistema preventivo deficientes:
    - Ámbito privado, no que existen eivas recoñecidas na calidade dos servizos prestados

polas entidades que actúan como servizos de prevención alleos:

- Control insuficiente sobre os servizos de prevención e entidades de formación.
- Criterios de calidade consensuados só nalgúns sectores: naval, metal.
- Documentalización da prevención: avaliación de riscos e planificación preventiva existentes, pero sen seguimento.
- Elevada externalización.
- Falla de mecanismos de comunicación e participación das persoas traballadoras.

- Ámbito público:
- Falta de coordinación entre administracións: laboral, sanitaria, industrial, educativa:
  - Falta de conexión na planificación das actuacións institucionais relacionadas coa prevención.
  - Ausencia de plans de investigación aplicada sobre Seguridade e Saúde Laboral.
  - Falta de conexión entre os sistemas de información das distintas administracións.
  - Insuficiente implicación do sistema educativo e de formación en prevención.
  - Articulación e coordinación de recursos inexistente: inclúense tamén aquí as actividades dos axentes sociais.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Marco legal:

- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
- Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 843/2011, do 17 de xuño, polo que se establecen os criterios básicos sobre a organización de recursos para desenvolver a actividade sanitaria dos servizos de prevención.
- Orde TIN/2504/2010, do 20 de setembro, pola que se desenvolve o Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Decreto 153/2008, do 24 de abril, polo que se crea o Rexistro de coordinadores e coordinadoras en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.
- Decreto 109/2012, do 22 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.
- Orde do 25 de marzo de 2013 pola que se regula o procedemento para a acreditación das entidades formativas para a impartición do curso de coordinador/a en materia de seguridade e saúde nas obras de construción.

- Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.
- Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Orde do 23 de agosto de 2010 pola que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do ISSGA.
- Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Plan Anual de Actividades do ISSGA.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa no ámbito de aplicación do Servizo de Seguridade e Saúde Laboral é a redución da sinistralidade laboral en Galicia mediante tres eixos:

- Eixo 1: Mellora da actividade preventiva, mediante:
  - Integración da actividade preventiva na empresa.
  - Formación dos empresarios para desempeñar a actividade preventiva.
  - Fomento do desenvolvemento da actividade preventiva con medios propios. Formación de traballadores designados.
  - Formación dos representantes dos traballadores: Formación específica para delegados de prevención.
  - Fomento da constitución de servizos de prevención mancomunados nos sectores de actividade de maior sinistralidade.
  - Promoción da creación de gabinetes técnicos sectoriais nas asociacións empresariais e organizacións sindicais que sirvan como puntos focais de consulta e asesoramento en materia preventiva.

- Eixo 2: Supervisión da adaptación dos servizos de prevención alleos ás novas condicións derivadas da modificación do Regulamento dos Servizos de Prevención.
  - Colaboración coa autoridade sanitaria no proceso de adaptación mediante a definición de criterios homoxéneos sobre o cumprimento da normativa.
  - Colaboración coas organizacións empresariais e profesionais do sector da prevención para definir estratexias conxuntas de adaptación.

- Eixo 3: Formación, difusión de novidades normativas e promoción de boas prácticas en sectores de alta sinistralidade.

- Fomento da creación de entidades formativas especializadas
- Participación en foros de divulgación de carácter sectorial e intersectorial organizados por asociacións empresariais e profesionais e organizacións sindicais.

Para incidir sobre as causas que se veñen de mencionar e en cumprimento das funcións que ten atribuídas, o ISSGA desenvolve a súa actuación baseándose no seu Plan de Actividades que elabora anualmente e que se estrutura seguindo as liñas xerais definidas inicialmente. Este plan no ano 2014 versará sobre os seguintes eixos:

1. Observatorio Galego de condicións de traballo:

Creado como un instrumento de xestión da información e análise das condicións de traballo e os seus efectos sobre a seguridade e a saúde laboral da poboación traballadora galega, recolle e analiza os indicadores preventivos de maior relevancia, co obxecto de transformar a información en coñecemento, que apoie a toma de decisións en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo, tanto no eido técnico-científico coma no social para orientar as políticas na materia.

A súa finalidade é, a través do seguimento integrado da prevención de riscos laborais, xestionar e difundir a información sobre a sinistralidade e levar a cabo unha análise dos riscos laborais desde unha perspectiva de xénero e en relación con colectivos de traballadores especialmente sensibles.

2. Xestión da sinistralidade:

Procesos reactivos, derivados de danos xa producidos, cuxa investigación é necesaria con diversos fins, coma establecer accións preventivas ou informar a outros órganos administrativos ou xudiciais cando o soliciten.

Comprende programas de investigación dos accidentes de traballo (incluídos os da Fiscalía) e enfermidades profesionais para coñecer as causas que os provocan e, en consecuencia, desenvolver a súa prevención dun xeito xenérico mediante plans e programas de baseados na análise dos datos derivados das investigacións.

3. Accións de colaboración e asesoramento técnico:

O asesoramento a outros organismos, ás empresas e aos traballadores/as e os seus representantes, é unha actividade fundamental do ISSGA, figurando entre os seus fins, segundo o artigo 3 da Lei 14/2007. Recóllense neste apartado a actividade dos técnicos habilitados e maioritariamente actuacións de carácter permanente, derivadas de encomendas ou da necesidade de apoio técnico doutros organismos da Administración, e en moitos casos non programables

por seren función das demandas destes, co fin de apoiar, asesorar tecnicamente e promover actividades para a mellora das condicións de seguridade e saúde laboral, a redución dos riscos laborais e a investigación de novos métodos e técnicas de seguridade, implicando a terceiros para mellorar o estado da prevención de riscos laborais nos ámbitos respectivos. Inclúe a participación en grupos de traballo, o cumprimento da encomenda de xestión de actividades relacionadas con traballos con risco de exposición ao amianto e a colaboración coa Autoridade sanitaria.

4. Plans e programas de redución:

Actuacións de investigación, asesoramento e asistencia programadas por sectores ou fronte a riscos determinados, en función do seu estado de situación e da súa evolución, polo que a filosofía é que teñan un carácter temporal limitado (anuais ou bienais), co obxecto de podelos reformular periodicamente (programa de protección das traballadoras embarazadas, plan de loita contra a sinistralidade absoluta ou recorrente, programa de loita contra os accidentes por sobreesforzos, mapa de riscos ergonómicos, plan pemes, plan de grandes obras, programa de seguridade vial laboral, programa forestal, etc.).

5. Formación, difusión e sensibilización:

Ademais de constituír os obxectivos 4 e 5 do Plan estratéxico 2011-2014, e do fins a) e e) do ISSGA, forman parte permanente da actividade do organismo, con tendencia a un permanente incremento do nivel técnico-científico e da calidade, tanto das publicacións, cursos e xornadas coma da formación interna dos técnicos propios.

Búscase, a sensibilización de colectivos concretos ou máis xenérica, imprescindible para instaurar unha cultura real da prevención. Destacan as actividades desenvolvidas a través da aula virtual do ISSGA e as actividades da Escola Galega de Prevención.

Dentro deste eixo acadarán especial relevancia no 2014 as accións de información e formación no ámbito rural, xa que o ISSGA forma parte do convenio asinado entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución, seguimento e avaliación das accións incluídas nos plans de zona definidos polo Programa de desenvolvemento rural sostible aprobado polo Real decreto 752/2010.

Para valorar o cumprimento destes eixos o ISSGA establecerá indicadores entre os que estarán o número de campañas de difusión e promoción, o número de actuacións de formación, o número de mulleres participantes en actividades de formación e o total de participantes en actividades de formación.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A evolución interanual da sinistralidade en accidentes con baixa (xuño 2012 a xuño 2013) presenta os seguintes datos:

- Homes: 71.26 %
- Mulleres: 28.74 %

De acordo coa distribución da ocupación no primeiro trimestre de 2013:

- Homes: Ocupados: 52.98 %
- Mulleres: Ocupadas: 47.02 %

A sinistralidade laboral e moito mais baixa en mulleres que en homes sen que as diferenzas porcentuais de poboación activa e ocupada clasificada por sexos o xustifiquen.

Existe unha clara segmentación pola variable de xénero no mercado de traballo, tanto no referido ao sector de actividade como ás ocupacións das mulleres e homes dentro do mesmo sector. Isto determina que as cifras de sinistralidade e os tipos de danos sexan diferentes entre ambos sexos.A presenza relativa da muller no mercado laboral aumenta de xeito sostido. Nos últimos 10 anos, a afiliación feminina á Seguridade Social en Galicia medrou permanentemente, desde o 40,25 % de 2002 ao 47,67 % en 2012. No ano 2012 o total de poboación afiliada é de 941.188 persoas, das que 448.668 son mulleres. Desde o punto de vista de accidentes la-

borais, as mulleres sofren moitos menos accidentes. Tanto os índices de incidencia como os de gravidade son moitos menores nas mulleres; isto podía ser predicible en sectores como a pesca ou a construción, onde as mulleres están menos representadas e desenvolven, en xeral, ocupacións de menor risco, pero ocorre tamén nos servizos ou na agricultura, onde non se dan esas diferenzas, ou mesmo nos accidentes "in itínere", nos que os índices de incidencia non son moi dispares, pero si o é a súa gravidade. No 2012 os índices de incidencia de traballadores homes para accidentes leves, graves e mortais son, respectivamente, 2,5 -4,9 e 40 veces maiores que os das mulleres.

Á situación anterior hai que sumar a dificultade de conciliar familia e traballo, que provoca, en determinadas ocupacións, xunto coas diferenzas fisiolóxicas e anatómicas entre homes e mulleres, que as mulleres teñan máis problemas de saúde que os homes que desenvolven as mesmas tarefas.

Todo o exposto obriga a integrar a dimensión da igualdade na prevención dos riscos. Non se pode esquecer tampouco que no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, o lexislador realiza unha diferenciación de xénero en sentido positivo ao regular a protección da maternidade.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |

| | |
|---|---|
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Dentro do plan de actividades do ISSGA no ano 2014 manteranse actividades que xa se veñen levando a cabo actualmente e relacionadas con esta materia:

- A comisión permanente de integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos laborais asesorará e orientará nos aspectos relacionados coa integración da igualdade nas políticas de prevención de riscos, propoñendo directrices sobre a avaliación do risco para a saúde ou a seguridade das traballadoras embarazadas, que deran a luz recentemente ou en período de lactación e orientando as actuacións especiais que en materia de prevención de riscos laborais sobre sectores feminizados realice a Administración Pública Autonómica. Orzamento: 725,00 €.
- O programa de protección de embarazadas, que comprende a verificación da implantación das obrigas legais existentes sobre a toma en consideración das situacións de embarazo ou lactación na avaliación de riscos que efectúen as empresas. Orzamento: 5.925,00 €.
- Xornadas técnicas de prevención de riscos laborais dirixidas especialmente ao colectivo feminino. Orzamento: 1.000,00 €.
- O módulo de igualdade dos cursos básicos de prevención de riscos laborais, tanto presenciais como on-line, contribúe á promoción da igualdade entre homes e mulleres. Orzamento: 3.510,00 €.

Se ben as tres primeiras actividades se dirixen preferentemente a mulleres, a última está dirixida a toda a sociedade.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

En materia de sinistralidade laboral non ten sentido a redución da brecha xa que a sinistralidade e moito mais importante no sector masculino.

O obxectivo da actuacións que o ISSGA leve a cabo nesta materia é mellorar o cumprimento do artigo 26 da Lei 31/1995, de 8 de novembro,de prevención de riscos laborais.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

## *III.1.17. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Contribuír a proporcionar información do mercado de traballo na nosa comunidade autónoma, mediante a elaboración e difusión das series temporais dos indicadores das relacións laborais e da evolución da sinistralidade laboral.

O obxectivo fundamental deste programa é acadar a máxima difusión dos datos estatísticos mediante as publicacións en distintos formatos da evolución e tendencias do mercado laboral contempladas no Plan Galego de Estatística.

As estatísticas a desenvolver durante o ano 2014 versarán sobre os datos de que orixinen as seguintes operacións durante o ano 2013:

- Folgas e peches patronais.
- Regulación de emprego.
- Conciliacións individuais e colectivas.
- Infraccións e sancións da orde social.
- Eleccións sindicais.
- Apertura de centros de traballo.
- Desprazamentos de traballadores/as nunha prestación de servizos de carácter transnacional.
- Empresas de Traballo Temporal.
- Rexistro de Empresas autorizadas para actuar no Sector da Construción(REA).
- Cooperativas.
- Centros Especiais de Emprego.
- Sociedades laborais.

- Sinistralidade Laboral.

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, participa no desenvolvemento do Plan Galego de Estatística, mediante a elaboración e difusión da monografía anual da sinistralidade laboral en Galicia, como unha das súas actuacións previstas no Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais 2011-2014 e no Plan Anual de Actividades.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións a desenvolver diríxense aos seguintes sectores:

- persoas traballadoras.
- organizacións empresariais.
- organizacións sindicais.
- administracións.
- a sociedade en xeral.

O colectivo ao que se dirixe a publicación anual que elabora o ISSGA, son as empresas e o persoal traballador dos centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, aínda que tamén ten repercusión nas organizacións sindicais e empresariais, nas empresas e traballadores/as das restantes comunidades autónomas e, na sociedade en xeral, por ser o instrumento base para o análise e a información das causas e factores que inciden na sinistralidade laboral.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Pola Dirección xeral de Traballo e Economía Social en cumprimento do Plan Galego de Estatística, vense elaborando anualmente as actividades estatísticas incluídas no Programa Estatístico Anual da comunidade autónoma e que están encadradas dentro da súa área competencial.

O programa Estatístico Anual para 2014 contempla 13 áreas temáticas.

Polo que respecta ás actividades do ISSGA, sinalar que a necesidade de realizar esta actuación ven dada pola obrigada explotación estatística dos datos que figuran nos partes de accidentes de traballo e enfermidades profesionais do persoal traballador afiliado á Seguridade Social, que se ven realizando dende o ano 1994 a través da publicación anual da monografía de sinistralidade laboral, que inclúe os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais segundo o grao da lesión (leves, graves e mortais) e o estudo das variables incorporadas no parte: sectores de actividade, forma de producirse o accidente, natureza da lesión, parte do corpo lesionada, sexo, idade, nacionalidade, cadro de persoal, antigüidade no posto de traballo, hora do día, hora do traballo, día da semana, etc.

Incorpora ademais esta monografía o estudo das enfermidades profesionais comunicadas a través do sistema CEPROSS, a variación interanual dos accidentes e os índices de incidencia.

O tratamento estatístico da sinistralidade laboral constitúe unha técnica xeral analítica de gran rendemento ao permitir o control sobre os parámetros do accidente e da enfermidade profesional e cantas circunstancias poidan incidir naqueles, de tal forma que se poida orientar a actuación das técnicas preventivas. A importancia das estatísticas da sinistralidade laboral reside fundamentalmente en que do seu análise xorden os datos necesarios para determinar as melloras nas actuacións preventivas a desenvolver, reflectíndose á súa vez a efectividade e o resultado das medidas preventivas adoptadas.

A magnitude do problema da sinistralidade laboral e o estudo das causas que a provocan, é polo tanto unha das funcións primordiais do ISSGA, dando a coñecer á sociedade unha importante información que axude á toma de decisións no eido da prevención de riscos laborais.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Marco Legal:

- Lei de Estatística de Galicia.
- Plan Galego de Estatística 2012-2016.
- Decreto polo que se aproba o Programa estatístico anual da comunidade autónoma para 2014.
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais.
- Lei 14/2007, do 30 de outubro, polo que se crea e regula o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Decreto 130/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica e funcional do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se dispón o inicio de actividades do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.
- Orde do 23 de agosto de 2010 pola que se aproba o Regulamento orgánico de funcionamento da Comisión de Goberno do ISSGA.
- Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se crea a Comisión para a integración da igualdade e se nomean os seus membros.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014.
- Plan Anual de Actividades do ISSGA.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade do programa é dar cumprimento á Lei galega de estatística de Galicia e ao Programa anual para 2014, proporcionando información coa achega de datos, de maneira que nos permita ter unha visión global dos indicadores do panorama sociolaboral galego.

Para o ISSGA a finalidade é presentar a estatística descritiva da sinistralidade laboral en Galicia correspondente ao ano 2013 agrupada en 5 epígrafes:

- Accidentes de traballo con baixa.
- Accidentes de traballo mortais.
- Enfermidades profesionais.
- Variación interanual dos accidentes con baixa en xornada de traballo ocorridos nos últimos dez anos.
- Índices de incidencia.

Para valorar o cumprimento deste programa o ISSGA ten establecido como indicador o número de publicacións para a difusión do coñecemento estatístico.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A información estatística que xurde dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais é un instrumento fundamental para a definición de políticas e a toma de decisións en materia de prevención. Desde a perspectiva da igualdade, os datos e o seu tratamento estatístico evidencian a necesidade de facer un enfoque de xénero para comprobar como existe forma distinta de enfermar e accidentarse entre homes e mulleres, xa sexa como consecuencia das propias diferenzas biolóxicas, ou pola definición u organización social do traballo, que adxudica ás mulleres o desempeño de profesións específicas, cos seus factores de risco predeterminados.

O tratamento estatístico diferenciado da sinistralidade entre homes e mulleres facilita a integración da dimensión da igualdade ao axudar a planificar as actividades preventivas de xeito que se poida acadar un nivel de protección con independencia do xénero. Por isto o estudo dos danos da saúde coa diferenciación por sexo constitúe un instrumento útil para lograr a dita integración.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros: Análise da evolución da sinistralidade segundo a variable de sexo | X |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

A extracción e tratamento dos datos de accidentes e enfermidades profesionais, desagregando os datos por sexo, no estudo da sinistralidade laboral do ano 2013 para que se poidan deseñan as medidas de prevención de riscos adecuadas. Orzamento: 6.000,00 €.

Está dirixida a toda a sociedade.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Cumprir no maior grao posible a necesidade de integrar a perspectiva de xénero na prevención de riscos laborais.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral

# IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| Prog. | Obxectivos Extratéxicos / Obxectivos Operativos | Indicador | Valor Final |
|---|---|---|---|
| **311A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL** | | | |
| | **Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial** | | |
| | Accións de construción, reforma e equipamento en centros e edificios da area de benestar | Centros creados (Nº) | 5 |
| | | Centros reformados ou equipados (Nº) | 112 |
| | **Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais** | | |
| | Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais | Sen indicador | |
| **312A PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL** | | | |
| | **Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial** | | |
| | Axudas de Emerxencia Social. | Persoas beneficiadas AES (mulleres) (Nº) | 2.100 |
| | | Persoas beneficiadas AES (total) (Nº) | 3.500 |
| | Fomento da acollida e inserción persoas sin fogar | Centros/programas financiados (Nº) | 101 |
| | | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 12 |
| | Inclusión Social. Apoio ós colectivos en risco de exclusión social. | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 25.564 |
| | | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 68.434 |
| | | Persoas perceptoras da RISGA (mulleres) (Nº) | 4.700 |
| | | Persoas perceptoras da RISGA (total) (Nº) | 8.270 |
| **312B PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA** | | | |
| | **Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade** | | |
| | Mellorar as condicións das familias a través da rede de escolas infantís | Centros reformados ou equipados (Nº) | 12 |
| | | Prazas do cheque infantil (Nº) | 1.038 |
| | | Prazas novas do cheque infantil (Nº) | 139 |
| | | Prazas novas en escolas infantís (Nº) | 606 |
| | | Prazas totais en escolas infantís (Nº) | 9.115 |
| | **Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades** | | |
| | Garantir o apoio e proteción dos nosos menores. | Menores en acollementos familiares (mulleres) (Nº) | 760 |
| | | Menores en acollementos familiares (total) (Nº) | 1.600 |
| | | Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (mulleres) (Nº) | 1.283 |
| | | Menores protexidos atendidos pola Xunta en residencias (total) (Nº) | 2.732 |
| | Incrementar a atención persoal e familiar dirixida ao benestar dos menores en risco ou desamparo, a través dos programas de integración e intervención familiar | Familias participantes en programas de mediación (Nº) | 1.762 |
| | | Menores beneficiados (mulleres) (Nº) | 3.441 |
| | | Menores beneficiados (total) (Nº) | 7.740 |
| | **Impulsar o Rexuvenecemento Demográfico** | | |
| | Adopción de medidas que permitan unha restruturación da piramide poboacional galega, a través do impulso da tasa de natalidade. | Proxectos (Nº) | 2 |
| | Axuda complementaria á deducción fiscal por fillos/as menores de 3 anos. | Axudas concedidas (Nº) | 4.400 |
| | **Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social** | | |
| | Mellorar a ratio de atención das persoas en situación de dependencia mediante distintas modalidades de recursos: servizos e libranzas. | Novas persoas atendidas na modalidade de servizos (Nº) | 232 |
| | **Soporte xeral - Atención ao benestar social** | | |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| Soporte xeral - Atención ao benestar social | Sen indicador | |
| **312C SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS** | | |
| **Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante** | | |
| Actuacións tendentes ao aumento da empregabilidade dos inmigrantes e emigrantes retornados. | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 640 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 1.310 |
| **312D SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS DEPENDENTES** | | |
| **Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social** | | |
| Consolidación da rede pública galega de Centros de Día non especializados | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 897 |
| Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e persoas con discapacidade dependentes. | Prazas para persoas maiores dependentes (Nº) | 1.287 |
| | Prazas para persoas con discapacidade dependentes (Nº) | 400 |
| Mellora do acceso da poboación en situación de dependencia ás axudas técnicas e produtos de apoio a través de sistemas alternativos de xestión | Aplicacións desenvolvidas (Nº) | 1 |
| | Beneficiados de axudas técnicas e sistema de teleasistencia(Nº) | 6.260 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 3.630 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 6.260 |
| Mellorar a ratio de atención das persoas en situación de dependencia mediante distintas modalidades de recursos: servizos e libranzas. | Coidadores beneficiados (mulleres) (Nº) | 8.868 |
| | Coidadores beneficiados (total) (Nº) | 11.085 |
| | Novas persoas atendidas na modalidade de atención residencial (Nº) | 1.539 |
| | Novas persoas atendidas na modalidade de autonomía persoal (Nº) | 200 |
| | Novas persoas atendidas na modalidade de servizos (Nº) | 4.312 |
| | Novas persoas atendidas na modalidade de teleasistencia (Nº) | 105 |
| | Prazas para persoas maiores dependentes (Nº) | 3.549 |
| | Prazas para persoas con discapacidade dependentes (Nº) | 1.716 |
| **Soporte xeral - Atención ao benestar social** | | |
| Soporte xeral - Atención ao benestar social | Sen indicador | |
| **312E SERVIZOS SOCIAIS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE** | | |
| **Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual** | | |
| Accións de apoio a entidades de ámbito autonómico de atención a persoas maiores e persoas con discapacidade | Entidades beneficiadas (Nº) | 14 |
| | Prazas en centros de atención especializada para persoas condiscapacidade (Nº) | 44 |
| Fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade | Entidades beneficiadas (Nº) | 30 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 482.384 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 893.680 |
| Mantemento e creación de novas prazas para persoas maiores e para persoas con discapacidade con certa autonomía | Prazas en centros de atención especializada para maiores (Nº) | 826 |
| | Prazas en centros de atención especializada para persoas condiscapacidade (Nº) | 2.409 |
| Potenciar a accesibiliade e a supresión de barreiras no fogar e a creación e reforma de centros. | Centros creados (Nº) | 9 |
| | Centros reformados (Nº) | 21 |
| Reformulación do Servizo galego de apoio á Mobilidade Persoal | Servizos realizados do 065 (Nº) | 102.000 |
| | Usuarios do 065 (mulleres) (Nº) | 4.640 |
| | Usuarios do 065 (total) (Nº) | 8.000 |
| **Soporte xeral - Atención ao benestar social** | | |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| Soporte xeral - Atención ao benestar social | Sen indicador | |
| **312F PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE** | | |
| **Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial** | | |
| Promover a cultura da solidariedade e establecer novos programas de voluntariado orientados a colectivos específicos | Axudas concedidas (Nº) | 110 |
| | Proxectos con voluntariado de maiores (Nº) | 6 |
| | Proxectos de voluntariado xuvenil (Nº) | 1 |
| **Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais** | | |
| Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais | Sen indicador | |
| **313A SERVIZOS Á XUVENTUDE** | | |
| **Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades** | | |
| Fomento e apoio para información e actividades dirixidas á mocidade galega | Axudas concedidas (Nº) | 300 |
| | Concellos beneficiados (Nº) | 150 |
| | Proxectos (Nº) | 3 |
| Incrementar a orientación e o asesoramiento especializado a través da rede territorial de servizos a xuventude | Mozos beneficiados (mulleres) (Nº) | 4.800 |
| | Mozos beneficiados (total) (Nº) | 8.000 |
| | Proxectos de orientación e asesoramento aos mozos (Nº) | 13 |
| **Soporte xeral - Atención ao benestar social** | | |
| Soporte xeral - Atención ao benestar social | Sen indicador | |
| **313C SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS** | | |
| **Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos sociais adaptándoos ás singularidades do entorno e garantindo o equilibrio territorial** | | |
| Accións para a atencion coordinada dos servizos sociais públicos. | Proxectos (Nº) | 44 |
| Facilitar a inclusión social das persoas en risco de exclusión | Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) | 1.345 |
| | Participantes en actividades de formación (total) (Nº) | 2.308 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 2.682 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 4.828 |
| | Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº) | 383 |
| | Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº) | 664 |
| | Proxectos (Nº) | 12 |
| Mellorar a atención ás persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 424.905 |
| | Persoas usuarias dos servizos sociais comunitarios con intervención social aberta rexistrados no SIUSS (total) (Nº) | 343.940 |
| Promover programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción (xitanos, sen teito, persoas afectadas pola SIDA) | Persoas “sen teito” beneficiadas (mulleres) (Nº) | 29 |
| | Persoas “sen teito” beneficiadas (total) (Nº) | 172 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 368 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 734 |
| | Persoas en risco de exclusión contratadas (mulleres) (Nº) | 52 |
| | Persoas en risco de exclusión contratadas (total) (Nº) | 96 |
| | Persoas etnia xitana beneficiadas (mulleres) (Nº) | 543 |
| | Persoas etnia xitana beneficiadas (total) (Nº) | 1.039 |
| | Proxectos (Nº) | 2 |
| **Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual** | | |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Fomento da participación social e promoción da autonomía persoal das persoas maiores e persoas con discapacidade | Entidades beneficiadas (Nº) 7 |
| **Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais** | |
| Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais | Sen indicador |
| **321A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO** | |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador |
| **322A MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE** | |
| **Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos** | |
| Colocación de traballadores desempregados afectados fundamentalmente pola crise a través de programas integrados de emprego | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) 2.000 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) 4.000 |
| | Proxectos (Nº) 40 |
| Mellora da empregabilidade por medio de obras ou servizos de interese social | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) 940 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) 1.650 |
| Proxectos mixtos formación-emprego | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) 630 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) 1.150 |
| | Proxectos mixtos formación-emprego (EO/OE/Casas de oficios)(Nº) 50 |
| **Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)** | |
| Proxectos para xerar novas actividades relacionadas co emprendemento | Axentes de emprego (mulleres) (Nº) 141 |
| | Axentes de emprego (total) (Nº) 225 |
| **Promover a difusión do canle Emprego Galicia** | |
| Creación dunha rede de orientadores laborais e axentes de emprego | Axentes de emprego (total) (Nº) 41 |
| | Orientadores laborais (Nº) 460 |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador |
| **322C PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO** | |
| **Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos** | |
| Accións para o fomento da estabilidade no emprego | Empresas beneficiadas (total) (Nº) 1.025 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) 650 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) 1.300 |
| **Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos** | |
| Accións para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas | Empresas beneficiadas (total) (Nº) 925 |
| | Mozos empregados (mulleres) (Nº) 550 |
| | Mozos empregados (total) (Nº) 1.000 |
| Promover a inserción social das persoas en risco de exclusión ou con discapacidade a través da súa inserción laboral | Centros beneficiados (Nº) 135 |
| | Empresas beneficiadas (total) (Nº) 340 |
| | Persoas con discapacidade contratadas (mulleres) (Nº) 1.045 |
| | Persoas con discapacidade contratadas (total) (Nº) 2.450 |
| | Persoas en risco de exclusión beneficiadas (mulleres) (Nº) 60 |
| | Persoas en risco de exclusión beneficiadas (total) (Nº) 100 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| **Impulsar a ocupación a través do fomento do espíritu emprendedor** | | |
| Accións de apoio a novas iniciativas empresariais | Empresas creadas (Nº) | 2.001 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 1.081 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 2.251 |
| Accións de apoio ao emprego autónomo | Persoas en réxime de autónomos beneficiadas (mulleres) (Nº) | 150 |
| | Persoas en réxime de autónomos beneficiadas (total) (Nº) | 300 |
| Accións para a realización de convenios coas universidades e con entidades sen ánimo de lucro para implantar medidas activas de emprego | Convenios asinados (Nº) | 8 |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador | |
| **323A FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS** | | |
| **Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos** | | |
| Accións de formación de traballadores en paro | Actuacións de formación (Nº) | 809 |
| | Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) | 6.250 |
| | Participantes en actividades de formación (total) (Nº) | 12.000 |
| Colocación de traballadores desempregados afectados fundamentalmente pola crise a través de programas integrados de emprego | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 3.250 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 6.800 |
| **Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente e doutros sectores afectados pola crise** | | |
| Aposta pola formación para o emprego asociada á impartición de cursos vinculados a certificados de profesionalidade | Persoas que obtiveron o certificado de profesionalidade (mulleres) (Nº) | 400 |
| | Persoas que obtiveron o certificado de profesionalidade (total) (Nº) | 400 |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador | |
| **323B MELLORA DA CUALIFICACIÓN NO EMPREGO** | | |
| **Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente e doutros sectores afectados pola crise** | | |
| Accións Formación de técnicos especialistas en desenvolvemento sostible, rehabilitación de calidade e aforro enerxético | Actuacións de formación (Nº) | 2.500 |
| | Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) | 5.000 |
| | Participantes en actividades de formación (total) (Nº) | 7.500 |
| **324A MELLORA DA ORGANIZ. E ADM. DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA ECONOMÍA SOCIAL** | | |
| **Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social** | | |
| Accións para o emprendemento: iniciativas de emprego e creación de empresas de economía social, fomentando a incorporación de determinados colectivos como socios. | Convenios asinados (Nº) | 2 |
| | Entidades beneficiadas (Nº) | 100 |
| Promoción da creación e consolidación de empresas de economía social | Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) | 82 |
| | Entidades beneficiadas (Nº) | 610 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 210 |
| **Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral** | | |
| Accións de promoción e de implantación do Plan de Igualdade das mulleres no ámbito laboral | Accións promoción igualdade das mulleres no ámbito laboral (Nº) | 20 |
| | Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) | 5 |
| | Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº) | 50 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| Facilitar a consecución de acordos en materia de relacións laborais | Empresas beneficiadas (total) (Nº) | 70 |
| | Empresas nas que se posibilitaron acordos/empresas demandantes de acordos (%) | 10 |
| Impulsar a Responsabilidade Social Empresarial nas empresas galegas | Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) | 30 |
| | Actuacións de formación (Nº) | 15 |
| Mellora das condicións laborais | Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) | 65 |
| | Actuacións de formación (Nº) | 203 |
| | Convenios e/ou acordos asinados (Nº) | 7 |
| | Empresas beneficiadas (total) (Nº) | 50 |
| | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 520 |
| | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 1.195 |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador | |
| **324B MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURANZA NO TRABALLO** | | |
| **Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais** | | |
| Incrementalos niveis de seguridade dos equipos, aparatos e instalacións co fin de asegurar que o risco potencial de accidentes nos mesmos diminuía ; mediante o control formal de todos os expedientes das distintas instalacións das que se solicite | Equipos, aparatos e instalacións beneficiadas (Nº) | 4 |
| Plan Estratéxico para a prevención de riscos laborais en Galicia 2011-2014 | Actuacións de formación (Nº) | 195 |
| | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 203 |
| | Participantes en actividades de formación (mulleres) (Nº) | 1.125 |
| | Participantes en actividades de formación (total) (Nº) | 2.800 |
| | Accidentes laborais (Nº) | 10.000 |
| **Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | | |
| Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego | Sen indicador | |
| **581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA** | | |
| **Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico** | | |
| Cumprir e coordinar o Programa estatístico anual | Operacións e actividades estatísticas desenvolvidas/programadas (%) | 15 |
| | Publicacións para a difusión do coñecemento estatístico (Nº) | 13 |

# V. CADROS NUMÉRICOS

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

| Programas | Servizos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 01 | 02 | 03 | 04 | 05 |
| 311A-Dirección e servizos xerais de promoción social | 28.436 | | | 19.127 | 4.176 |
| 312A-Protección e inserción social | | | | | 55.920 |
| 312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia | | | | | 78.789 |
| 312C-Servizos sociais relativos ás migracións | | | | | 514 |
| 312D-Servizos sociais de atención ás persoas dependentes | | | | 278.178 | |
| 312E-Servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade | | | | 51.499 | |
| 313C-Servizos sociais comunitarios | | | | | 14.129 |
| 321A-Dirección e servizos xerais de emprego | 6.880 | | | | |
| 322A-Mellora e fomento da empregabilidade | | 2.777 | 34.881 | | |
| 322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo | | 41.486 | | | |
| 323A-Formación profesional desempregados | | | 68.317 | | |
| 323B-Mellora da cualificación no emprego | | | 6.000 | | |
| 324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social | | 12.636 | | | |
| 324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo | | 1.790 | | | |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | 5 | 10 | | |
| **Total** | **35.316** | **58.693** | **109.208** | **348.804** | **153.528** |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

| Programas | Servizos | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 06 | 80 | B1 | Total |
| 311A-Dirección e servizos xerais de promoción social | | | | 51.739 |
| 312A-Protección e inserción social | | | | 55.920 |
| 312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia | | | | 78.789 |
| 312C-Servizos sociais relativos ás migracións | | | | 514 |
| 312D-Servizos sociais de atención ás persoas dependentes | | | | 278.178 |
| 312E-Servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade | | | | 51.499 |
| 312F-Programas de solidariedade | 1.333 | | | 1.333 |
| 313A-Servizos á xuventude | 12.812 | | | 12.812 |
| 313C-Servizos sociais comunitarios | | | | 14.129 |
| 321A-Dirección e servizos xerais de emprego | | | | 6.880 |
| 322A-Mellora e fomento da empregabilidade | | | | 37.658 |
| 322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo | | | | 41.486 |
| 323A-Formación profesional desempregados | | | | 68.317 |
| 323B-Mellora da cualificación no emprego | | | | 6.000 |
| 324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social | | | 1.046 | 13.682 |
| 324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo | | 6.256 | | 8.046 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | 6 | | 21 |
| **Total** | **14.146** | **6.262** | **1.046** | **727.003** |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

| Programas | Capítulos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | IV | VI | VII | Total |
| 311A-Dirección e servizos xerais de promoción social | 38.343 | 3.287 | 1.733 | 6.875 | 1.501 | 51.739 |
| 312A-Protección e inserción social | | | 55.920 | | | 55.920 |
| 312B-Programas de prestacións ás familias e á infancia | 16.593 | 33.584 | 26.168 | | 2.445 | 78.789 |
| 312C-Servizos sociais relativos ás migracións | | | 514 | | | 514 |
| 312D-Servizos sociais de atención ás persoas dependentes | 51.140 | 98.507 | 128.449 | 82 | | 278.178 |
| 312E-Servizos sociais de atención a persoas maiores e con discapacidade | 11.696 | 30.591 | 5.948 | 117 | 3.146 | 51.499 |
| 312F-Programas de solidariedade | 395 | 348 | 441 | 150 | | 1.333 |
| 313A-Servizos á xuventude | 5.591 | 3.430 | 2.350 | 1.442 | | 12.812 |
| 313C-Servizos sociais comunitarios | | 2.069 | 11.863 | 197 | | 14.129 |
| 321A-Dirección e servizos xerais de emprego | 3.858 | 2.952 | 2 | 68 | | 6.880 |
| 322A-Mellora e fomento da empregabilidade | 4.098 | | 33.560 | | | 37.658 |
| 322C-Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo | | 432 | 41.054 | | | 41.486 |
| 323A-Formación profesional desempregados | 22.276 | 14.159 | 31.698 | | 184 | 68.317 |
| 323B-Mellora da cualificación no emprego | | | 6.000 | | | 6.000 |
| 324A-Mellora da organización e administración das relacións laborais e da economía social | 4.567 | 1.112 | 7.156 | 797 | 50 | 13.682 |
| 324B-Mellora dos sistemas de saúde e seguridade no traballo | 4.834 | 754 | 1.490 | 967 | | 8.046 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | | | 21 | | 21 |
| **Total** | **163.390** | **191.227** | **354.346** | **10.715** | **7.326** | **727.003** |

*(Miles de Euros)*

## DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

| 01 SECRETARIA XERAL TECNICA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 18.760 | 18.898 | 0,7 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 6.573 | 6.240 | -5,1 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 1.820 | 1.735 | -4,7 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 7.800 | 6.943 | -11,0 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 0 | 1.501 | 0,0 |
| **Total** | **34.953** | **35.316** | **1,0** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 02 D.X DE TRABALLO E ECONOMIA SOCIAL | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 6.850 | 6.742 | -1,6 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.328 | 1.262 | -5,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 53.222 | 49.655 | -6,7 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 1.098 | 984 | -10,4 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 143 | 50 | -65,1 |
| **Total** | **62.642** | **58.693** | **-6,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 03 D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 24.172 | 23.598 | -2,4 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 12.372 | 14.159 | 14,4 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 87.126 | 71.258 | -18,2 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 510 | 10 | -98,1 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 184 | 184 | 0,0 |
| **Total** | **124.364** | **109.208** | **-12,2** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 04 S.X. DE POLITICA SOCIAL | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 84.837 | 81.963 | -3,4 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 126.008 | 129.099 | 2,5 |
| Cap. III - Gastos financeiros | 0 | 0 | -100,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 138.016 | 134.397 | -2,6 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 2.211 | 199 | -91,0 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 2.232 | 3.146 | 41,0 |
| **Total** | **353.305** | **348.804** | **-1,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 05 D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 17.912 | 20.769 | 16,0 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 35.453 | 35.653 | 0,6 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 87.570 | 94.465 | 7,9 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 135 | 197 | 46,2 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 2.392 | 2.445 | 2,2 |
| **Total** | **143.461** | **153.528** | **7,0** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 06 D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 6.106 | 5.985 | -2,0 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 4.190 | 3.778 | -9,8 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 2.932 | 2.791 | -4,8 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 1.863 | 1.592 | -14,6 |
| **Total** | **15.091** | **14.146** | **-6,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 80 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 4.857 | 4.834 | -0,5 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 679 | 645 | -5,0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 863 | 783 | -9,3 |
| **Total** | **6.399** | **6.262** | **-2,1** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| B1 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 602 | 602 | 0,0 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 413 | 392 | -5,1 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 47 | 45 | -3,8 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 10 | 8 | -14,5 |
| **Total** | **1.071** | **1.046** | **-2,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| SERVIZOS | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| 01 SECRETARIA XERAL TECNICA | 34.953 | 35.316 | 1,0 |
| 02 D.X DE TRABALLO E ECONOMIA SOCIAL | 62.642 | 58.693 | -6,3 |
| 03 D.X. DE EMPREGO E FORMACIÓN | 124.364 | 109.208 | -12,2 |
| 04 S.X. DE POLITICA SOCIAL | 353.305 | 348.804 | -1,3 |
| 05 D. X. DE FAMILIA E INCLUSIÓN | 143.461 | 153.528 | 7,0 |
| 06 D.X. DE XUVENTUDE E VOLUNTARIADO | 15.091 | 14.146 | -6,3 |
| 80 INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL | 6.399 | 6.262 | -2,1 |
| B1 CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS | 1.071 | 1.046 | -2,3 |
| **Total** | **741.284** | **727.003** | **-1,9** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

| | Consellería | | OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias | | Trans. Internas | | Consolidado | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 |
| Cap. I - Gastos de persoal | 158.636 | 157.954 | 5.459 | 5.436 | 0 | 0 | 164.095 | 163.390 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 185.924 | 190.190 | 1.092 | 1.036 | 0 | 0 | 187.016 | 191.227 |
| Cap. III - Gastos financeiros | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 377.277 | 360.816 | 47 | 45 | 6.592 | 6.515 | 370.732 | 354.346 |
| **OPERACIÓNS CORRENTES** | **721.837** | **708.960** | **6.597** | **6.517** | **6.592** | **6.515** | **721.843** | **708.962** |
| Cap. VI - Investimentos reais | 13.618 | 9.924 | 873 | 791 | 0 | 0 | 14.490 | 10.715 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 5.824 | 8.117 | 0 | 0 | 873 | 791 | 4.951 | 7.326 |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **19.442** | **18.041** | **873** | **791** | **873** | **791** | **19.442** | **18.041** |
| **Total** | **741.279** | **727.001** | **7.470** | **7.308** | **7.464** | **7.306** | **741.284** | **727.003** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Medios Persoais

| Consellería de Traballo e Benestar | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | **7** |
| **Persoal Funcionario** | **1.446** |
| **Subgrupo A1** | **347** |
| **Subgrupo A2** | **297** |
| **Subgrupo C1** | **273** |
| **Subgrupo C2** | **471** |
| **Agrupacións profesionais** | **58** |
| **Persoal Laboral** | **3.564** |
| **Grupo I** | **394** |
| **Grupo II** | **709** |
| **Grupo III** | **392** |
| **Grupo IV** | **1.015** |
| **Grupo V** | **1.054** |
| **TOTAL** | **5.017** |

## Medios Persoais

| Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | 1 |
| **Persoal Funcionario** | 111 |
| Subgrupo A1 | 40 |
| Subgrupo A2 | 31 |
| Subgrupo C1 | 13 |
| Subgrupo C2 | 19 |
| Agrupacións profesionais | 8 |
| **Persoal Laboral** | 20 |
| Grupo I | 2 |
| Grupo II | 1 |
| Grupo III | 4 |
| Grupo IV | 12 |
| Grupo V | 1 |
| **TOTAL** | **132** |

## Medios Persoais

| Consello Galego de Relacións Laborais | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | 1 |
| **Persoal Funcionario** | 16 |
| Subgrupo A1 | 2 |
| Subgrupo A2 | 3 |
| Subgrupo C1 | 5 |
| Subgrupo C2 | 5 |
| Agrupacións profesionais | 1 |
| **TOTAL** | **17** |

## Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

| Consorcios autonómicos | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar | 58.520 | 3.965 |
| **Fundacións do sector público autonómico** | **Explotación** | |
| Fundación Autonomía Persoal e Dependencia | 856 | |
| Fundación Galega Formación para o Traballo | 425 | |
| **Total** | **59.802** | **3.965** |

*(Miles de Euros)*

# CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR

SECCIÓN 12

# I. ESTRUTURA ORGÁNICA E COMPETENCIAS

## I.1. ESTRUTURA ORGÁNICA

O Decreto 227/2012, do 2 de decembro, (DOG nº 230 do 2/12/2012) establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 235/2012, do 5 de decembro (DOG nº 233 do 7/12/2012) fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das Consellerías da Xunta de Galicia.

A estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar establecida polo Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro (DOG nº 16 do 24/01/2012) e modificada polo Decreto 131/2012, do 31 de maio (DOG nº 113 do 14/06/2012) co obxecto de concretar funcións no ámbito da Secretaría Xeral Técnica, desenvolver as funcións da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes, adaptar a denominación dalgúns servizos ás competencias que teñen atribuídas así como concretar as funcións das xefaturas de coordinación na área do mar dependentes das xefaturas territoriais.

A Consellería do Medio Rural e do Mar estrutúrase nos seguintes órganos:

- O conselleiro/a.
- A Secretaría Xeral Técnica.
- A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes.
  - A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.
  - A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.
- A Secretaría Xeral do Mar.
- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Quedan adscritos a esta consellería os seguintes organismos e entes públicos:

- O organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria.
- O ente público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.
- O ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria.
- O ente público Portos de Galicia.
- O ente público Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

## I.2. COMPETENCIAS

### *I.2.1. DA CONSELLERÍA*

De acordo co disposto no artigo 1 do Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, esta é o órgano da Administración galega a cal lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no

ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios forestais. Así mesmo, correspóndelle a ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo, acuicultura, confrarías de pescadores e demais organización e asociacións dos profesionais do sector, industrias pesqueiras e conserveiras, establecementos de almacenamento, manipulación, vendas e transformación do peixe e ensinanzas marítimo-pesqueiras, náutico-deportivas e mergullo, cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior, salvamento marítimo, loita contra a contaminación e planificación e actuacións portuarias, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española.

O artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía para Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega "nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1.11 e 13 da Constitución", a competencia exclusiva da agricultura e a gandaría".

Por outra banda, o Estatuto de autonomía de Galicia dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

Montes, aproveitamentos forestais, vías pecuarias e pastos, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución. (art. 27, apartado 10).

Réxime xurídico dos montes veciñais en man común (art. 27, apartado 11).

A pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo, a acuicultura, a caza, a pesca fluvial e lacustre. (art.27, apartado 15).

O réxime das fundacións de interese galego (art. 27, apartado 26).

Confrarías de Pescadores, Cámaras de Propiedade, Agrarias, de Comercio, Industria e Navegación e outras de natureza equivalente, sen prexuízo do que dispón o artigo 149 da Constitución (art. 27.apartado 29).

Ademais de acordo co artigo 28 do Estatuto de autonomía de Galicia é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de ordenación do sector pesqueiro e portos pesqueiros. Por outra parte, o artigo 29.4 establece que é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia a execución da lexislación do Estado en materia de salvamento marítimo.

Asemade, Galicia asumiu a competencia exclusiva en materia de cooperativas en virtude da transferencia feita pola Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, ampliando a recollida no artigo 28.7 do Estatuto de autonomía de Galicia.

Os reais decretos polos que se aprobaron os traspasos de funcións e servizos producidos ata o momento en materia competencia da consellería son os seguintes:

- Real decreto 1634/80, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. Polo que á pesca se refire, traspasáronse as competencias relativas á xestión do Plan de Explotación Marisqueira de Galicia, así como as relativas ao outorgamento de licenzas individuais ou colectivas para o exercicio da pesca marítima de recreo.
- Real decreto 2423/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de reforma e desenvolvemento agrario.
- Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, así como en materia de confrarías de pescadores.
- Real decreto 4189/1982, do 29 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de agricultura e pesca. No que á pesca se refire, transferíronse as competencias, funcións e servizos en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras.
- Real decreto 3424/1983, do 28 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de investigación agraria.
- Real decreto 244/1985, do 6 de febreiro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de sementes e plantas de viveiro.
- Real decreto 795/1985, do 30 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia Sociedades Agrarias de Transformación.
- Real decreto 1632/1985, do 19 de abril, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de laboratorios agrarios e de sanidade e produción animal.
- Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, polo que se amplía o traspaso de servizos e medios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensino profesional náutico-pesqueiro.
- Real decreto 2165/1994, do 4 de novembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de defensa contra fraudes e calidade agroalimentaria.
- Real decreto 89/1996, do 26 de xaneiro, polo que se traspasan funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ensinanzas náutico-deportivas e subacuático-deportivas.
- Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, sobre traspasos de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo.

- Real decreto 1378/1997, do 29 de agosto, sobre ampliación de funcións e servizos traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polo Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro (ensino profesional náutico-pesqueiro).
- Real decreto 1749/1999, do 19 de novembro, sobre ampliación de servizos e funcións da Administración do Estado traspasados á Comunidade Autónoma de Galicia polos Real decreto 1283/1987, do 2 de outubro, e 1378/1997, do 29 de agosto, en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras

Indícanse a continuación as competencias distribuídas en cada órgano superior e de dirección en que se estrutura a consellería:

1. O conselleiro/a.

   Como titular do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é a superior autoridade da consellería e con tal carácter está investido das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia.

   Ademais, con dependencia directa do conselleiro/a atópase a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia, a cal lle corresponde: a coordinación das competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación marítima; a elaboración do plan de continxencias por contaminación mariña accidental; a prevención da contaminación mariña e as función de programación, planificación e control das accións de vixilancia e inspección, sen prexuízo das competencias doutros departamentos da Xunta de Galicia, tanto no sector extractivo como nos centros de comercialización e establecementos de produción, transformación e consumo, así como no transporte dos produtos en xeral.

2. A Secretaría Xeral Técnica.

   Como órgano de dirección da Consellería do Medio Rural, a Secretaría Xeral Técnica exercerá as competencias e funcións establecidas no artigo 29 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, e todas aquelas que lle sexan encomendadas pola persoa titular da consellería. Ademais, é a autoridade de xestión do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR).

3. A Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

   Exercerá as competencias e funcións atribuídas á consellería en materia da ordenación, fomento e mellora da produción forestal, así como as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais, así como a xestión do Centro de Investigación Forestal de Lourizán. Tamén lle corresponden as competencias en materia de industrias agroalimentarias e de promoción e defensa da calidade dos produtos agroalimentarios galegos e recoñecemento e vixilancia das denominacións de calidade.

   Ademais, correspóndelle, no ámbito do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario, as funcións de programación, coordinación e impulso da investigación e a innovación tecnolóxica, en coordinación co departamento competente en materia de investigación e

desenvolvemento tecnolóxico, a formación, a transferencia e adopción dos resultados da investigación; a realización de programas formativos dirixidos ao persoal dependente da consellería que melloren a súa capacitación e o seu coñecemento técnico no eido agroforestal.

Así mesmo, a través dos órganos de dirección que a integran correspóndelle o exercicio das competencias en materia de agricultura, gandaría, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, e estruturas rurais

- A Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural.

  Como órgano de dirección dependente da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, correspóndelle a elaboración, proposta e desenvolvemento das actuacións de fomento do desenvolvemento socioeconómico do territorio rural galego, da dinamización das áreas rurais de Galicia, da formulación de iniciativas e programas de desenvolvemento das zonas rurais e da execución das accións que contribúan á diversificación económica no medio rural, sen prexuízo das funcións atribuídas pola Lei 5/2000, do 28 de decembro, á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Así mesmo, realizará as funcións de coordinación e xestión do Plan de Desenvolvemento Comarcal e a proposta de configuración das distintas comarcas nas cales se divide o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Correspóndelle, ademais, a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora e modernización das infraestruturas rurais e do medio rural, mobilidade de terras con vocación agraria e xestión de zonas regables.

- A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.

  Como órgano de dirección dependente da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, correspóndelle á Dirección Xeral de Produción Agropecuaria a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices de política agraria da consellería en materia de ordenación, fomento e mellora da produción agrogandeira, incluíndo a resolución dos procedementos relativos á xestión da cota láctea; de protección e control da sanidade animal e vexetal; de formación, promoción e fomento do asociacionismo agrogandeiro, e a elaboración, a proposta e o desenvolvemento das directrices da política agraria en materia de mellora da estrutura das explotacións agrarias.

4. A Secretaría Xeral do Mar.

   Correspóndelle exercer a dirección e a coordinación das competencias e funcións en materia de ordenación pesqueira en augas interiores, marisqueo e acuicultura; das industrias de transformación e comercialización e almacenamento dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura; de estatísticas e rexistros nas materias da súa competencia; da promoción da competitividade dos produtos pesqueiros, marisqueiros e da acuicultura e o fomento da súa calidade; de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños; de fomento da organización sectorial e extensión pesqueira; das ensinanzas e titulacións marítimo-pesqueiras e de lecer; da cooperación pesqueira interinstitucional e co exterior e da investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia

de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, e de acordo coa política pesqueira galega e máis as regulamentacións básicas da Unión Europea e da Administración xeral do Estado.

- Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

  Como órgano de dirección dependente da Secretaría Xeral do Mar lle corresponde a ordenación do marisqueo, o establecemento das condicións para o exercicio da actividade marisqueira e a conservación, protección e xestión sustentable dos recursos marisqueiros. Así mesmo, terá ao seu cargo o fomento da organización sectorial, a ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de extensión pesqueira, ensino e titulación náutico-pesqueiras e de lecer, así como a investigación mariña, que se desenvolverá en coordinación coa consellería competente en materia de investigación e desenvolvemento tecnolóxico.

## *I.2.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS*

### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

Regulado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro, e coa denominación actual segundo a Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e réxime administrativo, e polo Decreto 128/1996, do 14 de marzo, é un organismo de carácter comercial e financeiro adscrito á consellería que ten como finalidade executar as políticas referentes á aplicación das medidas de ordenación, fomento, reestruturación e mellora do sector lácteo e gandeiro, levando a cabo as accións necesarias para a aplicación na Comunidade Autónoma da Política Agraria Común (PAC) e para o funcionamento da organización común do mercado.

## *I.2.3. DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS DE CONSULTA OU ASESORAMENTO*

### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas,

AGADER posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

As funcións de AGADER de acordo coa disposición adicional sexta da Lei 5/2000, modificadas e ampliadas na alínea Un do artigo segundo da Lei 12/2008 quedaron do seguinte xeito:

- Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e conten coa participacións dos axentes socioeconómicos públicos e privados.
- Difundir e realizar o seguimento das políticas de desenvolvemento rural aplicables en cada momento.
- Impulsar a formulación e aplicación a nivel comarcal de estratexias de desenvolvemento rural integrado, en especial mediante a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural encargados da súa execución.
- Articular proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais.
- Contribuír ao reforzamento do tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación 2007-2013 dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e a fixación de poboación nas áreas rurais, realizando as actuacións precisas para promover a igualdade efectiva de mulleres e homes, en aplicación do artigo 30 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, dos artigos 31.3º e 38.3º da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, e do artigo 30 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- A dinamización comarcal, a través dos centros de desenvolvemento comarcal dependentes da Xunta de Galicia.

Finalmente, despois da reorganización dos instrumentos de xestión do desenvolvemento rural prevista na Lei 15/2010, ademais das funcións sinaladas na Lei 12/2008, AGADER realizará tamén as seguintes, que lle atribúe a alínea Dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010:

- Xestionar as medidas e actuacións que se lle encomenden no marco da programación

dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.

- Xestionar e aplicar as medidas contidas nos programas de desenvolvemento rural sustentable (PDRS), no marco da aplicación da Lei estatal 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, ou da norma que a substitúa, sen prexuízo das competencias que nesta materia teñan outros órganos da Administración autonómica.
- A xestión dos bens e dos dereitos incorporados ao Banco de Terras de Galicia.
- A realización da función do servizo de transmisión mediante arrendamento respecto dos predios rústicos procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas.

E, por último, en relación ás funcións referentes ao Banco de Terras de Galicia, a disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén lle atribúe a AGADER o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia. Esas funcións están pormenorizadas no artigo 9 da citada Lei 6/2011.

De acordo co disposto na disposición transitoria terceira da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as normas de organización e funcionamento de AGADER adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA (INGACAL)

A Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, crea no artigo nº 31 o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), configurándoo como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e adscrito á consellería competente en materia de agricultura.

A Lei 16/2010 de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia na súa disposición transitoria terceira establece que as normas de organización e funcionamento do Ingacal adecuaranse ao disposto nesa lei para as axencias públicas autonómicas.

Na Lei 2/2005 defínense os seus obxectivos e funcións, as súas facultades, o seu réxime xurídico e mais os seus órganos de goberno, e establécense as liñas xerais do seu réxime económico, patrimonial e de persoal.

Estes aspectos foron obxecto de desenvolvemento regulamentario posterior, mediante a aprobación do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

De acordo coa lei de creación, o Ingacal será o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos acollidos aos distintos indicativos de calidade.

Así mesmo, será obxecto do Instituto o desenvolvemento da investigación agrícola, gandeira e alimentaria e o desenvolvemento e transferencia tecnolóxica no sector alimentario, para o que coordina os centros de investigación, estacións experimentais e o Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia, dependentes da consellería.

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GA-LICIA (INTECMAR)

A Lei 3/2004 do 7 de xuño (DOG núm. 116, do 17 de xuño de 2004), de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, á creación dun ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins, que asumiu as competencias atribuídas ao Centro de Control do Medio Mariño.

Pola súa banda, o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro (DOG núm. 49 do 11 de marzo de 2005) establece o regulamento do INTECMAR.

De conformidade co disposto no apartado 5º da Disposición Transitoria Terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o INTECMAR pasará a ter a figura de axencia pública autonómica, logo de que as normas de organización e funcionamento e os estatutos do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, se adecúen ao disposto na lei para as axencias públicas autonómicas.

O INTECMAR constitúe o instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade Autónoma Galega.

En consecuencia, ten como obxectivo xeral e prioritario desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír a desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnicos destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndenlle ao INTECMAR, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.

b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

c) Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da actividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.

d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

e) O cumprimento dos Programas de Control do Medio Mariño que, no ámbito das funcións que establece a lei de creación do INTECMAR, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.

f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

## *I.2.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAS*

### PORTOS DE GALICIA

O ente público Portos de Galicia creouse pola Lei 5/1994, do 29 de novembro, correspondéndolle o proxecto, construción, conservación, mellora, ordenación, administración e explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizos e as súas futuras ampliacións.

Asumirá igualmente as funciones que, no ámbito de competencias da comunidade autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de xestión e actuacións no dominio público marítimo-terrestre.

Aos efectos do desenvolvemento e cumprimento destes fins, o ámbito territorial de cada porto será o comprendido dentro dos límites da súa zona de servizo. As augas de cada porto

serán as adscritas pola Administración do Estado.

Correspóndelle a Portos de Galicia as seguintes funcións:

- A xestión da explotación das instalacións portuarias e dos demais bens adscritos ao seu patrimonio.
- O fomento global da actividade económica no ámbito dos portos que dependen da Administración da comunidade autónoma, das actividades industriais ou comerciais directamente relacionadas co tráfico portuario e o fomento da investigación e desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e construcións portuarias.

Poderá realizar coa iniciativa pública ou privada cantas operacións comerciais e industriais considere convenientes e xestionará todas as obras, instalacións e servizos, podendo celebrar, para estes efectos, calquera clase de negocios xurídicos.

## *I.2.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS*

### EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A. (Seaga)

Seaga é unha sociedade pública, creada mediante o Decreto 260/2006 do 28 de decembro, para a realización, como medio propio da administración galega, e ao seu servizo, de todo tipo de actuacións, obras, traballos e prestación de servizos en materias agrícolas, gandeiras, forestais, de desenvolvemento rural, de conservación e protección do medio natural e medioambiental, de acuicultura e pesca, así como os necesarios para o mellor uso e xestión dos recursos naturais e para a mellora dos servizos e recursos públicos, ademais da prevención e loita contra os incendios forestais en particular, e, en xeral, contra as pragas e enfermidades vexetais e animais.

### XENÉTICA FONTAO, S.A.

O obxecto social da sociedade anónima Xenética Fontao, S.A., de acordo co Decreto 237/1998, do 18 de setembro, é a prestación de asesoramento e servizos ás persoas tanto físicas como xurídicas e organizacións dedicadas á mellora xenética animal. A través do Decreto 237/1998, do 30 de xullo, fóronlle adscritos os bens e dereitos que integran o Centro de Escolma e Reprodución Animal de Fontao-Lugo.

## I.2.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

### CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

A Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é unha fundación de interese galego, sen ánimo de lucro, dependente da Consellería do Medio Rural, constituída ao abeiro do artigo 34, apartado primeiro, da Constitución Española, e inscrita no Rexistro Público de Fundacións de Interese Galego, o 5 de novembro de 2003, número de inscrición: 2003/28, sita no Parque Tecnolóxico de Galicia.

Dende a súa apertura, a Fundación vén desenvolvendo unha actividade moi significativa no impulso da I+D+i dentro do sector cárnico, como se reflicte na colaboración mantida con diversas entidades públicas e privadas e os numerosos proxectos de innovación promovidos ao abeiro de diferentes convocatorias.

Son fins do Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) o desenvolvemento tecnolóxico das empresas relacionadas co sector cárnico, en todos os terreos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular: fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cárnica; mellorar as técnicas de xestión produtiva; coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia; asistir ao sector nos procesos de adaptación lexislativa; atender a formación profesional dos recursos humanos; establecer as estruturas organizativas que sexan pertinentes; prestación de servizos oportunos; promover estudos e publicacións; elaboración de normativa legal e regulamentaria.

As liñas de acción do CTC baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación.

### CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR

O Centro Tecnolóxico do Mar é unha fundación de interese galego que nace no ano 2001 pola iniciativa da Consellería do Mar e a Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia e Innovación.

O obxectivo fundamental do Centro Tecnolóxico do Mar é impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e sector marítimo-pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+I e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.

As accións do Centro Tecnolóxico do Mar esténdense ao ámbito nacional, europeo e internacional, e son beneficiarias da súa actividade todos os sectores públicos e privados relacionados

co mar e os seus recursos, e o medio mariño en xeral.

# II. PRINCIPAIS LIÑAS DE ACCIÓN PARA O ANO 2014

## II.1. DA CONSELLERÍA

Tanto o sector agrario, gandeiro e forestal como o sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola non son alleos á actual conxuntura económica mundial e española, o que leva a asumir de xeito pleno a necesidade de programar de maneira aínda máis axeitada a liña de acción a dispoñer para asegurar o futuro da actividade destes sectores. Para isto, cómpre poñer énfase de xeito primordial na contención do gasto, na mellora da eficacia e eficiencia deste, na priorización dos investimentos e na especial incidencia na busca de sinerxías e apoios entre os actores que marcan o devir dos sectores económicos sobre os que ten competencias a consellería.

Tendo en conta este contexto e estas premisas de actuación, a continuación detállanse as principais liñas de acción da consellería para o ano 2014.

1. Na área do medio rural

   A Consellería do Medio Rural e do Mar, ten como principio fundamental de acción, nesta área, contribuír a que as zonas rurais e os sectores agrario, gandeiro e forestal participen do progreso social e económico, reducindo as desigualdades entre os territorios e que os sectores primarios se adopten ao contexto dunha economía máis global e competitiva.

   As liñas básicas de acción da consellería centraranse na mellora da calidade de vida e a diversificación económica nas zonas rurais, como medio para frear o despoboamento e o envellecemento da poboación; na mellora da renda agraria; na garantía de produción de alimentos sans e seguros; na mellora da transformación e a comercialización dos produtos; na innovación tecnolóxica e na valorización do monte.

   As prioridades da Consellería na área do Medio Rural para o ano 2014 son, polo tanto, e sen prexuízo do seu detalle nos concretos programas de gasto, as seguintes:

   - A mellora da calidade de vida no medio rural, para o que se incidirá na mellora dos servizos básicos, incluída a mellora das comunicacións terrestres e telemáticas.
   - Un obxectivo constante de adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo é o da mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras, mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción. Para iso, fomentarase o rexuvenecemento do sector coa incorporación de mozos e mozas ás actividades agrarias, gandeiras e forestais, así como o apoio aos investimentos mediante plans de mellora das explotacións agrarias.
   - O fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario como ferramenta para acadar unha maior competitividade das producións mediante cooperativas e outras entidades asociativas ben dimensionadas e da utilización da maquinaria común.
   - O mantemento dos procesos axeitados para mellorar, consolidar e soster os niveis sanitarios das explotacións gandeiras e controlar a calidade e a seguridade das producións.

- A xestión dos seguros agrarios como ferramenta eficaz de protección das persoas agricultoras e gandeira contra as adversidades metereolóxicas e outros fenómenos alleos ao seu control que poidan causar perdas nas súas explotacións.
- O fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.
- As actuacións dirixidas á mellora da formación, á investigación agraria e a innovación tecnolóxica, como base para a diversificación e o aumento da eficiencia e calidade dos sistemas da produción nos sectores agrario, gandeiro e forestal. En relación con este último sector, poñerase en marcha un conxunto de actuacións dirixidas a proxectos de investigación aplicada, relacionadas coa innovación e mellora das producións forestais.
- A valoración e unha correcta xestión do monte en todas as súas funcionalidades e producións, dentro do contexto da loita contra o cambio climático. Dentro dun plan de fomento da produción forestal, estableceranse medidas para a mellora e o aumento da produción dos materiais forestais de reprodución; para o control e seguimento do estado de saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais; para a consolidación de masas de alta produtividade forestal; para o fomento da aplicación de modelos silvícolas dirixidos á obtención de madeira de serra en quendas máis longas; para a consolidación e expansión de rexenerados naturais de frondosas; e para a recuperación do potencial forestal afectado. Ademais do aproveitamento madeireiro, fomentaranse as producións alternativas do monte, como o aproveitamento enerxético da biomasa forestal, o fomento da produción de castañas, cogomelos e outros froitos do monte, así como a creación de áreas silvopastorís. Tamén se impulsará a creación e mellora de empresas de aproveitamentos forestais e o fomento da certificación forestal.
- Neste ano, e atendendo á orientación que se lle quere imprimir ao método de atención e loita contra os incendios forestais, céntrase a reformulación da dimensión operativa das accións de loita contra o lume sobre tres eixes fundamentais.:
    - Coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais;
    - Profesionalización do dispositivo contraincendios
    - Mellora da concienciación e disuasión mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixiancia dos nosos montes.
- Toda esta aposta ten como finalidade un obxectivo fundamental e básico: reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñibles.
- A política de prevención e defensa contra os incendios forestais: para a redución do número de lumes, estableceranse os plans de investigación policial e forestal, co fin de definir as zonas e os riscos e desenvolveranse as campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación. No marco do plan preventivo potenciaranse as infraestruturas defensivas e no de extinción aplicaranse as últimas tecnoloxías en materia de

defensa contra os incendios, cos sistemas de detección e avaliación de incendios dende medios aéreos, a utilización de sistemas dixitais de radiocomunicación e a incorporación de modelos de predición do comportamento do lume.

- A recuperación e incremento da superficie agraria útil (SAU) e a mobilización das superficies agrarias infrautilizadas, en estado de abandono.
- O fomento da agricultura multifuncional e sostible: os obxectivos que se perseguen son o apoio á conservación da biodiversidade, o fomento de métodos de produción compatibles coa protección do contorno e a remuneración das funcións territoriais, sociais e ambientais da actividade agraria.
- O apoio ás rendas dos agricultores e agricultoras. A través da xestión das axudas directas da PAC e a súa mellora para garantir o pagamento dos incentivos económicos de apoio directo ao sector, mellorando a xestión dos dereitos de axuda.
- Enfoque Leader: durante o 2014 continuarase co desenvolvemento do Programa Leader no marco do PDR de Galicia 2007-2013 cos traballos para o financiamento dos proxectos dos grupos de desenvolvemento rural.
- A xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do programa de apoio ao sector, poñendo énfase na política de reestruturación e reconversión do viñedo para favorecer as producións de calidade con denominación de orixe, a correcta xestión do potencial vitícola priorizando a recuperación das superficies abandonadas, e a promoción dos viños galegos das distintas denominacións de orixe no mercado.
- As accións dirixidas á mellora da formación e investigación agrarias: A mellora da formación permanente dos agricultores/as e técnicos agrarios, profundizando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos da consellería dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias.
- O desenvolvemento dos programas de información e formación profesional regrada e continua, incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal, que incorporan medidas específicas formativas en materia de benestar animal, seguridade nos traballos agroforestais e formación continua do persoal que traballa no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da consellería.
- As políticas dirixidas ás mulleres rurais: o papel das mulleres seguirase potenciando como protagonistas do tecido produtivo e social galego, á redución das desigualdades e a facilitación e a plena integración das mulleres en todas as actuacións de desenvolvemento rural mellorando a súa situación e o seu contorno social, laboral e económico.
- O impulso na simplificación e modernización administrativa. O achegamento, a transparencia e a colaboración da Administración cara os agricultores e agricultoras, prestando especial atención á introdución das tecnoloxías de información e comunicación dos procedementos administrativos para axilizar a tramitación das solicitudes que dirixan á consellería ou ás entidades dependentes desta, coa implantación e fomento da tramitación electrónica no marco do proxecto xeral da Xunta de Galicia.

1. Na área do mar

No marco da xestión do eido marítimo – pesqueiro, a progresiva incorporación das diferentes variables que poden afectar ao sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola galego han de ter necesaria imaxe nas accións administrativas desenvolvidas desde as entidades de Goberno autonómico. Así, vese con especial interese, en canto a que esa é tamén a liña pola que se conduce Europa, a adopción de liñas de actuación que leven á consecución e mantemento dunha actividade marítimo–pesqueira que sexa social, económica e ambientalmente sostible, para o que se deben dispor as ferramentas normativas, administrativas e financeiras axeitadas e especialmente dedicadas.

Neste senso, a redución progresiva das posibilidades de pesca e o ascenso exponencial dos custes de explotación fan que sexa imposible adecuar a actividade pesqueira a marxes de sostibilidade e rendibilidade polo aspecto de aumento das capturas, levándonos á necesidade de manter esta viabilidade a través de medidas que afiancen e aumenten a valorización dos produtos e consigan un valor engadido mediante o seu procesado.

Do mesmo xeito, o progresivo avance na profesionalización do sector marisqueiro permite agora abordar outras medidas que leven a dispor a plena sostibilidade desta actividade, de forma que se afirme sobre un sistema de semicultivo, que complemente as liñas de ascenso produtivo, equilibre as posibilidades de extracción e reforce as tarefas de expansión das zonas de traballo levadas a cabo nos últimos tempos na busca da recuperación produtiva e no aumento da capacidade de xeración laboral e económica do marisqueo. Ao mesmo tempo, débese avanzar na liña de recuperación produtiva establecendo mecanismos que permitan a restauración da normal actividade en áreas nas que, por diversos motivos, non se podía exercitar.

De forma coincidente cos eidos anteriores, a acuicultura debe recuperar e afianzar a capacidade de promoción económica e laboral que tivo e ten en numerosas zonas da nosa comunidade, facéndoo dunha maneira harmónica e compatible coa sostibilidade ambiental dos emprazamentos onde se localiza. Neste senso, débese traballar de maneira coordinada a prol de establecer unha planificación axeitada que se vexa acompañada das medidas legais, administrativas e económicas que permitan executala para conseguir o obxectivo do relanzamento da actividade acuícola en Galicia.

No mesmo senso, a atención a aqueles aspectos de eminente actuación proactiva da Administración autonómica han de ir dirixidos cara a adopción de medidas que permitan dispoñer das mellores situacións posibles para o desenvolvemento das actividades ligadas ao mar, con dedicada atención ás infraestruturas portuarias, onde a operatividade e plena capacidade loxística debe ser apuntalada, e á seguridade da vida humana no mar e á loita contra a contaminación, onde o adecuado proceso de dotación de medios técnicos e humanos ha de ser referendado cunha planificación exhaustiva da coordinación e cooperación en caso de darse eventos nestes ámbitos.

No sentido exposto, as liñas de actuación desta consellería na área do mar, perseguirán, fundamentalmente, os seguintes obxectivos no exercicio orzamentario correspondente ao

ano 2014:

- A xestión eficaz e eficiente dos fondos económicos, especialmente dos comunitarios.
- A xestión responsable e sostible dos caladoiros e da nosa costa.
- O desenvolvemento da acuicultura no noso litoral en harmonía co medio ambiente, dunha forma estruturada e planificada, de acordo coas tendencias instauradas en Europa
- A recuperación do medio mariño e de zonas aptas para a reprodución dos moluscos bivalvos, así como a volta á actividade produtiva normal naqueles bancos onde se perdeu por diferentes motivos
- A mellora dos rendementos do sector do marisqueo e da acuicultura.
- A potenciación das industrias de transformación e comercialización e da súa integración como parte fundamental da estrutura de continuidade social e económica do eido marítimo- pesqueiro
- O desenvolvemento das zonas costeiras, con especial atención a diversificación das actividades e á complementación económica das actividades marítimo-pesqueiras.
- O desenvolvemento e consolidación dun sistema de coñecementos aplicados ao mundo do mar que permitan avanzar nos obxectivos de sostibilidade enunciados. En especial:
    - A investigación mariña aplicada ao eido ambiental.
    - A determinación de novas liñas de investigación nos campos sociais da actividade, con dedicada atención aos aspectos normativos e políticos do eido europeo e mundial no contexto da reforma da Política Común de Pesca.
- Elaboración dunha liña de xestión dos portos conforme a unha progresiva especialización destes, con proxectos individualizados para cada un, atendendo ás súas necesidades específicas e ao mantemento da operatividade diaria dos mesmos
- O desenvolvemento dunha liña de mellora da operatividade e eficacia e da eficiencia dos fondos destinados ás funcións de loita contra a contaminación e seguridade da vida humana no mar, para o cal se atenderá:

    As medidas para mellorar e adecuar a coordinación e a planificación da loita contra a contaminación mariña accidental e o salvamento marítimo.

    A dotación de medios e medidas para a inspección pesqueira, con especial atención aos dispostos para o control hixiénico – sanitario dos produtos mariños á venda.

As actuacións referidas concrétanse na adopción das seguintes medidas:

- Desenvolvemento do plan acuícola con especial énfase no tinxinte aos emprazamentos e á súa adecuación ambiental, social e ambiental e apoio económico para o seu desenvolvemento
- Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.
- Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros, con especial atención a aque-

les que facilitan a operatividade e loxística diaria

- Actuacións de recuperación das zonas improdutivas e da restauración da normal actividade extractiva naquelas áreas onde non se permitía por diversas causas
- Formación dos traballadores e traballadoras do sector.
- Mellora da comercialización dos produtos da pesca, especialmente no tinxinte á promoción como fórmula de valorización dos produtos do mar
- Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
- Potenciación dos cultivos mariños, incrementando a súa produtividade e modernizando a súa tecnoloxía.
- Medidas tendentes a procurar a mellora da calidade dos produtos así como a dos procesos da súa elaboración.
- Adaptación do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
- Reforzamento das liñas de investigación e iniciación de novos proxectos.
- Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.
- Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios

## II.2. DOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS

### FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)

Este organismo ten como obxectivos para o ano 2014 a xestión eficaz no pagamento dos fondos europeos dirixidos ao sector agrario galego e procurar unha mellora das rendas das persoas agricultoras galegas, desenvolvendo as seguintes principais actuacións:

- Desenvolver as funcións inherentes á súa condición de organismo pagador dos fondos europeos agrarios FEAGA e FEADER, pagando e contabilizando os importes das axudas con cargo aos citados fondos, e exercendo as demais funcións de coordinación, comunicación, auditoras, e outras conexas que lle corresponden como organismo pagador.
- O desenvolvemento da xestión das axudas da PAC en Galicia, tendo en conta o marco derivado da reforma da PAC aprobada en 2003 e sen prexuízo do horizonte da nova reforma da PAC prevista para o ano 2014. A tal fin, logo da implantación e xestión dos primeiros anos do réxime de pagamento único, seguirá a executar as accións necesarias para a concesión dos pagamentos previstos no devandito réxime e outras axudas, primas gandeiras e restitucións con cargo á Política Agraria Común.
- O pagamento e contabilización das actuacións incluídas no Programa de Desenvolve-

mento Rural 2007-2013, financiadas polo Fondo Europeo Agrario de Desenvolvemento Rural (FEADER), para as que a xestión corresponde a outros órganos da Consellaría do Medio Rural.

- O pagamento e contabilización, en tanto que organismo pagador, das medidas relativas á apicultura e reestruturación do viñedo financiadas polo FEAGA.
- Efectuar as operacións en réxime de intervención e regulación de mercados por conta do FEAGA, entradas, saídas e almacenamento das mercadorías, de acordo coas instrucións ditadas segundo a xestión encomendada polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).
- Realizar accións destinadas a mellorar as producións gandeiras e fortalecer con iso a puxanza do sector cárnico e lácteo galego no contexto estatal e europeo, tales como apoiar ás sociedades públicas participadas polo FOGGA que operan no sector agropecuario.
- A xestión e pagamento de axudas a persoas agricultoras en zonas desfavorecidas.
- As concesións de axudas derivadas do contrato de explotación sustentable: medidas agroambientais e de benestar animal.

## II.3. DAS AXENCIAS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Ademais, de acordo coa modificación introducida pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, AGADER posibilitará a creación e ampliación de explotacións agrarias e gandeiras mediante a xestión do Banco de Terras de Galicia e será o órgano competente en materia de desenvolvemento comarcal, que exercerá como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para o deseño, a aplicación, a coordinación e o seguimento do Plan de desenvolvemento comarcal.

Entre as funcións atribuídas destacan a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural e a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento rural, a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural.

Xa que logo, a acción da Axencia, que tamén conta como obxectivos os de contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, e a mellora

da calidade de vida e nese marco, desenvolverá as seguintes actuacións:

- A xestión, control e seguimento dos programas con enfoque LEADER, centrándose durante o ano 2014 as accións de AGADER en acadar un nivel axeitado de execución do Programa LEADER 2007-2013, despois da posta a punto dos mecanismos de implementación.
- A convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galicia encadrados nas medidas do eixe 3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, baixo a modalidade principal de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva. Basicamente, estes proxectos estarán orientados a proporcionar e mellorar os servizos básicos da poboación e a diversificación económica do rural.
- O Plan Marco de mellora de infraestruturas (camiños) de titularidade municipal baixo a modalidade de subvencións de concesión directa como contribución á mellora de servizos básicos á poboación rural e podan, ao tempo, xogar un papel importante na diversificación económica do rural.
- O estudo, impulso e execución, se é caso, de investimentos directos cara á implantación ou mellora de servizos básicos para a economía e a poboación rural, así como de convenios con axentes socioeconómicos públicos e privados do medio rural, destinados á posta en marcha de plans e accións específicas destinados á dinamización económica e á mellora da calidade de vida no medio rural.
- A coordinación das actuacións recollidas nos plans de zona redactados e executados ao abeiro da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural e do Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014.
- O aumento da transferencia de superficie agraria ás explotacións agrogandeiras favorecendo a redución dos custes e a mellora da súa competitividade.
- O impulso da creación de novas explotacións a través da transferencia de terra favorecendo o asentamento da poboación no medio rural e freando o abandono, tanto no eido social como agroambiental.
- A actualización, clarificación e mellora do estado dos bens e dereitos que son titularidade de AGADER, coa finalidade de poñer estes en boa condición para a súa produción.
- A mellora da planificación das actuacións que tenden a identificar, conservar, por en valor agronómico ou en produción a superficie con vocación agraria.
- O deseño gráfico, elaboración de estudios, avaliación e xestión de proxectos, favorecendo as relacións e as sinerxías da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- A análise de emprazamento de obras, estudios de viabilidade, definición de programas funcionais, redacción de memorias e proxectos, así como a supervisión técnica de contratación de obras como a xestión, dirección e coordinación das mesmas, vinculadas a infraestruturas orientadas o desenvolvemento rural. Xestión de autorizacións e licencias.
- A elaboración e xestión de propostas de proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellería do Medio Rural e do

Mar, e presentación destes aos organismos pertinentes.

- A prestación e apoio técnico ás diversas direccións xerais da Consellería do Medio Rural e do Mar e entes públicos na elaboración de proxectos e estudios de interese para os obxectivos das mesmas, así como con outras áreas (proxectos e iniciativas europeas).
- O apoio na xestión de convocatorias públicas de axudas a entidades públicas e privadas.

## INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA (INGACAL)

O Plan Estratéxico Galicia 2010-2014, horizonte 2020, sinala como unha das principais necesidades do sector produtivo rexional a de reforzar e facer uso de novas ideas e innovacións. Actuacións fundamentais neste sentido no eido agroalimentario serán o apoio ao investimento en I+D, a integración da I+D no sistema formativo, o impulso da transferencia de tecnoloxía, e o fomento da innovación empresarial.

A potenciación das actividades de investigación e transferencia tecnolóxica no eido agroalimentario, xunto co fomento e posta en valor dos produtos alimentarios galegos cunha calidade diferenciada a través de denominacións xeográficas de calidade: denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas, e outras figuras de protección da calidade como os produtos da artesanía alimentaria, a agricultura ecolóxica ou a produción integrada serán actuacións clave da consellería para contribuír á consecución dos obxectivos de valorización das producións e do medio rural.

O INGACAL ten encomendada a función de control e a certificación das producións elaboradas polas novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas que se están a crear, da artesanía alimentaria de Galicia, así como servir de apoio das xa existentes que o soliciten. Para iso conta cun Departamento de Protección da Calidade Diferencial que será o encargado de desenvolver esas tarefas de control e certificación e que colaborará na posta en marcha de novas denominacións de orixe e indicacións xeográficas.

En materia de investigación, fíxanse como obxectivos a formulación e a execución de proxectos de investigación aplicada no marco definido polo Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, os plans estatais e internacionais correspondentes. Así mesmo colaborar coas actividades de investigación, transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellería.

O obxectivo final é favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario galegos, garantindo os mais altos estándares de calidade e seguridade alimentaria, e utilizando a I+ D+i como vía para impulsar a innovación nas empresas do sector que permita o aproveitamento da gran diversidade e potencial do agro galego.

Así mesmo outro obxectivo estratéxico é o fomento das producións de calidade diferenciada, para iso o INGACAL prestará os seus servizos a aqueles consellos reguladores que polo

seu pequeno tamaño ou polos escasos recursos económicos non poidan realizar o control e a certificación da súa produción, ou ocuparse da súa xestión e secretaría.

Entre as actuacións programadas para o ano 2014 saliéntanse as seguintes:

- O desenvolvemento do proceso de conversión do INGACAL en Axencia Pública Autonómica, posta en funcionamento e implantación do contrato programa de xestión.
- A promoción, redacción e realización de proxectos de I+D+i no marco definido polos plans de I+D+i rexionais, os plans estatais e internacionais correspondentes.
- Realización de actividades de investigación, transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar e outras institucións.
- Labores de I+D+i, conservación e mellora de recursos fitoxenéticos agrícolas e forestais.
- Desenvolvemento do proxecto INTERREG SUDOE IVB WINEtech plus "Comunidad de Innovación y Nuevas Tecnologías en Viticultura y Elaboración de Vino".
- Realización de análises oficiais, informativas e de ensaios científicos.
- Realización do programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación dos centros da Consellería do Medio Rural e do Mar coordinados polo INGACAL, mediante o programa de renovación e adecuación das súas instalacións, maquinaria e equipamentos científicos.
- Realización do programa de mellora da operatividade dos centros e laboratorios sinalados en canto a dotación de maquinaria, instrumental científico- tecnolóxico e a calidade das tecnoloxías de información e comunicación dos mesmos facilitando a súa conexión en rede.
- Actuacións como autoridade competente para a verificación do cumprimento dos pregos de condicións dos produtos no Programa de Control Oficial da Calidade Diferenciada Vinculada a unha Orixe Xeográfica Especializadas Tradicionais Garantidas, antes da súa comercialización, en base ao disposto no regulamento CE 882/2004 do Parlamento Europeo.
- Actuacións de auditorías internas a consellos reguladores que teñan delegada a certificación do produto.
- Acreditación de laboratorios na norma ISO/IEC 17025.
- Prestación de servizos de xestión e administración aos consellos reguladores de Faba de Lourenzá, Pemento de Herbón, Pemento do Couto, Tarta de Santiago e Grelos de Galicia.
- Control e certificación de produto aos operadores das seguintes figuras de calidade: IXP Faba de Lourenzá, IXP Castaña de Galicia, DOP Pemento de Herbón, IXP Pemento do Couto, IXP Tarta de Santiago, IXP Pan de Cea e IXP Grelos de Galicia.
- Certifiación da produción dos Viños da Terra existentes en Galicia (Betanzos, Barbanza-Iria e Val do Miño-Ourense).

- A prestación de servizos de xestión e control e certificación da produción as novas IXP de Pemento de Arnoia e Pemento de Oímbra. E das labores de control e certificación da IXP Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e as DOPs Cebreiro, San Simón da Costa e Arzúa-Ulloa entre outras.

INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR)

As principias liñas de acción de INTECMAR no ano 2014 son as seguintes:

- Control da calidade do medio mariño:
  - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ás condicións oceanográficas e á bioxeoquímica mariña.
  - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ao fitoplancto.
  - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto ás biotoxinas mariñas. De cara á adecuación das técnicas de análise de biotoxinas lipofílicas ás novas esixencias metodolóxicas da Unión Europea, o INTECMAR dotarase dun novo laboratorio, especificamente deseñado para a aplicación da metodoloxía química (LC-MS/MS).
  - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos).
  - Desenvolvemento do programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación microbiolóxica.
  - Desenvolvemento do programa de control zoosanitario: control patolóxico de moluscos e peixes.
  - Apoio ao desenvolvemento da rede de oceanografía operacional en Galicia nas súas vertentes de observación, predición e diseminación de datos oceanográficos.

- Plan territorial de continxencias e loita contra a contaminación mariña accidental:
  - Dar cumprimento ás asignacións que o Plan Territorial de Continxencias pola contaminación mariña en Galicia reflicte para INTECMAR.

- Outras liñas de acción:
  - Continuarase co traballo de implementación do programa de control da calidade do medio mariño, en canto a contaminación virolóxica, así como á inclusión das técnicas virolóxicas no alcance de acreditación de ENAC, para poder levar a cabo a realización do control oficial destes parámetros.
  - Continuarase a colaboración con Augas de Galicia para un mellor coñecemento dos puntos de vertidos que afectan ao litoral e determinar a súa incidencia na contaminación

microbiolóxica das augas para abordar e optimizar as accións de mellora que garantan a calidade das augas.

- Continuarase co traballo, xa consolidado, de análises de mostras procedentes doutras Comunidades Autónomas, así como das mostras oficiais dos servizos veterinarios da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade dentro do seu programa de Salubridade de Moluscos.
- Manter e potenciar a rede de calidade das augas e mellora do sistema de control de bivalvos afectados por biotoxinas por medio do desenvolvemento de modelos dinámicos.
- Continuarase co traballo de elaboración de estudos sanitarios das zonas de produción de moluscos bivalvos da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes estudos implican a identificación de fontes potenciais de contaminación fecal das zonas de produción e o análise do seu posible impacto sobre a calidade microbiolóxica dos recursos.
- Continuar co avance na constitución da Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) do INTECMAR, que da servizo as diferentes aplicacións empregadas para a implementación das aplicacións do visor de INTECMAR en soporte XIS.
- Continuar coa participación no grupo de traballo da OMI OPRC-HNS (Organización Marítima Internacional Protocolo de Cooperación, Preparación e Resposta por contaminación por substancias nocivas e potencialmente perigosas) en colaboración coa Dirección Xeral da Mariña Mercante.
- Continuar coa participación en proxectos de investigación de ámbito nacional e internacional.

## II.4. DAS ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS

### PORTOS DE GALICIA

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación buscando a prestación das súas actividades de acordo coa súa lei de constitución sobre a base de criterios de eficacia e eficiencia económica, buscando a máxima rendibilidade sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e usuarias e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais, como medida complementaria e, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da construción, ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo isto para a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva nos difíciles momentos que se están a dar dende o punto de vista do comercio e da actividade en xeral.

En consecuencia, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a capacidade

competitiva co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Os tráficos comerciais e pesqueiros no exercicio 2012 confirmaron unha mellora da actividade nos primeiros e unha caída nos segundos. Se ben a análise dos datos de 2013 fai que as previsións sexan prudentes e se estime unha contención na previsión dos ingresos, fundamentalmente nas descargas de peixe e na actividade pesqueira en xeral.

O sector da náutica deportiva está sufrindo de xeito importante a actual crise económica. Portos de Galicia está a facer un esforzo conxunto cos operadores privados para poder revisar os modelos de explotación das instalacións explotadas en réxime de concesión que permita minorar o efecto negativo que afecta a estas.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante o exercicio 2012 unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sostibilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos e/ou servizos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2014 en:

- Potenciar unha concepción multifuncional dos portos galegos, ampliando os seus usos a outras actividades, especialmente relacionadas co lecer e o deporte, e contribuíndo, polo tanto, ao aumento do atractivo do litoral galego.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación do concepto tradicional dos portos como meros elementos de carga e descarga de mercadorías e pesca en plataformas intermodais que posibiliten a localización de novos procesos que permitan aumentar o valor engadido das mercadorías e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sostibilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión ambiental co obxecto de facilitar, a través da comunicación deste proceso, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a creatividade na realización dos procesos.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,....).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora da calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

- Implantación de novas tecnoloxías que faciliten ao máximo a relación das persoas usuarias coa administración portuaria.
- Mellora dos procesos administrativos internos.

Como consecuencia destes eixes búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

## II.5. DAS SOCIEDADES MERCANTÍS PÚBLICAS AUTONÓMICAS

EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A.

O Decreto 260/2006, do 28 de decembro, publicado no DOG do 18 de xaneiro de 2007, autorizou a creación da sociedade pública Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.

No exercicio 2014, a sociedade pretende a diversificación das súas actividades e a consolidación dun modelo de xestión pública, con vinculación íntegra coa Administración da Comunidade Autónoma Galega e realizará cantas encomendas lle sexan ordenadas pola Consellería do Medio Rural e do Mar, así como de calquera outro departamento ou ente público autonómico,

e dun xeito programado as seguintes:

- A realización de traballos de obra preventiva e de restauración forestal, a asistencia técnica na redacción dos instrumentos de planificación preventiva forestal, así como a colaboración en traballos silvícolas en montes ordenados baixo xestión da comunidade autónoma.
- A colaboración en actuacións de infraestrutura e equipamentos para o medio rural dentro da estratexia de mellorar a calidade de vida dos concellos rurais e do reequilibrio territorial.
- A realización de traballos nos espazos naturais protexidos de Galicia xestionados pola administración da comunidade autónoma.
- A prestación de servizos relacionados coa produción agropecuaria.
- A colaboración, se fora procedente, na campaña de incendios forestais, poñendo a disposición da consellería un dispositivo de reforzo na época de alto risco de incendios forestais colaborando tanto nas tarefas de extinción coma nas de prevención e mellora de infraestruturas.

## XENÉTICA FONTAO, SA

Dentro das actividades principais de Xenética Fontao, SA, inclúense a produción e a comercialización de doses seminais de gando vacún das razas explotadas en Galicia. Ademais, estanse a diversificar os servizos ofertados mediante o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras reprodutivas que aceleran o progreso xenético da cabana gandeira e da aplicación da biotecnoloxía do ADN no eido da produción e sanidade agropecuarias.

Entre os obxectivos que se pretende acadar para o 2014 destácanse os seguintes:

- Desenvolvemento do programa de mellora xenética da raza Frisona en Galicia dentro do Convenio coa Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Consolidación do Laboratorio de Xenética Molecular, impulsando o investimento en I+D+I co desenvolvemento de proxectos baseados en tecnoloxías moleculares no eido da sanidade e produción animal.
- Posta a punto do programa de selección xenómica da raza Frisona e aceleración do progreso xenético da mesma en Galicia mediante a combinación con novas biotecnoloxías reprodutivas.
- Mellora da rede de comercialización, co afianzamento dos acordos neste eido e obtención doutros novos que permitan incrementar a xeración de recursos propios.
- Mellora e optimización da produción a través da valoración xenética mediante cruzamento industrial de razas bovinas de aptitude cárnica en Galicia.

## II.6. DAS FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

### FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

As liñas de acción da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CTC) baséanse en catro eixes fundamentais: servizos ás empresas cárnicas; I+D+i no ámbito cárnico; asesoramento e transferencia tecnolóxica ao sector cárnico; e a formación.

En consonancia con estes eixes de actuación e que conforman a actividade do centro os obxectivos do CTC para o ano 2014 son:

1. Desenvolvemento de proxectos de I+D+i de programas autonómicos:

   É un obxectivo do CTC a potenciación das actividades de investigación e transferencia tecnolóxica. Para acadalo, entre outras actuacións programadas, o CTC vai formular e executar proxectos de investigación durante o ano 2014 nas áreas prioritarias definidas por tres programas:

   - Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C), nas liñas de apoio ao crecemento empresarial mediante o fomento da investigación e a innovación empresarial e o apoio aos centros tecnolóxicos (Consellería de Economía e Industria).
   - Programa de Accións de Cooperación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías no ámbito agroalimentario, agrícola e forestal (Consellería do Medio Rural e do Mar).
   - Programa de Transferencia Tecnolóxica para o Agro Galego (Consellería do Medio Rural e do Mar).

2. Formular e executar proxectos de programas nacionais e europeos de investigación e outros:

   Dado que un dos obxectivos da Xunta de Galicia é mellorar o nivel de execución do Fondo Tecnolóxico e incrementar a representatividade da participación de empresas galegas en proxectos do Sétimo Programa Marco da UE, a Fundación proponse por en marcha unha serie de liñas de actuación baseadas na dinamización da participación en programas colaboradores de I+D+i por parte de empresas galegas con carácter tractor en áreas estratéxicas do sector alimentario, é dicir, con capacidade para mobilizar un número significativo de axentes arredor de iniciativas innovadoras, nas que tomará parte o CTC.

   Neste escenario, o CTC fíxase como obxectivo a formulación e execución de proxectos de investigación e outros que concorran ás principais convocatorias (VII Programa Marco, POCTEP, SUDOE) ou, a nivel nacional, as convocatorias INIA, CDTI ou MEC.

3. Ampliar a oferta formativa:

   O programa formativo do CTC pretende mellorar a capacitación profesional de persoas que traballan no sector agroalimentario galego.

De cara a 2014, o obxectivo é ampliar a variedade da actual oferta de formación mediante:

- Accións de formación e transferencia de tecnoloxía a entidades do sector.
- Cursos de formación e reciclaxe de técnicos.
- Formación subvencionada agroforestal, continua bonificada e para desempregados (AFD).
- Formación en aberto, a medida (presencial e en liña).
- Xornadas, seminarios, sesións de información e talleres para a divulgación técnica e científica.

4. Incrementar os servizos prestados a todo tipo de entidades, incluíndo o asesoramento tecnolóxico, servizos relacionados coa seguridade alimentaria, realización de trámites administrativos, información sobre lexislación, posta en marcha de novos servizos de análise, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, etc.
5. Promover estudos, publicacións e eventos que impulsen a cooperación e a transferencia de coñecemento.
6. Promover convenios de colaboración con tódolos axentes para afondar na cooperación e o fomento das sinerxías.
7. Outros obxectivos, como son:
   - O fomento e mellora da transformación e comercialización dos produtos agroalimentarios galegos, como medio para gañar valor engadido nas producións.
   - O apoio ás denominacións e indicacións de calidade.
   - O fomento e promoción dos recursos xenéticos autóctonos de Galicia.
   - O Impulso da agricultura multifuncional e sustentable, etc.

## FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR (CETMAR)

O centro proponse no ano 2014 dúas grandes liñas de actuación:

- Incrementar o seu carácter internacional (proxectos europeos, cooperación internacional e licitacións internacionais)
- Incrementar a súa cota de mercado na prestación de servizos tecnolóxicos avanzados.

Para isto, e dentro do cadro de obxectivos operativos do Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014, as principias liñas de actuación céntranse en:

- Incrementar a presenza de CETMAR en foros internacionais.
- Consolidar as alianzas estratéxicas con socios internacionais de proxectos de I+D+i.
- Priorizar as fontes de financiamento de proxectos que impliquen mais retorno e menor grao de cofinanciamento.

- Implementar a carta de servizos tecnolóxicos poñendo en valor as capacidade do centro cara as empresas e outras entidades (tecnoloxías mariñas, loita contra a contaminación, elaboración de plans estratéxicos, etc...).
- Asinamento dun contrato programa por obxectivos coas entidades promotoras do centro.

# III. ORZAMENTO DE GASTOS POR PROGRAMA

## III.1. PROGRAMAS DE GASTO

### *III.1.1. PROGRAMA 422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS:*

#### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

#### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Con este programa perséguese o obxectivo de garantir o funcionamento básico e a continuidade da oferta pública de calidade de ensinanzas náutico marítimo-pesqueiras nas súas diversas modalidades de formación profesional marítimo-pesqueira e dos ciclos formativos de formación profesional específica de: navegación e pesca, máquinas navais, cultivos mariños e mergullo profesional.

#### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación que quere recibir formación náutico marítimo-pesqueira co obxecto de acceder profesionalmente ao sector pesqueiro ou seguir permanecendo neste para o cal precisan certa formación de continuidade.

#### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida é fomentar e potenciar a formación da poboación mariñeira, o acceso a formación náutico marítimo-pesqueira, con especial incidencia na formación permanente de adultos e dos ciclos formativos de grao medio e grao superior.

Estas accións formativas desenvólvense nos portos e confrarías do litoral galego e nos centros de formación profesional pesqueira e de acuicultura dependentes desta consellería, situados en Ferrol, Ribeira, A Illa de Arousa e Vigo.

#### DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A realización deste programa encádrase como gasto financiable, que se tramita como unha actividade cofinanciada, cunha participación dun 80 %, dentro do marco do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013, Eixe 3, Tema prioritario 72 nas seguintes aplicacións:

- 480 AXUDAS PARA A FORMACIÓN PROFESIONAL MARÍTIMO-PESQUEIRA
- 640.5 APOIO A FORMACIÓN PROFESIONAL NÁUTICO MARÍTIMO-PESQUEIRA

O resto das aplicacións deste programa son actividades e actuacións que se financian con fondos propios.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A formación náutica e marítimo-pesqueira, impartida nos portos, confrarías e nos centros de ensino da Consellería do Medio Rural e do Mar, ten como finalidade a adecuación das ensinanzas as necesidades demandadas polo mercado laboral, a obtención dun emprego estable e de calidade e o aumento das condicións de acceso aos distintos sectores de produción, de extracción e servizos que xera o mundo da pesca. A estratexia desenvolvida para acadar a finalidade deste programa baséase nas seguintes medidas:

- Mellora de sistemas operativos con fins didácticos.
- Dotación de equipamentos didácticos.
- Acondicionamento dos centros docentes.
- Accións de apoio e divulgación das actividades náuticas.
- Adquisición de elementos de transporte para o seguimento das ensinanzas.
- Accións complementarias á formación dentro do Plan Integral de Formación marítimo-pesqueiro de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres distan de atoparse en situación de igualdade cos homes no ámbito profesional do sector pesqueiro. A poboación traballadora do sector do mar é eminentemente masculina, polo que a maioría de persoas que acceden á formación son homes. No ano 2012 impartiuse

formación a 3.619 persoas das que o 15 % foron mulleres; estes datos mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é preciso reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | X |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As actividades formativas prográmanse e desenvólvense en horarios que permitan a conci-

liación da vida familiar coa formación, fomentando deste xeito a participación dun maior número de mulleres.

Os horarios programados para a formación específica en marisqueo, sector no que as mulleres son o grupo maioritario, establécense de tarde. Con esta medida conséguese que poidan mariscar de mañá e ata as 17:00 horas tal como marca a normativa reguladora desa actividade extractiva.

Emprego de linguaxe non sexista nos itinerarios formativos e desagregación por razóns de xénero dos indicadores de seguimento utilizados.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

A ampliación da oferta formativa da familia marítimo-pesqueira, tanto nos centros dependentes desta consellería, como da formación impartida nos portos, como da formación para a obtención de certificados de mariscadora ou de percebeira debe dar continuidade á traxectoria seguida ata hoxe ampliando as oportunidades de acceso das mulleres á formación da familia marítimo-pesqueira e deste xeito reducir a brecha de xénero no emprego.

Nesta mesma liña seguirase actuando, é dicir, maior oferta de cursos, flexibilización de horarios, adaptación as necesidades laborais dos/das participantes.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

# *III.1.2. PROGRAMA 422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

No marco de actuación da formación agraria se formula unha oferta integral, dirixida á mocidade e a poboación activa, e que integre a formación profesional regrada, a iniciación profesional, a formación ocupacional e a formación continua dos profesionais do sector, que desenvolverase a través dos seis centros de formación e experimentación agroforestal con que conta a Consellería do Medio Rural e do Mar e coa colaboración doutras unidades dependentes dela.

Os fortes vínculos entre este sistema formativo e o sector produtivo garanten unha oferta flexible e adaptada as necesidades e prioridades das distintas comarcas e sistemas de produción.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Profesionais dos sectores agrario e forestal, centros de formación profesional de orientación agroforestal, persoas agricultoras, gandeiras e silvicultores.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Problemas ou carencias:

Os cambios económicos, tecnolóxicos e ambientais dan lugar á necesidade de novas cualificacións para todas as persoas implicadas en actividades agroforestais e agroalimentarias. Para obter estas novas habilidades, é necesario ofrecer actividades xerais, técnicas e económicas de formación non regulada. A capacitación profesional dos agricultores e agricultoras, en particular de aqueles profesionais que se incorporan por primeira vez á actividade agraria, debe servir tamén para mellorar as súas condicións de vida, frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural. A mellora da cualificación dos agricultores e agricultoras require tamén que se eleve o nivel de formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos para facilitar a adopción de innovacións no sector agroforestal. Outra das debilidades estruturais de Galicia é o envellecemento da poboación especialmente no rural.

Situación á que se quere chegar:

- Elevar o nivel formativo dos profesionais do sector e facilitar a transferencia tecnolóxica dos resultados das investigacións son as prioridades fundamentais para este exercicio.
- Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural, con capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Así mesmo, debe servir para que a actividade produtiva sexa respectuosa co medio ambiente.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Programa anual de Formación Continua é desenvolvido polos centros de formación e experimentación agroforestal e por outras unidades dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 Medida 11110 para "Accións relativas á información e formación profesional incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal".

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Elevar o nivel formativo dos profesionais do sector e facilitar a transferencia tecnolóxica dos resultados das investigacións son as prioridades fundamentais para este exercicio e que desenvolveranse a través dos programas de acción anuais.

O Programa anual de Formación Continua é desenvolvido polos centros de formación e experimentación agroforestal e por outras unidades dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar. O seu deseño realízase en tendo en conta as necesidades do sector, ofrecendo unha oferta diversificada e adaptada ás distintas necesidades locais e sectoriais.

Este programa para a mellora do nivel de coñecementos das persoas que traballan no sector agroforestal, compleméntase co plan de transferencia, divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras que ten como obxectivo facilitar a transferencia e a adopción polo sector dos resultados das investigacións realizadas nos centros da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Un aspecto deste programa é a formación de formadores, que ten como obxectivo manter a calidade na prestación dos servizos, continuando a mellora do nivel de formación do persoal docente e técnico encargado de transmitir os coñecementos aos usuarios e usuarias.

Frear o éxodo rural e asegurar a substitución xeracional no medio rural é outro dos obxectivos estratéxicos que vese apoiado coa capacitación profesional daqueles que se incorporan por primeira vez á actividade agraria. Esta formación continua ofrece distintas orientacións produtivas, axeitadas as distintas zonas de Galicia, e ten en conta os aspectos produtivos, nun marco respectuoso co medio ambiente.

Como se indicou anteriormente, estes programas formativos contan con financiamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 Medida 11110 para "Accións relativas á información e formación profesional incluída a divulgación de coñecementos científicos e prácticas innovadoras de persoas que traballan no sector agrícola, alimentario e forestal", e serán desenvolvido polos servizos técnicos dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar, entre os que se inclúe o persoal das oficinas agrarias comarcais e das escolas de formación e experimentación agroforestal, e contando coa colaboración dos centros de investigación, centros tecnolóxicos e de entidades asociativas do sector agrario, alimentario e forestal.

Estes investimentos non inclúen a formación regrada impartida nos Centros de Formación e Transferencia Tecnolóxica Agroforestal dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

As actividades pódense desglosar como segue:

1. Accións formativas nas seguintes áreas prioritarias:
   - Cursos de capacitación dirixidos ás persoas que se incorporan por primeira vez á actividade agraria.
   - Cursos de formación continua esixible pola normativa aplicable a distintas actividades e programas de axudas. Entre elas, cursos de benestar animal nas explotacións e no transporte, e cursos de capacitación para aplicadores - manipuladores de produtos fitosanitarios nos seus niveis básico e cualificado.
   - Cursos de formación e reciclaxe de técnicos da administración e formadores dos pro-

gramas de capacitación.

2. Accións informativas de transferencia tecnolóxica, tales como:
   - Seminarios, sesións de información e talleres para a divulgación técnica e científica.
   - Accións de demostración ligados á adopción de innovacións nas explotacións e pequenas empresas transformadoras do medio rural.
   - Actividades dirixidas a cooperativas agrarias, incluídas viaxes formativas para persoal e asociados.
   - Accións de formación e transferencia de tecnoloxía externalizadas definidas mediante ordes de convocatoria, e dirixidas a entidades asociativas do sector agrario.

Neste programa tamén está incluído o Proxecto LIFE Margal-Ulla, que se está a desenvolver no período 2010-2015, no marco do programa LIFE+ da Unión Europea, para a recuperación das poboacións da Margaritifera margaritifera, e do Galemys pyrenaicus, (Geoffroy, 1811), na conca do río Ulla e no que colaborarase por medio da educación ambiental con persoas agricultoras e gandeiras para recoñecer os problemas xerados pola mala xestión dos xurros e outros contaminantes.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas e de transferencia tecnolóxica que se desenvolven no marco deste programa establecen o mesmo punto de partida para mulleres e homes, polo que non precisan de especial diferenciación a priori.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agroforestal, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo, pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

- Toda a sociedade.

Nos programas de formación e transferencia tecnolóxica establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas.. Estas actividades non supón incremento do orzamento, e están dirixidas tanto a mulleres xoves coma as que solicitan formación noutros ámbitos, de calquera idade.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Dado o tradicional apoio da muller ás tarefas do agro e da prioridade que ten fronte ao home para a súa formación, pode preverse que se reduza a posible fenda de xénero, ao facilitarse a súa capacitación para o desenvolvemento dunha actividade profesional e, deste xeito, a súa maior independencia.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

## *III.1.3. PROGRAMA 422M - ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Co obxectivo de incorporar profesionais con titulación de FP ao mercado de traballo, a Consellería do Medio Rural e do Mar conta con seis centros de formación e experimentación agroforestal onde impartir ciclos formativos de formación profesional de grao medio e superior das especialidades agrarias. No ano 2014 continúa o proceso de actualización, ampliación e diversificación da súa oferta.

Tendo en conta o carácter práctico da formación impartida nestes centros, é fundamental dotalos dos equipamentos e medios necesarios e atender ás necesidades de renovación das in-

fraestruturas para impartir un ensino de calidade e ao nivel adaptado ás demandas da sociedade e das empresas.

Neste programa inclúense bolsas de prácticas dirixidas a dar unha formación práctica que complemente os coñecementos teóricos adquiridos a estudantes en unidades dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar e en empresas e entidades relacionadas co sector agroforestal e alimentario.

Tamén se inclúe neste programa a realización de accións formativas dirixidas a colectivos especiais con dificultade de inclusión no mercado de traballo.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Centros de formación, xoves e colectivos con dificultades especiais, profesionais do sector, centros de formación, agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeira, traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural e do Mar.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os cambios normativos nos ciclos de formación profesional e das demandas do alumnado esixen adaptar a oferta formativa ás novas necesidades, atender prioritariamente a facilitar a incorporación no mercado de traballo dos mozos e mozas e de colectivos con dificultades especiais.

No medio rural existe un alto grao de envellecemento da poboación activa do sector agroforestal que convive con xoves e colectivos que teñen fortes dificultades de integración no ámbito laboral, trátase de atraelos e achegarlles a formación necesaria para desenvolverse nestas actividades.

Por outra banda, a necesaria formación dos traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural e do Mar fai prioritario a realización de accións formativas específicas a este colectivo.

As características dos centros de formación agroforestal da consellería, que dispoñen de amplos recursos para as prácticas, como fincas, gando etc., e onde ademais da formación regrada desenvólvense accións formativas no marco do plan de formación continua dos profesionais, permiten un contacto directo dos alumnos co sector ao que se van a incorporar.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Os plans no que se enmarcan as actuacións deste programa son os correspondentes á ensinanza regrada de formación profesional para o sector agroforestal, os programas de cualificación e o plan galego de actuacións para a mocidade.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con este programa búscase:

- Dotar aos centros de formación agraria e forestal das infraestruturas necesarias para a formación continua e a regrada.
- Ampliar e mellorar o investimento en capital humano.
- Promover a inclusión social, en particular o acceso das persoas desfavorecidas ao emprego.

Actuacións:

- Impartición de ciclos de grao medio e superior de formación profesional nas especialidades agrarias, con ampliación da oferta formativa no curso 2013/2014 .
- Impartición de accións formativas agroforestais no marco dos programas de cualificación profesional inicial.
- Realización de construción nova e/ou mellora das dotacións de aulas, laboratorios, naves, silos, invernadoiros, talleres e infraestrutura de apoio en xeral dos centros para mellora da calidade da ensinanza e ampliación da oferta formativa.
- Equipamento dos centros con material tecnolóxico adecuado ás actividades formativas, incluíndo maquinaria, apeiros e instrumental auxiliar.
- Convocatoria de bolsas de prácticas para estudantes de formación profesional agroforestal e para titulados en especialidades agroforestais, que inclúen axudas para prácticas en empresas e de iniciación á investigación.
- Realización de accións formativas dirixidas a colectivos especiais con dificultade de inclusión no mercado de traballo.
- Cursos de seguridade e prevención de riscos laborais especialmente no uso da maquinaria agroforestal.
- Formación dos traballadores e traballadoras do dispositivo de prevención e defensa contra o lume da Consellería do Medio Rural e do Mar.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As actividades formativas que se desenvolven no marco deste programa establecen o mesmo punto de partida para mulleres e homes, polo que non precisan de especial diferenciación a priori.

En todo caso, dado que o presente programa incide directamente sobre as persoas que traballan no sector agroforestal, que se cualifican para o desenvolvemento dunha actividade profesional ou melloran a súa formación, pode significar que, pola igualdade de acceso á formación, ou mesmo, pola prioridade das mulleres fronte aos homes de haber exceso de demanda, poderíase diminuír a posible fenda de xénero que existira no rural.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |

| | |
|---|---|
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

- Toda a sociedade.

Nos programas de formación establécese, entre os criterios de selección das persoas participantes, a prioridade das mulleres fronte aos homes no suposto de concorrencia e limitación de prazas, unha vez superadas as probas de selección que procedan, e que, en todo caso, respectan a igualdade de xénero. Estas actividades non supón incremento do orzamento.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Dado tradicional apoio da muller ás tarefas do agro e da prioridade que ten fronte ao home para a súa formación, pode preverse que se reduza a posible brecha de xénero, ao facilitarse a súa capacitación para o desenvolvemento dunha actividade profesional e, deste xeito, a súa maior independencia.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

# *III.1.4. PROGRAMA 513A - CONSTRUCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Os investimentos que realiza o ente Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Medio Rural e do Mar.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os usuarios e usuarias das instalacións portuarias destinadas ao tráfico comercial e pesqueiro e das instalacións náutico deportivas, titularidade da comunidade autónoma.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Accesos a portos en malas condicións, peiraos de dimensións pequenas que hai que ampliar, avanzar na modernización dos servizos xerais así como na xestión administrativa e, escaseza de prazas de atraque para embarcacións recreativas, calidade medioambiental mellorable.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As atribucións que en materia de portos da comunidade autónoma lle corresponden pola Lei 5/1994, do 29 de novembro.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A construción e mellora de infraestruturas portuarias e o desenvolvemento de actividades e prestación de servizos aos usuarios e usuarias e concesionarios para a consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e buscando unha economía máis competitiva desde o punto de vista do comercio e da actividade marítima en xeral, todo isto a través das liñas estratéxicas de actuación de crecemento, sostibilidade, eficiencia e I+D+i.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Portos de Galicia

## *III.1.5. PROGRAMA 514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As necesidades de dotación de equipamentos pesqueiros dos portos coa finalidade de modernizar e desenvolver os portos e fondeadoiros de pesca para mellorar os servizos ofrecidos e así convertelos nunha vantaxe competitiva.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Ao sector pesqueiro galego, con especial incidencia nos pescadores/as e mariscadores/as. Tamén atende necesidades doutros colectivos ligado ao sector pesqueiro como redeiros e redeiras, acuicultores.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Aínda existindo un aceptable nivel de equipamento nos portos para atender as necesidades do sector pesqueiro, a cada vez maior especialización e esixencias de calidade e garantía sanitaria e de trazabilidade do produto, fai necesario realizar investimentos novos nas seguintes liñas de actuación:

- Abastecemento de combustible, xeo, auga e electricidade.
- Xestión informatizada das actividades pesqueiras.
- Mellora das condicións de seguridade e traballo.
- Almacenamento e transformación de residuos.
- Fomento de boas prácticas ambientais nos portos, favorecendo e primando o emprego

de enerxías alternativas e limpas no exercicio da actividade portuaria.

- Rexeneración e desenvolvemento dos portos pesqueiros para a mellora do seu patrimonio natural e arquitectónico.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa desenvolvese no marco do programa operativo plurianual de Galicia do Fondo Europeo da Pesca.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A modernización e adecuación dos portos pesqueiros de Galicia as necesidades que demandan, por un lado, as garantías de calidade organoléptica e sanitaria, a trazabilidade do produto, a adecuación ás novas tecnoloxías e formas de comercialización, e por outro, a mellora das condicións de traballo e de seguridade nos portos.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

O programa financia gastos xerais en bens, servizos, proxectos e infraestruturas accesibles a toda a poboación.

Segundo os datos publicados por esta consellería nos estudos dos permisos de marisqueo e no proxecto OCUPESCA (www.pescadegalicia.com) o 24,22 % da poboación ocupada nos sectores extractivos da pesca e do marisqueo son mulleres, atopando que no ano 2012 no sector

do marisqueo as mulleres representaban o 88,99 %.

Ata hai unha década as condicións nas que as mulleres desenvolvían a súa actividade non eran as máis axeitadas, sendo un obstáculo a superar para favorecer a incorporación ao sector pesqueiro en igualdade. Na actualidade están censadas preto de 4.000 mulleres no sector pesqueiro e marisqueiro; xunto con este colectivo débese ter en conta a aquelas mulleres que se dedican á compra de produtos pesqueiros, das que se carece estudos que permitan cifrar a súa presenza nas lonxas dos portos pesqueiros.

Respecto ás actividades previstas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire ás cuestións de xénero sobre o que se desenvolverá este programa; non contando, no momento actual con datos estatísticos relativos á realidade obxecto do programa.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |

| Outros (especificar) | |
|---|---|

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As actividades previstas comprenden a todos/as os/as usuarios/as do porto pesqueiro onde se realizan as actuacións. Os proxectos que se financian, non teñen beneficiarios directos afectando indistintamente a mulleres e homes; aínda que o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xornada laboral.

A mellora das condicións de acceso aos equipamentos portuarios fomenta a participación das mulleres na actividade da primeira venda, ao mellorar as condicións de traballo e incorporar servizos que facilitan o desenvolvemento do traballo polas mulleres (vestiarios e servizos, locais de traballo con mellor acceso, equipos de manipulación de cargas e outros).

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Sendo difícil determinar o número de mulleres que se poden ver afectadas por estas actuacións non está claro, a súa posta en marcha pode ter impacto no seu traballo e na súa xornada laboral.

Agárdese que ao contemplar a presenza de mulleres como usuarias no deseño dos equipamentos portuarios e ao incorporar nestes recintos servizo que facilitan o desenvolvemento do traballo realizado por mulleres, se contribúa á redución da brecha de xénero.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## *III.1.6. PROGRAMA 541C - PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Protección e seguridade das persoas e dos recursos do medio natural marítimo como espazo no que se desenvolve a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola, de xeito que constitúe non só o marco xeográfico común a estas actividades senón tamén o seu obxecto principal, posto que a conservación do medio e a preservación fronte a malas prácticas é o fundamento para a rendibilidade e a continuidade deste sector estratéxico.

Lograr unha explotación sostida dos recursos de interese pesqueiro, establecendo medidas de protección específicos e areas delimitadas dos caladoiros tradicionais. Estas áreas en cuxa selección tense en conta o seu estado de conservación, reúnen determinadas características que permiten a mellora das condicións de reprodución das especies de interese pesqueiro e a supervivencia das súas formas xuvenís.

O interese, definitivamente entre outros,é a promoción nun equilibrio sostible entre os recursos e a capacidade de pesca, o fomento da protección e mellora do medio ambiente e dos recursos naturais e promover o desenvolvemento na mellora da calidade de vida en zonas con actividades no sector da pesca.

Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e mellora dos seus mecanismos de xestión.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Traballadores do sector pesqueiro e marisqueiro, consumidores e en xeral a todo o sector en cuxo ámbito territorial se produzan as condicións nos bancos marisqueiros que permitan establecer zonas protexidas das reservas mariñas. En particular a todo o sector pesqueiro e marisqueiro que estea inscrito no censo establecido ao efecto e exerza de xeito profesional a pesca e/ou marisqueiro na delimitación xeográfica onde se sitúan as reservas mariñas de Cedeira e Os Miñarzos.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Existencia dun risco permanente para a seguridade das persoas do mar e para a estabilidade do medio mariño, entre os que cobran especial importancia os accidentes no mar, a contaminación das augas e as malas prácticas e accións ilegais na actividade extractiva.

Na actualidade os espazos delimitados con especial protección estanse consolidando como

zonas de interese pesqueiro ao permitir unha explotación sostida dos recursos mariños.

Por outro lado os espazos delimitados como de protección integral nos que unicamente se permiten actividades para a toma de mostras de flora e fauna con fins científicos e expresamente autorizados, están a achegar información valiosa que indican a consolidación.

Pártese de caladoiros tradicionais e desde o ano 2007 estanse pedindo investimento que creen a sensibilización ambiental entre a poboación, o control e vixilancia das zonas protexidas que facilite a rexeneración, conservación e protección da flora e da fauna do medio marítimo e da súa diversidade e a explotación controlada e planificada que permita a sostibilidade económica da poboación. Así mesmo establécese un protocolo científico que permite ir avanzando na consolidación da zona como de interese pesqueiro.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Plan de continxencias mariñas e loita contra o furtivismo. Programa operativo 2007-2013 do Fondo Europeo da Pesca, a través de medidas do seu eixo 3.
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- Decreto 87/2007, do 12 de abril, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".
- Decreto 28/2009, do 29 de xaneiro, polo que se crea a reserva mariña de interese pesqueiro "Ría de Cedeira".
- Orde do 26 de febreiro de 2009 pola que se modifica a Orde do 27 de novembro de 2007 polo que se regula o uso e xestión da reserva mariña de interese pesqueiro "Os Miñarzos".

Requírese a colaboración do Centro de Investigacións Mariñas e do Instituto Galego de Formación en Acuicultura e o Intecmar.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O litoral de Galicia ten un grande valor estratéxico derivado do feito de albergar espazos de grande importancia ecolóxica, cultural, social e económica.

A utilización intensiva dos espazos costeiros xera unha serie de desequilibrios ambientais que inciden directamente sobre os recursos pesqueiros e consecuentemente sobre a actividade económica e profesional o que depende deles. Isto deriva na necesidade de xestionar de forma coherente a pesca e demais actividades con incidencia no litoral, e de adoptar medidas específicas de protección das especies e hábitats asociados, en especial o control da actividade e a loita contra a contaminación.

Para iso establecemos espazos naturais no medio mariño con distintos niveis de protección que afectan a bancos mariños naturais e nos que se establece vedas de reserva que permita la recuperación de las especies. Esta estratexia mantida no tempo facilitará a sostenibilidade económica, ata a consolidación definitiva a partir do cal estas zonas serán xestionadas polo propio colectivo que estea directamente afectado, a sostenibilidade social e ambiental do contorno.

A dita conservación e preservación non pode facerse fronte ao sector, senón ao contrario, da súa man e coa súa implicación activa. Este convencemento está na base da creación e posta en marcha de reservas mariñas de interese pesqueiro, co obxectivo de conservar a riqueza natural das áreas mariñas e dotar ao sector de mecanismos específicos de conservación e de xestión pesqueira compartida.

Existen factores de risco para a estabilidade do medio mariño, e máis concretamente para a conservación dos recursos de interese pesqueiro, entre os que cobran especial importancia a contaminación das augas e as malas prácticas na actividade extractiva. Por iso resulta imprescindible contar cos suficientes mecanismos de control e prevención que garantan a detección e a reparación de posibles danos.

Así, os principios que inspiran este programa son os seguintes:

- Evitar os danos producidos por episodios de contaminación.
- Prevención e control das actividades que poidan afectar negativamente á sostibilidade dos recursos mariños, especialmente os de interese pesqueiro, así como dos seus hábitats.
- Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.
- A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- A recompilación de toda clase de información técnica, científica e operacional, elaborando e mantendo bases de datos ao respecto cara a afondar na observación oceanográfica ao obxecto de proporcionar respostas a situacións de emerxencia no mar (contaminación mariña accidental, seguimento de obxectos á deriva,..).
- Asesoramento e apoio ao sector para a definición e establecemento de novas figuras de protección e xestión de áreas mariñas de interese pesqueiro, e a mellora dos seus mecanismos de xestión.

Actividades:

- Prevención e control da contaminación do medio natural mariño.

- Dotación de medios á inspección pesqueira e ao salvamento marítimo.
- Control da actividade pesqueira.
- Mellora no control das accións ilegais na explotación dos recursos.
- Contribuír á seguridade da vida humana no mar, participando en tarefas de rescate e salvamento.
- Aplicación da normativa sobre a calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Seguimento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos a explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.
- Decretar a apertura e o peche do exercicio da actividades pesqueira, do marisqueo e da acuicultura en función do resultado dos controis que se realicen sobre a calidade das augas e dos produtos.
- Mantemento das dúas reservas mariñas de interese pesqueiro existente e outras figuras de preservación dos recursos mariños.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa configúrase como un instrumento para fomentar sistemas de xestión e ordenación pesqueira baseados nun modelo de explotación sostible, de xeito que se garanta a pesca e a preservación dos recursos e dos hábitats, harmonizando os intereses dos/as diversos/as usuarios/as. Estas figuras de protección e xestión quedan sometidas a un réxime específico de usos permitidos e condicións de acceso.

Dentro do desenvolvemento deste programa contémplase unha actividade de monitoreo social, concibido como un método de análise para a identificación e valorización de indicadores sociais no escenario da Remip (usuarios/as directos/as e poboación local). En todos os indicadores está implantada transversalmente a variable de xénero.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, máis ben orientadas a actuacións sobre o medio mariño nas reservas mariñas, é difícil determinar con exactitude a situación de partida no que se refire a cuestións de xénero. Precisamente unha vez realizadas as avaliacións dos indicadores sociais é probable que se obteñan datos relevantes sobre a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |

| | |
|---|---|
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Fomentar a participación da poboación afectada polas zonas de reserva mariña (usuarios/as directos/as e poboación local) no respecto e na conservación do ecosistema mariño; respectando o principio de igualdade na formulación de propostas sobre a xestión destes espazos.

Contemplar a paridade de xénero na composición do órgano de xestión, seguimento e control (OXESCO), tanto nos/as representantes das consellerías, como nos/as representantes do sector pesqueiro.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Cabe a posibilidade de que, unha vez realizadas as avaliacións de impacto das zonas de reserva mariñas nos anos 2010, 2011, 2012 e 2013 poida detectarse e poñerse de manifesto algunhas situacións discriminatorias que sexa preciso reparar. De producirse, tratarase de introducir as medidas correctoras que se estimen pertinentes e que rectifiquen a tal situación desigual ou discriminatorio.

De conformidade co expresado, a concreción e previsión de resultados puntualizarase en canto queden finalizadas as actuacións para o exercicio 2013.

Procurarase que actuacións e accións realizadas nas reservas mariñas proporcionen información suficiente para avaliar a redución da brecha de xénero.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

## III.1.7. PROGRAMA 551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O desenvolvemento equilibrado e sostible de Galicia implica a necesidade de actuar en todos os sectores produtivos, facendo competitivo o sector primario, sentando as bases dun desenvolvemento rural con futuro, e uns servizos de calidade, na base dun desenvolvemento sostible.

O 80 % do territorio galego pode denominarse rural atendendo a súa densidade de poboación e a súa estrutura socioeconómica. A modernización do medio rural é un dos retos máis importantes que ten a Galicia.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Este programa está dirixido, por un lado, á poboación do rural, procurando corrixir deficiencias de infraestruturas básicas e dotándolles de servizos públicos de calidade, e por outro lado, ás explotacións agrogandeiras, redimensionando a súa estrutura da base territorial e mellorando as estruturas agrarias, así como, investindo na modernización e consolidación dos regadíos existentes.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

É necesario afondar na diversificación económica do medio rural, buscando alternativas novas e complementarias, cun modelo que fixe a poboación ao territorio, baseándose nas seguintes liñas:

- Mellora da calidade de vida da poboación no rural. No rural, son imprescindibles servizos públicos suficientes e de calidade. A poboación rural ten os mesmos dereitos que o entorno urbano a dispoñer de medios e servizos que permitan o desenvolvemento das súas iniciativas empresariais e dunha calidade de vida equiparable ao medio urbano. Neste senso, é necesario investir na mellora de infraestruturas e servizos básicos á poboación.
- Mellora da estrutura das explotacións. O medio rural galego ten que afrontar o forte desafío de avanzar na súa competitividade no medio dunha crise económica que trae consigo o incremento dos custos de produción nas explotacións, e que supón un freo ao seu desenvolvemento económico. Neste senso, é imprescindible un apoio ás mesmas para que, por unha parte, logren unha diminución de custos, redimensionando a súa base territorial (concentración parcelaria, mellora de accesos as explotacións, etc.) e, doutra, incrementen os seus ingresos, mellorando os sistemas de produción (posta en

cultivo de terras improdutivas, modernización e consolidación de regadíos, etc.)

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Este programa ven a dar cumprimento ao recollido na Lei 10/1985, do 14 de agosto, de concentración parcelaria para Galicia, na súa redacción segundo a Lei 12/2001, do 10 de setembro, á Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural e á Lei 62/2003 do 30 de decembro de 2000, de medidas fiscais, administrativas e do orden social, que modifica o Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo , polo que se aproba o texto refundido da lei de augas.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Respecto da liña de mellora da calidade de vida no medio rural, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Plan Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural. As fortes deficiencias que existen nas zonas rurais de Galicia, urxen a adopción dunha política intensiva en materia de infraestruturas, necesarias para a dotación, conservación e mellora dos servizos básicos elementais (camiños rurais, abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos dos núcleos de poboación, e outros) que, pola súa natureza, supoñen un importante desembolso económico para as administracións locais. Con este plan, invístese en todos os concellos de Galicia utilizando uns parámetros que pretenden lograr un principio básico de equidade e converxencia.
- Proxectos de infraestrutura rural. É necesario investir naquelas zonas do territorio galego nas que, polas graves carencias de infraestruturas básicas, sexa urxente e necesario dotar á poboación rural dun nivel de vida adecuado, aproximándose ao que se ten en ámbitos urbanos.

Respecto da liña de mellora da estrutura das explotacións, establécense os seguintes proxectos de actuación:

- Programa de mellora e reordenación das estruturas agrarias. Neste programa, dedicado á concentración parcelaria, pretenderase:
  - Continuación das políticas de concentración da terra agraria, mellorándoa e seguindo coa tramitación dos procesos en curso.
  - Perfeccionamento dos procedementos de selección de zonas, asociándoas, fundamentalmente, a procesos produtivos, onde as inversións públicas sexan máis efectivas.
  - Promoción de instrumentos para a integración e redimensionamento das explotacións en zonas de concentración parcelaria, prestando ademais especial apoio ao asociacionismo produtivo nelas.
  - Axilización e racionalización nos procedementos de concentración, na procura de limitar, no tempo, os custos ou perdas en que incorren as explotacións durante o procede-

mento de concentración parcelaria.

- Respecto co medio ambiente e o patrimonio de Galicia, na procura de racionalizar o proceso de concentración parcelaria, respectando os valores ambientais das zonas, incluídos nas respectivas declaracións de impacto ambiental, así como os valores patrimoniais existentes dentro das zonas.

- Mellora das infraestruturas relacionadas coas explotacións. A través da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, preténdese fomentar unha actividade económica continuada e diversificada no medio rural, mantendo os sectores agrícola, gandeiro e forestal, preferentemente nas zonas rurais consideradas prioritarias. Neste senso, foméntase a mellora dos accesos en comarcas gandeiras en diversos concellos de Galicia, contribuíndo na diminución de custos nestas explotacións, pola mellora da súa accesibilidade.
- Modernización e consolidación de regadíos existentes. Respecto das infraestruturas de regadío, tentarase de optimizar o aproveitamento dos recursos hídricos na agricultura, mellorando os sistemas de xestión da auga e utilizando métodos que permitan aforros de caudal e de enerxía, diminuíndo os posibles efectos negativos sobre o medio ambiente, e permitindo a compatibilización dos usos da auga nos distintos eidos sociais, económicos e ambientais implicados.

Establécese como un dos obxectivos deste programa a modernización e consolidación dos regadíos existentes, tendo presente que a utilización de sistemas eficientes, debidamente regulados, comprobados e cun correcto mantemento, xunto cunha xestión axeitada, redundará nun balance hídrico máis favorable desde o punto de vista económico e ambiental.

As zonas a investir son as de A Limia, Terra Chá e Val de Lemos, así como a mellora de levadas de regadío tradicional.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

## *III.1.8. PROGRAMA 551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivo o financiamento das competencias da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais:

"Levará a cabo as actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais, exercendo as funcións de programación, aprobación, execución, avaliación e seguimento dos plans, medidas e accións de defensa dos montes contra os incendios forestais; a elaboración de estudos e análise de causalidade e a coordinación de medios na loita contra os incendios forestais."

As accións a levar a cabo neste programa deberán buscar, por definición, reducir ao mínimo os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos incendios forestais.

Para acadar ditos obxectivos a prevención e defensa contra os incendios forestais céntrase en dúas frontes:

a) Redución do número de lumes.
b) Redución das superficies queimadas.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación obxectivo do programa ten carácter universal pero tamén sectorial.

É universal porque o conxunto da poboación galega pode verse afectada nun determinado

momento pola incidencia dun incendio forestal, polo risco que pode xerar non só sobre os bens de natureza forestal senón tamén sobre as persoas e sobre os bens de natureza non forestal.

Así mesmo, é sectorial porque o problema dos incendios forestais e a súa prevención afecta principalmente ao sector forestal, sector económico estratéxico para Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación dos incendios forestais en Galicia continúa a ser un dos principais problemas no medio natural da comunidade autónoma, especialmente para o seu sector forestal, de carácter estratéxico dentro da economía galega. Lamentablemente os incendios intencionados así como as neglixencias continúan a ser maioritarias dentro das causas que están detrás dos lumes.

As estatísticas de incendios avalían esta situación, se ben é certo que tamén amosan claramente un descenso da media anual do número de lumes, dende os 10.000 de media do período 1995-2005, ata os 4.000 lumes dos últimos anos.

Este feito, de manterse á baixa nos próximos anos, podería significar un dato esperanzador de cara á futuro e a posibilitar unha solución ao problema.

Cada ano o desenvolvemento das accións previstas neste programa, tanto as de carácter territorial, mediante traballos de prevención, así como as que se dirixen á poboación, a través da concienciación e da regulación normativa, contribúen a por control e intentar reducir ao mínimo os efectos negativos que os incendios producen sobre o noso medio natural. A persistencia na execución das accións do programa é fundamental para acadar os obxectivos fixados.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A prevención e defensa contra os incendios forestais desenvolvese en Galicia no seguinte marco legal e de planificación:

- Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre Protección Civil.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Regulación das bases do Réxime Local.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia
- Lei 43/2003, do 21 de novembro de montes. (BOE nº 280).
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.
- Real decreto 875/1988, do 29 de xullo, polo que se regula a compensación de gastos derivados da extinción de incendios forestais.
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a Norma Básica de Protección Civil.
- Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Incendios Forestais.
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais.
- Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.
- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- Resolución do 11 de outubro de 1994, da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, pola que se ordena a publicación do plano territorial de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) (DOG nº 236, do 9 de decembro) aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 12 de xullo de 1994, e homologado pola Comisión Nacional de Protección Civil o 30 de setembro de 1994. (Polo Decreto 56/2000, do 3 de marzo, foi publicada unha nova revisión (DOG núm. 62, do 29 de marzo de 2000).
- Resolución do 26 de xuño de 2001, da Dirección Xeral de Interior e Protección Civil, pola que se dispón a publicación da revisión e actualización do Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Regulamento (CEE) nº 307/97, Diario Oficial das Comunidades Europeas do 17 de febreiro, relativo á protección dos bosques na comunidade contra a contaminación atmosférica.
- Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga).
- Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distritos.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Neste ano, e atendendo á orientación que se lle quere imprimir ao método de atención e loita contra os incendios forestais, céntrase a reformulación da dimensión operativa das accións de loita contra o lume sobre tres eixes fundamentais.:

- Coordinación e apoio entre administracións, especialmente coas municipais.
- Profesionalización do dispositivo contraincendios.

- Mellora da concienciación e disuasión mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixiancia dos nosos montes.

Toda esta aposta ten como finalidade un obxectivo fundamental e básico: reducir ao mínimo posible os danos ecolóxicos, económicos e sociais producidos polos lumes forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos recursos dispoñibles.

Concretase en actividades específicas que se dirixen a atender os dous obxectivos principais do programa:

1. Redución do número de lumes
    a) Actualización dos estudos espazo-temporais, e que evidencian a distribución espacial, temporal e horaria dos lumes ao longo do ano.
    b) Redefinición das zonas de alto risco de incendios forestais e das zonas de especial vixilancia, onde se realizarán plans de investigacións policiais e forestais que permitan coñecer a súa casuística de cara a realizar un Plan de Ordenación do Territorio e dos seus usos e un Plan de Resolución de Conflitos e Conciliación de Intereses.
    c) Desenvolvemento das Campañas de educación forestal, sensibilización social e divulgación, dirixidas a cada un dos distintos estratos de poboación e diferenciando, ademais a poboación urbana e a rural.
    d) Potenciación do Teléfono 085.
    e) Desenvolvemento regulamentario da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, modificada pola disposición derradeira primeira da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
    f) Incremento da vixilancia preventiva e disuasoria (policial e forestal en todo o territorio), así como a presión policial nas zonas de alto risco e de especial vixilancia que se definan.
2. Redución da superficie queimada

    Proponse a realizacións dos seguintes plans de actuacións:
    a) Plan de detección, disuasión e investigación: vixilancia dos montes, agrupacións de propietarios, de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa e convenios de colaboración con distintas asociacións.

        O plan contempla os recursos humanos e medios materiais necesarios para desenvolver os traballos de vixilancia e detección dos incendios por parte do dispositivo da Xunta de Galicia e outras administracións, incluíndo especificamente aos Corpos e Forzas de Seguridade e ás Forzas Armadas, ademais da colaboración dos distintos colectivos tanto rurais como urbanos con maior ou menor vinculación ao monte (Federación Galega de Caza, agrupacións de propietarios forestais, agrupacións de voluntarios, grupos de apoio para as tarefas preventivas e de defensa, asociacións de usuarios/as de todo terreo, asociacións de radioafeccionados/as, etc.) para que tamén realicen no monte tarefas de vixilancia e detección de incendios. Estes colectivos apoiarán ao dispositivo de vixilancia e a súa presenza terá un efecto disuasorio fronte a posibles incendiarios.

Asemade, tamén cómpre apuntar que, tras a eficaz instalación de cámaras de vixilancia en puntos de especial interese, vaise a seguir traballando na mellora tecnolóxica mediante o estudio do aumento da cobertura de vixilancia do territorio mediante cámaras térmicas, así como se realizarán ensaios con cámaras que estudan a dispersión da luz ante columnas de fume e con globos aerostáticos e con avións e helicópteros non tripulados.

b) Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura, actualización dos Plans de prevención a nivel autonómico, de distrito e local.

Este plan inclúe actuacións e traballos de carácter preventivo así como a construción e mantemento das infraestruturas defensivas contra incendios, entre os que destacan:

i. A silvicultura preventiva coa xestión do combustible nas zonas de alto risco de incendio e a promoción de queimas controladas de outubro a maio nas zonas de pastoreo.

ii. A ampliación da rede de devasas e de puntos de auga.

iii. A mellora das instalacións e bases de medios aéreos.

iv. A construción e mellora de pistas e cortalumes.

Ademais dos investimentos propios da Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, este plan levarase a cabo tamén a través da participación social mediante convenios coas corporacións locais e de ordes de subvencións a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común.

Os convenios coas entidades locais incluirán actuacións lineais de control selectivo de combustible nas beiras de vías e camiños forestais da súa titularidade, de xeito que estas zonas queden limpas da vexetación con maior facilidade de ignición, así como actuacións de control de vexetación en áreas cortalumes e faixas de xestión de biomasa de titularidade municipal ou de propietario descoñecido mediante roza, rareo e eliminación de restos.

En relación coas subvencións a Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, establécense dúas liñas de subvención:

v. Subvencións para o control selectivo de combustible:

- Áreas cortalumes.
- Faixas auxiliares de pista.
- Roza en rexenerado forestal natural.
- Roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais.

vi. Subvencións para a construción de puntos de auga nos MVMC.

- Plan de extinción.

Un dispositivo de extinción insuficiente, escasamente profesional ou mal dirixido conduce a graves situacións de risco, a pouco que o dispositivo sexa sometido a carga de traballo. Por outra banda, a viabilidade dun espazo forestal sostible e certificado correspóndese cun escenario libre de incendios ou polo

menos con certo control. Por isto, un dispositivo de extinción eficaz, profesional e preparado é totalmente imprescindible.

Continuarase coas modificacións xa previstas no dispositivo de defensa e da súa dimensión para adecuala tanto á realidade do problema como ao orzamento dispoñible, continuando na procura dunha progresiva profesionalización do persoal que loita contra o lume e consolidando o volume de persoal funcionario e laboral fixo e fixo descontinuo da Xunta de Galicia, de cara a conformar como parte fundamental do despregue ao persoal estrutural e profesionalizado.

vii. Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais.

Terá a máxima consideración esta formación específica, tanto na realización de traballos preventivos como no desenvolvemento dos traballos de extinción, cunha formación específica e sistemática.

viii. Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios.

Dentro das posibilidades das partidas orzamentarias, continuaranse coas renovacións de equipamentos e materiais empregados na extinción, do parque de motobombas e maquinaria, incorporando cantas novidades se consideren de interese e de mellora.

ix. Plan de modernización tecnolóxica na defensa contra incendios forestais.

O desenvolvemento de tecnoloxías en múltiples campos da técnica ofrece elevadas posibilidades de incorporación á defensa contra incendios forestais para o seu emprego na toma de decisións vinculadas a prevención, detección e extinción dos mesmos.

Entre estes sistemas tecnolóxicos avanzados que se van a estudar podemos distinguir:

- Sistemas de detección automática de incendios: avaliaranse e incrementaranse os sistemas para a vixilancia, detección temperá, localización e monitorización de incendios forestais, baseados na detección térmica georreferenciada de puntos quentes.
    - ◻ Ensaiaranse outros sistemas de detección de incendios como:

      - Globos aerostáticos.

      - Cámaras que estudan a dispersión da luz ante columnas de fume.

      - Outros.
    - ◻ Adaptación da rede radio do SPDCIF: acometerase paulatinamente a posta en marcha dunha rede de emerxencias na Comunidade Autónoma de Galicia. Os novos sistemas ofrecerán unha maior seguridade e cofidencialidade nas radiocomunicacións e unha ampla variedade de facilidades e servizos adicionais aos analóxicos, entre outros: comunicación en dúplex, servizo de datos,chamadas individuais ou en grupo... Estas actuacións se incardinan no convenio subscrito entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, A con-

sellería do Medio Rural e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a Entidade Pública Empresarial Red.es para o desenvolvemento de actuacións na Comunidade Autónoma de Galicia destinadas á posta en marcha dunha rede de emerxencias.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

## *III.1.9. PROGRAMA 561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ten como finalidade desenvolver as actividades de I+ D+I nos sectores agrario, gandeiro, forestal e pesqueiro, dentro das competencias atribuídas á Consellería do Medio Rural e do Mar. O sector produtivo agrario e pesqueiro ten que reforzar a introdución de novas ideas, adaptación ás demandas e innovacións, polo que o incremento de I+D+I é unha das principais necesidades do sector. Por iso, no 2014 incrementaranse as actuacións de desenvolvemen-

to de actividades innovadoras coa participación en novos proxectos, o incremento das actuacións de desenvolvemento tecnolóxico de colaboración empresarial con centros tecnolóxicos e de investigación e o impulso da transferencia tecnolóxica.

En liña co que establece o Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento e outros documentos estratéxicos (Comunicación de la Comisión Europea sobre la cooperación de innovación europea "Productividad y sostenibilidad agrícolas", o Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2013-2016, etc.) o programa ten como obxectivos no sector agrario:

- O incremento do valor engadido da produción agraria mediante a mellora da eficiencia dos seus procesos produtivos e da calidade diferencial dos seus produtos.
- A implantación de innovacións para reducir a dependencia dos custos dos insumos nas marxes de explotación das explotacións agrarias.
- A mellora da sustentabilidade e seguridade ambiental como condición indispensable do desenvolvemento sectorial, tal e como sinala a política comunitaria.
- O fortalecemento da seguridade agroalimentaria no sector que garante unha cadea de valor dos produtos de gran seguridade para o consumidor e preserve e incremente a estima das producións locais fronte á competencia.

No ámbito concreto do sector forestal este programa de gasto trata de dar resposta ás demandas, en materia de investigación e transferencia do sector forestal, e que supoñen:

- O incremento de forma continua da cantidade e calidade dos produtos forestais, entendidos como materia prima da industria de primeira e segunda transformación de Galicia para contribuír con iso a mellorar a súa posición competitiva.
- A transferencia no coñecemento científico desenvolvido aos xestores forestais e ás persoas silvicultoras.
- A mellora das técnicas de prevención de incendios, a través de o desenvolvemento de tratamentos silvícolas para diminuír a vulnerabilidade das masas forestais a incendios de copa e de alta intensidade, de técnicas de control de combustible en matogueiras, así como a mellora das técnica de extinción, control e seguridade no combate contra os incendios.
- O coñecemento e mellora das técnicas de restauración de áreas queimadas, tanto arboradas como de matogueira, de rexeneración forestal e das técnicas de control dos riscos hidrolóxico-erosivos post-incendio.
- A mellora e posta a punto dos métodos de detección e predición do dano e control de axentes patóxenos forestais.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións van dirixidas ás empresas do sector agroalimentario, forestal e pesqueiro, así como aos centros tecnolóxicos e de investigación.

No ámbito agroalimentario son especial obxectivo deste programa as empresas do sector agroalimentario, tanto da industria como produtores primarios (cooperativas, titulares de explotacións agrarias e as súas asociacións, entidades que amparen produtos con calidade diferenciada etc.).

No específico ámbito forestal os investimentos orzamentarios deste programa dirixiranse principalmente ao seguintes colectivos:

a) As persoas propietarias, persoas silvicultoras e xestores e xestoras forestais, no que atinxe á innovacións na silvicultura, a prevención e loita contra incendios forestais, á restauración hidrolóxica-forestal ou a loita integral contra pragas e doenzas que danan os nosos bosques.
b) A empresas vinculadas á cadea monte-industria, especialmente aos viveiristas forestais, ás empresas forestais de servizos e a aquelas vinculadas coa primeira e segunda transformación da madeira en Galicia.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Cómpre consolidar os centros tecnolóxicos e de investigación dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar para que conten cos medios e co persoal cualificado para desenvolver este tipo de actividades, e de incentivar o aumento da competitividade empresarial coa mellora tecnolóxica, a formación e a innovación que son prioridades sinaladas polo Plan Estratéxico Galicia 2010-2014.

Nunha constante adaptación a un contexto nacional e internacional cada vez máis competitivo, a mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción son obxectivos primordiais da política agraria na que a investigación aplicada, o desenvolvemento tecnolóxico e a transferencia de novos coñecementos, procesos e tecnoloxías ao sector produtivo deben xogar un papel fundamental.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos xenéticos autóctonos gozan dunha potencialidade xa recoñecida, cun crecemento constante que auguran producións de estima no mercado. Nesta liña, vense traballando no estudo, caracterización e diferenciación das producións gandeiras que permitan a promoción e a consolidación das producións nos mercados e a súa diferenciación comercial, constituíndo así un factor complementario de éxito.

Por outra banda, o sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións a das adegas ás novas variedades e técnicas de vinificación que demanda o mercado, así como a necesidade de adaptar a viticultura galega ás innovacións que xorden neste sector cunha crecente orientación exportadora.

Galicia é unha comunidade eminentemente forestal cun potencial que se reflicte nas súas principais macrocifras, onde a superficie forestal abrangue o 70 % da superficie total da comunidade, sendo o 98 % desta cabida de natureza privada, estando arboradas máis de 1,4 millóns de hectáreas.

Por tanto debe afondarse no desenvolvemento científico co fin de desenvolver, mellorar e poñer a punto técnicas e protocolos de actuación que doten dunha maior eficacia e eficiencia ás actividades e procesos que se están a desenvolver no monte galego co fin de aumentar o valor engadido e fortalecer a posición do sector forestal galego nos mercados estatais e internacionais.

A estrutura produtiva actual de Galicia caracterízase polo reducido tamaño das empresas e unha especialización sectorial na que non destacan as actividades de alta tecnoloxía. O sector pesqueiro non escapa a esta caracterización e faise necesario un cambio de cultura empresarial, para que se pase a considerar I+D+i como un factor estratéxico para o futuro. Co fin de non hipotecar a independencia científica e tecnolóxica, e competir no desenvolvemento do noso tecido económico, é moi importante apostar por unha investigación básica saudable.

Na execución deste plan xogará un papel moi importante toda a comunidade científica galega, sen exclusión de ninguén, coa necesaria coordinación por parte deste departamento, na procura de optimizar o capital humano co que conta Galicia, implicándoos no desenvolvemento das distintas accións programadas, evitando que os técnicos traballen sen coordinación e sen coñecemento das distintas iniciativas que se pretenden desenvolver. No desenvolvemento deste plan xogará un papel moi importante o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería do Medio Rural e do Mar, nas súas sedes de Ribadeo e Vilanova de Arousa, así como o Cetmar.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Lei 2/2005 de calidade alimentaria, sinala que un dos principais campos de actuación do Ingacal será a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario galego. O Ingacal pretende actuar de dinamizador, colaborando coa industria agraria e alimentaria, promovendo e participando directamente en actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico neste ámbito así como no eido dos procesos produtivos primarios, e integrando as actuacións realizadas a través dos centros de investigación e estacións experimentais anexas, xunto coas do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia da Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A transformación do Ingacal nunha axencia pública para dar cumprimento ao que establece a Lei 16/2010 de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA) e a incorporación dos centros de investigación sectorial e do laboratorio agrario e fitopatolóxico vai supoñer o afianzamento do papel que xoga o Ingacal no I+D+i do sector primario galego como entidade instrumental da Consellería do Medio Rural e do Mar.

A este conxunto súmase as actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne de Ourense, fundación de interese público galego, que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia

tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cárnicos.

Enmarcase tamén neste programa no marco do novo PDR 2014/2020 unha liña de financiamento para desenvolvemento de novos e sistemas produtivos, liña que ten como obxectivo impulsar a innovación nas empresas, que permita o desenvolvemento de novos produtos transformados, a investigación e formación de novas producións agrarias de alto valor engadido con capacidade de expansión, o aproveitamento da diversidade do material xenético local e a colaboración con outros centros que desenvolvan actividades de investigación relacionadas co sector agrario, forestal e alimentario.

Polo que respecta ao ámbito pesqueiro, o programa participa nas convocatorias de plans nacionais de cultivos mariños así como en convocatorias tanto nacionais e europeas de I+D (plan nacional de I+D, AQUAREG, INTERREG, VII programa marco). Do mesmo xeito tamén participa no plan galego de Investigación, Innovación e Crecemento (2011-2015).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

En todas as actividades terán prioridade aqueles proxectos que busquen solucións para adaptar os sistemas produtivos existentes ás novas necesidades da actividade agraria e na industria, e para a diversificación e aumento da eficiencia e calidade dos sistemas de produción, con especial atención ao desenvolvemento do patrimonio xenético autóctono de aptitude agroalimentaria, e aos sectores cárnico e lácteo.

Actividades:

- Redacción e realización de proxectos de investigación nas áreas prioritarias definidas polo Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, do novo plan de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 e dos plans estatais e internacionais correspondentes. Colaboración nas actividades de transferencia de tecnoloxía, formación e divulgación realizadas pola consellería.
- Financiamento a través do Ingacal do gasto de funcionamento vinculado á actividade investigadora dos centros de investigación dependentes da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.
- Programa de mellora das infraestruturas de apoio á investigación do Ingacal, mediante a renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico.
- Apoio ás actuacións do Centro Tecnolóxico da Carne que realiza tarefas de investigación aplicada, transferencia tecnolóxica e prestación de servizos ás empresas en materias de produción e transformación agroalimentaria, en particular de produtos cárnicos.
- Colaboración con iniciativas doutros centros e entidades investigadoras que desenvolvan proxectos de interese para o sector agroalimentario galego.
- Plan de dinamización da innovación na industria agraria e alimentaria mediante un pro-

grama de axudas á cooperación entre produtores, industria e investigación para o desenvolvemento de novos produtos, procesos e tecnoloxías, orientados prioritariamente ás producións de calidade diferenciada, a produción integrada e ecolóxica, ao aproveitamento de subprodutos, e as enerxías renovables na agricultura integrado no PDR 2007/2013.

No ámbito forestal as principais finalidades deste programa serán:

- Aumentar a cantidade e calidade dos produtos forestais, entendidos como materia prima da industria de primeira e segunda transformación de Galicia para contribuír con iso a mellorar a súa posición competitiva.
- Avaliar o posible impacto do cambio climático nos bosques atlánticos, e nomeadamente nos bosques galegos.
- Concretar e executar diversas actuacións innovadoras de elevado valor engadido tecnolóxico diagnosticadas como necesarias para previr e incrementar a seguridade e eficacia na extinción de grandes incendios forestais na nosa comunidade.
- Continuar a desenvolver actuacións de mellora dentro dos campos de investigación de mellora xenética forestal e caracterización molecular das principais especies forestais en Galicia.

No ámbito concreto da área do mar da consellería a labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, planes de cultivo, explotación de novas especies).

Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros).

Doutra banda, o programa contribúe á formación de persoal investigador, tanto técnico como titulados e tituladas superiores, para acadar unha masa crítica que garante unha maior optimización e utilización dos recursos mariños.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres.

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Este programa leva a cabo accións de investigación, desenvolvemento e innovación no sector agroforestal e pesqueiro. Os beneficiarios son a sociedade galega en xeral, no caso de demanda pública de investigación, ou empresas que demandan colaboracións ou servizos en proxectos de I+D+i. Non é doado afrontar estas tarefas dende unha perspectiva de xénero cos beneficiarios potenciais, pero si ter en conta esta dende o punto de vista dos actores do programa.

Dende unha perspectiva de xénero, os actores executores destas accións son investigadores, tecnólogos e persoal de apoio á I+D+i, que ou ben forman parte dos cadros de persoal dos centros de investigación ou ben son contratados ex profeso para realizar ou colaborar nestes proxectos.

Neste último caso, os procesos selectivos de persoal laboral temporal incorporan nas súas bases previsións legais que garanten unha perspectiva de xénero. Tal é o caso das comisións de selección dos candidatos que son constituídas seguindo o principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo de traballo e igualdade das mulleres de Galicia.

E tamén que en caso de empate, este resolverase a favor da muller no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

Como obxectivo en materia de igualdade que pode ser de aplicación no desenvolvemento das accións deste programa pode ser acadar, de ser o caso, unha representación equilibrada de homes e mulleres en todas as categorías profesionais do persoal que leva a cabo o programa.

Este obxectivo xa é cumprido en moitas categorías profesionais onde tradicionalmente as mulleres teñen demostrado unha cualificación media superior, como é o persoal de laboratorio

(analistas e auxiliares de laboratorio) e recentemente no persoal investigador, pola mellor competencia no proceso formativo académico respecto aos varóns.

Na actualidade, na área de mar da consellería están desempeñando o papel de investigador/a un total de 16 mulleres (53 %) e de 14 homes (47 %); o reparto en canto ao persoal auxiliar ou técnico/a son 18 mulleres (75 %) e 6 homes(25 %).

Aínda que as series publicadas polo INE mostran unha lenta pero constante mellora das condicións cara a igualdade, é necesario reforzar esta traxectoria para ampliar as oportunidades das mulleres na sociedade do coñecemento.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector agrario, gandeiro, foresta, pesqueiro e acuicultor e por extensión pódese considerar que poden afectar a toda a sociedade.

Convocatoria de acceso a financiamento de proxectos de investigación nos que se contemple a igualdade de oportunidades para ámbolos dous xéneros; eliminado aqueles requirimentos que poidan establecer situacións discriminatorias por este criterio.

Uso de linguaxe non sexista nas convocatorias e desagregación dos indicadores de seguimento empregados.

Nas convocatorias de bolsas para a incorporación de persoal nos distintos equipos investigadores, procurarase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, requisitos e cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade de oportunidades entre ámbolos dous xéneros.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Respecto dos programas de investigación financiados co programa 561A é difícil determinar con exactitude a situación de partida desde a perspectiva de xénero.

A composición dos equipos de investigación está equilibrada en canto a investigadores/as; as limitacións orzamentarias para a incorporación de investigadores/as no ano 2014 impedirán que o escenario contemplado na descrición deste programa varíe, manténdose unha representatividade do 53 % de mulleres e 47 % de homes (na área de mar da consellería).

En calquera caso, o I+D+i constitúe un factor estratéxico para coñecer o impacto da investigación no desenvolvemento do noso tecido económico, apostando por unha participación paritaria de mulleres e homes cara a alcanzar un sociedade do coñecemento saudable e igualitaria

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes

Instituto Galego de Calidade Alimentaria

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## III.1.10. PROGRAMA 581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

1. Na área de medio rural:

   Recompilar e sintetizar a información relativa ao territorio, os recursos naturais, a estrutura produtiva nas explotacións e as industrias transformadoras do medio rural como base da avaliación da realidade, das necesidades, dificultades e resultados nas áreas relacionadas coas actividades dos sectores agro-gandeiro, forestal e alimentario galego.

   Manter a periodicidade das operacións definidas co fin de proporcionar datos para análise da súa evolución.

2. Na área do mar:

   A participación da Consellería do Medio Rural e do Mar no Plan galego de estatística 2012 – 2016 aprobado pola Lei 8/2011, do 9 de novembro, no referente ás metas de información estatística da sección 3.2 Pesca e acuicultura da área 3 Estrutura produtiva, vén recollida na realización das operacións estatísticas consolidadas 32-101 Explotación do rexistro de buques pesqueiros da comunidade autónoma; 32-301 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos e 32-401 Estatística de produción de acuicultura mariña, así como na actividade estatística AE402 Anuario de pesca. No ano 2014 realizarase a Enquisa de ocupación na pesca (OCUPESCA), enquisa dirixida a coñecer a ocupación nas unidades de pesca con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia e nas unidades de acuicultura emprazadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

   As principais actividades de recollida de información sobre a produción do marisqueo, da pesca artesanal e da acuicultura baséanse na realización de enquisas e seguimento das declaracións de vendas realizadas polos axentes partícipes de cada un destes sectores; para poder levar adiante con rigor este seguimento é básico dispoñer de censos actualizados tanto de mariscadores e mariscadoras, embarcacións artesanais e establecementos de acuicultura.

   Ademais, co fin de facilitar o acceso da cidadanía aos servizos, as administracións públicas deben de simplificar os trámites, polo que é razoable poder relacionar as tramitacións de permisos de actividade cos rexistros da consellería e que estas dúas tramitacións se refundan nunha soa, achegando unha mellora na actualización dos datos dispoñibles á hora de realizar enquisas e seguimentos de produción.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Poboación xeral e empresas e profesionais do sector.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A Consellería do Medio Rural e do Mar debe realizar a recollida periódica dos datos con-

tidos nas notas de venda dos produtos pesqueiros frescos, conxelados ou de acuicultura mariña que se comercializan nas lonxas ou centros de venda autorizados en Galicia.

É tamén de interese estatístico para esta comunidade autónoma a posta en funcionamento dunha enquisa dirixida a recoller a situación da poboación con ocupación activa nas embarcacións que faenan nas augas competencia de Galicia, así como no mar territorial do caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste, de xeito que se poida abordar a recollida de datos suficientes para dispor dunha información periódica da situación e do reparto das persoas ocupadas na pesca extractiva e no marisqueo.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O obxectivo deste programa é a execución das operacións estatísticas encomendadas á Consellería do Medio Rural e do Mar dentro do Plan Galego de Estatística (PGE) aprobado pola Lei 8/2011, do 9 de novembro e das conveniadas co Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA).

Ademais cómpre ter en conta:

- Regulamento (CE) nº 1921/2006 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de decembro de 2006 relativo á transmisión de datos estatísticos sobre os desembarques de produtos da pesca nos Estados membros y polo que se derroga o Regulamento (CEE) nº 1382/91 do Consello.
- Regulamento (CE) nº 1077/2008 da Comisión do 3 de novembro de 2008 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) Nº 1966/2006 do Consello, sobre o rexistro e a transmisión electrónicos das actividades pesqueiras e sobre os medios de teledetección, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1566/2007.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia deste programa, na área do medio rural da consellería, concrétase na realización destas actividades:

- Realización de estatísticas aprobadas no Plan Galego de Estatística 2014: explotación do rexistro de avicultura; estatística de sacrificio de gando en matadoiros; estrutura do viñedo de vinificación; enquisa do sector avícola; superficies agrícolas; explotación do rexistro de gando bovino; explotación do rexistro de ovino e cabrún; explotación do rexistro de maquinaria agrícola; explotación do rexistro da agroindustria; prezos agrarios; prezos da terra; prezos do leite; prezos de produtos lácteos en destino; rendementos de cultivos; estatística do sector hortoflorícola; utilización de medios de produción na explotación agraria; macromagnitudes agrarias; sector cunícola; sector porcino industrial; repoboación con fondos públicos; incendios forestais; producións forestais; explotación do rexistro de montes veciñais de man común e superficie forestal cuberta por especies.
- Realización das operacións conveniadas co MAGRAMA para a elaboración das esta-

tísticas agregadas a nivel estatal e da UE: actualización dos directorios de ruminantes e porcino; enquisa de vacún, produción e destino do leite; enquisa de ovino; enquisa de porcino; enquisas de salas de incubación; enquisa de sacrificio en matadoiros; aforos de cultivos; avance de superficies e producións agrarias; enquisa de prezos da terra e canons de arrendamentos rústicos; prezos e salarios agrarios e prezos de produtos de interese estatal e da UE.

- Realización das estatísticas e estudos relativos ao sector agrario que se lle encomenden, dentro do ámbito da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Apoio á obtención e seguimento de prezos e mercados agrarios.
- Publicación dos principais resultados das operacións estatísticas: Anuario de Estatística Agraria e Macromagnitudes Agrarias, así como outras que se lle encomenden en materia de difusión de resultados de investigación e experimentación e, en xeral, de transferencia tecnolóxica.

Na área do mar da consellería, os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Recollida de datos de produción, transporte e venda dos produtos da pesca, o marisqueo e acuicultura.
- Actualización das ferramentas de xestión do Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia, como base dos censos estatísticos da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Actualización das ferramentas de xestión do Rexistro de Establecementos de Acuicultura da Comunidade Autónoma de Galicia, como base dos censos estatísticos da consellería do Medio Rural e do Mar.
- Validación de datos e homologación de información.
- Publicación e divulgación de resultados.
- Enquisa de poboación ocupada.
- Campañas de sensibilización e divulgación.
- Actualización das aplicacións de servizo dos terminais TICPESC, e seguimento do rendemento e uso destes terminais.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |

| | |
|---|---|
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

Secretaría Xeral do Mar

## *III.1.11. PROGRAMA 711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O obxecto deste programa de gasto é o funcionamento e a coordinación dos servizos centrais e periféricos da área do medio rural da consellería, tanto no que atinxe aos medios humanos como aos materiais e de organización, actuando de soporte básico para a execución do resto dos programas da consellería e co obxectivo de acadar unha maior calidade, eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos aos cidadáns en xeral e, dun xeito particular, ás persoas vinculadas social e economicamente ao medio rural en Galicia.

Na execución deste programa de gasto no exercicio 2014 seguirase a renovar e modernizar os medios materiais para o desenvolvemento das funcións do persoal da consellería, se ben con motivo da creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (disposición adicional terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro) corresponderá a esta axencia destinar os recursos necesarios para mellorar os sistemas de información e comunicacións, e desenvolver e incorporar os avances tecnolóxicos necesarios para unha xestión administrativa mais transparente e eficaz.

Por outra banda, son obxectivos deste programa a divulgación e promoción dos sectores agropecuario e forestal de Galicia, estimulando a demanda, a divulgación do medio rural en xeral,

mellorando a percepción que a poboación ten do mesmo.

Así mesmo destinaranse fondos do programa á realización de actuacións de fomento de interese xeral para toda a consellería, como a promoción e fortalecemento do asociacionismo agrario en Galicia.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Dado que o programa de gasto incide directamente no funcionamento da estrutura administrativa da Consellería de Medio Rural e do Mar, o colectivo mais afectado son os cidadáns demandantes de servizos prestados pola mesma.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Principais problemas e carencias:

- Necesidade de renovación periódica dos bens de que dispón a consellería para a prestación de servizos, así como de incorporar as novas tecnoloxías, coa fin de axilizar a tramitación e mellorar a calidade do servizo.
- Por outra banda, existe en Galicia unha necesidade de incrementar a valoración dos cidadáns polo medio rural.
- Por último, deben prestarse apoio institucional ás asociacións agrarias, pola súa función vertebradora do entramado social do medio rural e de defensa dos sectores económicos vinculados a este.

Definición da situación á que se quere chegar:

- Prestación duns servizos públicos de calidade no marco, na medida do posible, dunha racionalización do gasto público.
- Incremento do coñecemento e a estima, por parte da cidadanía en xeral, da actividade agropecuaria e do medio rural.
- Incremento do asociacionismo agrario que colabore a unha mellor defensa do sector.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: Na execución deste programa veranse afectadas as principais leis de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal do departamento na área do medio rural.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servi-

zos administrativos na área do medio rural, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.

- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería na área do medio rural.
- Tramitación de toda a produción normativa no eido agrario e forestal da Xunta de Galicia.
- Contribuír ao fortalecemento das organizacións profesionais agrarias de Galicia
- Actividades de promoción agraria e difusión de información relativa ao agro e ao desenvolvemento rural.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

## III.1.12. PROGRAMA 712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxectivos contribuír de forma eficaz á diversificación económica, á modernización do tecido produtivo rural, e á mellora da calidade de vida e nese marco, desenvolvendo as seguintes actuacións:

- A xestión, control e seguimento dos programas con enfoque Leader, centrándose durante o ano 2014 as accións de Agader en acadar un nivel axeitado de execución do Programa Leader 2007-2013, despois da posta a punto dos mecanismos de implementación.
- A convocatoria de axudas a proxectos a desenvolver nas áreas rurais de Galicia encadrados nas medidas do eixe 3 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, baixo a modalidade principal de convocatoria pública en réxime de concorrencia competitiva. Basicamente, estes proxectos estarán orientados a proporcionar e mellorar os servizos básicos da poboación e a diversificación económica do rural.
- O Plan Marco de mellora de infraestruturas (camiños) de titularidade municipal baixo a modalidade de subvencións de concesión directa como contribución á mellora de servizos básicos á poboación rural e podan, ao tempo, xogar un papel importante na diversificación económica do rural.
- O estudo, impulso e execución, se é caso, de investimentos directos cara á implantación ou mellora de servizos básicos para a economía e a poboación rural, así como de convenios con axentes socioeconómicos públicos e privados do medio rural, destinados á posta en marcha de plans e accións específicas destinados á dinamización económica e á mellora da calidade de vida no medio rural.
- A coordinación das actuacións recollidas nos plans de zona redactados e executados ao abeiro da Lei 45/2007, de desenvolvemento sostible do medio rural e do Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014.
- O deseño gráfico, elaboración de estudios, avaliación e xestión de proxectos, favorecendo as relacións e as sinerxias da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- A análise de emprazamento de obras, estudios de viabilidade, definición de programas funcionais, redacción de memorias e proxectos, así como a supervisión técnica de contratación de obras como a xestión, dirección e coordinación das mesmas, vinculadas a infraestruturas orientadas o desenvolvemento rural. Xestión de autorizacións e licencias.
- A elaboración e xestión de propostas de proxectos europeos relacionados co desenvolvemento rural, en coherencia coas prioridades da Consellería do Medio Rural e do

Mar, e presentación dos mesmos aos organismos pertinentes.

- A prestación e o apoio técnico ás diversas direccións xerais da Consellería do Medio Rural e do Mar e entes públicos na elaboración de proxectos e estudios de interese para os obxectivos das mesmas, así como con outras áreas (proxectos e iniciativas europeas).
- O apoio na xestión de convocatorias públicas de axudas a entidades públicas e privadas.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

A poboación rural de Galicia

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Ao longo das últimas décadas as áreas rurais veñen experimentando en Galicia unha acelerada caída do emprego agrario, xeneralizada ao longo e ancho do territorio continental, que non se viu compensada pola creación de novos postos de traballo en cantidade suficiente nos outros sectores económicos. Esta destrución neta de emprego ten a súa tradución en termos demográficos, estando na orixe do despoboamento e o crecente envellecemento da poboación no rural. A loita contra o envellecemento e a despoboación rural precisa actuacións que xeren crecemento económico e melloren a calidade de vida no rural. Cómpre manter un rural vivo, atractivo e dinámico no que, sen perder de vista os criterios de protección ambiental, se fomente un desenvolvemento das actividades económicas que contribúan a fixar poboación no rural.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), foi creada pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, configurándose como un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio. Entre as funcións atribuídas destacan a elaboración de estratexias e plans integrados de coordinación de actuacións de diversa natureza no medio rural e a difusión das políticas e medidas de desenvolvemento rural, a dinamización e coordinación dos grupos de desenvolvemento rural.

As funcións de Agader previstas nos seus comezos aparecen recollidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (DOG nº 77, do 20 de abril). Posteriormente modificáronse polo artigo 2º da Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000 (DOG nº 244, do 17 de decembro), polo apartado dous da disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG nº 250, do 30 de decembro) así como pola disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (DOG nº 205, do 26 de outubro).

Por outra parte, a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia prevé que as normas de organi-

zación e funcionamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural se adecúen ao disposto na dita lei para as axencias públicas autonómicas.

No marco do segundo piar de desenvolvemento rural derivado da aplicación da Política Agrícola Común (PAC) da UE, aplícanse en Galicia as medidas do regulamento 1698/2005 a través do documento de planificación denominado "Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013", que se desenvolve en 4 eixos máis outro eixo 5 horizontal de asistencia técnica. Agader está encargada da aplicación dos eixos 3 e 4 (LEADER) e máis do apoio á implementación operativa do eixo 5.

O Eixo 3 tradúcese en ordes de axuda en concorrencia competitiva para proxectos dinamizadores do medio rural así como en ordes de axuda para promover actuacións no ámbito do Plan de Banda Larga de Galicia e o eixo 4 concrétase na aprobación das axudas que conceden os grupos de desenvolvemento rural no marco da filosofía Leader e que son a implementación real do eixo 4.

Nestes momentos Agader está inmersa, ademais, na posta en marcha da Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sostible do medio rural e do Real decreto 752/2010, que aproba o primeiro "Programa de desenvolvemento rural sostible 2010-2014", que desenvolve a devandita lei. Tal e como establece a lei, esta aplicarase no territorio en base aos coñecidos como plans de zona. Para a aplicación, coordinación, seguimento e avaliación dos plans de zona, Agader reservará unha dotación orzamentaria para asistencia técnica.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O programa de Fixación de poboación no medio rural ten os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Potenciar un desenvolvemento económico sostible e un desenvolvemento territorial cohesionado, a través do fomento da creación e consolidación de actividades económicas sostibles no medio rural a través de pemes, fomento da diversificación das actividades económicas sostibles no medio rural, fomento da competitividade das actividades económicas vinculadas ao mundo agroforestal, apoio á creación de emprego e fomento do autoemprego.
- Contribuír á mellora da calidade de vida dos habitantes do rural, a través da creación e consolidación de dotacións, equipamentos, infraestruturas e servizos básicos para o desenvolvemento no medio rural, fomento das novas tecnoloxías da información no medio rural, conservación e uso sostible do patrimonio natural e cultural rural.
- Articular a planificación e coordinación de investimentos no rural e potenciar as sinerxias e efectos multiplicadores das actuacións horizontais, a través da execución de estratexias locais de desenvolvemento, fomento do tecido asociativo social, cultural e económico no medio rural, fomento da participación pública e privada no proceso de desenvolvemento.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante as súas liñas de axudas, entre as que poderíamos destacar as destinadas a creación de microempresas, a diversificación cara a actividades non agrarias, o fomento de actividades turísticas, a promoción dos servizos básicos para a economía e a poboación rural  e a protección e modernización do patrimonio rural, apoia dun xeito transversal as iniciativas das mulleres no rural.

De cara ao exercicio de 2014 as convocatorias previstas están orientadas fundamentalmente aos concellos, polo que aínda que outras convocatorias poidan dirixirse a asociacións sen ánimo de lucro, microempresas ou familias, non se dirixen especificamente a mulleres e, polo tanto, non se prima o xénero.

AGADER, a través do Banco de Terras, tamén favorece a incorporación e mellora produtiva das mulleres posibilitando o acceso á terra con vocación agraria.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

## *III.1.13. PROGRAMA 712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O despoboamento do rural é, sen dúbida, un problema estratéxico que a sociedade galega debe afrontar. Neste camiño, parece claro que a produción agropecuaria segue a constituír o piar imprescindible sobre o que asentar o desenvolvemento do rural. Cómpre apoiar a reestruturación dos sistemas produtivos, en aras da mellora da súa competitividade, fomentar o relevo xeracional nas explotacións agropecuarias galegas e establecer medidas complementarias de apoio á renda en zonas con dificultades especiais. Adicionalmente, resulta imprescindible ofrecer apoio a aquelas posibilidades que permiten unha mellora na calidade de vida no rural, como pode ser o establecemento de servizos de substitución.

Este programa financia investimentos nas explotacións dirixidos a mellorar a súa eficacia produtiva; indemnizacións aos agricultores e agricultoras que residan en zonas onde a actividade agraria presenta dificultades especiais; e o apoio a sistemas produtivos respectuosos co ambiente.

De xeito particular, seguen a fomentarse os investimentos que reducen os custes de produción, a través de aforros nos sistemas enerxéticos e mediante a xestión axeitada dos recursos propios das explotacións.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras que necesitan dimensionar a estrutura produtiva das súas explotacións agrarias; que queren establecer métodos de produción máis respectuosos co ambiente e mellorar o marxe técnica económica das súas explotacións.

A mocidade que se quere incorporar a actividade agraria é igualmente obxectivo prioritario da atención do programa.

Tamén dende o punto de vista da formación e asesoramento, os agricultores e agricultoras poden optar a axudas para levar a cabo programas de asesoramento nas súas explotacións, por parte de técnicos de entidades habilitadas a tal finalidade, e que tamén reciben axudas para poder levar a cabo estas actuacións formativas aos agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras.

Tamén se destinan axudas a entidades con capacidade para asesorar ás explotacións gandeiras e ofrecer servizos de xestión e de substitución.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O agro galego está a vivir unha concentración de explotacións gandeiras, principalmente no

sector lácteo. Este proceso vai da man dun incremento da dimensión media das explotacións, que aínda debe mellorar. O esforzo inversor dos agricultores/as galegos/as nos últimos anos está a render resultados positivos nas ratios de rendibilidade; cómpre, por tanto, manter o apoio a este esforzo.

Non obstante, será necesario traballar na vertebración do sector, promovendo unha presenza máis directa dos agricultores no mercado. Neste senso, a formación e asesoramento dos agricultores e agricultoras é unha peza imprescindible no escenario de futuro.

Co obxectivo de manter a poboación agraria en zonas de montaña con especial consideración das zonas da Rede Natura 2000, establécense unha serie de indemnizacións compensatorias para as explotacións destas áreas, así como apoiar a utilización de sistemas produtivos respectuosos co medio ambiente.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

As medidas deste programa están incluídas no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, cofinanciado polo FEADER, que constitúe o marco normativo básico a respectar.

Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia deste programa concrétase na realización das seguintes accións:

- Incorporación de xente moza: o relevo xeracional no agro galego é fundamental para o mantemento das actividades produtivas ligadas ao sector primario, a subsistencia do tecido social no rural, e o mantemento da actividade en zonas de difícil subsistencia como zonas desfavorecidas e de montaña.
- Plans de mellora nas explotacións: as liñas de axuda existentes perseguen a mellora da eficacia e sostibilidade das explotacións agrarias; a mellora das condicións de vida e traballo; a ordenación das producións en función das necesidades de mercado; a adaptación das explotacións para reducir os custos de produción, aforrar enerxía, ou incorporar novas tecnoloxías; o cumprimento das normas mínimas en materia de medio ambiente, hixiene e benestar dos animais e a mellora das condicións de hixiene das explotacións gandeiras. As axudas consisten nun apoio económico e financeiro ao investimento que se pretenda realizar na explotación, primando as explotacións en que os titulares sexan mozos e aquelas que radiquen en zonas de montaña ou desfavorecidas.

- Axudas a titulares de explotacións para aconsellamento por parte de entidades: o asesoramento das explotacións é unha ferramenta que axuda en gran medida a que as explotacións poidan acadar os obxectivos da súa actividade, tanto técnico-económicos, sociais así como de cumprimento da normativa de condicionalidade das axudas para o cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas prácticas agrarias e medioambientais. Para facilitar o acceso ao asesoramento das explotacións, e dentro do marco europeo e nacional do período de programación 2007-2013 para o desenvolvemento rural, existen axudas para cada explotación que utilice os servizos de aconsellamento de entidades recoñecidas pola Consellería do Medio Rural e do Mar rexistradas nun rexistro habilitado a tal fin que é o RESAXEGA.
- Axudas de xestión, aconsellamento e substitución: establécense axudas ás entidades de aconsellamento que presten servizos ás explotacións que así o requiran de xestión, substitución e aconsellamento, como mínimo, en materia de cumprimento dos requisitos legais de xestión e boas prácticas agrarias e medio ambientais.
- Impulsar o sector agrogandeiro apoiando as explotacións sostibles e respetuosos medioambientalmente.
- Axudas a determinado tipo de agricultores/as polas difíciles condicións agroclimáticas nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva.
- Favorecer a implantación de sistemas de produción agrogandeira respectuosos co medio ambiente e co benestar dos animais.
- Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotacións agrogandeiras a través da mobilidade de terras incultas.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dende o punto de vista das axudas a determinado tipo de agricultoras/es polas difíciles condicións agroclimáticas nas que están a desenvolver a súa actividade produtiva, este programa trata de fixar poboación nas zonas rurais desfavorecidas de acordo a criterios xeomorfolóxicos e sociais.

Este tipo de zonas presentan unha menor integración da muller no mercado laboral. A incorporación da perspectiva de xénero nos proxectos do programa supuxo:

- Fomentar a integración da muller no mercado laboral, a través da discriminación positiva, no procedemento para a adxudicación por concorrencia competitiva, das axudas a mulleres que sexan titulares de explotacións, mediante a concesión de 5 puntos pola condición de xénero, o que supón unha preferencia na baremación.
- A desagregación por sexo dos indicadores en todas as actuacións.
- A discriminación positiva as mulleres pola súa participación maioritaria nos consellos directivos das entidades asociativas (Coop e SAT).

Nas zonas establecidas como desfavorecidas en Galicia, os últimos datos consolidados (campaña 2012) amosan unhas cifras de 13.492 persoas beneficiarios potenciais dos que 7.097 corresponden a mulleres.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |

| | |
|---|---|
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Todas as accións deste programa de gasto se enmarcan no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia que constitúe unha actuación global sobre toda a sociedade do ámbito rural, primando a equiparación do acceso ao sector agrogandeiro entre homes e mulleres.

Unha das actuacións prioritarias dentro do PDR de Galicia é o asesoramento as explotacións agrarias dentro das medidas 114 e 115 deste programa. Estas medidas promoven a creación de entidades que realicen unha labor de asesoramento as explotacións que reciban pagos relacionados coa PAC en distintos ámbitos obrigatorios relacionados coa súa actividade. Ademais deste asesoramento obrigatorio, cada PDR pode establecer aqueles ámbitos nos que se considera necesaria unha labor de asesoramento que vaia máis ala dos requisitos mínimos. No caso do PDR estableceuse como obrigatorio o asesoramento en materia de seguridade laboral e de igualdade de xénero as explotacións agrarias como forma de potenciar o acceso da muller en igualdade de condicións á titularidade das explotacións nas que tradicionalmente viñan traballando sen que súa actividade fose recoñecida en igualdade de condicións.

Outras actuacións relacionadas coa promoción da igualdade realízase dende a rede de oficinas agrarias comarcais de Xunta, en total 69 espalladas por todo o territorio informando á poboación feminina agraria rural das posibilidades que as distintas convocatorias de ordes de axudas da consellería ofrécelles para a súa incorporación ou ben como titulares de explotación a título individual ou a titularidade compartida con se cónxuxe en réxime de igualdade.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

Fondo Galego de Garantía Agraria

## *III.1.14. PROGRAMA 712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O fomento do asociacionismo representa unha ferramenta de grande potencialidade para a reestruturación do sector agrario galego, intervindo positivamente en todos os seus factores de produción, para acadar obxectivos de sustentabilidade económica e medioambiental. Estas vantaxes son especialmente relevantes na mellora dos procesos de produción, xestión e dirección empresarial a nivel da explotación agraria, e que polo tanto contribúe a unha mellora da rendibilidade, aparte de reportar grandes beneficios na vertente social en canto a calidade de vida, traballo e creación de emprego.

Así o asociacionismo agrario é un impulsor do desenvolvemento rural no seu conxunto, e gran dinamizador da economía e da sociedade rural, contribuíndo de forma efectiva a súa fixación no medio.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As asociacións de calquera tipo, cooperativas agrarias, cooperativas de explotación comunitaria da terra e SAT, que acrediten ser titulares de explotación agraria.

As asociacións, cooperativas agrarias e SAT, que desenvolvan ou pretendan desenvolver actividades na fase de produción agraria.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As explotacións agrarias atopan dificultades para afrontar o continuo cambio que se produce nuns procesos produtivos e comerciais, cada vez mais esixentes, así como para adaptarse a unha moderna estrutura do tempo de traballo e lecer. O asociacionismo representa, neste senso, unha alternativa chamada a se converter no instrumento fundamental no que asentar a futura evolución do desenvolvemento rural do noso modelo agrario, e poder afrontar os desafíos que a propia política común comporta.

Outro aspecto chave para unha favorable evolución do sector, é a mellora da estrutura na vertente da transformación e comercialización, tendente ao peche dos ciclos produtivos.

A rápida evolución nas dúas últimas décadas do desenvolvemento do subsector de gando vacún, e en especial o do leite, propiciou desequilibrios nos factores de produción que se manifestaron fundamentalmente en problemas de adaptación das estruturas produtivas e da man de obra. Este desequilibrio provocou profundos cambios nos modelos produtivos, con repercusións no abandono de actividades propias do sistema produtivo deste subsector.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, financiado con fondos comunitarios do FEADER, estatais e autonómicos, configura o marco económico do programa.

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os cambios que supoñen as orientacións da política agraria común (PAC), así como a evolución de todo un complexo conxuntural de carácter socioeconómico, cultural, de mercado a nivel internacional, fai necesario dar pasos máis decididos na dirección dun asociacionismo de maior dimensión, integrado, e máis eficiente no desenvolvemento de actividades, con maior capacidade de xerar valor engadido, cunha maior capacidade de diversificación das súas actividades, maior decisión para afrontar iniciativas na industrialización e comercialización das producións dos seus socios.

Todos estes retos concitan a necesidade de melloras integrais; transformación profunda na dimensión empresarial, modelos e técnicas de organización e de xestión, cambio nos modelos produtivos, que precisan dunha nova orientación nos modelos e sistemas de formación e información. As posibilidades de diversificación produtiva e de calidade das nosas producións invitan a ser optimistas de cara a mercados cada día máis amplos, aínda que complexos, pero ao mesmo tempo abertos a múltiples posibilidades.

Así mesmo, preténdese reforzar a interlocución institucional agraria, articulando mecanismos eficaces de participación do sector agrario coa Administración, asegurando a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias, e potenciando ás organizacións profesionais agrarias pola súa contribución no fornecemento do sector a través do intercambio de opinións entre a Administración e os produtores e produtoras agrarios.

Ademais das axudas para o fomento das instalacións e equipamentos en común, existen outras para programas operativos que constitúan agrupacións de produtores de froitas e hortalizas, ademais das axudas especificas que fomentan o asociacionismo agrario.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nas bases reguladoras existe concorrencia competitiva das axudas sendo o feito de ser muller, ou ben de formar parte dunha sociedade ou cooperativa con máis do 50 % de mulleres, ou ter un consello reitor con máis dun 40 % de mulleres, como feito diferenciador positivamente para puntuar as solicitudes que deben acudir á concorrencia competitiva. Valórase non só a presenza das mulleres nas entidades asociativas, senón tamén a súa presenza en cargos directivos.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |

| | |
|---|---|
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As axudas destinadas a asociacións e cooperativas teñen como un dos requisitos de concorrencia competitiva o feito de que máis do 50 % do seus integrantes sexan mulleres, ou que nos consellos reitores destas entidades máis do 40 % do seus membros sexan mulleres.

Para elo levaranse a cabo actividades promocionais para favorecer non so a incorporación das mulleres como socias dunha entidade senón que, tamén na maioría delas, se incorporen aos órganos de dirección destas, para que non so realicen unha actividade agraria, senón que tomen contacto co mundo empresarial agrario participando na xestión directa da súa entidade, e non só na fase de produción, dando un paso máis na valorización do traballo da muller e a súa imaxe de cara a sociedade.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

## *III.1.15. PROGRAMA 713A - MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A agricultura galega necesita unha decidida política de reforma das estruturas agrarias, contemplados tamén noutros programas desta consellería, e que teñen especificamente neste unha importancia significativa: trátase da posta en valor de terras agrarias que hoxe están infrautilizadas, improdutivas e mesmo en situación de grave abandono que poden causar danos aos bens públicos ou privados do contorno.

Entre outras actuacións lévanse a cabo accións para fomentar o uso de superficies de Montes Veciñais en Man Común (MVMC), sempre mediante actuacións de carácter non produtivo pero que reportan gran cantidade de beneficios medio ambientais. Estas actuacións están enfocadas a actuacións que fomenten as melloras en aspectos medio ambientais nos MVMC, conservación da paisaxe, así como de fixación de poboación en zonas desfavorecidas. Tamén favorecendo a limitación da erosión en zonas axeitadas para elo, así como de loita contra os lumes. Estas actuacións tamén abranguen medidas destinadas a favorecer a conservación no monte, de determinadas razas autóctonas galegas, sobre todo de vacún de carne, en perigo de extinción.

Tampouco podemos esquecer que a gandaría ligada á terra ten un peso importante na economía galega, e ademais é a principal actividade económica xeradora de rendas de moitas familias nas comarcas da Galicia interior.

Ante esta situación estableceuse un programa de mobilidade de terras agrarias que arbitre medidas destinadas a reformar e ordenar a estruturas agrarias de Galicia. O programa de mobilidade de terras agrarias ten as seguinte liñas e premisas estratéxicas:

- Aumentar a transferencia de superficie agraria ás explotacións agrogandeiras favorecendo deste xeito o redimensionamento das mesmas así como a redución dos custes e a mellora da súa competitividade.
- Favorecer a creación de novas explotacións a través da transferencia de terra favorecendo o asentamento da poboación no medio rural e freando o abandono, tanto no eido social como agroambiental.
- Actualizar, clarificar e mellorar o estado do bens e dereitos que son titularidade de Agader, coa finalidade de poñer os mesmos en boa condición para a súa produción.
- Mellorar a planificación das actuacións que tenden a identificar, conservar, por en valor agronómico o por en produción a superficie con vocación agraria.

Para levar a cabo estes obxectivos poñeranse en marcha as seguintes actividades:

- Tramitación de expedientes de incorporación e cesión temporal de predios a través do

Banco de Terras de Galicia.

- Realización de charlas de información e promoción do Banco de Terras de Galicia e os beneficios do seu funcionamento para frear o abandono e a mellora da competitividade das explotacións agrogandeiras.
- Seguir un plan de inspección e control de predios incorporados ao Banco de Terras, sexan ou non titularidade da súa entidade xestora.
- Depurar, na medida do posible, documental e rexistralmente os predios do Banco de Terras de Galicia.
- Estudar a identificación, análise e selección de zonas de actuación prioritaria.
- Actividades de estudo, divulgación e/ou formación no eido da xestión de terras, e sobre os prezos e os mercados de terras en particular.
- Cursos de formación a xestores e colaboradores.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións do programa 713A inciden directamente no sector agrogandeiro e, logo da aprobación da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras, tamén nos sectores forestal e de conservación, tanto no eido natural como histórico artístico.

De xeito indirecto, debido ao seu obxectivo de frear o abandono e, polo tanto, a mellora da conservación ambiental, o programa tamén se dirixe a toda a poboación que desenvolve a súa actividade vital no medio rural.

Tamén son colectivos afectados por este programa as comunidades de montes veciñais en man común, así como asociacións de agricultores/as e gandeiros/as que establezan un contrato de arrendamento dun monte, para a realización de investimentos non produtivos que permitan realizar determinadas actividades agrogandeiras, nestas superficies.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida que da orixe necesidade da existencia deste programa de gasto ven referida polos seguintes factores:

- A organización integral e multifuncional do territorio de Galicia, caracterizado este por ser dunha gran complexidade froito das múltiples decisións tomadas sobre parcelas de moi reducido tamaño orixina escenarios onde se combinan diferentes usos do solo en espazos moi reducidos.
- A socioloxía galega, da que destaca o apego á terra, a consideración desta como un valor refuxio para momentos de crise, a ausencia de moitos propietarios do medio rural e o abandono e descoñecemento da propiedade de moitos predios con vocación agraria.
- Nas comunidades de MVMC que teñen determinado tipo de gando no monte e queren realizar investimentos para acondicionar o territorio, cunha situación de partida na que existen matogueiras e accesos e pistas non libres, non hai peches nin cerramentos. En

definitiva, investimentos non produtivos en superficies de montes que non están acondicionadas.

Isto da lugar á existencia dun enorme caudal de terra con capacidade produtiva que debe de ser mobilizada para mellorar o rendemento das explotacións galegas.

Nos últimos anos o Banco de Terras de Galicia ven levando a cabo unha labor non so de dinamización, senón tamén de xestión e intermediación na transferencia temporal deses predios para favorecer os obxectivos expostos. Dende a súa creación no 2007, mais de 1800 predios foron postos en valor a través do arrendamento dos mesmos o cal supón unha cantidade importante tendo en conta as eivas que se arrastran pola lei que regulaba a súa actividade e que recentemente foi modificada.

DAFO:

1. Debilidades:
   - A elevada fragmentación da terra en Galicia.
   - O elevado número de propietarios/as en fincas indivisibles.
   - O estado agronómico que algúns predios con mais potencial produtivo.
   - A falta de recursos humanos que permitan unha mellor divulgación das actividades que se pretenden levar a cabo.
   - A incapacidade de preparar para o arrendamento fincas de difícil acceso ou cultivo.

1. Ameazas:
   - O abandono rural.
   - O abandono agronómico dos predios con vocación agraria.
   - A crise económica no que se refire a confianza de pago das cesións temporais.

1. Fortalezas:
   - O apego da xente a terra non permite vela mesma improdutiva.
   - A necesidade de redimensión das explotacións.
   - A crise económica esta facendo ver a volta ao campo coma unha oportunidade.
   - As garantías en canto a cobro e propiedade que ofrece o Banco de Terras de Galicia.
   - A mellora da xestión contando cos recursos técnicos e humanos de Agader.

1. Oportunidades:
   - O bo clima no agro (produtores e organizacións) cara a consolidación do Banco de Terras.
   - O desenvolvemento operativo da Lei de mobilidade de terras.
   - A mellora da confianza da xente no Banco de Terras de Galicia.

- A boa acollida do Banco de Terras de Galicia en organismos internacionais e nacionais, tales como a FAO, UE, etc.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O programa ten o seu marco legal establecido na liñas definidas pola Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras e na Lei de montes de Galicia, que atribúe competencias de control contra a forestación de terras agrarias.

Regulamento 1698/2005, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Real decreto 1852/2009, de 4 de decembro polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos Programas de Desenvolvemento Rural cofinanciados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A finalidade fundamental encamíñase a realizar as actividades de tramitación necesarias para a incorporación de novas fincas ao Banco de Terras de Galicia así como a súa cesión temporal posterior, concretándose na formalización de novos contratos de cesión que permitan redimensionar as explotacións galegas.

É necesario tamén dotar os recursos necesarios para levar a cabo traballos para o mantemento das adecuadas condicións agroecolóxicas dos predios titularidade de Agader. Unha primeira fase é a inspección e control en campo, establecéndose un programa de controis para dar conta das condicións e dimensións reais das parcelas achegadas.

As actividades de divulgación deberanse manter, aínda que será necesario planificar un aumento da intensidade das mesmas trala aprobación da Lei de mobilidade de terras, logo da cal se ten que facer un esforzo maior na dinamización do mercado da terra. Por outra banda reforzaranse as actividades de formación nas oficinas colaboradoras como as Oficinas agrarias comarcais (OACS), o estableceranse novos convenios con outras oficinas xestoras posibles: Concellos, GDR, etc..

Intensificaranse, ademais, as labouras de estudo nos eidos da xestión e mercados de terras, prevéndose que parte dos mesmos teñan que ser externalizados a través de apoios puntuais en entidades especializadas.

Todo isto coa finalidade última que é a de non desaproveitar o caudal produtivo da terra con vocación agraria en Galicia.

Tamén compre destacar neste programa o Plan marco no que establecen as actuacións a levar a cabo nas superficies de MVMC co obxecto de acadar superficies de monte nas que as actuacións descritas permitan constituír espazos compatibles coa conservación da paisaxe, mini-

mizar o risco de erosión e a conservación de certas razas autóctonas de gando.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

# *III.1.16. PROGRAMA 713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa ten como obxecto principal establecer liñas de investimento e axuda dirixidas a poñer en valor os montes galegos, mediante:

- A ordenación das producións forestais, co fin de acadar un aproveitamento economicamente rendible, socialmente beneficioso e medioambientalmente respectuoso.

- O favorecemento de liñas de agrupación e creación de sociedades mercantís (Sofor) compostas dun número de persoas propietarias suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable.
- O fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura, entendendo que ditas actuacións supoñen unha fonte continuada de emprego no rural, un aumento do valor engadido das producións e unha medida directamente dirixida cara a prevención fronte a incendios forestais.
- O fortalecemento das liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques.
- A creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Os investimentos orzamentarios deste programa dirixiranse principalmente ao seguintes colectivos:

- A persoas propietarias e silvicultores e silvicultoras forestais, especialmente aqueles que posúen superficies forestais de pequeno tamaño, urxíndolles para que se acollan a sistemas de xestión agrupada (Sofor).
- A montes veciñais en man común e outros donos privados de parcelas forestais, favorecendo actuacións de ordenación, silvicultura e restauración de superficies obxecto de degradación ou catástrofes naturais, especialmente incendios.
- A persoas propietarias forestais que posúan contratos administrativos coa Xunta de Galicia para a reforestación e levanza dos seus predios.
- A empresas do sector forestal, promovendo o mantemento dos empregos que están a xerar, mellorando as súas estruturas e incrementando a súa competitividade nos mercados.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Galicia é a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes en Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 ha, o 48 % de toda a superficie galega, o noso monte está a producir cada ano máis de 12 millóns de novos metros cúbicos, o que significa que 1 hectárea de monte galego pode acadar un crecemento anual superior aos 25 metros cúbicos de madeira, por comparanza oito veces máis que unha hectárea en países, eminentemente forestais, como Suecia ou Finlandia.

Anualmente córtanse en Galicia preto de 7,5 millóns de metros cúbicos, a mesma cantidade que en todo Reino Unido ou que Italia e Bélxica xuntas.

Na actualidade os montes galegos, independentemente da especie que alberguen, almacenan máis de 93,8 millóns de toneladas de carbono. Esta inxente cantidade de carbono pon de relevo o importante rol que teñen os nosos bosques non só para xerar rendas as súas lexítimas

persoas propietarias senón tamén para que Galicia poida afrontar os seus compromisos adquiridos no protocolo de Kyoto.

Pero neste contexto tan relevante, Galicia non está a obter os beneficios sociais, económicos, paisaxísticos e medioambientais que o seu potencial ofrece. Actualmente máis de 600.000 propietarios particulares posúen superficies non maiores á hectárea e estas están divididas a súa vez en 6-8 parcelas diferentes. Aínda que de forma continuada se está a dar prioridade nas liñas públicas de fomento a aqueles donos forestais que se agrupen, é tempo de afondar neste marco de acción e dotar de liñas de financiamento específicas para a creación e posta en marcha de Sociedades de Fomento Forestal (Sofor) creadas e reguladas ao abeiro do Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de propietarios e propietarias forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

Doutra banda cómpre lembrar que a facturación conxunta de industria de transformación da madeira en Galicia supera os 1.600 millóns de euros anuais, dando emprego directo a máis de 20.000 traballadoras e traballadores, encabezando o emprego industrial da nosa comunidade cun 12 %, fronte ao 10 % do sector da automoción ou 9 % do sector téxtil. Máis aló de salientar que a actividade da industria forestal e da madeira galega está a xerar o 3,5 % do Produto Interior Bruto galego, semella incluso máis importante o feito de que o 70 % das empresas vinculadas ao sector forestal aséntanse en poboacións de menos de 5.000 habitantes, converténdose nun piar básico para a fixación do emprego no rural.

No entanto, o sector forestal galego non é alleo á situación económica que vive o país. Aínda que os datos existentes do ano 2011 amosan signos paulatinos de recuperación, é necesario manter liñas de axuda dirixidas a creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

O marco principal de regulamente que rexe nas actuacións comprendidas no programa 713B é o seguinte:

- En materia de fondos FEADER o Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, o Regulamento (CE) 1974/2006 da Comisión e o Regulamento (CE) 65/2011 da Comisión.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, básica de montes e posteriores modificacións (Lei 10/2006 do 28 de abril).
- Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- O Regulamento para a aplicación da Lei 5/1977, do 4 de xaneiro, de Fomento de Produción Forestal, publicado no BOE do 12 de xuño de 1978.
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e as súas modificacións.
- Decreto 45/2011, do 10 de marzo, polo que se regula o fomento das agrupacións de

propietarios forestais, os requisitos e cualificación das sociedades de fomento forestal e a creación do seu rexistro.

- Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.
- Real decreto 752/2010, do 4 de xuño, polo que se aproba o primeiro programa de desenvolvemento rural sostible para o período 2010-2014 en aplicación da Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento rural sostible.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Aproveitamento de áreas para a produción de outros bens alternativos ou complementarios, coma a implantación e mellora de pastizais en monte

As principais finalidades do presente programa serán:

- Abordar a planificación forestal de ámbito comarcal (PORF) integrándoa no marco da ordenación do territorio, conseguindo que a planificación e xestión forestal se conecten co decisivo ámbito da ordenación territorial.
- Establecer e revisar as directrices para a ordenación e o aproveitamento dos montes, garantindo que non se poña en perigo a persistencia dos ecosistemas e se manteña a capacidade produtiva dos montes.
- Fomentar sistemas de xestión forestal conxunta para alcanzar unha explotación económica rendible e sostible dos aproveitamentos forestais e a comercialización das producións forestais.
- Impulsar e promover a certificación da xestión forestal sustentable mediante sistemas internacionalmente recoñecidos ou validados polas correspondentes entidades de normalización.
- Incrementar a rendibilidade das explotacións forestais dos silvicultores.
- Manter en bo estado produtivo o espazo forestal, mediante a realización de rozas, rareos e podas no contorno de grandes infraestruturas de comunicación.
- Aumentar o valor primario e engadido dos produtos forestais a través da implantación, mantemento e mellora de soutos de castiñeiro destinados á produción de froito.
- Fomentar e manter o emprego do sector forestal mediante actuacións de forestación e silvicultura, que ademais de valorizar os produtos do monte supoñan unha medida preventiva para diminuír o risco de incendios forestais.
- Restauración, conservación e mellora da cuberta vexetal protectora e a ampliación da superficie arborada mediante a restauración hidrolóxico-forestal, tendo cabida dentro deste concepto accións tales como repoboacións forestais protectoras, corrección de canles torrenciais e traballos de conservación e mellora da cuberta vexetal.
- Continuar a fortalecer as liñas dirixidas a manter e conservar a saúde e vitalidade dos ecosistemas forestais, con especial atención ao estado fitosanitario dos nosos bosques mediante o seguimento, detección e actuación, de ser necesario, fronte a pragas e

doenzas que están a minorar e incluso danar gravemente o potencial forestal de determinadas áreas de montes galegos.

- Favorecer a implantación, ampliación ou modernización de empresas de aproveitamentos forestais mediante axudas ao investimento en activos fixos produtivos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais, tanto para a creación de novas empresas coma para a ampliación ou modernización das xa existentes.
- Modernización e adaptación a normativas mediante axudas ao investimento en plans e ferramentas de xestión empresarial.
- Impulsar o aproveitamento enerxético dos restos forestais resultantes dos traballos silvícolas e aproveitamentos forestais así como da biomasa procedente de plantacións forestais especificamente orientadas a este fin.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral de Medio Rural e Montes

Secretaría Xeral Técnica

# III.1.17. PROGRAMA 713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES:

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A produción agropecuaria representa o activo principal da actividade económica rural, medida tanto en PIB como en emprego. Neste sentido resulta un elemento clave na fixación da poboación no medio rural.

A produción agropecuaria moderna require da aplicación de enfoques sustentables orientados á produción de alimentos de calidade diferenciada que satisfagan a demanda dun mercado plural, esixente e competitivo. Por outra parte, a potenciación das producións alternativas a pequena escala é básica para apoiar a diversificación das actividades agropecuarias e ofrecer a posibilidade de obtención de rendas complementarias a agricultores a tempo parcial. O desenvolvemento das producións alternativas debe axustarse ás potencialidades particulares das distintas áreas territoriais e ao aproveitamento dos recursos xenéticos autóctonos.

Cómpre completar o marco normativo existente con novas disposicións en materia de comercialización que permitan o completo desenvolvemento de iniciativas empresariais de pequena dimensión. Ademais, resulta imprescindible manter o fomento das producións xa consolidadas con medidas de garantía como os seguros agrarios, ou medidas de promoción como a renovación de maquinaria, a reestruturación dos viñedos ou a diferenciación comercial dos produtos agropecuarios galegos (Galega 100 %, Horta Galega).

Tampouco cómpre esquecer o apoio ás explotacións con necesidades particulares, como poden ser as de cabanas de monte en réxime de liberdade, e que foron reguladas no 2012.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas gandeiras galegos con actividade produtiva a tempo completo ou parcial.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de gandeiras e gandeiros, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A gandería galega está a atravesar por momentos de extraordinaria dificultade. A situación conxuntural de crise económica afecta especialmente a sectores que, aínda sendo artífices de produtos de alta calidade, adoecen de carencias estruturais importantes, en termos de dimensión económica, e non dispoñen dunha capacidade real de incidencia nos mercados: por unha parte,

as persoas gandeiras vense sometidos á alza dos prezos dos INPUT que precisan; por outra, non son quen de participar activamente na fixación dos prezos dos produtos que facturan. Esta situación, que se mantén nos últimos anos, deriva nunha importante redución no número de explotacións gandeiras e nun envellecemento da poboación activa agraria, ante a ausencia dunha renovación xeracional efectiva. Esta circunstancia repercute de xeito directo no fenómeno de despoboamento do rural.

A produción de vacún de Galicia, tanto en leite como en carne, son un referente no conxunto do Estado. Os recursos zooxenéticos autóctonos están a acadar unha estima no mercado que cómpre auspiciar. O incremento dos censos das autóctonas galegas constatados nos últimos anos dan fe do éxito da política emprendida de apoio á promoción da calidade e á diferenciación comercial. Cómpre abondar nesta estratexia.

Por outra parte, o sector vitivinícola estase a converter nun eixo produtivo de primeiro orde na economía agraria galega. Constátase unha crecente vontade de adaptación das explotacións ás novas variedades que demanda o mercado, ou de reestruturación do seu potencial produtivo para acadar unha dimensión axeitada aos seus dereitos de produción.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de agricultura, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial estatal de carácter básico.

Con efectos económicos, este programa financiase con fondos finalistas do Estado, con fondos propios da comunidade autónoma e co FEAGA.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa concrétase nas seguintes plans e accións:

- Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zooxenéticos autóctonos e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas. O programa desenvolverase coa colaboración das entidades de criadoras/es mediante dúas vertentes: programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega; e programa de conservación e recuperación das razas autóctonas galegas en perigo de extinción.
- Programas de aseguramento da calidade e a rastrexabilidade da produción leiteira. Vincularanse as actuacións en materia de calidade coa utilización eficiente da ferramenta Letra Q, co obxectivo inequívoco de mellorar a rendibilidade das explotacións participantes no programa e de transmitirlle ao consumidor final a garantía de calidade que demanda.
- Programa de mellora xenética do frisón galego, coa colaboración das ganderías galegas

e de Xenética Fontao.

- Implantación das novas tecnoloxías da información nas explotación para mellorar a sanidade, a calidade e a rastrexabilidade completa das producións.
- Incorporación de novas canles comerciais de relación directa entre o produtor e o mercado. En particular, o desenvolvemento da lonxa virtual no marco da oficina agraria virtual achegará novas posibilidades chamadas a mellorar os retornos económicos obtidos polo sector gandeiro.
- Ordenación dos aproveitamentos gandeiros das superficies de montes comunais potenciando a utilización das razas gandeiras autóctonas.
- Potenciación da diferenciación comercial dos produtos gandeiros.
- Reestruturación e reconversión de viñedo.
- Programas de seguros agrarios.
- Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola.
- Realización de ensaios de avaliación de variedades agronómicas.
- Axudas ao sector do lúpulo.
- Conservación de recursos fitoxenéticos e impulso do emprego de castes autóctona.s

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | x |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

## *III.1.18. PROGRAMA 713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Malia o prestixio que os produtos agroalimentarios de Galicia teñen nos mercados e entre os consumidores e consumidoras, o sector produtor agrario ten importantes carencias e dificultades estruturais que lles dificulta o acceso aos mercados. A pequena dimensión empresarial e a falta de integración son os factores que mais limitan o seu acceso aos mercados nacionais e internacionais de unha forma competitiva, é por iso fundamental desenvolver actuacións que permitan a presenza conxunta, a promoción e o apoio á comercialización dos produtos de calidade, unidos á mellora e modernización das industrias e mercados agrarios.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Sector produtivo, industrias e entidades asociativas e colectivas do sector agrario, gandeiro, alimentario e forestal.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A situación de partida caracterízase por:

- Unhas boas condicións para determinadas producións agroforestais nun marco de importantes deficiencias estruturais especialmente causadas pola pequena dimensión tanto das explotacións (produtores) como da industria transformadora e empresas comercializadoras.
- O prestixio nos mercados agroalimentarios e entre as persoas consumidoras pola calidade das materias primas.
- Unha serie de produtos inscritos xa no rexistro europeo de produtos de calidade agroalimentarios, e outros con posibilidades de ser tramitados.

Estes son os elementos que fan que a estratexia de diferenciación e a certificación da calidade ante as persoas consumidoras dos produtos agroalimentarios e forestais sexa básica para a subsistencia dos sectores agrario, gandeiro e forestal, viabilizando as pequenas producións, moitas delas artesanais, que doutra forma terían difícil acceso ao mercado.

A meirande parte dos indicativos de calidade afectan a territorios do rural con importantes problemas de despoboamento, por iso, a potenciación das denominacións de calidade incide directamente na fixación da poboación destas zonas na medida en que favorece a actividade económica e o mantemento e xeración de emprego nesas áreas.

O dimensionamento e modernización do sector empresarial é outra das necesidades sectoriais con especial incidencia na industria da primeira transformación de madeira sobre todo no sector do aserrío, un sector asentado no rural e peza clave para o seu dinamismo e fixación de emprego, pero, ao mesmo tempo, un sector que necesita dunha liña clara de innovación e incorporación de tecnoloxía que consolide o liderado da industria galega a nivel estatal.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Normativa de calidade diferenciada, DOP, IXP e outras figuras de calidade.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O sistema de protección dos produtos de calidade a través de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, e doutras figuras de protección da calidade como os produtos da artesanía alimentaria, a agricultura ecolóxica ou a produción integrada obrigan ou favorecen que estes produtos se elaboren e transformen na súa área tradicional de procedencia, case sempre zonas rurais, co que o valor engadido xerado queda nese territorio. Estas producións, ademais, melloran as rendas obtidas xa que estes produtos adoitan acadar mellores prezos no mercado.

Velar polo prestixio das denominacións xeográficas de calidade e polo cumprimento das súas disposicións normativas, e de que se apliquen os sistemas de control necesarios para garantir a calidade e a orixe dos produtos certificados precisa de medidas de apoio aos consellos reguladores para o seu desenvolvemento especialmente no caso dos primeiros anos de posta en marcha dos sistemas de acreditación.

Outra das prioridades estratéxicas do escenario económico actual é a necesidade de abrir novos mercados e para isto establécense liñas de apoio á accións de promoción e comercialización realizadas por empresas individuais ou conxuntas dirixidas a apertura de mercados nacionais e internacionais.

Actividades:

- Apoio a apertura de novos mercados para as empresas agrarias favorecendo a súa presenza en feiras profesionais de carácter nacional e internacional, tanto con actuacións conxuntas coordinadas pola consellería como co apoio ás accións individuais.
- Axudas a investimentos de mellora da industrialización e comercialización de produtos agrarios.
- Fomento da modernización e dimensionamento da industria de primeira transformación de madeira.
- Realización de actividades de información e promoción de produtos agroalimentarios galegos con calidade diferenciada.
- Apoio aos investimentos no control e a mellora da calidade dos produtos agrarios.

- Apoio á participación de produtores en programas de calidade diferenciada.
- Programa de promoción dos viños galegos en países de fora da Unión Europea.
- Apoio á mellora dos mercados agrarios.
- Apoio ás entidades asociativas para a mellora da comercialización das súas producións.
- Preparación, organización e execución de xornadas técnicas e estudos sobre a comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Apoio financeiro ao funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de calidade (denominacións de orixe, indicacións xeográficas e agricultura ecolóxica).

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

## *III.1.19. PROGRAMA 713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

As persoas consumidoras esixen unha produción alimentaria de calidade, respectuosa co

medio ambiente e co benestar animal, e suxeita a un sistema de control e trazabilidade. A Unión Europea está a trasladar esta demanda da cidadanía á lexislación comunitaria en todas as súas vertentes, produtivas, sanitarias, económicas, ambientais e sociais, de tal xeito que os requirimentos en materia de seguridade alimentaria se converten en referencias de obrigado cumprimento. Por outra parte, a sanidade animal non só conleva o garantir a seguridade alimentaria, senón que resulta un elemento básico tanto na defensa da saúde pública como na rendibilidade das producións gandeiras.

Co gallo de obter alimentos seguros, protexer a saúde pública fronte a enfermidades zoonósicas e promocionar un sistema agrario sustentable, cómpre garantir un nivel axeitado de protección da sanidade animal entendida amplamente (identificación de explotacións e animais, programas de control e erradicación de enfermidades, etc.) e da cadea alimentaria (residuos, hixiene da produción primaria, calidade do leite cru, xestión de subprodutos, pensos, etc.)

Un dos principios nos que se basea a política da UE é que non se deben causar aos animais danos ou sufrimentos innecesarios. Isto desenvolvese nunhas normas sobre o benestar dos animais que establecen as condicións nas que se poden criar as galiñas, os porcos, as vacas, así como as restantes especies de animais destinados á produción, e nas que se poden transportar e sacrificar estes animais.

O programa trata de incrementar a rendibilidade das explotacións mediante a loita contra os axentes nocivos, o control da calidade e a seguridade alimentaria das producións, e reducindo ao mínimo o seu impacto no medio de tal xeito que sexan debidamente tratados os residuos e se garanta unha calidade sanitaria para as persoas consumidoras. Sendo o subsector gandeiro o primeiro aporte á produción final agraria galega, razóns de tipo socioeconómico e sanitario obrigan a poñer en marcha programas que permitan diminuír as perdas económicas causadas polas enfermidades animais, protexendo a saúde pública e evitando a transmisión destas enfermidades, tanto ás persoas que conviven cos animais como ás consumidoras e consumidores dos produtos de orixe animal. O obxectivo final é acreditar o estado sanitario da totalidade da cabana de vacún, ovino e cabrún e a extensión dos programas sanitarios ao porcino, aves, sector apícola e visóns.

A sanidade vexetal constitúe igualmente un eixe fundamental na política sanitaria agraria. A prevención das pragas vexetais por medio das campañas de prospección obrigatoria e a loita contra pragas coa destrución do material vexetal afectado conforman o primeiro grupo de accións, que se completa co apoio ás agrupacións de produtores para obter servizos de asesoramento cara a sistemas agrarios sustentábeis na mellora da sanidade dos seus cultivos e no cumprimento e certificación dos estándares existentes.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

As actuacións no marco deste programa apuntan como beneficiarias últimas ás persoas agricultoras e gandeiras galegas con actividade produtiva a tempo completo ou parcial.

As medidas de apoio canalízanse fundamentalmente en colaboración coas asociacións de produtoras/es, que se converten en catalizadores e protagonistas do proceso de consolidación económica da gandería.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O notable éxito da evolución da sanidade animal de Galicia demostra a eficacia dos criterios aplicados de maneira continuada nos últimos anos.

Os programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) permitiron diminuír a incidencia destas enfermidades a uns límites próximos a valores de erradicación. Así, Galicia conta cun elevado número de explotacións libres desas enfermidades. Igualmente, as prevalencias de brucelose ovina e cabrúa permitiron acadar a declaración de Galicia como zona oficialmente indemne. Na mesma liña, móvense a práctica totalidade dos programas sanitarios en vigor. Esta circunstancia coloca a sanidade animal galega nun estatus referencial no ámbito estatal, que compre perpetuar e sistematizar en modelos epidemiolóxicos baseados na prevención.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

En tanto que Galicia ten competencias exclusivas en materia de gandería, o marco normativo responde ás esixencias comunitarias en materia de axudas de estado e aos condicionantes da normativa sectorial comunitaria e estatal de carácter básico, e tamén o marco normativo é o comunitario e estatal de sanidade vexetal e de seguridade alimentaria.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa materialízase nas seguintes accións:

- Execución de programas obrigatorios de erradicación, loita e control de enfermidades animais (tuberculose e brucelose bovina) que teñen como base a normativa estatal enmarcada en programas para cada estado aprobados pola Unión Europea.
- Programa de erradicación da brucelose ovina e cabrúa.
- Programa de vixilancia da Leucose Enzoótica Bovina e da Perineumonía Contaxiosa Bovina.
- Programas de vixilancia, control e erradicación das encefalopatías esponxiformes transmisibles (EETs): EEB, Scrapie: neste proxecto de loita e control sanitario das encefalopatías inclúense os gastos derivados dos labores de diagnóstico -para garantir que se descarta a presenza da enfermidade en cada canal que é liberada ao consumo, do aseguramento da calidade inspectora nas explotacións gandeiras, e das axudas ao sector por sacrificio e destrución de animais e os seus produtos.
- Plan sanitario do sector porcino e programa de control e erradicación da enfermidade de Aujeszky.

- Plan sanitario avícola: plan de control e erradicación de salmoneloses aviares, plan de control da influenza aviar.
- Programa de loita contra as enfermidades apícolas: enmarcado no Programa nacional de axudas á apicultura desenvolvido mediante un real decreto estatal en aplicación do previsto no correspondente regulamento comunitario que recolle as distintas liñas de axuda a este sector cofinanciadas con fondos FEAGA.
- Programa de vixilancia e erradicación da Lingua Azul.
- Programas sanitarios facultativos: impulso, adaptación normativa e consolidación das agrupacións de defensa sanitaria gandeira en Galicia (ADSG) co obxecto de acadar niveis sanitarios superiores aos esixidos polos programas obrigatorios.
- Plan de vixilancia sanitaria na fauna silvestre, pola súa repercusión na sanidade dos animais de produción.
- Plans de control da aplicación da normativa de benestar dos animais.
- Implementación da estrutura e medios necesarios nos Servizos Veterinarios Oficiais para optimizar os procedementos de inspección e afrontar situacións de alertas sanitarias.
- Control da seguridade alimentaria das producións gandeiras mediante o mantemento dos programas actuais de alimentación animal, PNIR, medicamento veterinario, control de subprodutos de orixe animal, inspección da calidade do leite cru nas explotacións, e a aplicación da normativa europea de hixiene.
- Estruturación dentro dos Servizos Veterinarios Oficiais dunha Rede de Epidemio-Vixilancia que poña en valor a información dos programas sanitarios en funcionamento e que reduza o tempo que os produtores dedican á cumprimentación de rexistros e declaracións oficiais.
- Adaptación das explotacións ás novas normas comunitarias de sanidade animal e de rastrexabilidade das producións
- Desenvolvemento da Oficina Agraria Virtual, como medio prioritario de simplificación e axilización das relacións coa Administración. O crecente desenvolvemento tecnolóxico xunto coa evolución da estrutura socio económica do sector agrario esixe da administración a optimización dos sistemas de xestión e relación cos administrados. A elección das canles web como vehículo de transmisión e recepción de información é unha obriga a afrontar no futuro inmediato, que alén da disposición dos medios esixe da administración a adopción de novos procedementos de traballo máis eficaces e eficientes.
- Medidas para o fomento de métodos de produción compatibles co medio ambiente, como a agricultura e gandería ecolóxica, coa protección das persoas consumidoras e co obxectivo de facilitar o mantemento das rendas das produtoras e os produtores, asegurando a conservación do espazo natural. Para isto cómpre o desenvolvemento dun marco normativo que favoreza a obtención dun produto de calidade sanitaria diferenciada en zonas determinadas (etiqueta de control de calidade de "produción integrada" ou "agricultura ecolóxica").
- Prevención e loita contra pragas dos diferentes organismos nocivos para os vexetais.

- Programas de vixilancia, control e erradicación das pragas de corentena de declaración obrigatoria producidas pro Bursaphelenchus xylophilus, Riinchoforrus ferrogineus, e Epitrix.
- Control de residuos nas producións vexetais.
- Revisión da maquinaria fitosanitaria.
- Axudas para a xestión de subprodutos animais non destinados a consumo humano.
- Apoio ás agrupacións de defensa fitosanitaria.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

## *III.1.20. PROGRAMA 713F - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O programa 713F ten por obxecto a realización das accións previstas nos diversos réximes

de apoio á renda establecidos na Política Agraria Común (PAC), no novo marco definido pola aplicación da reforma da PAC aprobada en 2003, denominada "Chequeo médico".

Introdúcese así un réxime de pagamento único por explotación como axuda disociada á renda de cada explotación e, por tanto, facendo depender o pagamento íntegro ao respecto dos requisitos básicos en materia de medio ambiente, seguridade alimentaria, saúde e benestar dos animais, así como do mantemento da explotación en boas condicións agrarias e medioambientais.

Non obstante, outras accións mantéñense ligadas á produción e conservan, por tanto, unha vinculación parcial entre as axudas e a produción.

As principais actuacións que se realicen son as seguintes:

- Pagamentos desligados correspondentes ao réxime de pagamento único, para as persoas agricultoras que sexan titulares de dereitos correspondentes ao dito réxime, de acordo coa asignación definitiva de dereitos de axuda.
- Pagamentos ligados á produción no sector do vacún primas aos produtores de vacas nutrices.
- Pagamentos específicos por hectárea aos produtores de proteaxinosas.
- Pagamentos adicionais aos produtores , nos sectores de gando vacún de carne e de leite.
- A concesión dunha axuda para a subministración ao alumnado de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos transformados, e de froitas e verduras.
- Apoiar á sociedade instrumental do organismo, dotándoa dos medios ne necesarios para o cumprimento da finalidade que teña encomendada.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Agricultores e agricultoras, gandeiros e gandeiras, alumnado de centros escolares no referente a leite para escolares e froitas.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os réximes de axudas previstos na Política Agrícola Común (PAC) prevén as axudas directas á renda, para contribuír á mellora do nivel de vida da poboación agraria así como ao mantemento do tecido socioeconómico das zonas rurais. Aínda que estas axudas alcanzan no sector agrario galego unha magnitude relativa inferior á media europea e estatal, a súa adecuada implementación e xestión ten unha incidencia crecente na renda das persoas agricultoras galegas.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

No marco do Regulamento (CE) nº 73/2009 do Consello do 19 de xaneiro de 2009 polo que se establecen disposicións comúns aplicables ao réximes de axuda directa aos agricultores, no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e agricultoras, que materializa as reformas aprobadas no marco da reforma a medio prazo

da Política Agrícola Común denominada "chequeo médico".

A tal fin, logo da implantación e xestión dos primeiros anos do réxime de pagamento único, seguirá a executar as accións necesarias para a concesión dos pagamentos previstos no devandito réxime e noutros réximes de axuda a agricultores por superficie e por gando, pagos adicionais por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 e axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) nº 73/2009, no marco da Política Agraria Común.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Garantir ingresos xustos ás persoas agricultoras e o benestar na sociedade rural e contribuír ao equilibrio e estabilidade nos mercados agrarios. Mellorar a seguridade alimentaria coa mellora das condicións sanitarias dos animais e do seu benestar. Fomentar a compatibilidade da produción agraria coa protección do medio ambiente.

A xestión de alegacións, solicitudes de modificación e outras actuacións para a actualización do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC) como medio de xestión e control eficaz dos réximes de axudas da PAC baseados nas superficies das parcelas agrícolas.

Coordinación do control do cumprimento da condicionalidade, prevista nos artigos 5 e 6 do Regulamento (CE) nº 73/2009, do Consello, como conxunto de requisitos a respectar polas persoas perceptoras dos distintos tipos de axudas da PAC.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Nos informes realizados non se detectou ata o momento ningunha situación de partida considerada discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

No que respecta aos pagamentos directos contemplados no título II da Orde do 25 de xaneiro de 2012 faise unha referencia á igualdade entre homes e mulleres no capítulo IV, relativo ás axudas específicas por aplicación do artigo 68 do Regulamento (CE) n.º 73/2009. Na sección 2ª das mesmas contémplanse axudas aos/ás agricultores/as que desenvolvan a actividade gandeira e, dentro destas, a subsección 2.ª regula a "axuda para compensar as desvantaxes específicas que afectan os agricultores que manteñen vacas nutrices". No número 4 do artigo 67, relativo ao importe das axudas, faise unha referencia expresa á Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias a que, fai mención expresa no artigo 1 ao seguinte obxecto: 'a regulación da titularidade compartida das explotacións agrarias co fin de promover e favorecer a igualdade real e efectiva das mulleres no medio rural, a través do recoñecemento xurídico e económico da súa participación na actividade agraria.'.

Por outra banda, o documento do FEGA "Análisis de la edad y el sexo de los perceptores, a nivel nacional y por comunidades autónomas", no exercicio 2012 as mulleres que recibiron axudas directas da PAC foron 21.468, o que representa máis do 57 % do total de 37.201 beneficiarias/os.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | X |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |

| | |
|---|---|
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | X |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

### IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Debido á participación maioritaria das mulleres no programa, non son precisas actividades explicitamente relacionadas coa promoción da igualdade entre mulleres e homes.

### PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Prevese que a mulleres sigan a ser as principais beneficiarias/os das axudas directas da PAC en Galicia.

### C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Fondo Galego de Garantía Agraria

## *III.1.21. PROGRAMA 721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS:*

### A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

O funcionamento dos servizos administrativos da consellería na área o mar, distribuídos nos seus diferentes centros xestores: servizos centrais, servizos territoriais en Celeiro, Vigo e A Coruña, e as delegacións comarcais localizadas en Ferrol, Ribeira, Pontevedra e Carril, así como á

mellora de infraestruturas nos citados centros administrativos co fin de conseguir unhas mellores condicións de traballo para o persoal ao servizo da consellería e en xeral os investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoal da Consellería do Medio Rural e do Mar así como as persoas usuarias dos seus servizos, na súa área do mar.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

A consellería, nos seus servizos centrais, ten centros xestores situados en diferentes edificios e lugares da cidade. Na necesaria coordinación, esta dispersión provoca un incremento de gastos, tanto correntes, como de investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos. Dispón, así mesmo, dunha importante flota de vehículos asociados ás súas funcións básicas.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Disposicións legais: na execución deste programa veranse afectadas as principais leis de dereito administrativo (procedemento, persoal, xestión orzamentaria, contratación...).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

As actividades nas que se concreta a estratexia deste programa son as seguintes:

- Xestión do persoal do departamento na área do mar.
- Tramitación do gasto corrente e investimentos asociados ao funcionamento dos servizos administrativos na área do mar, tanto centrais como periféricos, así como a realización de tarefas de xestión económico-administrativa.
- Implantación da tramitación electrónica nos procedementos de axudas e autorizacións da Consellería do Medio Rural e do Mar.
- Realización de estudos e traballos técnicos en temas xerais da consellería e demais actividades de apoio que lle sexan encomendadas.
- Coordinación dos servizos e centros administrativos dependentes da consellería na área do mar.
- Tramitación de toda a produción normativa no eido do mar da Xunta de Galicia.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

## *III.1.22. PROGRAMA 722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A extrema dependencia dalgunhas áreas da costa da actividade pesqueira e a crecente limitación nas capturas fai necesario crear as condicións para diversificar as actividades do sector pesqueiro e das comunidades litorais. Isto fai necesario o contar con programas que favorezan esta diversificación tanto a través da formación como do fomento de actividades alternativas.

Por outra banda, a contorna na que se desenvolve o traballo da pesca presentan esta actividade como unha profesión coas condicións de traballo máis difíciles, o que contribúe á falta de atractivo entre a xente nova, dificultando o relevo xeracional e a modernización do sector.

Este programa recolle actuacións dirixidas á formación do colectivo que lles permita acce-

der e explotar axeitadamente as tecnoloxías precisas para unha mellor explotación, xestión e comercialización dos recursos mariños e a emprender novas actividades que complementen os seus ingresos.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Carácter sectorial: traballadores e traballadoras do sector pesqueiro e marisqueiro.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Aínda existindo amplas actuacións dirixidas a formación formal, non se atopan cubertas por estas todas as necesidades de formación e información dos activos do sector pesqueiro cando se trata de poñer en marcha actividades de diversificación na pesca e nas comunidades pesqueiras. Para que isto non supoña un lastre ao seu desenvolvemento e de cara a afianzar todas as accións de diversificación e ampliación da base económica costeira, hai que manter e fomentar as actividades mediante actuacións de fomento e divulgación das novas tecnoloxías e de reciclaxe e posta o día dos coñecementos.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Programa operativo 2007-2014 do Fondo Europeo de Pesca, a través de medidas do seu eixo 3.
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia.
- Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008 de pesca de Galicia.
- O programa desenvolvese no marco das liñas de actuación marcadas no Fondo Europeo da Pesca actuando complementariamente a el.

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

O obxectivo marcado e fomentar a diversificación de actividades do sector pesqueiro mediante a posta en marcha de programas de formación, de actuacións de demostración e de apoio ás iniciativas de novas actuacións. Outra liña de actuación é o prestar asesoramento e asistencia técnica ás confrarías de pescadores en materia económica e contable así como a colaboración coas Federacións de confrarías.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

### CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

### BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Non se coñece, nas actuacións realizadas en anos anteriores, ningunha situación de partida que poida considerarse discriminatoria no que se refire á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Respecto das actividades previstas, polas súas características e diversidade, non é posible determinar a situación en canto a cuestións de xénero.

Procurarase introducir sempre que legal e temporalmente sexa posible, nos contratos, convenios e demais figuras contractuais utilizadas para o desenvolvemento das actividades, cláusulas dirixidas a fomentar a igualdade.

### IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |

| | |
|---|---|
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

As actividades previstas comprenden inicialmente a todo o sector pesqueiro e pódese considerar que son para toda a sociedade.

Desagregación pos sexo dos indicadores en todas as actuacións.

Realización de actuacións para mulleres nos plans e prioridades do programa.

Fomentar a creación de empresas relacionadas co sector pesqueiro e as actividades relacionadas directamente coa pesca nas que se valore favorablemente a presenza de mulleres ou que sexan creadas a iniciativa de mulleres.

Impulsar a participación das mulleres no funcionamento das confrarías de pescadores, adaptando a normativa reguladora das mesmas; así como promover a paridade de xéneros na composición dos órganos reitores das citadas entidades.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

As intervencións a través da diversificación de actividades do sector pesqueiro e o apoio ás iniciativas de novas actuacións pode proporcionar datos relevantes sobre a presenza da muller no entorno pesqueiro; a avaliación dos indicadores será básica e necesaria para contar con datos relativos á realidade das intervencións acometidas.

A posta en funcionamento de iniciativas públicas que promovan o emprendemento por parte do conxunto de persoas que viven da actividade pesqueira, e que axuden a completar os seus ingresos redundará nunha mellor calidade de vida e na construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral Técnica

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## *III.1.23. PROGRAMA 723A - COMPETITIVIDADE E MELLORA DA CALIDADE DA PRODUCIÓN PESQUEIRA E DA ACUICULTURA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

## NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Neste programa encádranse actuacións destinadas á adaptación da flota galega á disponibilidade dos recursos coa finalidade de evitar a sobreexplotación e acadar un desenvolvemento sostible do sector.

Inclúense medidas para a recuperación da capacidade produtiva de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven minorada a súa produción. Neste marco cobran especial importancia as actividades realizadas en colaboración cos profesionais dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros por mor do status sanitario das augas de produción, que non son aptos para unha explotación comercial rendible.

As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas de creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca que humanicen e confiran atractivo á actividade, así como pola necesidade de impulsar métodos respectuosos co medio e medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

Este programa recolle tamén os créditos destinados a actuacións relacionadas coa pesca costeira artesanal, destinadas a fomentar a organización e control da trazabilidade dos produtos comercializados da pesca costeira artesanal.

Ao abeiro do FEP tamén se dará cabida á iniciativa do sector pesqueiro no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans e proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, por citar exemplos de actuacións tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Neste programa de gasto inclúense os créditos destinados ás axudas relativas ao Eixe 2 do FEP: "Acuicultura, transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura".

Tamén se recollen créditos para o apoio aos proxectos piloto realizados por un axente económico en cooperación cun organismo científico ou técnico que estean dirixidos á adquisición e difusión de novos coñecementos técnicos.

Partindo de que a produción pesqueira e da acuicultura é unha actividade básica da economía galega e do principio de sustentabilidade é necesario manter a posición do sector da pesca galega como referente non só en España senón tamén en Europa e melloralo. Para iso é preciso fomentar e mellorar os mecanismos de comercialización e trazabilidade que fagan dos nosos produtos uns produtos de calidade e de garantías alimentarias, así como o apoio os proxectos de acondicionamento mariño e de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos nosos bancos marisqueiros con problemas de perdas de produción e que contribúa a mellora, de forma sustentable a xestión e conservación dos recursos mariños vivos.

Por outra parte o establecemento de medidas de seguimento científico e de control de acceso as zonas e recursos pesqueiros e marisqueiros contribúen a obter uns produtos de calidade.

A través deste programa trátase de atender as seguintes medidas do Programa operativo FEP 2007-2013:

- Axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros.
- Investimentos a bordo dos buques pesqueiros e selectividade.
- Pesca costeira artesanal.
- Compensacións socioeconómicas para a xestión da flota pesqueira comunitaria.
- Axudas aos investimentos en acuicultura.
- Axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos da pesca e da acuicultura.
- Axudas a proxectos piloto.
- Asistencia técnica do FEP.

## POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Carácter sectorial: poboación do sector pesqueiro e marisqueiro.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

O número total de barcos pesqueiros con porto base en Galicia ascende a 4.601 buques, aproximadamente o 43 % dos buques contemplados no Censo da Flota Pesqueira Operativa Española. A maioría deles son de pequeno tamaño o que implica unha grande presión sobre os recursos que viven nas augas interiores. Caracterízanse tamén pola variedade de especies capturadas e o seu alto valor económico. As tendencias de desenvolvemento deste sector veñen marcadas polo fomento de medidas que incrementen o valor de mercado das especies capturadas.

En canto á acuicultura a costa galega é polas súas características naturais un lugar idóneo para esta actividade, tanto para a produción de moluscos como para a de peixes, para o que se require a utilización de diferentes métodos de produción segundo o tipo de cultivo que se trate a zona onde se localice. A acuicultura mariña representa o 86,95 % da produción total española. Factores claves para o seu desenvolvemento son a coordinación e simplificación dos requirimentos administrativos e a axeitada planificación territorial. Forzas que impulsan a sostibilidade da acuicultura galega son a alta calidade dos seus produtos e o paulatino descenso da produción da pesca extractiva.

En relación ás industrias de comercialización e transformación dos produtos procedentes da pesca en Galicia hai que destacar que teñen por si mesmas un importante peso específico na Comunidade Autónoma de Galicia, constituíndo un dos seus sectores estratéxicos. Estas industrias actúan como dinamizadoras en zonas altamente dependentes da pesca pero tamén en zonas interiores, nas que a actividade empresarial é escasa; tanto creando emprego, como colaborando no mantemento dun número elevado de postos de traballo. Estas industrias, que tradicionalmente forman parte do tecido socioeconómico galego, teñen que afrontar grandes retos debido ás condicións de competitividade dentro do mercado internacional, polo que se considera de interese o fomento de medidas que favorezan o seu desenvolvemento e que contribúan ao mantemento do papel relevante que teñen no conxunto da actividade económica galega.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (DOUE do 15 de agosto de 2006).
- Regulamento (CE) 498/2007 da Comisión do 26 de marzo de 2007 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo da Pesca (DOUE do 10 de maio de 2007).
- Lei 11/2008, do 3 de maio, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.

Medida 1.1

- Orde do 23 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca, e se convocan axudas para o exercicio 2013.

Medida 1.3

- Orde do 18 de marzo de 2013 pola que se convocan axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade para o exercicio 2013, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca.
- Orde do 18 de marzo de 2013 pola que se convocan para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca.

Medida 1.5

- Orde do 18 de marzo de 2013 pola que se convocan para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, axudas de carácter socioeconómico cofinanciadas nun 75 % co FEP. DOG nº 63 (2 de abril de 2013).

Medida 2.1

- Orde do 3 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a investimentos no ámbito da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, e se convoca para o exercicio 2013 o devandito procedemento.

Medida 2.3

- Orde do 29 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos en transformación e comercialización de produtos procedentes da pesca, do marisqueo e da acuicultura, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca nun 75 %, e se convoca para o exercicio 2013 o devandito procedemento.

Medida 3.1 (recursos mariños)

- Orde do 25 de marzo de 2013 pola que se establece a convocatoria para o ano 2013 e se determina o seu importe global máximo, para a concesión, en réxime de conco-

rrencia competitiva, de axudas a proxectos colectivos de acondicionamento mariño e rexeneración, financiados polo FEP, que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan de forma sustentable a mellorar a xestión e conservación dos recursos mariños vivos.

Medida 3.5

- Orde do 5 de xuño de 2013 pola que se convocan para o ano 2013, en réxime de concorrencia competitiva, axudas á realización de proxectos piloto cofinanciadas nun 75 % co Fondo Europeo de Pesca (FEP).

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Con esta medida trátase de proporcionar ao sector pesqueiro mecanismos que melloren a súa competitividade, mellorando o coñecemento sobre as artes de pesca para optimizar a súa efectividade e asesorándoo na adopción de medidas de xestión axeitadas.

Entre estes obxectivos atópanse o de por a disposición do sector ferramentas telemáticas que permitan axilizar e facilitar tanto o proceso de presentación de plans de xestión dos recursos mariños como o de aprobación pola Consellería do Medio Rural e do Mar así como o seguimento e avaliación científica dos recursos pesqueiros. Nesta mesma liña de implantación de ferramentas telemáticas preténdese estender aos procedementos de inscrición e actualización no rexistro de buques en relación coa tramitación dos permisos de explotación das embarcacións, así como o seguimento das declaracións de despachos de alternancia entre as artes de pesca.

Inclúe tamén medidas para a recuperación da comercialización dos recursos procedentes de zonas con potencialidade marisqueira que por diversos motivos ven minorada a súa produción. Neste marco destácase a realización de medidas en colaboración cos profesionais, dirixidas á mellora da calidade dos recursos marisqueiros que, por mor do status sanitario das augas de produción, non son aptos para unha explotación comercial rendible. Inclúese, dentro destas medidas, o fomento de reinstalación dos moluscos bivalvos procedentes de zonas de produción declaradas como clase C no litoral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ao abeiro do FEP tamén se dará cabida ás iniciativas no establecemento de novos mecanismos de xestión dos recursos, promovendo plans para rexenerar zonas improdutivas, proxectos de xestión, impulsando o coñecemento científico do medio, facilitando o asesoramento técnico na explotación ou participando no control responsable, actuacións todas elas tendentes ao obxectivo último de acadar o desexable equilibrio entre explotación e conservación, é dicir, a explotación sustentable.

Os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Adecuación e mellora das condicións de zonas produtivas, especialmente para mellorar

as condicións sanitarias das zonas de produción marisqueira.

- Adecuación e mellora da comercialización dos recursos procedentes de zonas clasificadas como C, que mediante un proxecto de reinstalación permita colocar o produto extraído no mercado.
- Avaliación científica dos recursos e das pesqueiras.
- Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas dos profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que melloren a xestión dos recursos pesqueiros.
- Axudas para a paralización definitiva de buques pesqueiros.
- Colaboración co sector no desenvolvemento de medidas de asistencia técnica para a mellora na xestión dos recursos.
- Axudas destinadas a mellorar a seguridade e as condicións de traballo, a calidade e hixiene dos produtos a bordo dos barcos pesqueiros así coma o rendemento enerxético e a selectividade.
- Medidas socioeconómicas para apoiar a saída anticipada do sector pesqueiro e a reconversión profesional dos pescadores e pescadoras.
- Axudas para a construción, ampliación, equipamento e modernización de establecementos de transformación e comercialización.
- Axudas á pesca costeira artesanal.
- Axudas a investimentos no ámbito da acuicultura.
- Axudas á realización de proxectos piloto, incluída a utilización a título experimental de técnicas de pesca máis selectivas ao obxecto de adquirir e difundir novos coñecementos técnicos.
- Colaboración co sector na realización das actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, establecendo as condicións de acceso ás zonas de pesca.
- Desenvolvemento de aplicacións informáticas para a presentación e aprobación dos plans de explotación así como o seguimento científico dos recursos mariños.
- Implantación de ferramentas telemáticas para facilitar os procesos de inscrición, actualización de rexistro de buques e seguimento dos despachos de alternancia das artes de pesca.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

As mulleres desempeñan un importante papel no sector pesqueiro. Os seus oficios inclúen a pesca extractiva, o marisqueo, a acuicultura, o procesamento e a comercialización de peixe, a reparación e creación de redes, así como a administración e a xestión das empresas pesqueiras. A súa presenza nas diferentes actividades do sector pesqueiro é moi heteroxéneo.

Segundo os datos publicado polo IGE, no segundo trimestre de 2013 o número total de persoas ocupadas no sector da pesca e acuicultura en Galicia, é de 19.200 persoas, das cales 5.100 son mulleres, representando o 26 % do número de total de ocupados, mentres que no sector do marisqueo as mulleres representan o 88,99 %.

Segundo datos publicados por OCUPESCA relativos ao ano 2011, a actividade que menos mulleres ocupa é a pesca extractiva, na que hai 518 mulleres dun total de 12.552 persoas. As mulleres neste subsector representa o 4,13 %.

En canto á acuicultura , dun total de 6.432 persoas ocupadas, 1.630 son mulleres o que representa un 25,35 %. Dentro da acuicultura, o traballo nas bateas é o que máis mulleres ocupa (1.059 mulleres), sendo os parques de cultivo (418) e as granxas criadeiros (153) as que menos.

A través do programa 723A procurarase promover a igualdade no acceso ao emprego, nas condicións de traballo e a incorporación de mulleres ás actividades de conservación, protección e sustentabilidade da explotación dos recursos mariños.

Tamén deseñaranse e construiranse ferramentas informáticas para facilitar a xestión dos plans de xestión, nas que se terá en conta a adaptación das mesmas ao xénero feminino; ademais procurarase que se empregue linguaxe non sexista.

Tal e como establece o art. 11 do Regulamento (CE) nº 1198/2006, promoverase a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEP; así mesmo deberanse promover as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca. Para isto téñense en conta nas convocatorias a priorización de proxectos que conteñen un plan de actuación para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Especificamente, nas axudas que se conceden aos investimentos da transformación e comercialización de produtos pesqueiros e da acuicultura teñen un alto impacto no emprego feminino, por canto é un sector que emprega tradicionalmente a un elevado número de mulleres, sendo, polo tanto, significativa a contratación e mantemento deste tipo de emprego.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | X |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |

| | |
|---|---|
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Axudas a entidades de interese colectivo, asociativas de profesionais do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola, co obxecto de desenvolver proxectos que mellores a capacidade produtiva das zonas improdutivas, que no caso dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal inciden nas mariscadoras.

Colaboración na protección dos recursos mariños mediante operacións de salvagarda e control de acceso ás zonas de marisqueo.

Avaliación científica dos bancos marisqueiros situados na zona intermareal.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Coa mellora da produtividade das zonas marisqueiras producirase un incremento nas rendas das mulleres. Esta rendas estaban en alza ata o ano 2009, como consecuencia da crise económica estas rendas diminuíron, e a través destas actuación débense de recuperar.

Creación de máis zonas produtivas que redundarán nunha maior oferta de prazas e polo tanto no incremento de empregos.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral do Mar

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## *III.1.24. PROGRAMA 723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

Este programa ampara accións como a busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade mediante a creación dunha marca referente aos produtos da pesca artesanal e do marisco, para garantir uns estándares de calidade.

Así mesmo, dentro deste programa preténdese fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros para facer fronte á crecente preocupación por parte das autoridades sanitarias sobre a dieta alimenticia da sociedade actual, e con maior preocupación cando se refire ás etapas infantil e xuvenil. Preténdese levar a cabo unha acción de fomento de consumo de produtos pesqueiros nas dietas infantís e xuvenís dos nenos galegos, creando ao mesmo tempo unha cultura de consumo dos produtos pesqueiros.

Dentro deste programa de gasto inscríbense as accións a desenvolver no marco establecido polo FEP que destina un único eixo a potenciar o desenvolvemento das zonas costeiras coma un mecanismo dinamizador dos pobos costeiros a través da creación dos denominados grupos de acción costeira, que permitirán a participación de todos os axentes sociais das áreas que se definan na elaboración e planificación de dito desenvolvemento.

A través deste programa trátase de atender as seguintes medidas do Programa operativo FEP 2007-2013:

- Novos mercados e campañas de promoción.
- Desenvolvemento sostible das zonas de pesca.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Persoas consumidoras de produtos pesqueiros e sector da pesca.

O programa ten carácter universal dentro dos territorios costeiros incluídos nos sete grupos de acción costeira recoñecidos, isto é, todos os concellos con franxa litoral agás Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

Por outra banda tamén está dirixido aos gastos de xestión dos propios grupos de acción costeira.

## DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

Os prezos en primeira venda en certos produtos, aínda tendo unha tendencia xeral positiva, continúa a ser baixa.

A presentación dos produtos frescos amosa unha escasa adecuación ás demandas que están adoptando os consumidores.

Actualmente segue sendo escasa e pouco clarificadora a información á persoa consumidora.

En relación ós produtos certificados, constátase unha existencia minoritaria dos mesmos e unha dificultade, con tendencia a diminuír, na identificación de produtos ao longo da cadea comercial.

Por outra banda é importante destacar:

- a alta calidade e seguridade dos produtos.
- a experiencia do sector.
- un elevado consumo nacional e demanda en aumento.
- uns bos controis sanitarios e apertura de novos mercados.

Este programa forma parte do plan estratéxico nacional que deu lugar á aprobación do programa operativo para o sector pesqueiro español do Fondo Europeo de Pesca 2007-2013. A posta en marcha das accións que se prevén no eixo 4 deron comezo no ano 2008 co proceso de selección dos grupos de acción costeira, no ano 2009 co recoñecemento dos 7 grupos cos seus correspondentes plans estratéxicos zonais e coa publicación das bases reguladoras das axudas para proxectos ao abeiro deses plans zonais, e nos anos 2010 e 2011 co desenvolvemento desas liñas de axudas e a execución dos proxectos presentados en cada zona.

## DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

- Artigo 40 do Regulamento (CE) 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (DOUE do 15 de agosto).
- Artigo 18 Regulamento(CE) 498/2007 da Comisión do 26 de marzo de 2007 polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello relativo ao Fondo Europeo da Pesca (DOUE do 10 de maio).
- As actuacións dentro do eixo 4 do FEP forman parte do programa operativo para o sector pesqueiro español e do seu correspondente cadro financeiro 2007-2013.
- Este programa está enmarcado no eixo 2, medida 4.3 "Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e

cooperación empresarial do Plan estratéxico de Galicia".

## FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

Os obxectivos deste programa preténdese lograr a través da realización das seguintes actividades:

- Programa de fomento do consumo de produtos pesqueiros frescos nas dietas infantís e xuvenís dos nenos e nenas galegos.
- Creación de grupos locais que dinamicen económica e socialmente as poboacións dependentes da pesca.
- Realización de campañas de promoción de produtos da pesca e de estudos de mercado.
- Certificación da calidade incluída a creación de etiquetas e a certificación de produtos capturados.
- Campañas dirixidas a mellorar a imaxe dos produtos da pesca e a realización de estudos de mercado.
- O desenvolvemento sustentable das zonas de pesca, para o cal se destinan recursos para alcanzar as previsións dos plans estratéxicos zonais elaborados polos propios grupos de acción costeira coa participación de todos os axentes sociais e económicos das 7 zonas de pesca.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | X |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | |

## BREVE DESCRICIÓN DO PROGRAMA DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

Medidas con incidencia positiva na perspectiva de xénero: Tal e como establece o artigo 11 do Regulamento (CE) nº 1198/2006, promoverase a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero nas diferentes etapas da execución do FEP; así mesmo deberanse promover as operacións destinadas a incrementar o papel das mulleres no sector da pesca.

Especificamente, nos procedementos de contratación e de conformidade co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, dáselle preferencia ás empresas que teñan implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, obtiveran a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención), sempre que a súa proposición iguale nos seus termos á máis vantaxosa desde o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación.

O programa ten como obxectivo desenvolver accións no marco establecido polo Fondo Europeo de Pesca (FEP) que destina o eixo 4 a potenciar o desenvolvemento sustentable das zonas costeiras e inclúe entre os seus obxectivos promover a igualdade entre homes e mulleres no desenvolvemento do sector pesqueiro e das zonas de pesca.

## IDENTIFICACIÓN DUN OU VARIOS OBXECTIVOS EN MATERIA DE IGUALDADE PRESENTES NA NORMATIVA E PLANS VIXENTES E QUE SON DE APLICACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓN CONTEMPLADAS NESTE PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Incorporación da transversalidade de xénero na actuación xeral do departamento | X |
| Información, sensibilización e educación para a igualdade de mulleres e homes | |
| Transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes na sociedade | |
| Igualdade no acceso ao emprego, na formación e na promoción profesionais e nas condicións de traballo | X |
| Promoción da plena incorporación das mulleres á Sociedade da Información | |
| Incorporación do principio de igualdade nas políticas urbanas, de ordenación territorial e vivenda | |
| Promoción do reparto equitativo dos tempos entre mulleres e homes que facilite a conciliación e a corresponsabilidade | |

| | |
|---|---|
| Promoción da igualdade e da participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde, etc.) | |
| Participación das mulleres no desenvolvemento rural | |
| Accións dirixidas á prevención e á loita contra a violencia de xénero | |
| Outros (especificar) | |

## IDENTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS DIRECTAMENTE RELACIONADAS COA PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES, INDICANDO PARA CADA UNHA O SEU ORZAMENTO E AS PERSOAS OU ENTIDADES ÁS QUE ESTÁN DIRIXIDAS.

Concesión de axudas ao abeiro da Orde do 16 de marzo de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, financiada polo Fondo Europeo de Pesca).

As axudas están dirixidas a persoas físicas ou xurídicas incluídas entidades públicas locais, confrarías de pescadores, asociacións do sector pesqueiro e asociacións declaradas de utilidade pública.

## PREVISIÓN DE RESULTADOS RESPECTO DA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES E DA REDUCIÓN DA BRECHA DE XÉNERO EXISTENTE.

Promoción de proxectos por parte de mulleres vinculadas co sector da pesca.

Creación e mantemento de emprego feminino no territorio dos grupos de acción costeira.

Mellora da formación das mulleres do sector da pesca.

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Secretaría Xeral do Mar

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

## *III.1.25. PROGRAMA 741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL:*

## A. DESCRICIÓN DO PROGRAMA

### NECESIDADE QUE TRATA DE ATENDER O PROGRAMA

A comunidade autónoma galega é produtora de moi boas materias primas, pero ten aínda fortes déficits en canto ao desenvolvemento da súa industria alimentaria e nos procesos de comercialización dos seus produtos transformados. Ademais, a demanda das persoas consumidoras encamíñanse cara a produtos agroalimentarios transformados e de calidade, de modo que o apoio á nosa agroindustria convértese nun obxectivo estratéxico para acadar un maior desenvolvemento do medio rural galego.

### POBOACIÓN OU COLECTIVO AO QUE SE DIRIXE

Empresas do sector.

### DETALLE DA SITUACIÓN DE PARTIDA

As industrias de transformación e comercialización de produtos agrarios acrecentan o valor das producións agrarias, deixando o valor engadido nas propias zonas rurais, xerando un importante número de postos de traballo, mantendo no rural á poboación nova e activa, afianzando a viabilidade das explotacións e fortalecendo o tecido económico destas áreas.

A pesar dos avances continúa existindo un potencial sen desenvolver na modernización do noso tecido agroindustrial e de incremento da valorización das producións agrarias galegas a través da industria agroalimentaria galega.

A forte competitividade dos mercados esixe ademais unha permanente adaptación ás novas demandas.

Por todo isto, cómpre apoiar con carácter xeral aos procesos de transformación e comercialización dos produtos agrarios e, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo ás persoas produtoras de base galegas.

### DEFINICIÓN DO MARCO NO QUE SE DESENVOLVE O PROGRAMA

Liñas de apoio á creación e modernización empresarial no marco do PDR 2007/2013.

### FINALIDADE E ESTRATEXIA DO PROGRAMA

A estratexia do programa concrétase nestas actividades:

- Apoio á creación de novas industrias agrarias, fomentando os investimentos que teñan un beneficio para as persoas produtoras galegas así como aqueles que teñan por obxecto a incorporación de innovacións e melloras tecnolóxicas, prioritariamente en zonas con procesos de despoboamento e zonas desfavorecidas, co obxecto de crear emprego e potenciar os sectores da industria e os servizos.
- Apoio á creación e modernización das industrias do sector lácteo e novos retos.
- Axudas ás empresas para a promoción e mellora da comercialización dos produtos agrarios e agroalimentarios galegos.
- Axuda aos investimentos realizados por empresas de base asociativa para que reverta nos propios produtores o valor engadido que achega a transformación industrial agroalimentaria.
- Investimentos dirixidos á obtención de produtos ecolóxicos.
- Apoio aos investimentos encamiñados a unha mellora da competitividade das industrias agroalimentarias xa existentes, favorecendo a mellora da calidade, a diversificación produtiva e o valor engadido das producións, e primando a aquelas industrias que establezan contratos estables cos produtores e produtoras galegos.
- Apoio á participación do sector produtor na transformación e comercialización de produtos agrarios.

## B. ANÁLISE E EXPLICACIÓN DO IMPACTO QUE NA IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES SE PREVÉ PRODUCIR COMO CONSECUENCIA DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER

## CLASIFICACIÓN DO PROGRAMA

| | |
|---|---|
| Programa que ten por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou incide directa e fundamentalmente sobre as mulleres | |
| Programa non especificamente orientado á igualdade aínda que provoca un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa mixto, con actividades que teñen por finalidade a igualdade entre mulleres e homes e/ou inciden directa e fundamentalmente sobre as mulleres e actividades que teñen un impacto diferenciado en homes e mulleres | |
| Programa destinado exclusivamente a actividades administrativas de xestión | X |

## C. ÓRGANOS ENCARGADOS DA SÚA XESTIÓN

Dirección Xeral de Produción Agropecuaria

# IV. CADROS DE OBXECTIVOS POR PROGRAMA

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| Prog. | Obxectivos Extratéxicos / Obxectivos Operativos | Indicador | Valor Final |
|---|---|---|---|
| **422K ENSINANZAS PESQUEIRAS** | | | |
| | **Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos** | | |
| | Flexibilización da oferta formativa de formación profesional para responder as necesidades das persoas e das empresas de Galicia | Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº) | 1.035 |
| | | Alumnado beneficiado (total) (Nº) | 5.531 |
| | | Alumnado beneficiado de bolsas (mulleres) (Nº) | 2 |
| | | Alumnado beneficiado de bolsas (total) (Nº) | 4 |
| | | Módulos profesionais a distancia (Nº) | 25 |
| | | Módulos profesionais presenciais (Nº) | 68 |
| | **Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe** | | |
| | Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe | Sen indicador | |
| **422L CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL** | | | |
| | **Garantir a continuidade nos estudios e a incorporación ao mercado laboral** | | |
| | Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida | Actuacións de formación (Nº) | 473 |
| | | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 3.129 |
| | | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 9.083 |
| | **Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe** | | |
| | Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe | Sen indicador | |
| **422M ENSINANZA SECUNDARIA E FORMACIÓN PROFESIONAL** | | | |
| | **Garantir a continuidade nos estudios e a incorporación ao mercado laboral** | | |
| | Medidas para favorecer o acceso das persoas adultas á formación ao longo da vida | Actuacións de formación (Nº) | 6 |
| | | Persoas beneficiadas (mulleres) (Nº) | 212 |
| | | Persoas beneficiadas (total) (Nº) | 1.361 |
| | **Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público** | | |
| | Dotación de recursos aos centros públicos para o seu funcionamento | Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº) | 75 |
| | | Alumnado beneficiado (total) (Nº) | 395 |
| | | Centros beneficiados (Nº) | 6 |
| **513A CONSTRUCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA** | | | |
| | **Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia** | | |
| | Mellora dos equipamentos portuarios: Diversificación do tecido produtivo, desenvolvemento de infraestruturas, mellora de equipamentos e servizos básicos. | Portos con melloras (Nº) | 4 |
| | Mellora e ampliación de instalacións de abrigo e condicións xerais de acceso aos portos. | Portos con melloras (Nº) | 5 |
| | | Superficie acondicionada (m2) | 5.575 |
| | | Dragados (m3) | 500 |
| **514A INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS** | | | |
| | **Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia** | | |
| | Mellora dos equipamentos portuarios: Plan de portos. | Equipamentos (Nº) | 3 |
| | | Infraestruturas portuarias creadas e/ou melloradas (Nº) | 7 |
| | | Portos con melloras (Nº) | 5 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| | Superficie acondicionada (m2) | 2.000 |
| **541C PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO NATURAL MARÍTIMO** | | |
| **Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe** | | |
| Accións de loita contra a contaminación mariña e o furtivismo. Plan territorial de continxencias. | Actas de inspección (Nº) | 15.000 |
| | Expedientes (Nº) | 3 |
| | Kilos comisados (Kg) | 72.000 |
| | Medios incautados (Nº) | 23.000 |
| Control de calidade mariño II: Programa de control da calidade do medio mariño en canto á contaminación química (metais pesados, compostos organoclorados e hidrocarburos). | Análises realizados (Nº) | 23.362 |
| | Mostras realizadas (Nº) | 10.250 |
| | Puntos de control (Nº) | 63 |
| | Puntos de mostraxe (Nº) | 1 |
| | Resolucións de apertura de zonas de produción (Nº) | 120 |
| | Resolucións de peche de zonas de produción (Nº) | 120 |
| **Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida** | | |
| Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida | Sen indicador | |
| **551A INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL** | | |
| **Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal** | | |
| Accións de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria | Explotacións agrícolas beneficiadas (Nº) | 345 |
| | Explotacións gandeiras beneficiadas (Nº) | 380 |
| | Superficie afectada (Hectáreas) | 8.050 |
| | Zonas de Concentración Parcelaria con Actuacións desenvolvidas (Nº) | 86 |
| | Superficie concentración parcelaria equivalente (Hectáreas) | 1.350 |
| | Camiños rurais construídos e/ou mellorados (Km) | 286 |
| | Camiños rurais construídos e/ou mellorados (Nº) | 270 |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Entidades beneficiadas (Nº) | 1 |
| **Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única** | | |
| Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única | Sen indicador | |
| **551B ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL** | | |
| **Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica** | | |
| Prevención e defensa contra os incendios forestais. | Axudas concedidas (Nº) | 400 |
| | Concellos beneficiados (Nº) | 14 |
| | Equipamentos (Nº) | 600 |
| | Equipos, aparatos e instalacións beneficiadas (Nº) | 600 |
| | Expedientes (Nº) | 30 |
| | Incendios forestais (Nº) | 1.010 |
| | Instalacións de seguimento e control creadas (Nº) | 25 |
| | Superficie de mellora forestal (Hectáreas) | 9.000 |
| | Superficie queimada por incendios forestaisl (Ha) | 30.211 |
| | Convenios en materia de prevención de incendios forestais (Nº) | 425 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| | Convenios en materia de defensa contra incendios forestais (Nº) | 105 |
| | Equipamentos de protección individual (Nº) | 10.000 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓNTECNOLÓXICA** | | |
| **Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos e organismos de investigación** | | |
| Impulso do financiamento de Centros tecnolóxicos e Organismos de investigación. | Proxectos de I+D+i (Nº) | 5 |
| **Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos** | | |
| Impulsar os Proxectos de I+D por parte das Administracións. | Análises realizados (Nº) | 1.501 |
| | Centros de I+D+i beneficiados (Nº) | 12 |
| | Emprego asociado. Nº de mulleres participantes nos proxectos(Nº) | 6 |
| | Emprego asociado. Nº de persoas participantes nos proxectos(Nº) | 13 |
| | Proxectos de I+D+i (Nº) | 33 |
| **Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega** | | |
| Accións de asesoramento, control e certificación de produtos agroalimentarios de calidade | Produtos certificados e sometidos a control (Nº) | 12 |
| **Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial** | | |
| Accións de concienciación sobre a importancia da investigación na sociedade e na economía galega | Empresas innovadoras (que realizan actividades de I+D) (Nº) | 5 |
| Desenvolvemento de novos produtos | Iniciativas de cooperación (Nº) | 20 |
| | Novas tecnoloxías en desenvolvemento (Nº) | 10 |
| | Novos produtos en desenvolvemento (Nº) | 10 |
| | Proxectos de cooperación entre empresas e centros de investigación (Nº) | 20 |
| Financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas | Proxectos de I+D+i (Nº) | 1 |
| Proxectos de I+D+i en cooperación con empresas | Investimento privado inducido (Euros) | 238.991 |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Ensaio de variedades vexetais e conservación de recursos xenéticos | Ensaios de conservación de recursos xenéticos (Nº) | 11 |
| **Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria** | | |
| Modernización das infraestruturas: laboratorios e equipamentos | Laboratorios equipados e /ou modernizados (Nº) | 2 |
| **Soporte xeral - Construir unha sociedade competitiva baseandose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento** | | |
| Soporte xeral - Construir unha sociedade competitiva baseandose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento | Sen indicador | |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **581A ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA** | | |
| **Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico** | | |
| Cumprir e coordinar o Programa estatístico anual | Operacións e actividades estatísticas desenvolvidas/programadas (%) | 90 |
| | Publicacións para a difusión do coñecemento estatístico (Nº) | 63 |
| **711A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL** | | |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| **Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega** | | |
| Apoio á innovación e fomento da calidade diferenciada no ámbito agroalimentario. | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 2 |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia | Entidades beneficiadas (Nº) | 3 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **712A FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL** | | |
| **Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal** | | |
| Impulsar os proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, diversificando as actividades económicas sostibles. | Actuacións de dinamización territorial (Nº) | 300 |
| **Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuíndo a súa dispersión** | | |
| Execución de estratexias de desenvolvemento local a través dos Grupos de desenvolvemento rural (enfoque de abaixo cara arriba). Mellora das infraestruturas e servizos básicos para a poboación que vive no medio rural. | Proxectos de desenvolvemento rural (Nº) | 331 |
| Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuíndo a súa dispersión | Actuacións de estudo, difusión e promoción (Nº) | 5 |
| | Proxectos de desenvolvemento rural (Nº) | 687 |
| **Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única** | | |
| Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única | Sen indicador | |
| **712B MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Axudas para fomentar a contratación de seguros agrarios | Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº) | 25.000 |
| | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 50.000 |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº) | 5.812 |
| | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 11.699 |
| | Convenios e/ou contratos (Nº) | 10 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 8.297 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 30.479.332 |
| Medidas de asesoramento, xestión e substitución destinadas ás explotacións agrarias. | Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº) | 1.200 |
| | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 2.400 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 6.500.000 |
| **712C FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Entidades beneficiadas (Nº) | 3 |
| Fomentar o asociacionismo agrario | Asociacións creadas (Nº) | 1 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 200 |
| Programas operativos para as organizacións de produtores de froitas e hortalizas. | Asociacións creadas (Nº) | 2 |
| **713A MOBILIDADE DE TERRAS AGRARIAS IMPRODUTIVAS** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Hectáreas mobilizadas (Hectáreas) | 150 |
| **713B ORDENACIÓN DAS PRODUCIÓNS FORESTAIS** | | |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| **Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica** | | |
| Accións silvícolas de mellora das superficies arboradas. | Proxectos (Nº) | 85 |
| | Superficie arborada de mellora silvícola (Hectáreas) | 3.909 |
| Actuacións de mellora xenética forestal das principais especies forestais en Galicia (piñeiro, castiñeiro, cerdeira e nogueira). | Actuacións de mellora xenética do castiñeiro (Nº) | 5 |
| | Actuacións de mellora xenética do piñeiro (Nº) | 1 |
| Creación, mellora e mantemento de infraestruturas forestais. | Infraestruturas forestais melloradas (Hectáreas) | 25 |
| Fomento da implantación de novos soutos orientados á produción de castaña. | Superficie de soutos implantados (Hectáreas) | 845 |
| Loita integrada contra pragas e enfermidades forestais. | Actuacións contra pragas e enfermidades forestais (Nº) | 8 |
| Mellora das superficies de xestión pública. | Superficie de mellora forestal (Hectáreas) | 592 |
| Promoción da ordenación forestal das masas arboradas de Galicia, baseada nos principios de xestión forestal sostible. | Superficie arborada de mellora silvícola (Hectáreas) | 15.630 |
| | Superficie frondosa mellorada (Hectáreas) | 5.000 |
| Promover as repoboacións forestais. | Axudas (Nº) | 735 |
| | Proxectos (Nº) | 3 |
| | Superficie recuperada e/ou rehabilitada (Hectáreas) | 5.603 |
| **Estruturación do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal** | | |
| Potenciar a constitución e a ordenación forestal das Sociedades de Fomento Forestal, impulsando a concentración privada forestal. | Produtores beneficiados (total) (Nº) | 10.000 |
| | Sociedades de Fomento Forestal inscritas no rexistro (Nº) | 30 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **713C IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Control do rendemento leiteiro. | Produción láctea en control de rendemento (%) | 60 |
| Ensaio de variedades vexetais e conservación de recursos xenéticos | Ensaios de conservación de recursos xenéticos (Nº) | 100 |
| | Ensaios de variedades vexetais (Nº) | 20 |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Explotacións beneficiadas (Nº) | 17.000 |
| Fomento e mellora das especies gandeiras autóctonas de Galicia. | Ensaios de conservación de recursos xenéticos (Nº) | 10 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 2.100 |
| Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia | Explotacións agrícolas beneficiadas (Nº) | 5 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 200 |
| Reestruturación dos sistemas produtivos do viñedo | Viñedos beneficiados (Nº) | 500 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **713D MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCIÓN AGROALIMENTARIA** | | |
| **Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega** | | |
| Apoio á innovación e fomento da calidade diferenciada no ámbito agroalimentario. | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 11.300 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 100 |
| | Incremento das ventas de productos (%) | 10 |
| | Incremento de productos de calidade diferenciada (%) | 10 |
| Apoio as agrupacións e consellos reguladores para actividades de promoción e comercialización de produtos de calidade. | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 46 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **713E BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Favorecer a competitividade e redimensionamento das explotación agrogandeiras | Explotacións beneficiadas (Nº) | 200 |
| Mellora sanitaria das explotacións gandeiras. | Explotacións beneficiadas (Nº) | 69.000 |
| Plan apícola galego. | Explotacións beneficiadas (Nº) | 700 |
| Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia | Explotacións beneficiadas (Nº) | 50 |
| Programas de ordenación dos medios de produción agrarios orientados á sanidade vexetal e ás producións minoritarias | Actuacións de ordenación dos medios de produción (Nº) | 58 |
| | Entidades beneficiadas (Nº) | 40 |
| | Explotacións beneficiadas (Nº) | 240 |
| | Explotacións gandeiras beneficiadas (Nº) | 50.000 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **713F REGULACIÓNS DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES** | | |
| **Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente** | | |
| Plan de consumo de froitas e leite na escola | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 25 |
| | Alumnado beneficiado (mulleres) (Nº) | 46.146 |
| | Alumnado beneficiado (total) (Nº) | 83.903 |
| | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 2 |
| | Centros educativos que participan (Nº) | 280 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 500.000 |
| Políticas de mellora da renda dos agricultores e gandeiros de Galicia | Agricultores beneficiados (mulleres) (Nº) | 40.000 |
| | Agricultores beneficiados (total) (Nº) | 50.000 |
| | Ensaios de conservación de recursos xenéticos (Nº) | 150 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **721A DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS** | | |
| **Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial** | | |
| Consolidación do Sistema de I+D+i no mundo do Mar: Cooperación internacional no ámbito da pesca e da acuicultura. | Proxectos de cooperación internacional (Nº) | 3 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **722A PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.** | | |
| **Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade** | | |
| Desenvolvemento Sostible das Zonas Costeiras: Orde de apoio económico aos Grupos de Acción Costeira. | Entidades beneficiadas (Nº) | 66 |
| | Xornadas (Nº) | 3 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sostenibilidade: Potenciar a cultura do seguro no mar. | Embarcacións aseguradas en RC (Nº) | 50 |
| | Mariscadores beneficiados (mulleres) (Nº) | 200 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| | Mariscadores beneficiados (total) (Nº) | 210 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **723A COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA** | | |
| **Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura** | | |
| Fomento da acuicultura: Inversións en acuicultura. | Explotacións acuícolas beneficiadas (Nº) | 100 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 2.269.866 |
| | Proxectos (Nº) | 100 |
| Fomento da acuicultura: Plan estratéxico da acuicultura nas zonas marítima, marítimo-terrestre e terrestre | Normas, disposicións ou plans aprobados (Nº) | 2 |
| **Posta en valor dos productos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe** | | |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Investimentos en transformación e comercialización. | Axudas (Nº) | 75 |
| **Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade** | | |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantizar a sostenibilidade dos recursos: Investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade. | Axudas (Nº) | 232 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 1.389.000 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantizar a sostenibilidade dos recursos: Medidas de carácter socioeconómico. | Axudas (Nº) | 54 |
| | Emprego asociado. Nº de mulleres beneficiadas das axudas (Nº) | 6 |
| | Emprego asociado. Nº de persoas beneficiadas das axudas (Nº) | 54 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantizar a sostenibilidade dos recursos: Paralizacións definitivas. | Buques beneficiados (Nº) | 75 |
| | Toneladas de arqueo bruto perdidas (GT) | 11.565 |
| Axuste do esforzo pesqueiro e modernización da flota para garantizar a sostenibilidade dos recursos: Proxectos Piloto. | Investimento privado inducido (Euros) | 240.000 |
| | Proxectos piloto (Nº) | 4 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de producción mariña baixo criterios de produtividade e sostenibilidade: Proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños. | Proxectos (Nº) | 66 |
| Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de producción mariña baixo criterios de produtividade e sostenibilidade: Recuperación de zonas afectadas por contaminación microbiolóxica. | Superficie de zonas de produción recuperadas (Hectáreas) | 60 |
| | Zonas de produción recuperadas (Nº) | 2 |
| **Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | | |
| Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial | Sen indicador | |
| **723B REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA** | | |
| **Posta en valor dos productos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe** | | |
| Diversificación económica das zoas dependentes da pesca | Axudas (Nº) | 59 |
| | Empregados de empresas creadas fóra do sector pesqueiro (mulleres) (Nº) | 15 |
| | Empregados de empresas creadas fóra do sector pesqueiro (total) (Nº) | 30 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 2.000.000 |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Asistencia a feiras nacionais e internacionais. | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 7 |
| | Feiras (Nº) | 12 |
| Promoción, diferenciación e incremento do valor engadido dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura: Campañas de promoción dos produtos da pesca, marisqueo e acuicultura. | Anuncios publicitarios TV (Nº) | 15 |

## OBXECTIVOS DE PROGRAMA

| | | |
|---|---|---|
| | Campañas de difusión y promoción (Nº) | 8 |
| | Publicacións (Nº) | 30 |
| **741A APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL** | | |
| **Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco** | | |
| Axudas de apoio á industrialización e comercialización e en materia de innovación, industria e comercio. | Empresas beneficiadas (PEMES) (Nº) | 249 |
| | Empresas beneficiadas (total) (Nº) | 288 |
| | Investimento privado inducido (Euros) | 36.100.000 |

# V. CADROS NUMÉRICOS

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos

| Programas | Servizos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 10 | 20 | 21 | 22 | 30 | 31 |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | 5.358 | | | | | 2.567 |
| 422L-Capacitación e extensión agroforestal | | 6.415 | | | | |
| 422M-Ensinanza secundaria e formación profesional | | 441 | | | | |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | 4.027 | | | | | |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | | | | | | 10.304 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | 14.385 | | | | | 501 |
| 551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural | | | 19.042 | | | |
| 551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal | | 96.026 | | | | |
| 561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento | 2.383 | 7.901 | | | | 1.589 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | 113 | | | 50 | |
| 711A-Dirección e servizos xerais do medio rural | 25.628 | | | | | |
| 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural | | | | 49.228 | | |
| 712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria | | | | 2.351 | | |
| 713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas | | | | 1.500 | | |
| 713B-Ordenación das producións forestais | 15 | 48.346 | | | | |
| 713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables | | | | 8.700 | | |
| 713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria | | 13.683 | | | | |
| 713E-Benestar animal e sanidade vexetal | | 1.064 | | 42.084 | | |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | 13.484 | | | | | |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | 969 | | | | | 1.310 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 8.225 | | | | 31.766 | 7.546 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | | | | | 5.184 | 9.999 |
| 741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial | | 19.715 | | | | |
| **Total** | **74.474** | **193.705** | **19.042** | **103.862** | **37.000** | **33.817** |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e servizos (continuación)

| Programas | Servizos | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 80 | A1 | A2 | A3 | Total |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | | | | | 7.925 |
| 422L-Capacitación e extensión agroforestal | | | | | 6.415 |
| 422M-Ensinanza secundaria e formación profesional | | | | | 441 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | | | | | 4.027 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | | | | | 10.304 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | | | | 2.530 | 17.416 |
| 551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural | | | | | 19.042 |
| 551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal | | | | | 96.026 |
| 561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento | | | 3.209 | | 15.083 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | | | | 163 |
| 711A-Dirección e servizos xerais do medio rural | | | | | 25.628 |
| 712A-Fixación de poboación no medio rural | | 38.328 | | | 38.328 |
| 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural | 30.479 | | | | 79.707 |
| 712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria | | | | | 2.351 |
| 713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas | | | | | 1.500 |
| 713B-Ordenación das producións forestais | | | | | 48.361 |
| 713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables | | | | | 8.700 |
| 713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria | | | | | 13.683 |
| 713E-Benestar animal e sanidade vexetal | | | | | 43.148 |
| 713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores | 46.586 | | | | 46.586 |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | | | | | 13.484 |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | | | | | 2.279 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | | | | | 47.537 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | | | | | 15.183 |
| 741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial | | | | | 19.715 |
| **Total** | **77.065** | **38.328** | **3.209** | **2.530** | **583.033** |

*(Miles de Euros)*

## Orzamento consolidado. Distribución dos créditos por programas e capítulos

| Programas | Capítulos | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | I | II | IV | VI | VII | Total |
| 422K-Ensinanzas pesqueiras | 5.358 | 914 | 37 | 1.616 | | 7.925 |
| 422L-Capacitación e extensión agroforestal | 4.557 | 645 | | 961 | 251 | 6.415 |
| 422M-Ensinanza secundaria e formación profesional | | | 280 | 162 | | 441 |
| 513A-Construción, conservación e explotación portuaria | | | | | 4.027 | 4.027 |
| 514A-Infraestruturas pesqueiras | | | | 2.800 | 7.504 | 10.304 |
| 541C-Protección e mellora do medio natural marítimo | 2.674 | 382 | | 14.360 | | 17.416 |
| 551A-Infraestruturas e equipamentos no medio rural | 4.659 | | | 13.983 | 400 | 19.042 |
| 551B-Accións preventivas e infraestrutura forestal | 41.152 | | | 34.340 | 20.535 | 96.026 |
| 561A-Plan galego de investigación,innovación e crecemento | 8.133 | 919 | 522 | 3.087 | 2.421 | 15.083 |
| 581A-Elaboración e difusión estatística | | | | 163 | | 163 |
| 711A-Dirección e servizos xerais do medio rural | 14.920 | 5.693 | 153 | 4.861 | | 25.628 |
| 712A-Fixación de poboación no medio rural | 3.952 | 798 | | 101 | 33.477 | 38.328 |
| 712B-Modernización e diversificación do tecido produtivo rural | | | 179 | 266 | 79.261 | 79.707 |
| 712C-Fomento do asociacionismo agrario e divulgación da tecnoloxía agraria | | | 153 | | 2.198 | 2.351 |
| 713A-Mobilidade de terras agrarias improdutivas | | | | 1.500 | | 1.500 |
| 713B-Ordenación das producións forestais | 22.555 | | | 5.806 | 20.000 | 48.361 |
| 713C-Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables | | 122 | | 1.928 | 6.650 | 8.700 |
| 713D-Mellora da calidade na produción agroalimentaria | 2.316 | 25 | 446 | 571 | 10.325 | 13.683 |
| 713E-Benestar animal e sanidade vexetal | 27.179 | 570 | 2.100 | 11.897 | 1.402 | 43.148 |
| 713F-Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores | 4.168 | 547 | 8 | 1.225 | 40.637 | 46.586 |
| 721A-Dirección e servizos xerais de políticas pesqueiras | 11.569 | 1.383 | 269 | 263 | | 13.484 |
| 722A-Promoción social e divulgación da tecnoloxía pesqueira | 309 | | 115 | 995 | 860 | 2.279 |
| 723A-Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura | 8.225 | | | 5.528 | 33.784 | 47.537 |
| 723B-Regulación das producións e dos mercados da pesca | | | 32 | 5.674 | 9.477 | 15.183 |
| 741A-Apoio a modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial | | | | | 19.715 | 19.715 |
| **Total** | **161.728** | **11.998** | **4.293** | **112.090** | **292.923** | **583.033** |

*(Miles de Euros)*

## DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA

| 10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 44.209 | 43.641 | -1,3 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 7.251 | 7.116 | -1,9 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 625 | 422 | -32,5 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 21.262 | 18.608 | -12,5 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 8.491 | 4.687 | -44,8 |
| **Total** | **81.838** | **74.474** | **-9,0** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 20 SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 76.785 | 76.435 | -0,5 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 706 | 670 | -5,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 1.301 | 1.165 | -10,5 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 34.636 | 42.188 | 21,8 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 71.935 | 73.247 | 1,8 |
| **Total** | **185.362** | **193.705** | **4,5** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 21 D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 4.833 | 4.659 | -3,6 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 16.605 | 13.983 | -15,8 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 130 | 400 | 207,7 |
| **Total** | **21.568** | **19.042** | **-11,7** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 22 D.X. DE PRODUCIÓN AGROPECUARIA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 26.280 | 26.115 | -0,6 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 728 | 692 | -5,0 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 1.432 | 2.432 | 69,8 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 17.454 | 15.591 | -10,7 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 53.682 | 59.031 | 10,0 |
| **Total** | **99.576** | **103.862** | **4,3** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 30 SECRETARÍA XERAL DO MAR | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. IV - Transferencias correntes | 33 | 32 | -5,0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 6.469 | 7.949 | 22,9 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 57.760 | 29.019 | -49,8 |
| **Total** | **64.263** | **37.000** | **-42,4** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 31 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.139 | 1.102 | -3,2 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 267 | 234 | -12,5 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 17.076 | 10.535 | -38,3 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 13.584 | 21.946 | 61,6 |
| **Total** | **32.066** | **33.817** | **5,5** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| 80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 4.138 | 4.168 | 0,7 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 622 | 547 | -12,1 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 17 | 8 | -52,9 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 1.478 | 1.225 | -17,1 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 79.521 | 71.117 | -10,6 |
| **Total** | **85.776** | **77.065** | **-10,2** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 3.952 | 3.952 | 0,0 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 840 | 798 | -5,0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 1.749 | 101 | -94,2 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 42.886 | 33.477 | -21,9 |
| **Total** | **49.428** | **38.328** | **-22,5** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| A2 INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 959 | 959 | 0,0 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 1.235 | 731 | -40,8 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 2.302 | 1.519 | -34,0 |
| **Total** | **4.496** | **3.209** | **-28,6** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| A3 AXENCIA PUBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| Cap. I - Gastos de persoal | 1.821 | 1.798 | -1,3 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 422 | 342 | -19,0 |
| Cap. VI - Investimentos reais | 384 | 390 | 1,4 |
| **Total** | **2.628** | **2.530** | **-3,7** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

| SERVIZOS | 2013 | 2014 | % Var. |
|---|---|---|---|
| 10 SECRETARÍA XERAL TÉCNICA | 81.838 | 74.474 | -9,0 |
| 20 SECRETARIA XERAL DE MEDIO RURAL E MONTES | 185.362 | 193.705 | 4,5 |
| 21 D.X. DE DESENVOLVEMENTO RURAL | 21.568 | 19.042 | -11,7 |
| 22 D.X. DE PRODUCIÓN AGROPECUARIA | 99.576 | 103.862 | 4,3 |
| 30 SECRETARÍA XERAL DO MAR | 64.263 | 37.000 | -42,4 |
| 31 D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO | 32.066 | 33.817 | 5,5 |
| 80 FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA | 85.776 | 77.065 | -10,2 |
| A1 AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL | 49.428 | 38.328 | -22,5 |
| A2 INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA | 4.496 | 3.209 | -28,6 |
| A3 AXENCIA PUBLICA INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA | 2.628 | 2.530 | -3,7 |
| **Total** | **627.000** | **583.033** | **-7,0** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Consellería, Organismos Autónomos, Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento e Axencias Públicas Autonómicas

| | Consellería | | OO.AA , EE.CC.AA. e Axencias | | Trans. Internas | | Consolidado | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 | 2013 | 2014 |
| Cap. I - Gastos de persoal | 152.107 | 150.850 | 10.871 | 10.878 | 0 | 0 | 162.978 | 161.728 |
| Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos | 9.824 | 9.580 | 3.120 | 2.418 | 0 | 0 | 12.944 | 11.998 |
| Cap. IV - Transferencias correntes | 16.314 | 16.718 | 17 | 8 | 12.654 | 12.432 | 3.676 | 4.293 |
| **OPERACIÓNS CORRENTES** | **178.245** | **177.148** | **14.007** | **13.304** | **12.654** | **12.432** | **179.598** | **178.019** |
| Cap. VI - Investimentos reais | 113.502 | 108.854 | 5.913 | 3.235 | 0 | 0 | 119.415 | 112.090 |
| Cap. VII - Transferencias de capital | 333.086 | 295.911 | 122.407 | 104.593 | 127.505 | 107.581 | 327.988 | 292.923 |
| **OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **446.588** | **404.765** | **128.320** | **107.829** | **127.505** | **107.581** | **447.403** | **405.013** |
| **Total** | **624.833** | **581.913** | **142.327** | **121.133** | **140.160** | **120.013** | **627.000** | **583.033** |

*(Orzamento 2013 homoxeneizado) (Miles de Euros)*

## Medios Persoais

| Consellería do Medio Rural e do Mar | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | **7** |
| **Persoal Funcionario** | **2.453** |
| Subgrupo A1 | 740 |
| Subgrupo A2 | 509 |
| Subgrupo C1 | 825 |
| Subgrupo C2 | 313 |
| Agrupacións profesionais | 66 |
| **Persoal Laboral** | **2.669** |
| Grupo I | 119 |
| Grupo II | 36 |
| Grupo III | 363 |
| Grupo IV | 787 |
| Grupo V | 1.364 |
| **TOTAL** | **5.129** |

## Medios Persoais

| Fondo Galego de Garantía Agraria | 2014 |
|---|---|
| **Persoal Funcionario** | **95** |
| Subgrupo A1 | 28 |
| Subgrupo A2 | 31 |
| Subgrupo C1 | 18 |
| Subgrupo C2 | 16 |
| Agrupacións profesionais | 2 |
| **Persoal Laboral** | **27** |
| Grupo I | 1 |
| Grupo II | 9 |
| Grupo III | 4 |
| Grupo IV | 10 |
| Grupo V | 3 |
| **TOTAL** | **122** |

## Medios Persoais

| Axencia Galega de Desenvolvemento Rural | 2014 |
|---|---|
| **Persoal Laboral** | **87** |
| **Grupo I** | **44** |
| **Grupo II** | **11** |
| **Grupo III** | **28** |
| **Grupo IV** | **4** |
| **TOTAL** | **87** |

## Medios Persoais

| Instituto Galego de Calidade Alimentaria | 2014 |
|---|---|
| **Persoal Laboral** | **19** |
| **Grupo I** | **18** |
| **Grupo III** | **1** |
| **TOTAL** | **19** |

## Medios Persoais

| Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia | 2014 |
|---|---|
| **Altos Cargos** | **1** |
| **Persoal Laboral** | **49** |
| **Grupo I** | **17** |
| **Grupo III** | **16** |
| **Grupo IV** | **16** |
| **TOTAL** | **50** |

## Entidades Públicas Empresariais, Consorcios, Sociedades Mercantís e Fundacións do Sector Público Autonómico

| Entidades públicas empresarias | Explotación | Capital |
|---|---|---|
| Portos de Galicia | 12.668 | 14.530 |
| **Fundacións do sector público autonómico** | **Explotación** | **Capital** |
| Fundación Centro Tecnolóxico da Carne | 1.314 | 49 |
| Fundación Centro Tecnolóxico do Mar | 3.547 | |
| **Sociedades mercantís públicas autonómicas** | **Explotación** | **Capital** |
| Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. | 13.266 | |
| Xenética Fontao, S.A. | 3.771 | 250 |
| **Total** | **34.567** | **14.829** |

*(Miles de Euros)*